



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 11\*

**Sesión plenaria**  
**&8 de maio de 2019**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm. 48795, 10/PL-000014)

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 478, do 16.05.2019

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora na atención primaria (doc. núm. 48319, 10/PPL-000038)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 03.04.2019

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no sistema público de saúde de Galicia (doc. núm. 48834, 10/PPL-000039)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

### Punto 2. Comparecencia

#### 50033 (10/CPP-000100)

Do Sr. conselleiro de Medio Rural, por petición propia, para informar do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 49765 (10/MOC-000144)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Presas Bergantiños, Noa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela. (Moción consecuencia da Interpelación nº 42269, publicada no BOPG nº 410, do 14.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

#### 3.2 49830 (10/MOC-000145)

##### Grupo Parlamentario de En Marea

##### Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico. (Moción consecuencia da Interpelación nº 49084, publicada no BOPG nº 463, do 17.04.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019



**3.3 49845 (10/MOC-000146)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015. (Moción consecuencia da Interpelación nº 45411, publicada no BOPG nº 430, do 13.02.2019, e debatida na sesión plenaria do 07.05.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

**Punto 4. Proposicións non de lei****4.1 26115 (10/PNP-001841)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

**4.2 41795 (10/PNP-003166)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 405, do 03.01.2019

**4.3 43946 (10/PNP-003270)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a elaboración dun plan de xestión do xabaril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

**4.4 47429 (10/PNP-003584)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

**4.5 49121 (10/PNP-003712)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo



a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

#### **4.6 49270 (10/PNP-003730)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exigidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

#### **4.7 49733 (10/PNP-003766)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

#### **4.8 49806 (10/PNP-003774)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

### **Punto 5. Interpelacións**

#### **5.1 46794 (10/INT-001553)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Miranda Pena, Flora María**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

#### **5.2 49292 (10/INT-001654)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Quinteiro Araújo, Paula e catro deputados/as máis**

Sobre a avaliación das últimas reformas laborais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

#### **5.3 49483 (10/INT-001659)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019



## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

### 6.1 50030 (10/POPX-000148)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acabar coa eventualidade das traballadoras dos servizos públicos fundamentais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

### 6.2 50031 (10/POPX-000149)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito da cidadanía a unha vivenda digna

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

### 6.3 50032 (10/POPX-000150)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dunha colaboración efectiva coas institucións locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.149640 (10/POP-005909)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

### 7.2 49111 (10/POP-005850)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

### 7.3 50011 (10/PUP-000248)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón**

Sobre o estado de tramitación no que se atopa o procedemento administrativo correspondente ao proxecto de reapertura da mina de Touro, no concello do Pino, en relación cos prazos establecidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019



**7.4 44829 (10/POP-005346)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e nove deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para avanzar na construción e posta en marcha do edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

**7.5 44906 (10/POP-005361)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Barreira, María Julia e nove deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto do procedemento administrativo seguido para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

**7.6 46718 (10/POP-005562)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as razóns do Goberno galego para non solucionar a curto prazo as demandas dos profesionais dos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

**7.7 49714 (10/POP-005912)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

**7.8 50024 (10/PUP-000249)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito da poboación infantil da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte a recibir unha atención temperá de calidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

**7.9 50029 (10/PUP-000250)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para suprimir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, un técnico de emerxencias sanitarias nas ambulancias de soporte vital avanzado do Salnés, Foz e Monforte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

**7.10 48505 (10/POP-005795)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

## Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento da Tarxeta Benvida dende a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.*

**Debate de totalidade do Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 13.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 13.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 17.) e *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 26.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 31.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 36.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 38.) e *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 40.)

Resposta do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 42.)





**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora na atención primaria. (Punto primeiro da orde do día.)**

Presentación da proposición de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 44.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 48.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 52.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 55.)

Rolda de réplica: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 59.)

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no sistema público de saúde de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

Presentación da proposición de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 65.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 67.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 70.)

Rolda de réplica: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 74.)

**Votación dos textos lexislativos**

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 76.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 76.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 76.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora na atención primaria: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 77.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no sistema público de saúde de Galicia: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 77.)



## Cambio no desenvolvemento da orde do día

*O señor presidente comunica que se vai proceder deseguido ao debate das mocións, antes do punto segundo da orde do día. (Páx. 77.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 77.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 78.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 81.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 83.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 85.)*

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 86.)*

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 88.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 88.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 90.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S) (Páx. 92.) e Sra. Antón Vilasánchez (P). (Páx. 94.)*

*A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 95.)*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 96.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 97.)*



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 100.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 104.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 105.)

## Votación das mocións

O señor presidente dálle a palabra á señora Presas Bergantiños para que indique se houbo transacción na primeira das mocións que se vai someter á votación. A señora Presas Bergantiños comunica que non houbo acordo e solicita a votación seguindo unha determinada agrupación de puntos. (Páx. 107.)

Votación do punto 1 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela: *rexeitado por 16 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 107.)

Votación dos puntos 2, 3 e 4 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela: *aprobados por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación dos puntos 5 e 6 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela: *rexeitados por 29 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles Cuña Bóveda e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural, arquitectónico e arqueolóxico: *rexeitado por 29 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

Votación do texto transaccionado da Moción, do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010–2015: *rexeitado por 29 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

*Suspéndese a sesión ás tres e media da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos da tarde.*



**Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 108.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 117.), *Sr. Pérez Seco (S)* (Páx. 120.), *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 123.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 126.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 130.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 136). *Nesta rolda interveñen o señor Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 136.), *o señor Pérez Seco (S)* (Páx. 137.), *o señor Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 138.), *o señor Blanco Paradelo (P)* (Páx. 140.) e *o Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 142.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 146.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 149.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 150.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 152.)

*Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 154.)

**Proposición non de lei do G. P. de Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do emprego público.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 155.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 156.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 159.) e *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 161.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 163.)

*A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 164.)

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e catro minutos do serán.*



*Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.*

## **Debate de totalidade do Proxecto de lei de administración dixital de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Presento hoxe, ante a Cámara, o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia, un proxecto necesario e útil porque as tecnoloxías da información e comunicación —en particular internet— xogan un papel cada vez máis relevante na sociedade. O 96,1 % dos cidadáns dispoñen de teléfono móbil, o 53,7 % utilizan móbiles intelixentes, o 50 % fan uso das redes sociais e o 45 % empregan a banca electrónica.

No caso dos mozos, estas porcentaxes soben considerablemente, chegando a un 90 % os que teñen un perfil nas redes sociais e a un 53,6 % os que utilizan a banca electrónica, por esta razón, nos próximos anos veremos aumentar estas cifras de maneira notable.

En canto ás empresas, desde as multinacionais ás pemes, dependen cada vez en maior medida dunha utilización intelixente das TIC, que se conformou como un factor necesario, mesmo de supervivencia, para a continuidade da actividade empresarial. Deste xeito, as novas tecnoloxías están integradas na sociedade, que está a demandar relacionarse coa Administración empregando medios electrónicos de calidade, que sexan sinxelos e intuitivos.

Ante este escenario, a Administración ten que situarse na vangarda do uso das novas tecnoloxías, para facer de tractor da sociedade e da economía e ser capaz de adaptarse de maneira áxil ás novas demandas.

¿Con que obxectivos elaboramos esta lei? Catro son os obxectivos principais.

En primeiro lugar, dotar a Xunta de Galicia dun marco legal estable que, desde unha perspectiva transversal, permita dar coherencia á actuación global en materia de administración electrónica.

En segundo lugar, establecer legalmente, dentro do marco normativo xeral en materia de administración electrónica, os principios reitores da intervención pública das administracións públicas en Galicia.

En terceiro lugar, ofrecer unha maior eficacia, eficiencia e simplificación dos procedementos a través dos cales os cidadáns e as empresas se relacionan coa Administración autonómica.

En cuarto lugar, acadar un contexto normativo global e coherente, para incentivar o investimento tanto público como privado neste ámbito, tendo en conta que dota da seguridade



xurídica necesaria para xerar confianza no sector, confirmando a aposta decidida desta administración autonómica no desenvolvemento das TIC.

Buscamos ese marco único con tres principios. En primeiro lugar, o «só dunha vez»; é dicir, evitar reclamar ao cidadán datos que xa ten a Administración. En segundo lugar, a proactividade; é dicir, empregar a información que ten a Administración para prestar servizos personalizados e adiantarse ás necesidades do cidadán. E, en terceiro lugar, a automatización dos procesos, para conseguir, obviamente, unha xestión máis eficiente.

A prioridade é consolidar unha administración integramente dixital e universalizar o uso e acceso da cidadanía aos servizos públicos dixitais.

Señorías, esta lei chega á Cámara precedida de consenso. Buscamos a máxima participación e acordo durante toda a súa tramitación. Así, antes de elaborala e para incentivar a participación, realizamos a través do Portal de transparencia da Xunta unha consulta pública para solicitar opinións, tanto de persoas como de organizacións máis representativas do ámbito de actuación desta norma.

Así mesmo, durante a súa tramitación o texto foi obxecto de información e exposición pública. Enviouse a unha ampla relación de entidades e axentes sociais, tanto públicos como privadas, para que remitisen as súas suxestións.

Ademais, tras o período de exposición pública, foi aprobado na Mesa de persoal da Xunta co voto unánime de todas as organizacións sindicais, algo moi salientable por non habitual.

Con este alto grao de consenso, presentamos un texto legal con importantes melloras para a Administración, para os empregados públicos e para a cidadanía, e toda esta transformación farémola realidade aproveitando as oportunidades que nos ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.

O papel das TIC é esencial porque o seu uso representa un motor de transformación que propicia tamén un cambio na cultura das organizacións públicas en Galicia, comezando pola Administración. Presentamos unha lei necesaria para unha administración pública do século XXI, porque —reitero— nun contexto cada vez máis dixital a Administración non pode ser allea á demanda dunha sociedade que nos exige a mesma inmediatez e dispoñibilidade que atopa noutros ámbitos da súa vida grazas á tecnoloxía.

Desde o 2010, como Goberno galego vimos sentando as bases dunha administración integramente dixital, o que implica reformular a súa organización interna e implantar novos modelos de traballo co respaldo do marco xurídico adecuado. Conscientes disto, insisto en que é primordial contar cun marco normativo único para consolidar unha administración integramente dixital, máis accesible e proactiva.

Tamén pretendemos a colaboración e a cooperación entre as administracións públicas, cunha comisión interadministrativa que impulse o desenvolvemento cohesionado da administración dixital.





Igualmente, queremos proporcionar servizos dixitais conxuntos ou complementarios, facilitando unha imaxe coherente da Administración cara á cidadanía. Regulamos, ademais, o funcionamento dixital interno. O Arquivo electrónico administrativo albergará os expedientes en tramitación e os finalizados, mentres que a Plataforma de interoperabilidade pasaxe será o nodo de intercambio de datos e documentos entre as administracións publicas.

Con esta medida facilitamos o intercambio de información entre administracións e evitamos que o cidadán ou a empresa teña que presentar documentos por duplicado, dependendo de se se trata dunha ou outra administración.

No eido da infraestrutura dixital, o soporte básico está formado polo centro de procesado de datos e pola rede corporativa da Xunta. Con este texto legal, a Administración autonómica disporá dun plan de continuidade dos servizos dixitais que determinará os requisitos de seguridade, calidade e continuidade ás accións preventivas, correctivas e reactivas.

E como queremos que esta lei teña un seguimento, creamos un sistema de indicadores de administración dixital, ademais de potenciar o Observatorio da Sociedade da Información e a modernización tecnolóxica de Galicia.

Por outra banda, señorías, no actual contexto de transformación dixital, e como segundo aspecto clave desta lei, o persoal empregado público resulta o motor clave do cambio. A partir desta reflexión, a norma tamén senta as bases para que o empregado público poida desenvolver o seu traballo desde o punto de vista dixital, pois lle outorga medios para o desempeño das súas funcións no novo contexto dixital, como son o acceso remoto, ou teletraballo, e a mobilidade.

Ademais, os procesos selectivos incorporarán no seu programa, de ser necesario, os contidos relativos á administración dixital e ás tecnoloxías da información e a comunicación que sexan axeitados a cada corpo, escala ou categoría.

Outra novidade é a creación da figura do funcionario habilitado, que permitirá que unha persoa autorizada, ou un funcionario, poida realizar trámites telemáticos en nome doutra persoa. Para facer isto posible, prevemos a creación do Rexistro electrónico xeral de apoderamentos e tamén o da persoa autorizada; un terceiro que conta con autorización dunha persoa para ter relacións coa Administración pública no seu nome. Recollemos, así mesmo, a posibilidade de adhesión voluntaria das administracións públicas de Galicia. E como terceira pata, queremos avanzar cara a un novo modelo de relación da cidadanía coa Administración pública, establecendo un marco regulatorio cos provedores tecnolóxicos que garanta a máxima transparencia e o desenvolvemento de boas prácticas na súa relación coa Administración.

Neste eido, conscientes das características sociodemográficas de Galicia, prevemos medidas para que todos os galegos e galegas se beneficien das vantaxes dos servizos públicos, e evitar deste xeito a fenda dixital. Para iso, apostamos por transformar as oficinas de rexistro e atención á cidadanía en espazos de asesoramento e apoio, axudando os cidadáns nas xestións *on line* coa Administración.



Igualmente, esta norma obriga ao Goberno galego a determinar as medidas necesarias para garantir que os cidadáns galegos residentes fóra de Galicia, así como as entidades galegas asentadas noutro territorio, teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.

Tamén é moi de salientar que a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia terán que promover as actuacións necesarias para facilitar a relación dixital das persoas con discapacidade para o pleno exercicio dos seus dereitos e obrigas ao amparo desta lei.

Por outra banda, este texto legal consolida a sede electrónica única como punto de acceso único, sinxelo e accesible na rede para calquera recurso ou servizo da Administración, dando gran relevancia á carpeta do cidadán. De feito, a nova sede xa se configura como espazo privado entre cidadáns e empresas, no que poden xestionar *on line* toda a información referente aos seus trámites administrativos, e nesta carpeta estará toda a información de carácter persoal e administrativo dispoñible pola Administración pública. Señorías, isto é moi importante, porque temos que cambiar o ámbito de que sexa o cidadán o que chame á Administración.

A nosa aspiración é que, grazas a esta proactividade, nun futuro poidamos conseguir que sexa a propia Administración a que ofrezca información que pode ser de interese para o cidadán baseándose nos datos que obran no noso poder.

Nesta liña, tamén queremos favorecer a capacitación dixital, por isto esta a norma define por primeira vez a creación dun marco galego de competencias dixitais, así se determinarán os coñecementos, capacidades e actitudes mínimas para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade usuaria de servizos dixitais avanzados, a mellora profesional e o benestar colectivo.

Desta maneira, ao igual que xa se fai co modelo Celga para certificar o galego, os cidadáns poderán acreditar os seus coñecementos no eido dixital e mellorar as súas competencias. Porque outra prioridade desta norma é a inclusión dixital, con diversas actuacións como son a alfabetización dixital da cidadanía, fomentando o uso de competencias dixitais básicas, a capacitación dixital, a promoción do talento dixital ou o fomento das redes de cooperación.

En definitiva, con esta lei ofrecemos o marco xurídico único para acadar un novo xeito de prestar servizo, baseándose na axilidade e na proactividade. A calquera hora, e desde calquera lugar, a Xunta estará aberta a todos os cidadáns. Unha nova lei que se enmarca nun modelo de Administración moderna, eficiente e de calidade, un dos eixos — como ben coñecen — do actual Plan estratéxico de Galicia, que contribúe a consolidar o noso modelo de crecemento san, porque, señorías, a Administración pública debe evolucionar xunto coa sociedade.

Ademais, esta norma enmárcase dentro do Plan de administración e goberno dixital 2020, posto en marcha xa hai catro anos, cun investimento de 27,7 millóns de euros, que contribúe a afianzar ese modelo de crecemento san que — como me refería anteriormente — estamos consolidando.





Unha vez completado, este plan permitirá, ademais, unha administración accesible para os cidadáns as vinte e catro horas os trescentos sesenta e cinco días do ano, e suporá un aforro superior aos 41 millóns de euros ao ano. Neste senso, é vital acadar un desenvolvemento pleno da administración electrónica e aproveitar as tecnoloxías dixitais para construír un novo modelo de Administración máis transparente, sinxelo, eficaz e inclusivo; un modelo de Administración pública máis acorde coas demandas da cidadanía e das empresas.

Por todas estas razóns, señorías, agardo contar co apoio de todos os grupos da Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto. (*Pausa.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Como estamos un pouco de resaca, quixera empezar felicitando os gañadores e tamén animando os perdedores, que houbo de todo nestas eleccións, cada un ve as cousas como máis lle convén. En todo caso, volvemos ao Parlamento para falar dun asunto que é de vital importancia, como a administración dixital, todo o mundo dixital. É unha materia onde entendemos nós que hai moita retórica, que hai moito discurso construído de ideas un tanto repetidas e baleiras, e eu creo que é importante ir máis alá da superficie, que ás veces nos engana con esta retórica tramposa das palabras que falan dunha realidade que despois non existe.

Aquí é moi habitual escoitar iso da transparencia, do bo goberno, da participación... en fin, dunha especie de paraíso dixital que nos prometeu a Xunta de Galiza no seu momento e que se ía cumprir en 2020. Pero a realidade, señor conselleiro, señores do Goberno, é que, ¡claro!, iso podía ser crible no 2012, ou no 2013, ou no 2014 porque faltaban cinco ou seis anos, pero é que agora o 2020 xa está aí, e a realidade é que ese paraíso dixital que nos prometeron non existe, porque Galiza —e as estatísticas son contundentes— está á cola do Estado en materia dixital en todos os ámbitos, en todos os aspectos —despois dareille os datos, señor conselleiro—, polo tanto, baixen da burra, baixen á realidade.

O que en todo caso pon de manifesto todo este discurso e toda esta parafernalia é que vostedes non teñen ningún plan, ningún proxecto, para este país. O seu tempo acábase en 2020. Fixeron todos os plans para o 2020 porque é a fin de ciclo. Estannos dicindo que no 2020 vostedes van desaparecer deste goberno, (*Aplausos.*) e a evidencia está tamén nos resultados electorais, porque están xa no tempo de desconto, por iso non teñen plans máis alá do 2020. Bueno, si, teñen para o 2021 o Xacobeo, pero máis de aí xa non se ve nada. En toda a memoria desta lei aparecen referencias ao 2020 como un punto final. ¿Que pasa? ¿Que despois do 2020 non vai existir administración dixital nin nada dixital? Pois habería que pensar un pouco en todas esas cuestións.



Despois vostedes esquecen unha cuestión que é fundamental, que hai unha terrible fenda, unha terrible fractura dixital, na nosa sociedade por razóns xeográficas, tamén por razóns xeracionais, por razóns económicas, que tamén é unha barreira para o acceso á tecnoloxía, e tamén por razóns socioculturais, e nesta lei non se poñen os medios para combater estas fracturas e estas fendas.

A vostedes écheselles a boca dicindo que internet, que o dixital, son as autovías do século XXI, pois a realidade é que nesta materia imos por corredoiras, non imos por autovías; en Galiza imos por corredoiras. Vostedes dicían aquilo de que querían conseguir que o 80 % da poboación estivese a menos de quince minutos dunha vía de alta capacidade. Pois en materia de tecnoloxía tamén estamos a quince minutos dunha vía de alta capacidade, a vinte ou a trinta ou a cincuenta —depende dos casos—, e isto é un enorme lastre para un país, sábeno perfectamente. É un lastre para o desenvolvemento, é un lastre para a calidade de vida, e é un lastre tamén para a competitividade dun país. E a realidade é que, a pesar da propaganda do paraíso dixital do 2020, por moito que a repitan —que a levan repetindo durante todos estes anos—, Galiza está á cola do Estado, e xa non digamos da Unión Europea; a realidade é que Galiza está á cola do Estado en acceso ás redes de internet rápidas e ultra rápidas. Estamos a vinte puntos de distancia con respecto á media do Estado, son datos do Ministerio de Economía do 2018; estamos no 61 %, fronte á media do Estado que é o 81 %; somos a segunda comunidade peor despois de Extremadura.

E o mesmo vale dicir do acceso ao coñecemento e ao uso da internet, as persoas que utilizan frecuentemente internet. Resulta que somos a peor comunidade do Estado; estamos a dez puntos da media estatal. Polo tanto, ¿de que veñen presumir aquí? Non poden presumir de nada porque somos os últimos, estamos na cola.

E esta lei ten outra importante limitación, señor conselleiro. Nós entendemos que debía ser unha lei para toda a Administración pública. Non se poden construír realidades e mundos paralelos e distintas velocidades para a Administración. Tiñan aquí unha oportunidade. Hai outros territorios do Estado, outros países, que fixeron iso, fixeron unha lei para toda a Administración pública, non unha lei para a Administración autonómica e despois os outros que vaian ao ritmo que lles pareza. Aquí hai máis administracións, están as universidades, están as entidades locais, está a Valedoría do Pobo, está o Parlamento, e todas elas se interrelacionan e comunican entre si. Debería ser unha lei que marcasse os mesmos ritmos, as mesmas velocidades, os mesmos procedementos para todas as leis.

Hai un aspecto clave neste sentido, que son as oficinas de atención á cidadanía e rexistro. Vostedes establecen uns obxectivos de creación desta rede, destas oficinas, para a Administración autonómica, pero para garantir realmente o acceso de toda a cidadanía a esta administración dixital temos que garantir que haxa oficinas en todo o territorio que estean próximas á xente, para poder tramitar e xestionar e ter relación coa Administración. ¿Como se vai conseguir isto? ¿Non sería lóxico ter unha lei para toda a Administración que establecese os mecanismos para que isto sexa realidade? Efectivamente, hai a interoperabilidade, hai a plataforma da pasaxe —despois falaremos algo da pasaxe—, pero debería de ser moito máis clara e máis específica e marcar os obxectivos de maneira xeral. E xa lle dicimos que hai exemplos —por exemplo en Cataluña— que o fixeron para toda a Administración pública



e que crearon un consorcio de administración e goberno aberto de Cataluña, que é un organismo de xestión onde están todas as administración e levan xa cunha lei desde o ano 2010.

Vostedes, por non cumprir, nesta lei nin sequera teñen en conta o propio Plan de administración e goberno dixitais 2020, por exemplo, que prevía un plan de fomento do uso da administración dixital para a cidadanía e para as empresas —que non vemos por ningún lado—, a creación da carteira de servizos avanzados, ou, por exemplo, o catálogo de datos abertos. Eu non sei se vostede se molestou nos últimos tempos en consultar os datos abertos que ten a Xunta de Galiza, pero son un auténtico desastre, son datos absolutamente desfados, algúns do ano 2013, outros non están actualizados. ¿De que clase de datos abertos nos están falando? ¿Que clase de rigor, de eficiencia, nos están poñendo á luz pública? Iso é vergoñoso, señor conselleiro. Deberían mirar, eu creo que o deberían mirar.

Mire, a outra gran mentira, o outro mantra desta lei, é o da participación. Vostedes pensan que por facer unha lei de participación, de democracia, de bo goberno, de transparencia, pois xa existe a transparencia e o bo goberno. Pois non, por facer unha lei non temos xa conseguida a transparencia e o bo goberno. As palabras non substitúen a realidade, a realidade hai que construíla, demostrala e practicala cada día: a transparencia, a democracia e a participación, e nós non a vemos.

A realidade, o que vemos, é que constrúen un decorado, unha simulación, unha escenificación de todas esas bonitas palabras que ocultan que cada vez temos gobernos máis opacos, gobernos menos transparentes, e que as decisións se toman cada vez máis lonxe, con menos transparencia e con menos participación da cidadanía, porque estamos nunha época histórica na que a democracia está sendo substituída pola tecnocracia.

Vostedes están creando unha gran parafernalia de organismos, de plataformas e de medios tecnolóxicos que realmente ocultan un xigantesco negocio privado. Están privatizando a Administración pública co pretexto da tecnoloxía, cedéndolle a xestión de grandes sectores da Administración a grandes empresas amigas do Partido Popular, este é o gran negocio que hai aquí montado. E botamos en falta que realmente se estableza o mecanismo de participación cidadá, porque o que vemos na tramitación das leis, das normas, en todos os procesos de aprobación de plans e programas, é que a participación social é mínima porque non se establecen mecanismos, nin presenciais nin telemáticos, para favorecer a participación.

Mire, outra cuestión importante á que xa me referín antes. Esta lei serve para... *(Murmurios.)* Hai alí unha tertulia, non sei se están comentando os resultados do domingo. Pero bueno, teñen motivos para consultalos, non hai problema.

Decía que esta lei crea unha administración paralela, unha administración hipertrofiada, que ten como núcleo central a Amtega —¿polo tanto, a Presidencia da Xunta—¿ e que se ramifica con centos de contratos e centos e centos de persoas contratadas para xestionar servizos públicos esenciais que están en mans de empresas privadas, igual que os datos persoais que se xestionan a través desas plataformas, datos confidenciais. Falamos da Administración xudicial electrónica, falamos do Proxecto Abalar, falamos da historia clínica electrónica, en mans de Indra —¿sóalles Indra?—¿, da historia social única, en mans de Indra—, do correo



electrónico corporativo, da plataforma de contratación pública dos rexistros electrónicos, da plataforma da PasaXe —en mans tamén dunha empresa moi conectada co Partido Popular—. Vostedes, con todos estes procedementos, crean unha especie de dependencia tecnolóxica con empresas que desenvolven coñecemento e desenvolvementos tecnolóxicos que fan que sexan empresas parasitarias da propia Administración, porque son elas as que teñen ese coñecemento, ese *software*, e, polo tanto, teñen unha vantaxe competitiva para gañar os contratos. ¡Por iso sempre gañan os contratos estas empresas! Son as mesmas desde o ano 2010–2011, cando vostedes empezaron a privatizar todos estes sectores fundamentais da Administración.

Este si que é un mundo dixital, este si que é un verdadeiro mundo dixital. O dixital tradicional, o dos contratos dados a dedo, porque a maior parte destes contratos foron dados a dedo. Voulles dar algúns datos. Tres empresas —Indra, Atos e Everis— tiveron 513 contratos en cinco anos por máis de 110 millóns de euros, señor conselleiro. A maior parte deles, 324, con Amtega, e ademais co Sergas, coa Gain, co CIXTEC, coas consellerías. Douscentos vinte destes contratos foron contratos menores adxudicados polo procedemento dixital (*O señor Bará Torres amosa ás bancadas un documento.*) —este—, así lles adxudicaron estes contratos. Pois ben, estas empresas foron recentemente multadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores —esas tres que lles citei, as tres grandes empresas que reciben a maior parte dos contratos—, ¿e sabe por que? A multa foi de 30 millóns de euros. Estas tres empresas recibiron máis de 14 millóns deses 30. E foi por crear un cartel, nada máis e nada menos; é dicir, por crear unha trama empresarial que repartiou clientes, pactou os prezos e as condicións comerciais e intercambiou información sensíbel para encarecer a contratación pública, nada máis e nada menos. E despois véñennos dicir que se aforra moitísimo con esta cuestión. Algúns, desde logo, están gañando moito. Polo tanto, todos eses contratos están baixo sospeita, por iso nós pedimos tamén unha investigación, unha auditoría, de toda esa parafernalia de contratos con empresas amigas.

Mire, eu mesmo lle podería dicir que empresas van contratar vostedes para xestionar as eleccións autonómicas do próximo ano. Pódollo dicir. Podo deixar un sobre lacrado aquí e seguro que non me equivoco, porque serán as mesmas que o fixeron en 2012 e en 2016: Indra e Netaccede; que son precisamente as empresas deste tinglado que teñen montado aquí para privatizar grandes sectores da Administración.

Miren, hai moitas máis razóns que xustifican esta emenda á totalidade. Por exemplo, o título III, que fai referencia ao sector público en internet, que debería ser sometido a unha cura intensiva de adelgazamento, por todo ese conglomerado de portais que temos, que son portais utilizados fundamentalmente non para información, senón para propaganda do Goberno. Esta lei obrigaría en todo caso a facer aí unha peneira grande e poñer orde, porque cada vez proliferan aínda máis as webs, os portais, e debería ser no sentido contrario. Pero despois é que o informe da Asesoría Xurídica Xeral, que é do 8 de marzo de 2019, fíxolle un auténtico traxe á lei. Non deixou títere con cabeza, podemos dicir, porque realmente é demolidor, e non só en cuestións técnicas, normativas, formais ou terminolóxicas, senón en cuestións de fondo tamén. Por exemplo, respecto da memoria económica e financeira, inexistente. Porque se lle chama memoria económica e financeira á que fixo a directora de Amtega, que lle dedica tres liñas a esta cuestión. Non é serio.



Despois tiveron que facer vostedes outro informe complementario que tamén deixa moito que desexar, porque, por exemplo, na memoria económico-financeira fan vostedes referencia aos investimentos dos anos 2018, 2019 e 2020. ¡Pero que rigor é este se a lei vai entrar en funcionamento a finais do ano 2019! Polo tanto, ¿que sentido ten facer referencia aos investimentos do pasado? Haberá que facer referencia ao impacto económico e orzamentario que vai ter para o futuro. Pero como para vostedes o mundo acaba en 2020, como o goberno da Xunta acaba en 2020, xa non se preocupan do que vai pasar despois, polo que parece.

En fin, ¿que dicir tamén do Consello Económico e Social? ¿Como se pode entender que unha materia de tanta transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galiza coma esta non teña que pasar polo informe do Consello Económico e Social? É que é un contrasentido absoluto.

Ben, en definitiva —e remato—, xa que estamos en tempo de reválida, estes días son de reválidas, o que lle damos é un suspenso, un moi deficiente, señor conselleiro. Porque esta é unha norma que queda curta, que o que fai realmente é unificar toda a normativa dispersa que foron publicando nos últimos anos e tamén adaptar a normativa estatal e europea; porque non garante o acceso á rede como un dereito básico —outros países declararon Internet como un dereito humano fundamental, teríamos que avanzar tamén nesa dirección—, e contribúe a agrandar as fendas xeográficas, xeracionais, económicas e socioculturais; porque non establece medios para a inclusión no caso de persoas con barreiras sensoriais e de comunicación —hai declaracións retóricas xerais pero non se establece como se vai facer iso—; porque non garante o pleno uso da nosa lingua, que está sendo discriminada tamén co pretexto da tecnoloxía —e aí temos o exemplo da Administración de xustiza, que está servindo para consolidar o *apartheid* lingüístico...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...do galego na Administración, porque non hai ferramentas tecnolóxicas e porque utilizar o galego na Administración de xustiza é unha tarefa de heroes ou de titáns—, e por iso non podemos aceptar leis que lle dan carta de natureza a toda esta discriminación; porque non garante o carácter público da Administración e favorece o negocio dixital dunhas poucas empresas, como lle dixeran e como lle demostrei...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e porque non contribúe a construír unha sociedade máis participativa e democrática. Por todo isto, pedimos a devolución ao Goberno deste proxecto de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.





Bo día, señorías.

Bo día, señor conselleiro de Facenda, teño que recoñecer que, sen prexuízo da composición e da responsabilidade colexiada do Goberno autonómico, a nós, polo menos, chámanos a atención que sexa precisamente o conselleiro de Facenda en vez do conselleiro responsable en materia de administracións públicas quen defenda este proxecto de lei, por canto, sobre todo, as competencias que de forma sistemática no articulado do proxecto de lei se establecen dentro do Goberno galego residen na consellería con competencias en administracións públicas. Non sei se serán uns primeiros reaxustes como resultado deste domingo electoral ou non, pero chámanos a atención.

E nese sentido, señor conselleiro, o Goberno galego trae hoxe a esta Cámara un debate de totalidade dun proxecto de lei que, en primeiro lugar, consideramos que chega tarde, cando as tecnoloxías non paran de avanzar; en segundo lugar, que é un proxecto de lei que non garante suficientemente os novos dereitos dixitais da cidadanía; e, en terceiro lugar, un proxecto de lei, señor conselleiro de Facenda, que resulta pouco ou nada ambicioso para a economía dixital de Galicia.

Chega con excesivo retraso porque, como perfectamente saben, fora anunciado en diversos plans normativos do 2017 e do 2018. E, nese sentido —e como dicía tamén o anterior portavoz do BNG—, é un proxecto de lei que basicamente se limita a implementar en Galicia a norma básica estatal das leis 30 e 40 do ano 2015, de hai xa catro anos, en materia de procedemento administrativo e de réxime xurídico do sector público. Señor conselleiro, aquí seguimos insistindo —e dirixímonos ao conxunto do Goberno galego— en que segue a alarmante incapacidade precisamente de impulsar e de traer a esta Cámara os diferentes proxectos lexislativos. E, nese sentido, temos que facernos novamente esta pregunta: ¿onde está o plan normativo para 2019? Estamos en xuño, case en xuño, señor conselleiro, case non merece a pena que o Goberno galego anuncie un novo plan normativo se, entre outras cousas, como ocorrera en 2018 unicamente foran capaces de levar a adiante —evidentemente, é inescusable— a lei de orzamentos e mais a de acompañamento, tan discutida pola nosa parte.

Pero é que, ademais, señor conselleiro, aproveitando a súa presenza, eu creo que esta Cámara —polo menos o noso grupo parlamentario— precisa unha clarificación da sistemática de traballo do Goberno galego en materia de economía dixital para Galicia. Porque no pasado consello, do día 16 de maio, acordou o Consello da Xunta iniciar a elaboración da estratexia dixital de Galicia para 2030. E, segundo indica na referencia do consello, priorizará a capacitación dixital co fomento e o uso responsable das tecnoloxías nun marco xurídico estable, axeitado, a consolidación dun ecosistema dixital forte —di na referencia do consello— e o incremento de perfís dixitais especializados.

Esta nova estratexia, señor conselleiro, ¿non tiña que ser marco previo para traer este proxecto de lei a esta Cámara? ¿Estamos ante un proxecto de lei que é papel mollado, señor conselleiro, ou trátase, como outras veces, dun novo anuncio, de máis propaganda, para darlle lustre a este proxecto lexislativo e ocultar as súas importantes carencias que, tanto a emenda que o noso grupo parlamentario presenta á totalidade como as correspondentes emendas ao articulado, están a evidenciar?



Porque esta nova estratexia, señor conselleiro, vén despois da Axenda dixital de Galicia 2014.gal, da Estratexia galega de crecemento dixital, da Axenda dixital de Galicia para 2020 etc. É un proceso absolutamente kafkiano, señor conselleiro. Porque, ¿cantas estratexias, cantos *power points* —como tantas veces dicimos— van seguir presentando? Pasen dunha vez, señor conselleiro de Facenda, á acción, consígnen e executen, sobre todo, os orzamentos necesarios que impulsen dunha forma decidida as políticas de I+D en Galicia. Porque, como sabemos, o Goberno galego segue apostando con menos dun 0,90 % dos orzamentos pola materia de I+D —máis ou menos estamos á altura de Eslovaquia— cando teriamos que ter como obxectivo estar traballando no entorno do 1,5 %-2 % dos orzamentos en materia de I+D.

Como observan os cidadáns cada día, e como observan todos os axentes que operan co sector público, coas administracións, na implantación das tecnoloxías desde o inicio dos anos noventa, ou finais dos anos oitenta, evidentemente sempre foron moito máis eficientes á hora de establecer trámites electrónicos nos servizos que aseguran a obtención de recursos públicos, nos servizos que ingresan, nos servizos tributarios, nos servizos da Seguridade Social, nos servizos de tráfico e seguridade viaria etc. E isto, evidentemente, foi lóxico, e segue sendo lóxico á hora de asegurar un sistema de obtención dos recursos públicos necesarios para desenvolver o sistema de benestar e todas as políticas públicas de gasto. Pero sempre foron moito máis lentas e moito máis dispersas e moito menos comprometidas na aplicación das tecnoloxías precisamente nos procesos que prestan servizos ás persoas. E o estado actual da técnica, o estado actual da ciencia, si que permite xa dar, señor conselleiro, un paso cualitativo importante en materia de prestación de servizos electrónicos, universais e de calidade á cidadanía, garantindo sempre como premisa básica, evidentemente, a indispensable igualdade dixital de dereitos e de oportunidades. Pero observamos, señor conselleiro, como o propio título preliminar deste proxecto de lei e, por exemplo, nos artigos 6 e 9 unicamente recollen catálogos de obrigas e catálogos de deberes por parte da cidadanía.

Nós, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, consideramos absolutamente baleiro dun catálogo de auténticos dereitos dixitais da cidadanía este proxecto de lei, e así o faremos notar, evidentemente, no trámite de debate das emendas ao articulado. Teremos oportunidade de debatelas, señor conselleiro, e espero que de chegar a acordos neste importante ámbito da discusión tecnolóxica no traballo de debate parlamentario do articulado desta lei. Porque garantir, conforme dispón o artigo 14 da Lei de procedemento administrativo común, o dereito de todas as persoas físicas a elixir en todo momento se se relacionan ou non de forma electrónica cos servizos públicos debe ser obxecto dunha especial regulación tamén no ámbito da Lei de administración dixital de Galicia; que, por certo, é unha lei de administración dixital do sector público autonómico, non podemos admitir que o título da lei se refira á administración dixital de toda Galicia, por iso si que presentamos a correspondente emenda. É importante o título da lei para que a cidadanía saiba o que está aprobando esta Cámara e cal é o impacto e a profundidade desta reforma que se quere poñer en marcha.

A dixitalización da Administración, señor conselleiro, e en moitísimos casos incluso a robotización dos procesos administrativos, non pode supoñer a deshumanización dos servizos públicos. E, nese sentido, o papel dos empregados públicos, o papel de todas as persoas que conforman a Administración pública galega, debe ser garantía precisamente desta capaci-



dade humanizadora dos servizos públicos diante dos procesos inevitables pero que mostran importantes perigos de deshumanización no funcionamento dos servizos públicos. E sobre este tema —comentábo o señor Bará— tivemos na Comisión 1ª diversos debates con motivo de analizar procesos e plans que veñen presentando na Comisión 1ª sobre reforma administrativa e sobre formación dos empregados públicos. E, nese sentido, botamos en falta moitísimos máis compromisos para reforzar de persoal os servizos públicos que teñen que chegar á cidadanía e para reforzar todos os programas de formación e de capacitación dos empregados públicos de Galicia.

E, neste debate, o domingo os veciños e veciñas de todos os concellos galegos impulsaron moitos cambios. E entre eses cambios eu creo que todos os veciños, todos os que votamos e votaron este domingo, reclaman unha nova forma de relacionarse por parte da Administración autonómica coas entidades locais que conforman a Administración local de Galicia. Neste debate sobre o grao da garantía dos dereitos dixitais dos veciños e das veciñas, e da garantía da extensión da cobertura dixital ao conxunto da poboación e ao conxunto do territorio galego, cobra especial importancia o apoio indispensable que a Administración autonómica ten que prestar ás entidades locais. Nós botamos moi en falta compromisos serios, claros e ben articulados de impulso, fomento e colaboración, e tamén da prestación de servizos dixitais, por parte da Administración local galega. A non implicación cos nosos concellos, especialmente cos concellos de carácter máis rural, nesta nova etapa dixital afondará na perda de oportunidades, no despoboamento tamén do interior. E este é un reto que entendemos que non afronta suficientemente este proxecto de lei, e, polo tanto, forma parte dunha das esencias principais da nosa emenda á totalidade.

En terceiro lugar, señor conselleiro, sinalaba ao inicio que este proxecto de lei non é suficientemente ambicioso para a economía dixital de Galicia, a pesar das sucesivas declaracións por parte da Amtega nas memorias xustificativas do anteprojecto, ou do contido do propio proxecto de lei, nos artigos, por exemplo, que teño aquí marcados, o 1 e o 3.

Algúns datos, señor conselleiro, que ben coñecerá polas súas competencias sobre a economía dixital en Galicia:

O sector TIC en Galicia está a supoñer aproximadamente un 2,5 % do PIB. Está a aglutinar en torno a 1.300 empresas —un 80 % son micropemes basicamente— e en torno a 12.000-15.000 empregos —máis dun 40 % de alta cualificación profesional—. E está crescendo o 45 % nestes últimos seis anos. Son datos do clúster TIC e da propia Xunta de Galicia.

O informe, eu creo que relevante para a análise deste proxecto de lei, que acaba de presentar a Comisión de Administración Electrónica, da Administración xeral do Estado, fai unha radiografía dos indicadores principais das diferentes comunidades autónomas, e indícanos que si, que Galicia está situada ben en materia de documentos e expedientes electrónicos, en materia de interoperabilidade, pero sitúa a Galicia en moita peor situación en materia de utilización de tecnoloxías innovadoras en proxectos e, señor conselleiro —porque é un dos obxectivos principais desta lei—, en materia de dispoñibilidade da carpeta cidadá. E tamén indica que Galicia, das dezasete, ocupa a décima posición en orzamento executado total por habitante en materia TIC, sumando os capítulos I, II e VI.





Tamén o informe do BBVA 2017, que fai unha análise nun intento de analizar os indicadores de dixitalización das comunidades autónomas, indica que en adopción por parte de usuarios ou por parte de empresas, Galicia ocupa a penúltima posición, aínda que poida ter unha mellor posición en regulación.

O ano pasado na Comisión 3ª a directora da Amtega anunciaba que a cobertura de internet ultrarrápida estará presente no 96 % dos concellos galegos no 2020. E se analizamos o último informe do Ministerio de Economía e Empresa en materia de extensión de banda larga, Galicia segue ocupando, sobre o último informe rendido, presentado en abril pasado —exercicio 2018—, a penúltima posición a cen ou máis megabytes.

E nese sentido é chamativo que haxa comunidades que estaban tamén na cola —non tanto como Galicia— que fixeron un esforzo moitísimo máis importante en materia de extensión da banda larga como elemento fundamental de implantación das novas tecnoloxías. Andalucía creceu sete puntos entre 2017 e 2018. Canarias creceu dez puntos entre 2017 e 2018. Castela-A Mancha, catorce puntos. Extremadura, que está sempre colocada no vagón de cola, sete puntos. E Galicia creceu unicamente 1,5 puntos, pasando do 60 % ao 61,1 % de extensión sobre a poboación en materia de banda larga.

Este é o compromiso do Goberno galego coa dixitalización do noso país e coa dixitalización, sobre todo, do noso importante tecido económico. Estes datos, señor conselleiro, mostran palmariamente o impacto que no conxunto da economía galega ten a implantación das políticas TIC e, polo tanto, tamén en todo o sector público autonómico.

Esta carencia resúltanos moitísimo máis grave se temos en conta as previsións do propio plan estratéxico da Xunta de Galicia para o período 2015-2020, que recolle no seu eixo catro, precisamente, unha serie de novidades ou de prioridades en materia de sociedade dixital que entendemos que non se implementan neste proxecto de lei.

E chegados a este punto, e tamén seguindo o comentario que facía o señor Bará, chama dunha forma importante a atención o extenso informe da Asesoría Xurídica Xeral que figura no expediente do anteproxecto, que advertía da posible necesidade de recadar o informe preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia, conforme establece o seu propio artigo 5 na lei de creación do Consello Económico e Social. E preguntarlle, señor conselleiro, para a súa aclaración na seguinte réplica: ¿realmente considera o Goberno galego que é prescindible o ditame preceptivo do CES nunha materia que si está directamente vinculada ao desenvolvemento económico e social de Galicia?

En termos administrativos estaríamos practicamente ante un suposto de nulidade do procedemento. En termos de debate parlamentario é absolutamente rexeitable que o Goberno galego prescinda do ditame preceptivo —insisto, preceptivo— do Consello Económico e Social de Galicia como máximo órgano consultivo da Administración autonómica. Creo que teñen que explicar esta situación.

Señor conselleiro, non asume os retos en materia de reforzamento da economía dixital este proxecto de lei. Fai unha referencia aos autónomos como colectivo obrigado. Podemos estar



de acordo pero teñen que implementarse medidas progresivas e medidas de apoio ao sector dos autónomos, que, como sabemos, é un colectivo absolutamente variopinto. Haberá que ver que capacidades teñen de relacionarse obrigatoriamente en termos electrónicos. Fai unha relación, o proxecto de lei, en relación cos provedores dixitais absolutamente abstracta. E non existe ningunha aposta no proxecto de lei polo software libre, que é un elemento fundamental de democratización e de participación tecnolóxica e, por outra parte, de máxima ou de maior independencia respecto do conxunto da economía global dixital; e sobre todo é un gran tractor do emprego TIC local.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Señor conselleiro, para rematar, por todas estas consideracións e por non afrontar o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia os retos que consideramos fundamentais, o noso grupo presenta a emenda á totalidade para a devolución do texto ao Goberno. E esperamos mellorar substancialmente, evidentemente, o texto deste proxecto de lei no trámite das emendas ao articulado.

Grazas, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Que tal, bos días.

Desde o Grupo Parlamentario de En Marea formulamos unha emenda á totalidade con solicitude de devolución por dous tipos de motivos. Uns teñen que ver coa forma escollida para a regulación e outros cos contidos, que entendemos que non se corresponden co que debería ser unha norma destas características.

Pasarei máis someramente pola primeira das cuestións, sobre a elección da norma, que supón o que xuridicamente se denomina «a conxelación de rango»; é dicir, materias que poden estar reguladas con carácter regulamentario pásanse a regular con rango de lei, de tal maneira que se dificulta posteriormente a súa modificación por vía regulamentaria, como sería posible noutras circunstancias. Para iso, e para ver se é idóneo ou non é idóneo neste sector a regulación por vía de lei, temos que botar a vista, en primeiro lugar, a como se procedeu ata agora nesta regulación e a cal é o estado actual da cuestión a nivel normativo.

Quero recordar que nos últimos once anos houbo tres intervencións lexislativas en materia de administración electrónica, e catro posteriores, ou entremezcladas, de carácter regulamentario. É dicir, que haxa tres intervencións lexislativas durante este tempo é un pouco unha anomalía que vén caracterizada fundamentalmente polo cambio tecnolóxico e polo progreso que dentro da propia Administración ten o impacto da evolución das novas tecnoloxías. Isto dá lugar a que en paralelo a esta innovación con rango de lei se teñan que producir novos desenvolvementos con carácter regulamentario. E esta é a situación na que nos atopamos agora, unha situación na que, ademais, se está producindo basicamente un de-



senvolvemento de normas básicas estatais que teñen natureza técnica e que veñen condicionadas precisamente por ese cambio tecnolóxico.

Nós pensamos, como consecuencia deste contexto, que é inapropiado facelo por unha nova norma con rango legal, porque xa existen normas de rango legal que son de carácter básico, de carácter estatal, que son as que fixan o marco regulatorio e que, polo tanto, dada a propia natureza da materia —é dicir, norma técnica—, sería máis apropiado facelo por vía regulamentaria. Porque iso permitiría unha maior adaptación ao cambio tecnolóxico; é dicir, bastaría un cambio tecnolóxico e unha posterior reforma regulamentaria —e non todo o procedemento lexislativo— para podernos adaptar, e non ir moito máis tarde a nivel administrativo en relación co cambio tecnolóxico, algo que facilita a vía regulamentaria e non a vía legal. E, finalmente, tamén por outra cuestión de carácter xurídico. E é que, cando se trata de normas básicas e normas estatais, a lexislación de desenvolvemento, se non incorpora novos dereitos ou non achega nada novo, considera o Tribunal Constitucional que se trata dunha sorte de lei repetida, o que censura en canto a forma de produción normativa.

Polo tanto, nós pensamos que con estas razóns sería mellor facelo por vía regulamentaria e non por vía legal. Hai unha constatación adicional, ademais, e é que esta nova norma con rango legal non innova o ordenamento xurídico. E hai varios recoñecementos disto. O primeiro deles xa se fixo aquí en relación coa propia memoria económica. O feito de que se fale de que non ten ningún tipo de custo económico xa abunda no feito de que non ten impacto real, nin na propia Administración nin nas relacións coa cidadanía. E, en segundo lugar, porque non se afrontan nesta norma, ao carecer tamén de memoria económica, os cambios necesarios para responder desde o punto de vista da propia Administración ás transformacións que esta administración dixital vai supor na demanda tanto de emprego público a nivel cualitativo —no perfil profesional e funcional dos efectivos— como a nivel cuantitativo, polo número de efectivos.

Polo tanto, estamos, na nosa opinión, nunha cuestión máis de carácter simbólico ou propagandístico por parte do Goberno que nunha cuestión que realmente teña un impacto na lexislación, na atribución de dereitos e de deberes á cidadanía.

Pero entrando xa nas cuestións de fondo, que son as que nos parecen máis relevantes, as razóns que motivan a En Marea para a presentación desta emenda son, en primeiro lugar, consideracións que teñen que ver coa equidade, coa necesidade de superación da fenda dixital, coa garantía de acceso de forma competitiva ás redes en todo o territorio, coa igualdade, ou tamén coa propia imposibilidade de garantir o carácter público dos servizos, o que nos fai rexeitar este proxecto.

Hai dúas consideracións previas. A primeira, substantiva —e que despois desenvolverei—, ten que ver cos dereitos. E é que entendemos que o Goberno perde con este proxecto de lei unha oportunidade, e é a oportunidade de configurar ou desenvolver un novo dereito, como é o acceso á información e a relación en soporte dixital; é dicir, estendelo e ultimalo con todas as consecuencias. Pensamos que, a día de hoxe —e está recollido en diversos textos internacionais— o acceso ás redes de información e a relación plenamente dixital debería considerarse un dereito básico de carácter incluso fundamental, pero, en todo caso, conec-



tado como un dereito básico da cidadanía. ¿Para que? Para que nunha sociedade que se pretende moderna, nunha democracia que se pretende avanzada, como a nosa, as relacións poidan ser tamén dixitais —se así se desexa—. E parece que sería coherente coa cohesión social que estivese toda a sociedade plenamente capacitada para esa relación dixital.

Ben, todo isto supón a atribución dunha serie de dereitos á cidadanía que estivesen desenvolvidos nesta lei, o cal suporía tamén non soamente pedir aos propios cidadáns senón tamén, e sobre todo, responder cunha serie de obrigacións por parte da Administración, singularmente as que teñen que ver con esa superación desa fenda dixital á que agora me referirei. Nada disto hai nesta norma. Hai algunha atribución, ou máis ben declaración de intencións, pero que non está completada co que se vai traducir isto a nivel legal.

E, en segundo lugar, con carácter previo, queremos tamén denunciar de novo —igual que fixo o interviniente do BNG— un proceso de privatización, non encuberto senón máis ben explícito, que se produce con ocasión ou coa excusa da modernización tecnolóxica. Contémplase e recoñécese neste proxecto a necesidade de exercer a xestión indirecta de determinados servizos que teñen que ver coa dixitalización e a administración dixital. Xa se falou antes do papel que cumpre Amtega, do papel que cumpren determinadas empresas, que son as que están xestionando todos os grandes datos e toda a grande información que se xera no noso país por medio da Administración pública galega.

Nós pensamos que, en primeiro lugar, debido ao carácter estratéxico da dixitalización das relacións administrativas; en segundo lugar, á vulnerabilidade dos datos de carácter persoal, que vemos constantemente non só a nivel galego —quero recordar o caso da caída de Lexnet o ano pasado, á que me referirei posteriormente— senón a nivel internacional, e aos fallos de seguridade; en terceiro lugar, á frecuente corrupción que foi asociada e que segue estando asociada á externalización dos servizos públicos —que ocupa o 90 % dos casos de corrupción investigados neste momento en Galicia—; e, finalmente, ao encarecemento do servizo e ao empeoramento da súa calidade —algo que non é un ditame de En Marea senón do propio Consello de Contas de Galicia—, aconsella na nosa opinión o desenvolvemento dun servizo netamente público para evitar que máis información sensible e estratéxica da cidadanía acabe en mans de grupos empresariais que acumulan un enorme poder a través da xestión de información privilexiada da cidadanía de Galicia.

En canto aos contidos de fondo, voume referir a nove cuestións que para nós son básicas e que non se contemplan, ou que se contemplan cun enfoque, na nosa opinión, erróneo desta lei.

En primeiro lugar, pasar da burocracia en papel á burocracia dixital. Non hai nesta norma unha mellora substancial de acceso aos servizos, porque non se produce unha simplificación substancial dos procedementos. O que se produce é un cambio de soporte no que se produce esa relación, pero non unha simplificación. Polo tanto, hai un mantra que se repite tamén, que é que, como consecuencia da dixitalización, se produce unha simplificación. Pero xa o propio feito do certificado dixital —por poñer un caso— pois é algo que dificulta as relacións a un segmento non menor da poboación. E non se establece ningún tipo de medidas que contribúan a simplificar toda esa simple dixitalización da burocracia.



En segundo lugar, o que nós denominamos, o que é denominado, «exclusión dixital». Non se contemplan aquí medidas —e xa estamos no desenvolvemento dunha norma estatal básica— que fomenten a equidade no acceso ao servizo. O acceso ás novas tecnoloxías, na nosa opinión, debe garantirse en condicións de igualdade para o conxunto da totalidade da poboación. Isto quere dicir garantir o recoñecemento subxectivo do dereito ao acceso universal ao coñecemento, do acceso universal ás redes, do acceso universal ás ferramentas, que evite a exclusión dixital e social que hoxe sofre unha parte da cidadanía. E nada disto se asegura, de nada disto se fala, no desenvolvemento e no recoñecemento de dereitos na propia norma.

En segundo lugar, establécense máis obrigas pero non se establecen máis dereitos para o conxunto da cidadanía. Recóllense diferentes obrigas de uso dos servizos dixitais pero, sen embargo, non se especifica como se vai facilitar o acceso a estes servizos á cidadanía.

Ademais, pérdese unha oportunidade moi boa de resolver normativamente problemas frecuentes que se teñen dado durante estes anos como consecuencia do uso das TIC nas relacións interadministrativas e nas relacións administrativas coa cidadanía. E voume referir a un caso moi concreto que trouxemos aquí ao Parlamento diversos grupos o ano pasado, que foi a caída do servizo de Lexnet, é dicir o servizo de notificacións dos xulgados cos operadores xurídicos e coa cidadanía. Ben, non se resolve aquí cal é o método, ou o que pasa se hai unha interrupción do servizo ou unha caída da rede, ou unha interrupción momentánea que poida deixar a medidas un procedemento administrativo ou o procedemento para a súa reanudación. Tampouco se solucionan as fendas de seguridade, o caso de roubo de datos que se poida aproveitar para facer un ciberataque, ou, como consecuencia do mesmo, un roubo dos mesmos. Ben, podíamos aproveitalo. Á parte, estou falando dun caso que sucedeu en Galicia, dun roubo e dunha caída que deixou vulnerables datos de —creo que foran— 600.000 expedientes. ¡Nada máis e nada menos! Ben, púidose aproveitar esta norma para darlle un reforzo de seguridade a esa situación. Non se fai, e descoñecemos por que. En todo caso, chamamos á reflexión de que temos que aproveitar e aprender da propia experiencia e dos propios erros.

En seguinte lugar, prodúcese a exclusión dixital na terceira idade. Hai unha serie de problemas encubertos aos que non se lles dá solución nin orzamento. A aplicación simple desta norma levará a que moitos dos concellos —aos que se levan referido outros intervenientes aquí—, concellos con poboación envellecida, con cidadanía da terceira idade —a que ten máis dificultades de acceso para desenvolverse por medio dixital—, teñan que dispoñer de persoal, máis persoal ou novo persoal, para cumprir cunha serie de trámites e axudar a xente a que poida desenvolvelos para que poidan cumprir coas obrigas que se establecen nesta lei de forma xa inmediata e de forma progresiva. Ben, non está previsto orzamentariamente cal pode ser o impacto. Non se resolve de que maneira iso se vai encaixar. Polo tanto, hai unha declaración de novos deberes sen o establecemento de facilidades para o cumprimento dos novos deberes.

Hai tamén unha aleatoriedade na atribución da obriga da comunicación dixital. Non se establece na propia lei cales son os criterios para establecer a obrigatoriedade do uso das comunicacións electrónicas da Administración con outros colectivos que, por razón da súa capacidade, poidan comunicarse deste xeito. Ao final, polo que se intúe da lei, vai quedar





nunha decisión discrecional da propia Administración, que irá aumentando colectivo a colectivo, en función do que, aí si, nese caso, estableza nun desenvolvemento regulamentario. Sen embargo, o tema de ir paulatinamente atribuíndo obrigacións debería de quedar tamén recollido na propia norma, con rango legal, xa que se opta pola norma con rango legal.

En seguinte lugar, a Administración exige pero non fai os seus deberes. E, lembrando de novo a Administración de xustiza e algunha das súas aplicacións informáticas, quero lembrar que aínda a día de hoxe segue habendo dificultades, por exemplo, para a introdución dos datos de identificación das persoas polo seu DNI ou pola súa identificación de nomes e apelidos na base de datos do programa Minerva, que é o programa de xestión da aplicación informática da Administración de xustiza. Existe tamén unha incompatibilidade completa de programas entre o programa Minerva e os programas de videoconferencias, os programas doutras comunidades autónomas etc. E nada disto se resolve nesta norma, a nada disto se fai referencia.

Ademais, sucede, colateralmente a isto, outra cuestión, que se impón como deber pero que supón tamén o cumprimento dun deber pola Administración. Esta dixitalización impón unha serie de deberes que non eximen do cumprimento da achega de documentos dos que xa dispón a Administración, pero que dispón deles en soporte papel e non en soporte dixital. Por poñer un exemplo básico: o DNI, cando foi achegado en papel á Administración nese ou noutro procedemento, igualmente se lle exige ao cidadán, cando o normal sería que a Administración, se dispón dese documento, o incorpore xa de forma dixital e non se lle exixa ao cidadán incorporalo a el de novo pola vía dixital; porque, se non, estase incumprindo unha obrigación que establece xa a Lei de procedemento administrativo común, que é a de que non se exixan datos que xa obran en poder da propia Administración.

En segundo lugar, non se establecen aquí canles normalizadas de interoperabilidade entre as administracións. E voume referir unha vez máis a programas que utiliza a Xunta de Galicia, a Administración pública galega; por exemplo, os da Axencia Tributaria Galega cos programas de xestión da propia Administración de xustiza, dos letrados e letradas da Administración de xustiza, por exemplo, para o cumprimento de obrigas derivadas de resolucións xudiciais. Non hai nada disto, e estase perdendo unha ocasión magnífica para facelo.

Tampouco se establecen as condicións necesarias de seguridade para que os datos flúan correctamente sen que haxa fugas de información e con respecto ao disposto na normativa de protección de datos, tanto comunitaria como estatal. E volvo remitirme unha vez máis aos exemplos da caída de seguridade de Lexnet do ano pasado.

Ademais, existe unha desatención á diversidade funcional. Non se regula como se vai garantir o acceso ás persoas con diversidade funcional, porque non se contemplan no proxecto mecanismos para asegurar esa igualdade absoluta e a inexistencia de barreiras no acceso de persoas con diversidade funcional.

Existe tamén, na nosa opinión, unha exclusión dixital social. Fálase na norma, é certo, de colectivos en risco de exclusión dixital, pero non se recollen os mecanismos para evitar a exclusión dixital. Dunha banda, a día de hoxe —situación actual— non existen tarifas de



carácter social accesibles para persoas en risco de exclusión, ou para familias con dificultades económicas etc. E ao mesmo tempo, con consecuencia da presentación deste proxecto, non se contemplan mecanismos públicos para corrixir esta situación. Non me vou referir e non vou tampouco parar máis naquela situación que denunciámos ao principio de lexislatura, cando o acceso para determinados colectivos en risco de exclusión social a determinadas axudas soamente se podía formular por vía dixital, de tal maneira que á xente que non podía pagar a factura da luz se lle exixía que fixeran os trámites por vía telemática. Ben, a oportunidade de solucionalo era agora.

Vou rematando, señor presidente.

Simplemente quero relacionar tamén problemas de restrición da competencia e da exclusión dixital territorial. Fálase aquí nesta lei tamén de xeito recorrente sobre a capacitación dixital das persoas para fomentar a igualdade e a participación da cidadanía; sen embargo, isto non é posible sen que a rede de banda larga chegue a todos os recunchos no noso país. Voulle poñer un exemplo concreto no concello de Baralla. Foi un caso real. No concello de Baralla non hai pares libres, que é a estrutura de conexión que unha empresa ten que deixar á competencia e pasala con Telefónica. Non se pode garantir o acceso á rede, nin, polo tanto, o fomento da economía nin da riqueza xerada polo comercio etc. —todas as bondades das que vostede acaba de falar—, cando non se facilita realmente a competencia e non se establecen mecanismos para verificar que a competencia sexa efectiva sen que se produza directamente unha exclusión territorial por falta de capacidade tecnolóxica, precisamente por incumprimento das empresas que neste momento teñen o monopolio da fibra ou que actúan en réxime de monopolio en determinados concellos para impedir incluso aos demais competidores ese acceso.

Por todas estas razóns, nós consideramos que é necesaria a devolución do proxecto e unha reformulación en toda a súa extensión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

**A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Benvido, conselleiro.

Pensen por un momento nos teléfonos móbiles que se usaban tan só hai uns anos e agora revisen os que teñen nas súas mans, con GPS, pegada dixital e cámara de excelente calidade. A evolución dixital foi constante, buscando pouco a pouco ofrecer aos usuarios e ás empresas novos avances dixitais. Para cociñar, para organizar o día a día, para contactar cos amigos ou para organizar unha viaxe empregamos os medios dixitais, para practica-



mente todas as actividades do día a día. Xa o indicou o conselleiro de Facenda ao inicio da súa intervención na presentación deste proxecto de lei: o 96,1 % de cidadáns dispoñen de teléfono móbil, case o 54 % utiliza móbiles intelixentes, e o 50 % fan uso das redes sociais. As novas tecnoloxías están integradas na sociedade, e cada vez máis son indispensables para o día a día.

Señor Villoslada, teño que facerlle unha anotación, e é que ao mellor vostede non sabe que Amtega depende funcionalmente da Consellería de Facenda tras os decretos de estrutura da Xunta de Galicia aprobados hai tres anos. Ensínollo, porque me dá coa cabeza, e dígolle que é o Decreto 176/2016, do 15 de decembro (*Aplausos.*)

E prosigo coas persoas que me precederon no uso da palabra, o señor Bará, o señor Villoslada e, como non, o señor Villares. ¿Por que se opoñen ao progreso? (*Murmurios.*) ¿Por que se opoñen ao avance? En definitiva, ¿por que se opoñen a todo aquilo que beneficia os galegos e as galegas? Non o entendo.

Atopámonos ante unha nova petición de devolución do proxecto de lei por parte de toda a oposición. Unha vez máis, cando un goberno valente acomete reformas na Administración, a oposición quere botalas abaixo. Xa sucedeu no ano 2010 coa Lei de organización da Administración autonómica. Por primeira vez homoxeneizábanse as estruturas dos departamentos e dos entes instrumentais da Xunta, e houbo emenda á totalidade de toda a oposición. Sucedeu tamén no ano 2013 coa Lei de racionalización da Administración autonómica. Creáronse os mecanismos de autoprovisión para non encargar fóra o que se poida facer con medios propios, e houbo emenda á totalidade de toda a oposición. Sucedeu no ano 2015 coa Lei de emprego público, e coa regulación da carreira profesional e dos mecanismos de avaliación do rendemento; como non, emenda á totalidade de toda a oposición. De novo no ano 2015, coa Lei de garantía da calidade dos servizos públicos, coa regulación dos mecanismos de participación cidadá na avaliación dos servizos públicos e das medidas que debe de tomar a Administración para mellorar a través destes datos, e houbo emenda á totalidade de toda a oposición.

Hoxe non podía ser menos, cada vez que este Goberno dá un paso para modernizar, para racionalizar e optimizar o funcionamento da Administración, atópase con grandes resistencias. E curiosamente, contra o que moita xente podería pensar, esas resistencias non son do persoal que está a traballar precisamente ao abeiro desas leis —de xeito unánime a mesa do persoal avalou o proxecto de lei que hoxe debatemos—. As resistencias sempre veñen dos grupos da oposición.

Este proxecto de lei é a culminación do proceso de reforma administrativa levada a cabo polo goberno de Feijóo dende o ano 2009, coa Lei de organización e funcionamento da administración, do 2010; a Lei de racionalización, do ano 2013; a Lei de garantía da Administración e calidade dos servizos públicos, en 2015; e a Lei de transparencia e bo goberno, do 2015. Esta lei era a peza angular para conseguir a reforma integral da Administración pública, para que sexa máis eficaz, máis eficiente, máis ordenada, máis transparente, de máis calidade e totalmente dixitalizada. E, como ben sendo habitual en todo este proceso, temos a oposición en contra.





A maiores da súa oposición, danos de novo unha particular lección de coherencia, e tamén un pequeno exemplo do que se pode esperar de gobernos que teñan que convivir. Mentres a emenda á totalidade de En Marea nos di que a regulación administrativa dixital non debe facerse con rango de lei, os socialistas din que esta lei non lles gusta e recoñecen que o novo escenario e os novos retos exigen un marco lexislativo que dote Galicia dunha nova regulación. E, como non, o Bloque Nacionalista Galego vai máis aló, e di que debería darlles rango de lei a aspectos que xa están presentes en documentos aprobados polo Goberno. Polo tanto, nun hipotético goberno tripartito entre vostedes, non sabemos se non teriamos ningunha lei —como quere En Marea—, outra lei —como quere o Partido Socialista—, ou aínda máis lexislación —como quere o Bloque Nacionalista Galego—. Se cadra, o punto intermedio sería facer media lei. (*Aplausos.*) Ese sería o modelo conxunto da oposición. Probablemente porque deixar as cousas a medias é a súa especialidade cando gobernan xuntos.

E hai outras contradicións que atopamos cando falan de carencias na lei. O Bloque Nacionalista Galego di que non se fala de participación cidadá. Señor Bará, podemos estar de acordo en que se pode afondar nisto, e verémolo na ponencia. Pero, miren, a Lei de transparencia do ano 2016, que foi a que permitiu que un proxecto de lei como, por exemplo, o de patrimonio natural —que acaba de entrar no Parlamento— recibira máis de cento vinte suxestións da cidadanía, non tivo o voto do Bloque Nacionalista Galego. A Lei de participación cidadá neste Parlamento, que permite que debatamos neste Pleno e nas comisións proposicións non de lei de iniciativa popular, tivo o voto en contra do Bloque Nacionalista Galego. Por tanto é curioso que lle pidan a esta norma que regule a participación cidadá, porque lles traen aquí as normas que si a regulan e vostedes votan en contra.

Señor Villares e señor Villoslada, din que esta lei non garante as infraestruturas necesarias para que a cidadanía poida acceder á Administración dixital, que non garante a extensión da banda larga nin ataca a fenda dixital. Miren, é que xa houbo unha lei específica dedicada a iso que se debateu nesta Cámara parlamentaria, a Lei de impulso das infraestruturas de telecomunicacións en Galicia. ¿E saben o que votaron vostedes? Votaron en contra.

Aínda así, este Goberno, o Goberno do Partido Popular, seguiu apostando, pero non só con leis como as que acabo de nomear, senón tamén con orzamentos. E vou darlles datos: duplica neste ano, no ano 2019, o orzamento en banda larga con 8 millóns de euros para continuar a extensión en redes de 100 megas en máis de 400 núcleos rurais e a mellora da conectividade nas empresas illadas; 14 millóns de euros para avanzar na dixitalización da Administración; e cerca de 4 millóns de euros para reforzar a seguridade e dispoñibilidade dos servizos públicos dixitais. Non escoitei ningún dato das persoas que me precederon no uso da palabra. Non sei, pero aínda lles vou dar máis —datos do INE—: o 82,6 % dos fogares galegos teñen contratada internet, cun incremento de case un 5 % con respecto ao ano anterior e superior ao crecemento do conxunto do Estado —do 3,6 %—.

Pero, claro, señor Villoslada, despois de que a ministra de Economía en funcións, a señora Nadia Calviño, diga como ministra de Economía —bueno, ministra en funcións— e presidenta da Comisión Delegada que suaviza as normas impostas nas compañías telefónicas para levar internet ao medio rural... ¿E sabe o que ocasiona? O resultado é que os habitantes teñan un acceso a redes dixitais moito peor que o previsto inicialmente. Iso é o que fai o



Partido Socialista no Goberno de España. Polo tanto, entendo que estean molestos. Díganllo vostedes ao seu presidente.

Este pretexto que vostedes están a comentar para opoñerse a esta lei, o de que non regula aspectos que vostedes ven como fundamentais, non é crible. Porque leis que regularon eses aspectos xa viñeron a esta Cámara, foron o requisito previo para poder facer agora esta lei. E vostedes non apoiaron ningún destes textos previos que recollían esas cuestións que agora vostedes ven tan importantes. Poñen en dúbida que non garante a inclusión dixital. En primeiro lugar, esta non é unha lei de sociedade dixital, é unha lei reguladora do funcionamento dixital da Administración. Polo tanto, é unha norma de regulación da Administración, da que non son obxecto as actuacións de inclusión dixital. Eu creo que poderían entender a diferenza; sobre todo porque a primeira lei reguladora do funcionamento dixital da Administración foi unha lei do ano 2007, aprobada polo Goberno Zapatero. E, como non, contaron cos votos a favor do Partido Popular, pero tamén de Esquerda Unida e do Bloque Nacionalista Galego. E esa lei non tivo nin unha soa referencia a plans de inclusión dixital senón que se limitou a regular cambios no funcionamento da Administración. Hai unha diferenza, iso si é verdade. E é que esa lei non regulaba a inclusión dixital pero o goberno que a presentara tampouco fixera ningún esforzo sobre ela.

Este Goberno de Galicia, en cambio, pode presentar esta lei de dixitalización da Administración porque fixo previamente un esforzo moi importante no eido da inclusión dixital. A Xunta de Galicia aprobou en abril do ano 2016 o Plan de inclusión dixital de Galicia 2020. Temos unha rede CeMIT, en colaboración cos concellos, que atendeu en 2018 a 80.000 persoas, e quere chegar no ano 2019 a 88.000. Impartíronse máis de 35.000 horas de capacitación dixital e 98 aulas nos concellos. E hai resultados, vou dar datos dalgúns informes que son públicos.

No medio rural, o informe de 2018 do Observatorio da Sociedade da Información de Galicia sobre o medio rural reflicte que os fogares con internet e banda larga contratada no rural pasaron do 63 % no ano 2015 ao 75 % no ano 2017. En canto ás persoas maiores, dende o 2011 —segundo os datos do INE— o uso de internet entre galegos de 55 a 64 anos incrementouse un 145 %, o segundo maior aumento do conxunto de España. En canto á fenda de xénero, estudos sobre a sociedade da información dende unha perspectiva de xénero revelan que a fenda dixital descendeu nos últimos anos en Galicia, situándose nun 0,7 %; cando a media española é do 1,8 % e na Unión Europea dun 3 %. Polo tanto, hai traballo feito na inclusión dixital. Pero é que ademais a lei toma precaucións para garantir que neste novo modelo da Administración dixital ninguén quede excluído. En primeiro lugar, garantindo unha oferta de cursos e certificados de competencias dixitais para facilitar o acceso ás competencias dixitais de toda a cidadanía, como xa comentou o conselleiro. En segundo lugar, e como último recurso para aquela cidadanía que non teña alfabetización dixital propia, que non utilizara as aulas CeMIT ou que non fixera os cursos de competencias dixitais, garantindo en última instancia que poida delegar, nun funcionario habilitado para o efecto, a tramitación dixital dos seus asuntos.

É dicir, é unha lei que pon totalmente a Administración á disposición da cidadanía. Facilitarlle os trámites se xa sabe utilizar internet, facilitaríalle adquirir as competencias para



utilizar internet se non as ten; e, en último caso, asegurarlle que existira unha persoa que o faga por eles. Non hai posibilidade de que ninguén quede excluído neste modelo da Administración dixital. Non, señor Villares.

E xa, para rizar o rizo, é ben curioso que os mesmos grupos da oposición que adoitan subir a este estrado a dicir que a Xunta de Galicia actúa sen planificación, critican agora que esta lei non incorpore dotación adicional. Porque precisamente a súa aprobación xa está prevista nos instrumentos de planificación a partir dos que a Xunta elaborou os seus orzamentos.

E como o señor Villares di que non, pois vou dicirlle que no Plan de administración e goberno dixital, aprobado no ano 2016, exactamente na páxina 78, di: «Deberase actualizar a normativa autonómica con base no novo desenvolvemento estatal». Doulle máis datos: o contrato de xestión da Amtega, 2018-2021 —que ao señor Bará non lle gustaba o 2020—, aprobado xa unha vez entrada en vigor a nova lei —páxina 47, obxectivo 7 (aprobación do Proxecto de lei da administración dixital de Galicia)—. Polo tanto, efectivamente, a aprobación desta lei non necesita unha modificación orzamentaria, pero non porque as súas actuacións non o precisen senón porque este orzamento está axustado á previsión da aprobación desta lei.

En canto á accesibilidade de persoas con diversidade funcional, é certo que na ponencia podemos avanzar nunha concreción maior das garantías de accesibilidade da administración dixital. Pero quixera lembrar unha cousa: dende o ano 2016 está garantida por decreto a existencia nas oficinas de atención á cidadanía da Xunta dun servizo de interpretación para as persoas xordas e está blindada a validez de tramitación telefónica de queixas e suxestións para persoas cegas. Un decreto, por certo, de desenvolvemento da Lei, de 2015, de garantía da calidade dos servizos públicos, á que todos vostedes votaron en contra. Polo tanto, se na ponencia desta lei podemos incorporar máis avances na accesibilidade destas persoas, esperamos desta vez, como novidade, que os apoiem.

Señorías, espero que recapaciten, porque estamos ante un proxecto de lei que é a peza angular que faltaba para conseguir a reforma integral da Administración pública, para que sexa máis eficaz, máis eficiente, máis ordenada, máis transparente, de maior calidade e moi —ou totalmente— dixitalizada. Esta lei ten dous obxectivos fundamentais: blindar legalmente os mecanismos de dixitalización implantados nos últimos anos, como pode ser a sede electrónica ou a sinatura electrónica; e darlles as garantías xudiciais ás actuacións administrativas derivadas destes novos mecanismos —por exemplo, as ampliacións automáticas de prazos cando hai interrupcións no sistema—; e, como segundo obxectivo, aproveitar esta dixitalización da Administración para cambiar a maneira de prestar servizos, pasando a un modelo de administración máis proactivo que utilice os datos que manexa a cidadanía.

Miren, van comprender a lei con este exemplo. Cando a Administración ten a noticia, a través da Administración sanitaria, do nacemento dun bebé, queremos facer posible que a Administración, se a persoa usuaria así o autoriza, poida ofrecer a tramitación da Tarxeta Benvida automaticamente a aqueles pais que saiba que teñen dereito. Ou, cando unha empresa se inscriba nalgún rexistro administrativo, a Administración poderá ofrecerlle, segundo os datos que teña a empresa, o acceso directo a aquelas axudas ou programas das que sexa po-



tencialmente beneficiaria. Ademais, a lei afronta a adaptación da Administración á administración dixital dun xeito inclusivo, garantindo que ninguén quede excluído.

A lei garantirá unha oferta de cursos e certificados —como xa comentei anteriormente— e precisa exactamente que, por tanto, non comece de cero. Parte de avances previos na extensión de infraestruturas dixitais e de proxectos previos da dixitalización da Administración...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ:** ...—xa remato, señor presidente—, o que fai dar un paso máis con tres principios —e comentounos o conselleiro moi ben—: só unha vez, proactividade e automatización dos procesos.

Señorías, o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia permitirá consolidar unha Administración integramente dixital e universalizar o uso e acceso da cidadanía aos servizos públicos dixitais.

Non quero rematar a miña intervención sen trasladar en nome do Grupo Parlamentario Popular os parabéns por este magnífico traballo a todo o Goberno galego, polo compromiso, polo traballo e pola dedicación que trae este proxecto de lei para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Réplica dos grupos emendantes. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora Vázquez, veu vostede aquí contarnos que non sei canta xente no país hai con teléfonos intelixentes. Faltoulle dicir que foi grazas á Xunta do Partido Popular. (*Aplausos.*) Porque ¡xa está ben!, ¿non? Menos mal que a sociedade avanza, (*Murmurios.*) menos mal que hai estradas, que hai teléfonos móbiles, que hai vehículos, que hai bicicletas... (*Murmurios.*) E veñen vostedes darnos aquí leccións de progreso e de modernidade. Pois, mire, saian da caverna, saian desa prehistoria ideolóxica na que están vostedes instalados. (*Aplausos.*) Saian deses pactos con xente que di que as mulleres teñen dereito a cortar as uñas e a cortar o pelo pero ¡non teñen dereito a abortar! (*Aplausos.*) E tamén expulsen os seus membros que pronuncian ataques machistas, como fixo o alcalde de Vilanova, e moitos outros militantes do Partido Popular. Iso é a modernidade tamén, non só a tecnoloxía. Polo tanto, non veñan aquí dar leccións de nada, porque non dan leccións de nada.

E falou vostede da fenda de xénero. Efectivamente, aumentou o uso de internet por parte das mulleres e diminuíu esa fenda. Pero a fenda de xénero en materia tecnolóxica ten moitas máis caras; por exemplo, a que ten tamén co acceso ás profesións científicas e tecnolóxicas. E a re-



alidade é que a porcentaxe de mulleres nas carreiras de ciencias en Galiza caeu dez puntos na última década. E os datos son especialmente preocupantes nas carreiras, nas enxeñarías, e tamén no que ten que ver coa informática, onde a fenda de xénero é aínda maior, cun 13 % de mulleres matriculadas neste momento en Galiza. ¡Iso tamén é fenda de xénero na tecnoloxía en materia dixital! E estas cuestións tamén hai que mirar por elas, señora Vázquez.

Miren, a cuestión —creo que está clara— é que esta lei e toda a normativa que hai non garante unha sociedade equitativa no que ten que ver co acceso á internet e ás tecnoloxías da información e comunicación. E non combate de maneira eficaz a fenda que hai nesta materia porque estamos a falar —segundo datos do Ministerio de Economía, datos do INE, que poñen de relevo cal é a diferenza que ten Galiza nesta materia— de que estamos nos últimos postos do Estado, no último posto. Entón ¿de que estamos falando? Hai 26.000 núcleos de poboación neste país que non teñen acceso á banda larga ultra rápida, e iso é unha desvantaxe e unha dificultade para estar no mundo de maneira competitiva e con acceso a todos os servizos. Porque nós defendemos —e esta lei non o garante— que o acceso ás tecnoloxías da información e comunicación ten que ser un dereito humano fundamental. E así se fixo nos países máis avanzados nesta materia; como, por exemplo, Estonia. Estonia é o país máis avanzado de Europa nesta materia.

E hai unha cuestión central na lei que é, por exemplo, o impulso dixital, o acceso de toda a sociedade ao mundo dixital e á Administración dixital. ¿Sabe cantos artigos lle dedican vostedes na lei a esta cuestión? Tres artigos que non din practicamente nada. E a realidade tamén é que a súa rede CeMIT é un absoluto fracaso, é un fracaso. Si, é un fracaso.

E nós defendemos —como xa lle dixemos— que esta lei debería facer relación a toda a Administración, a todas as administracións. Esperemos que o conselleiro despois nos poida aclarar como se vai implementar e desenvolver toda esa rede de oficinas de atención e rexistro; e como se van atender, por exemplo, os dereitos no caso das persoas residentes no exterior, porque na lei non se define esta cuestión e hai dificultades importantes nesta materia.

Con respecto á participación, din vostedes que o BNG non aprobou a Lei de transparencia e bo goberno. Porque non cremos nese decorado que constrúen vostedes. É falso, é mentira, non hai tal participación. Cada vez hai menos, cada vez hai máis distancia, máis dificultades e menos mecanismos para a participación, para a transparencia e para a democracia. E os datos de tramitación dos proxectos e dos plans así o demostran.

E, despois, entendemos que hai unha cuestión absolutamente central. Esperemos que o conselleiro nos diga algo a este respecto porque xa vemos que a portavoz do Partido Popular non quixo entrar neste debate. É a Administración paralela que están creando coa escusa de todas estas normativas que veñen de Europa e que o que están creando é un xigantesco monstro privatizado en servizos que son fundamentais e que teñen que ver coa xestión de informacións e de datos persoais e confidenciais. E aí están empresas como Indra, presidida por Fernando Abril-Martorell, socio tecnolóxico da Xunta, imputado na Púnica; ou Everis, cuxo vicepresidente, Eduardo Serra, que foi ministro de Aznar, ten tamén conexións e xestión de servizos fundamentais da Administración. E teño aquí algúns contratos, por certo, que





se levan renovando desde o ano 2010 e 2012 ás mesmas empresas: a historia social única, que xestiona Indra, ou a historia clínica electrónica, que xestiona tamén Indra; e outras que xestiona, por exemplo, Everis, como a plataforma Pasaxe, que a leva xestionando desde os seus inicios. Porque ao final, como lle dixen antes, son contratos que teñen estas empresas porque desenvolven tecnoloxía e coñecementos, *software*, e, ao final, son as beneficiarias de todos estes contratos.

En fin, que penso que quedou claro cales son as intencións desta lei, cales son as eivas, cales son as dificultades para unha grande parte da poboación para acceder á administración dixital e ao mundo dixital e que esta lei non resolve.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** Polo tanto, por iso pedimos a devolución ao Goberno, para reformular esta lei, para melloralala. E, señora Vázquez, aclárolle unha cuestión: non dixemos que había que facer máis leis, a ver se entende ben, ou se nos explicamos ben. O que dicimos é que o que fai esta lei é unificar toda a normativa que se foi aprobando nos últimos anos. Non veña aquí a querer facernos dicir outra cousa que non dixemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Señora Vázquez, como portavoz do Grupo Popular facíanos varias recomendacións nun exercicio de pouca humildade, creo eu. Porque nos dicía que deixabamos as cousas a medias cando tiñamos ocasión de gobernar. Facíanos unha referencia a que recapitáramos en termos de modernización do país, de modernización dixital. Pero quen ten que reflexionar é o Partido Popular. ¿Non se dá conta de que máis do 40 % da poboación de Galicia nas cidades galegas non acepta as formas de gobernar do Partido Popular, nin en termos de administración? ¿Non se dan conta? (*Aplausos.*) A verdade, e con todo respecto, paréceme —tómeo coa cortesía necesaria— dunha certa insolencia facer hoxe ese tipo de recomendacións.

O artigo 1 do proxecto de lei di literalmente: «A lei ten por obxectivo» —está no frontispicio da lei— «non só pasar ao novo modelo de administración dixital do sector público autonómico senón tamén implementar e fomentar a adopción das medidas precisas para incorporar o potencial das tecnoloxías dixitais no deseño das políticas públicas na modernización do sector autonómico e no impulso da economía galega». E o artigo 3 establece tamén que entre os fins da lei está servir de motor e impulso económico da comunidade autónoma de Galicia. Entón, ¿en que quedamos, señora Vázquez? Supoño que nolo clarificará mellor despois o señor conselleiro. ¿Estamos ante unha lei que vai impulsar tamén a economía dixital en Galicia? ¿De que falamos cando falamos de que a lei, señora Vázquez, non é unha lei de sociedade dixital? ¿Que é para o Partido Popular a sociedade dixital? Ne-



cesitamos esas clarificacións. Os datos do Ministerio en materia de extensión de banda larga en Galicia son os que son, están aí, medidos cos mesmos indicadores. Galicia foi a comunidade autónoma que fixo porcentualmente o menor esforzo por estender á poboación de Galicia —non ao territorio, que hai dificultades territoriais—o conxunto da banda larga. (Aplausos.) Galicia unicamente fixo un esforzo de 1,5 puntos do ano 2017 ao 2018. Ese é o compromiso, ese é o compromiso. Os informes do Ministerio están aí, non anuncios e propagandas.

Necesitamos saber —non o fixo vostede, señora Vázquez, e supoño que si nolo clarificará o señor conselleiro, porque insistimos en que nos parece un tema relevante— como, ante todo este panorama de compromisos da lei en materia de impulso da economía galega, insistiu o Goberno galego en non pedir o ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia. Insisto, foi advertencia da propia Asesoría Xurídica Xeral de Galicia. A Amtega, no informe que consta no anteproxecto, limítase a dicir que non ten relación directa nin vinculación directa coa economía e o desenvolvemento social de Galicia e punto, je punto! E a Secretaría Xeral da Presidencia, para pechar o expediente, di que é o que di Amtega, que non hai máis nada que dicir. (Aplausos.) Necesitamos explicacións, señor conselleiro, de por que non se pediu un ditame fundamental e preceptivo ao CES de Galicia.

Hai toda unha serie de cuestións que sinalabamos na nosa intervención preliminar pero que consideramos fundamental tamén insistir nelas.

Insistimos pola nosa parte, na emenda á totalidade, no título da propia lei, porque cremos que é unha lei que non pode chamarse «de administración dixital do conxunto de Galicia», senón que é unha lei —que si que é, e nada máis ca iso— de implantación das normas básicas estatais para o sector público autonómico de Galicia, e de aí non avanza.

Insistimos tamén na necesidade —ao que non fixo ningunha alusión a señora Vázquez— de saber cal é o compromiso do Goberno galego para o impulso da administración dixital tamén nas entidades locais de Galicia —de forma prioritaria nas que teñen menos capacidades e, por suposto, en coordinación coas deputacións provinciais—

Insistimos tamén na absoluta necesidade, e supoño que teremos ocasión de debatelo e espero que de chegar a acordos, de establecer un auténtico catálogo —o que se poñía en dúbida— de dereitos dixitais da cidadanía no trámite das emendas ao articulado.

Consideramos absolutamente necesario tamén profundar nos compromisos que eviten a fenda dixital tamén en persoas con discapacidade intelectual —é unha referencia importante—, e tamén no ámbito das persoas que están no medio rural máis desconectado, por dicilo dalgunha forma.

Tamén consideraríamos importante que os novos compromisos da lei en materia de accesibilidade á información no *Diario Oficial de Galicia* permitan ter un coñecemento consolidado da normativa e do acervo autonómico —hai experiencias contrastadas nese sentido—, e esperamos que en todo ese debate as obrigas e os compromisos do persoal que sexa designado como persoas delegadas para a protección de datos teñan asignadas precisamente as súas



funcións con absoluta independencia e coas absolutas garantías que se establecen na normativa básica estatal en materia de protección de datos.

Hai unha serie de cuestións que nós reclamamos tamén, como garantir a presenza equilibrada de homes e mulleres en todos os órganos que se prevén na Lei en materia de administración dixital. E un tema tamén fundamental para nós será a encomenda á institución do Valedor do Pobo, como comisionado de transparencia, precisamente da función de velar polos dereitos dixitais da cidadanía.

Espero, señor conselleiro, que, ao non clarificar a señora Vázquez, evidentemente, moitas das cuestións que son soporte das emendas á totalidade que foron presentadas polo noso grupo parlamentario, pola súa parte si se clarifiquen. E insisto no ditame preceptivo do CES de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, coincido co deputado do Partido Socialista en que vén vostede aquí a rachar a prudencia na que estabamos desenvolvendo o debate, cuns termos que eran substancialmente enriquecedores, algo que lamentamos. Comezan vostedes por dicir que nós nos opoñemos ao progreso. Ben, nós opoñémonos á exclusión social e á privatización. Foi o que dixemos. Entón, se para vostede iso é opoñerse ao progreso, temos unha idea diferente do que é progreso. Nós entendemos que non podemos deixar a ninguén atrás no proceso de dixitalización do noso país. E a vostedes dálles igual. Porque vostede tiña 15 minutos e puido vostede telos empregado en rebater os oito puntos substantivos de vulneración de dereitos, en relación coa equidade e o acceso universal, por parte desta norma, e non o fixo. Pois vostede saberá por que. Tampouco cuestionaron todas as eivas relacionadas co proceso de privatización que se deduce explicitamente desta norma. Se a vostedes o que lles molesta é a crítica política e preferían ternos amordazados, pois mala sorte, non lles toca hoxe.

Puido vir aquí e explicar e refutar as críticas políticas que faciamos da norma. Para empezar, en relación coa exclusión territorial, co feito de que haxa concellos que non teñen posibilidade de acceso porque non se está cumprindo coas normas de competencia en relación coas empresas que levan a fibra óptica, por exemplo. Puido dicir algo diso e non dixo nada.

En relación coa exclusión social púidose referir a ver de que maneira se podía incorporar o recoñecemento de novos dereitos, ou á facilidade para o cumprimento das novas obrigas, máis ben. E tampouco dixo nada.

E, despois, en relación coa exclusión por diversidade funcional agradézolle que recoñecese que, efectivamente, aí non se está cumprindo. Verémonos no debate de emendas parciais,





logo. Nós pensamos que era mellor que reformulasen todo, pero, se non é así, pois verémos nos nas parciais.

Di vostede que a oposición vén dos grupos da oposición pero no do persoal. Mire, podía vostede pasear polos xulgados de Galicia. No PP son moi dados a pasear, pero para recoller sentenzas condenatorias por corrupción. Podían pasear por outra razón diferente. Mire, por exemplo, para opinar o que pensa o persoal xudicial do papel cero, daquilo que supuña presuntamente acabar co papel na Administración de xustiza. Estase imprimindo máis papel ca nunca, ¡máis ca nunca! Entón pregúntese que norma está fallando ou que dotación orzamentaria está fallando para que o papel cero quedase en nada, quedase en imprimir máis papel ca nunca por parte da Administración.

Segundo, pasee polos xulgados e pregúntelles pola modernización da oficina xudicial e a modernización dos recursos tecnolóxicos para aplicar á nova oficina xudicial, e polas esperas interminables e as caídas frecuentes no servidor para realizar, por exemplo, as videoconferencias. Pasee e escoite.

En terceiro lugar, algo tan básico como o que fixo vostede aquí, que é desenvolverse en lingua galega, non o podería facer co programa Minerva. Vostede podería pedir que se tramitase todo en galego e sufrir un retraso de varios meses na notificación da resolución xudicial que lle afectase, porque non existe forma de tramitar con corrección e con normalidade en lingua galega. Polo tanto, se quere falar das queixas que ten o persoal pasee polos xulgados.

Tampouco fixo ningunha referencia á vulneración de datos sensibles. Houbo unha caída, houbo varias caídas do servidor durante o ano pasado, e non se establecen aquí medios para solucionar este tipo de caídas e fallos de seguridade. Mire, quedaron ao descuberto datos sensibles, queimáronse pisos de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero, puéronse ao descuberto segredos bancarios e segredos comerciais. E iso todo sen que se aproveitase esta ocasión para regulalo.

Di vostede que esta non é unha norma de inclusión dixital. Pois por iso mesmo pedimos tamén que se devolva, porque está atribuíndo novos deberes sen establecer tamén, correlativamente, normas de inclusión social para asegurar que eses deberes se poden cumprir con equidade e que a extensión dos dereitos é igual para toda a poboación e para todo o territorio. Por iso pedimos a retirada.

Si, é unha crítica política. Claro, non estamos conformes con que se faga así. Que a vostedes lles dá igual é algo que xa sabiamos. Pero podían, polo menos, ser algo máis prudentes.

Din que non fai falta isto porque xa hai outras normas previas. Hai outras normas previas pero esta adaptación introduce novos deberes e, polo tanto, debían de introducirse innovacións, tamén tecnolóxicas e de medios materiais e persoais, que tivesen unha dotación orzamentaria. Por iso non nos vale a dotación previa, porque se están atribuíndo novas obrigacións que deben de ir en paralelo con novos recursos materiais e persoais. Porque, se non, volvemos agrandar a fenda social e a fenda territorial.



A título de inventario, xa que vostede fai referencia ao tripartito, si, eu creo que os partidos que compoñemos aquí a bancada progresista podemos colaborar. E estamos colaborando facendo críticas que son complementarias e que buscan exclusivamente afondar na cohesión social, na cohesión territorial e en evitar a exclusión das persoas con diversidade funcional e a exclusión social. Creo que son críticas todas complementarias e das que vostedes podían tomar nota. Pero non, o único tripartito do que vostedes falan é dese «trifachito», primeiro en Andalucía e agora seguramente noutras comunidades autónomas e noutros concellos onde seguramente teñan outros valores esenciais: a corrupción, os recortes e o machismo, o caldo do novo fascismo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Peche polo Goberno, señor conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente, de novo.

Unha pequena intervención.

Efectivamente, coincido en que, escoitándoos a vostedes, a verdade é que o ton era verdadeiramente correcto e bo, a pesar das distintas alegrías. Porque escoitándoos parece que nas eleccións do domingo gañamos todos. É algo maravilloso. Pero, bueno, iso xa se sabía —singularmente o Partido Socialista—. Algo parecido pasou no ano 2015. E estamos no ano 2019, falando de temas desde o Parlamento de Galicia cunha composición política bastante máis distinta que aquela, que frotaban as mans tamén. Aínda que daquela frotaban máis algúns membros, dos que hoxe están no Grupo de En Marea. Entón, polo tanto, tranquilidade. E, como din os ingleses, *keep calm and carry on*. Sigamos un pouco para adiante e con calma, señor Bará. Tamén no ton, tamén no ton. Porque, escoitándoos, eu si creo que entón o campión do mundo a nivel local foi o Bloque Nacionalista, ¿non? Creo que non. Polo tanto, non me gusta dar leccións. Ás veces teño un toque profesoral pero non me gusta dar leccións.

Cando vostede, señor Bará, fai referencia ao paraíso dixital prometido para o 2020... No Consello da Xunta reunímonos —os xoves, normalmente, e mañá paréceme que é mércores—, e non hai tanto como se acaba de dicir, que xa está avanzada desde mediados de maio o que é a nova estratexia dixital ata o 2030. Se hai un sector dentro da Administración que traballa con criterios estratéxicos de planificación e de programación, incluso de indicadores, para ser criticados uns e para ser valorados outros, é o sector que en principio está a Amtega xerenciando. E marca un verdadeiro paradigma dentro da Administración autonómica, comparable con calquera de nivel nacional como creo que hai poucos.

E sobre ese tema tamén hai determinadas incoherencias que aquí sempre se din. Unha cuestión son as memorias económicas e outra cousa, efectivamente, cando se comproba que se hai algún sector da Administración co contrato programa aprobado onde hai fondos máis ou menos predeterminados, nunca asegurados —que iso se asegura coa lei de orzamentos de cada ano—, é no sector da Administración. Para iso tamén hai que ler os contratos pro-



grama. Polo tanto, iso do paraíso dixital prometido en todo no 2020... Con todos os meus respectos, acábolle de avanzar que aquí o que hai son bastantes gañas, polo menos, ata o 2030. Fíxese que o novo plan estratéxico irá ata o 2027 e aquí xa falamos do 2030. Estea tranquilo, señor Bará. Polo tanto, pouca propaganda.

Por outra parte non deixa de ser un certo nivel... E coincido co que acaba de dicir a señora Vázquez, porque verdadeiramente nalgunhas das cuestións mollares das que foron dicindo os tres grupos, se as sumamos entre todos respecto da Administración local... Vostede, no que son as administracións públicas locais, pedía unha lei que fora case obrigatoria para as administracións locais. O PSOE, *sensu contrario* —e aí coincido máis coa postura do PSOE—, di que unha cousa son as nosas competencias —entre elas tamén está a de fomento, a da inclusión, efectivamente, e todo o ámbito económico de carácter xeral, e agora tamén me referirei nun momento ao ecosistema TIC en Galicia—... Polo tanto, se sumo, nunha cuestión mollar como é a das administracións públicas en Galicia, o que foron dicindo vostedes, é un xogo de suma cero. Un xogo de suma cero quere dicir que, polo menos, temos un texto, que é o máis importante, para tratar de desenvolver na ponencia. Non neguen o valor da palabra, non neguen o valor do razoamento, non neguen que entre todos podemos mellorar o texto; un texto como poucos houbo nesta Cámara, moi poucos, no que unha cuestión fundamental, como é que a Comisión de Persoal da Administración-Xunta sexa capaz de chegar a esta Cámara con unanimidade. ¿É que tamén iso molesta? Por algo será. Non creo que todos os sindicatos teñan unha sensibilidade coincidente coa da Administración. ¡Por favor! Non creo que todo o sector TIC, no sector maioritario, teña unha coincidencia total e absoluta con esta Administración. O sector TIC, efectivamente, representa máis do 2,5 %. Efectivamente, máis de doce mil e algo de traballadores, e subindo, con factores de localización moi importantes en dous polos, como pode ser na Coruña e ata certo punto en Santiago. Oxalá máis tamén noutros polos de Galicia. Esa é a realidade. Si que coñecemos miles de empresas. Algo estaremos facendo ben cando a través da súa participación somos capaces de chegar a esta lei.

Si que creo, señor Villares, e agradezo moito o ton empregado e o dominio que desde o meu punto de vista tiña sobre esta materia, que hai unha incoherencia que eu detecto. Non se pode dicir, por unha parte, que a carencia forma parte da necesidade dunha lei e, por outra, no punto b) entrar a desgranar dunha maneira tan correcta, como foi desgranando, determinados puntos —e non coincido en moitos deles no enfoque que lles deu, pero perfectamente estruturados—. Porque entón está negando a maior. Basicamente vostede o que pedía nos oito puntos que foi desgranando é un desenvolvemento de carácter regulamentario —regulamentista e atado— que impediría o primeiro. Polo tanto, hai unha incoherencia na formulación que vostede plantexa, incoherencia que creo que entronca máis co que é o papel dun parlamento, que é, a través da ponencia, enriquecer un texto que xa vén suficientemente cribado no seu momento.

Por certo, señor Villoslada, non me collerá a min nesa trampa saducea do tema da pretendida incoherencia de non achegar ao CES no que pode ser esta lei. Xa está presupoñendo vostede o que van, no seu momento, resolver en determinadas cuestións, cando hai órganos da Administración, coa máxima transparencia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...que transmiten a súa opinión, que transmiten a súa opinión e queda por escrito. Pero hai outros que din o contrario. Ninguén ten a verdade, señor Villoslada, non vaia de campión pola vida, porque tal... A pesar de que teña o ton baixo, xa se fixa que eu tamén teño o ton moi baixo porque non van por aí os tiros.

Polo tanto, eu creo que hai unha fase de ponencia moi interesante se todos queremos traballar. E ben o merece...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...esta inclusión tanto para as persoas como para as empresas. Porque todos merecemos unha Administración pública autónoma en esencia cada vez mellor e máis sinxela. E, por outra parte, todo o sector se está dinamizando, como así se está corroborando na nosa economía. E, sen máis, o que desexo é que traballemos todos moito na ponencia para enriquecer este texto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora na atención primaria**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra dona Montserrat Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Hoxe o BNG trae aquí unha proposición de lei. Trouxemos outra similar hai un ano, pero xa que a situación da sanidade en xeral, e da atención primaria en particular, non mudou, e que as actuacións por parte do Goberno da Xunta do Partido Popular foron exclusivamente de cara á galería pero practicamente sen ningunha concreción, traemos— insisto— esta iniciativa.

Desde o ano 2009 a sanidade sufriu moi importantes recortes no seu orzamento, e en especial a atención primaria. Houbo un recorte acumulado de 2.194 millóns de euros nestes dez anos. E neste momento nos orzamentos para o ano 2019 hai 1.248 millóns de euros destinados á atención primaria, polo que segue a ser 188,7 millóns de euros inferior ao do ano 2009; é dicir, dez anos despois un orzamento claramente inferior.

E, evidentemente, este recorte brutal de orzamento ten consecuencias na calidade asistencial que está a recibir a poboación, que están a recibir os galegos e as galegas. E, evidentemente, ten consecuencias na dotación de recursos humanos, na dotación de materiais e na dotación de infraestruturas.



Hai escasos días, un xornal do noso país, en concreto *Faro de Vigo*, publicaba unha sondaxe, elaborada para o mesmo, na que se establecía que para os galegos e as galegas a sanidade é o segundo problema en nivel de importancia. Case un de cada cinco cidadáns mostraba a inquietude pola calidade dos servizos sanitarios, que pasa a situarse no segundo lugar. Hai cinco anos o segundo lugar na preocupación dos galegos e das galegas era a corrupción —grazas especialmente ao Partido Popular e aos seus múltiples casos de imputados por esta razón—. E resulta que agora esa praza de segunda preocupación dos galegos e das galegas pasa a ser a sanidade, tamén como consecuencia das políticas e da práctica do Partido Popular. Un alicerce básico como é a sanidade é motivo de amplísima preocupación para os galegos e as galegas. E, efectivamente, os efectos dos recortes practicados coa escusa da crise persisten, porque o obxectivo era que eses recortes tiveran consecuencias nunha deterioración da sanidade pública.

Insisto: 2.194 millóns de euros menos investidos nestes dez anos e 188,7 millóns no orzamento do 2019 con respecto ao ano 2009. A isto temos que engadir que o gasto per cápita en Galiza é de 1.380 euros, inferior á media do Estado, que está en 1.403 euros. E, ademais, isto é moito máis preocupante tendo en conta o envellecemento e a dispersión da poboación, as características propias que temos no noso país.

Se imos á atención primaria, temos que o 40 % dos cupos están masificados, con máis de 1.400 TIS por persoal facultativo, cando as sociedades de atención primaria establecen que deben ser como máximo 1.275 para garantir unha atención de calidade. Se imos a determinadas áreas, como pode ser o caso de Vigo, esta ratio multiplícase, chegando a haber profesionais que están por riba das 2.000 ou 2.500 tarxetas. Existen evidencias científicas que relacionan o número de facultativos por habitantes e unha mellor saúde, ou que existe unha relación directa entre estas dotacións de recursos humanos e os indicadores xerais de saúde.

Vemos como cada día nos centros de saúde do noso país pois se colgan carteis indicando que o seu médico titular, a súa médica titular, hoxe non pasa consulta, e que vaia vostede preguntar onde ten que ir ou que volva pedir cita porque hoxe non van poder atendelo. Iso está sendo unha constante, con listas de espera para que che dean cita dunha semana, de dez días, de quince días. É unha situación realmente preocupante.

Pero non soamente no que respecta ao persoal facultativo, que é un problema, evidentemente, senón que esta mesma situación se dá no resto de categorías profesionais da atención primaria. En enfermaría hai cupos de 4.000 doentes para atender, o dobre do recomendado. É evidente que isto impide que se poida levar a cabo un programa de atención aos crónicos, nin actividades de promoción da saúde; unha situación na que non hai carteira de servizos de enfermaría, non hai cadros suficientes de persoal para atender as necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida e con máis demanda de coidados. Encontrámonos con que en atención primaria hai un abandono do programa de atención á saúde das mulleres brutal, practicamente baixo mínimos. Non hai esa atención integral á muller ao longo de toda a súa vida. E as ratios, por exemplo, de matrona son claramente insuficientes.

Se imos ao persoal administrativo ou a celadores, hai centros onde non existe esa figura, ou outros nos que, cando falta alguén, se saca dun centro para outro. Hai persoal que se contrata





por media xornada, cando o titular fai unha xornada completa. Podemos falar de traballadores sociais, que é un persoal escasísimo en atención primaria. Podemos falar de fisioterapeutas, de odontólogos e odontólogas, de hixienistas dentais, no que tamén nos encontramos cunha dotación claramente insuficiente. Podemos falar, practicamente, tamén da inexistencia da atención á saúde mental en atención primaria, e as necesidades desta atención resólvense a través de medidas case en exclusiva farmacolóxicas ao non existir dotación de persoal.

Encontrámonos, polo tanto, con que a falta de persoal nos centros de saúde dificulta moito, por suposto, a atención xa da demanda habitual. E cando a demanda habitual non se pode atender ¿que podemos falar da atención á cronicidade, ás persoas con discapacidade ou da marxinación da saúde pública? A pesar de ser un instrumento para intervir sobre elementos determinantes da enfermidade, resulta que aí non hai capacidade de actuación por falta de persoal e de recursos para este fin.

Este é un panorama que levou á mobilización de profesionais nos seus diferentes ámbitos: os PAC, ambulancias, persoal facultativo...; é dicir, todo tipo de profesionais para defender e reivindicar dignidade para a atención primaria como porta de entrada ao sistema de saúde e onde se resolve unha parte importantísima dos problemas de saúde da poboación. Demandan orzamento, capacidade de planificación, máis persoal, acabar coa precariedade, solucionar os problemas de diferentes colectivos e tempo para dedicarlle ao persoal.

Isto non se soluciona con dispositivos tecnolóxicos como substitutos do persoal. Os dispositivos tecnolóxicos poden ser un complemento, pero necesítase persoal para que poidan ir tabulando e atender e revisar que parámetros trasladan eses dispositivos tecnolóxicos. Hai un nivel de sobrecarga e de frustración evidente entre os profesionais e un nivel de preocupación e de desatención na poboación, tamén en aumento.

Dende logo, no BNG consideramos imprescindible un cambio de rumbo na política sanitaria do Partido Popular, a empezar, evidentemente, pola atención primaria. Un cambio de rumbo que, dende logo, non se vai producir coa operación de investimento do déficit, esa operación fantasma, esa operación de propaganda que puxo en marcha o Partido Popular. Dende logo, a operación de investimento do superávit non vai solucionar os problemas de atención primaria porque, entre outras cousas, o investimento previsto por esta medida é pírrico, de dezaseis millóns de euros, e unha parte importante teñen a previsión de destinala a máis dispositivos tecnolóxicos e non ao que se está demandando, que é persoal. Evidentemente, nin ese plan de choque totalmente insuficiente vai solucionar os problemas da sanidade pública de Galiza.

Eses problemas non pasan por esa operación cosmética e de propaganda nin por esa sobreactuación de vir agora preocuparse e dicir que a solución pasa por ese pírrico investimento, ou por responsabilizar o Goberno central, que evidentemente si ten responsabilidades, a empezar, pola non-eliminación da taxa de reposición e por non dotar a Galiza do investimento que necesita para a sanidade pública. Pero, dito sexa de paso, é unha dotación insuficiente que o Partido Popular non cuestionou; non cuestionou cal é o nivel de financiamento de Galiza nos orzamentos que nos adxudica o Estado. Entón, non queremos cuestionar o





marco, non queremos cuestionar de que recursos dispoñemos e logo facemos estas operacións de investimento do superávit.

Por iso o BNG trae hoxe aquí esta proposición de lei, que propón un incremento inmediato dos recursos destinados á atención primaria, cunha modificación orzamentaria á alza —por suposto— de 273,3 millóns de euros para este ano 2019; un aumento do vinte e dous por cento do investimento para poñelo na media que tiña hai dez anos, ¡na media! Si, porque se temos cento oitenta e oito millóns de euros menos, dez anos despois suporase que debería ter, como mínimo, o de 2009 máis un aumento razoable.

A proposición de lei está baseada nunha serie de modificacións co obxectivo de acadar eses recursos destinados para un plan de mellora da atención primaria, pero para que se efective no momento. Porque esta baixada dos recursos de atención primaria nestes dez anos de desgobierno do Partido Popular, evidentemente, ten consecuencias. Propoñemos, polo tanto, ese incremento inmediato que signifique un punto de inflexión real; non de «imos facer, imos mirar, imos estudar, imos propoñer», senón real, efectivo e no inmediato, que poña freo a esa deterioración e inicie un proceso de recuperación e mellora.

Propoñemos unha modificación orzamentaria para o incremento destes recortes actuando en dúas direccións: primeiro, introducindo modificacións tributarias, e, logo, modificacións no estado de gastos dos orzamentos para o ano 2019. Coas modificacións tributarias prevemos uns cento oitenta e cinco millóns de euros e coas modificacións do estado de gastos, oitenta e oito millóns de euros, que dá ese total de douscentos setenta e tres millóns de euros.

¿Son modificacións posibles? Evidentemente que si. ¿Que fai falta para que se produzan e teñamos eses recursos para destinar á atención primaria? Vontade política, querer facelo; non estar nestas manobras de distracción nas que está o Partido Popular: que se o Estado non nos deixa, que se de aquí non podemos... É posible facelo, e nós, evidentemente, traemos aquí unha iniciativa que demostra que si é posible facelo. Trátase de establecer cales son as prioridades, e as prioridades son detraer recursos de quen máis ten e detraer recursos da actividade económica que debería estar pagando impostos moi por encima do que o está facendo para atender algo tan fundamental e esencial como é a sanidade pública do noso país.

Polo tanto, coa introdución de modificacións tributarias propoñemos a modificación do IRPF, de xeito que se introduza unha maior progresividade na escala na que temos competencias para facelo —na que ten competencias o Goberno galego—, coa que se obterían vinte e catro millóns de euros, e unha rebaixa nas rendas máis baixas e o aumento nas rendas máis altas. Progresividade, non ese paripé que se fixo co que parecía que había unha rebaixa, cando o que se fixo foi actuar naqueles tramos que practicamente estaban exentos e que xa non tiñan que tributar; esas manobras de distracción ás que nos teñen acostumados. Esta cuestión é perfectamente factible.

Outra actuación sería no imposto de patrimonio: establecemos o mínimo exento en trescentos mil euros en vez de en setecentos mil euros. Parécenos que un patrimonio de trescentos mil euros é suficiente para que a partir de aí se tribute en consecuencia, e de aí sacaríamos trinta e oito millóns de euros.



Logo tamén está a actuación na derogación da modificación do imposto de sucesións, que tamén aprobou o Partido Popular no ano 2015, e do que recadariamos corenta e cinco millóns de euros. Este imposto xa contaba con múltiples exencións, polo que a modificación do 2015 beneficiou, fundamentalmente, as rendas altas. O que propoñemos é a reversión desa modificación para que as rendas altas sigan pagando como o que son, rendas altas, para algo tan fundamental como é a atención sanitaria.

Creamos un imposto sobre as grandes superficies comerciais, que teñen impacto no ámbito social, no ámbito económico e no ámbito medioambiental. Dende logo, no BNG cremos que se lles debe poñer un imposto que reverta ou, cando menos, compense eses impactos, e dese impostos recadariamos trinta millóns de euros. Tamén un imposto medioambiental sobre a rede de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, do cal recadariamos un millón trescentos mil euros, e un imposto sobre as bebidas con exceso de azucre, un imposto que grave o consumo de bebidas azucradas polo nocivas que son para a saúde, co que acadariamos once millóns de euros.

Co cal, estas modificacións son posibles e son factibles. Insisto en que o que se necesita é vontade política para levalas a cabo e para facelo dun xeito inmediato. ¿Para que? Pois para a dotación de persoal —insisto— en todas as categorías...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...o incremento do números de profesionais para unha boa atención á sanidade pública en atención primaria...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...para poder facer —remato xa— substitucións que sexan precisas, mellorar equipamentos, permitir o acceso a probas diagnósticas e poñer en marcha un proceso de formación, tendo en conta que o cincuenta e tres por cento dos facultativos de atención primaria supera xa os cincuenta e cinco anos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado. Ten vostede despois outra quenda.

**A señora PRADO CORES:** Remato, presidente.

Parécennos medidas factibles e agardo o voto favorable dos grupos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.



Bo día a todos e todas, despois desta época complicada de traballo.

Ben, dende o noso grupo, evidentemente, queremos apoiar esta proposición de lei. Probablemente, se se tivese a ben tramitada e se considerase —cosa que previsiblemente vemos difícil, pero non perdemos a esperanza—, poderíamos de seguro ter algunha discrepancia sobre algunhas das cuestións que se plantexan, con algún matiz, pero en xeral cremos que a esencia do que plantexa é ben correcta.

Non é a primeira vez que se plantexa unha proposición de lei para modificar as partidas orzamentarias e adicar máis contía á atención primaria. O BNG xa o trouxo algunha vez e tamén os outros grupos; e o Grupo Socialista, de maneira nomeada a través dos orzamentos e no debate dos orzamentarios, tamén plantexamos algunha cuestión semellante.

Aproveitando esta proposición de lei, e a continuación teremos outra que propoñemos dende o noso grupo tamén, permítesenos dar un debate un pouco máis completo sobre a atención primaria, no que podemos debater, en termos diferenciados, algo sobre xestión e algo sobre medidas e planificación concreta en atención primaria. Nós —como dicimos— estamos a favor desta tramitación porque compartimos o fin, que é dotar de máis recursos a atención primaria.

¿Por que este apoio? En termos xerais, creo que é importante facer novamente unha recompilación da situación na que estamos: hoxe a atención primaria en Galicia ten cento oitenta e oito —case cento oitenta e nove— millóns de euros menos que hai dez anos. Normalmente, os gobernos tratan de ir incrementando orzamentos; crece o valor do diñeiro —por dicilo dunha maneira sinxela— e, normalmente, os orzamentos tenden a crecer, porque os prezos encarácese. Notoriamente en sanidade aquí tendemos a ir ao contrario cada vez que pasa un ano. Se un compara con hai dez anos, ve como hai case cento oitenta e nove millóns de euros menos.

Con cento oitenta e nove millóns de euros menos nun orzamento é difícil facer máis. Aos que non somos, ás veces, tan profundos —que nos chaman de todo dende algunhas bancadas e dende o Goberno— parécenos difícil asumir como con cento oitenta e nove millóns de euros se fan menos cousas. Algunhas das que se fan menos están nos orzamentos, que é o documento que define a política dun goberno: 1.249 prazas de profesionais menos en atención primaria; cento oitenta e nove millóns e 1.249 profesionais menos.

A verdade, despois deste dato que está nos orzamentos —non o inventa ninguén; está aí e apróbase—, é difícil soste —como se vén sostendo habitualmente— que a atención primaria vai —como se dixo hai pouco— mellor que nunca, no mellor momento da súa historia. E máis aínda cando, despois de rexeitar con certa soberbia e bastante narcisismo moitas das medidas que se veñen propoñendo polos grupos políticos, polos sindicatos, polos colectivos profesionais e polos usuarios, algunha vez aparecen algunhas medidas bastante notorias e grandilocuentes e anuncios estelares.

Por poñerlle nome: recentemente nos últimos días, coincidindo, casualmente, cunha campaña electoral —casualidades, ás veces pasa—, anunciáronse cen millóns de euros por parte



do presidente da Xunta para a atención primaria; un anuncio estelar, unha fantástica nova que a nós nos parece ben, insuficiente pero ben. Benvida sexa toda aportación. Pero detrás dela, e para non aplaudir excesivamente, cabería facer a reflexión que vimos de facer: cando un rebaixa douscentos e suma cen, aínda perde cen, o cal quere dicir que estamos celebrando perder cen millóns de euros en dez anos. Claro, é unha xestión notoria. Perder cen millóns de euros en dez anos está ben; é mellor perder cen que perder douscentos, pero seguimos perdendo. Seguimos tendo unha atención primaria minusvalorada, porque esa é a intención deste goberno. Ao final os gobernos poden falar o que queiran, pero decídense nos orzamentos. Douscentos millóns de euros menos, e agora increméntanse cen.

Pero, ademais, isto de subir e celebrar cando..., isto recórdame ao de Pablo Casado, que subía o salario mínimo a menos do que estaba. (*Aplausos.*) Era unha cousa un pouco tal. Agora subimos a atención primaria a menos do que estaba e celebramos; está ben.

Pero permítanme facer unhas pequenas apreciacións sobre isto, porque estamos debatendo a partida orzamentaria para a atención primaria ao fío desta lei. ¿Cantos debates sobre recursos económicos e humanos se teñen dado nesta cámara ou na Comisión de Sanidade nos últimos tempos? Prométoles que intentei buscar, pero é imposible. A verdade é que creo que, notoriamente, en todos os debates que temos nesta cámara falamos da necesaria dotación de recursos. E o Partido Popular estivo sempre en contra. Sempre, e —repito— con bastante soberbia e algún narcisismo. Sempre en contra.

Por poñer un exemplo: no último pleno— non hai que irse moi lonxe— debatemos sobre a necesidade de máis fisioterapeutas no sistema de saúde e propuxemos, dende o Grupo Socialista, unha interpelación na que debatíamos sobre esta necesidade. O conselleiro recoñeceu que farían falta máis —ben, non o recoñeceu directamente, porque non nos vai a dar a razón nunca— e anunciou máis fisioterapeutas. O día que traíamos unha interpelación —non motu proprio— anunciou que ía haber máis fisioterapeutas. ¡Ah, fantástico!, pode haber un acordo. Os socialistas traemos unha proposta de acordo numérica con cantos poderían ser, segundo a nosa proposta, para negociar, para falar e para poder acordar. Vótase en contra; estamos de acordo en que fan falta, pero votamos en contra de cantos. E automaticamente, menos de quince días despois, anúncianse cantos.

A cuestión é: ¿por que votar en contra de algo que un xa ten intención de facer? Probablemente por ese sectarismo habitual de non votar nada que veña da oposición, a ver se vai parecer que somos débiles. Miren: nós non queremos medallas; o importante é que se vaian ter máis fisioterapeutas. A ver se somos capaces de ter máis o ano seguinte.

Isto demostra esa certa soberbia: botamos en contra das cousas aínda que unha semana despois se vaian facer, non vaia parecer que estes da oposición saben algo, pensan algo ou incluso —e aínda que sexa ás veces sen querer— acerten. Sen querer, probablemente; xa sabemos que aquí a verdade sempre está do mesmo lado. Pero sen querer, ás veces, acertamos.

Sobre isto, no debate orzamentario sobre este incremento de orzamento na atención primaria propuxemos dende o noso grupo emendas parciais e, sobre todo nas transversais, va-



rios incrementos. Vostedes votaron absolutamente en contra, incluso dicindo que non sabiamos nada, que non tiñamos nin idea, que de onde se ían sacar eses cartos, que como podía ser, que están loucos vostedes incrementando o orzamento... ¡Por favor!

Falabamos de sesenta millóns de euros, ¡sesenta!; non tiñamos nin idea de nada —sesenta—. Chegou o señor presidente e anunciou cen; iso si, despois de votar en contra en Madrid. Ou sexa: pedíronos, aprobouse en Madrid co voto en contra do Partido Popular e agora suman cen despois de dicir que incrementar sesenta era unha loucura de papanatas intelectuais —como nos cualificaron—. Despois diso, incrementan cen; pero está ben. Preguntamos nós: ¿non era perceptible hai dous anos que facía falta persoal na sanidade? Porque levamos dous anos proponéndoo, como mínimo. ¿Non era perceptible hai dous anos? ¿Esperaron a agora? ¡Sentíronse obrigados! Non o fan porque queren, fano porque se senten obrigados.

Construción de centros de saúde: para persoal vai haber o dezasete por cento, pero vai haber moito para a construción de centros de saúde. Cada vez que vostedes din que queren mellorar a sanidade, os construtores frotan as mans; está ben, cincuenta millóns para obras. Hai pouco o presidente anunciou a contratación de novos centros de saúde, pouco despois anuncia isto —que parece que hai máis—, agora sobran centros de saúde; antes era fantástica a xestión e agora sobran centros de saúde, isto é marabilloso. ¿Non facían falta antes? Apareceron agora as necesidades; de repente déronse conta de que facían falta centros de saúde. Todas as demandas que se reclamaban antes non valían: Caldas, O Grove, Mariñamansa e O Vinteún en Ourense, Vilagarcía, Bouzas en Vigo... Eses non eran necesarios. ¿Van estar dentro das necesidades agora? Dígollo porque eu non sei se hai compañeiros que van de campións, pero en todos eses sitios nos que fan falta centros de saúde, vostedes, como moito, subcampións. (*Aplausos.*) ¡Como moito! E nalgún, medalla de bronce, que está ben. Dentro de pouco tamén celebraremos os diplomas olímpicos, que están ben.

A ver se vai ser necesario que teñan en conta que ás veces —ás veces, só ás veces— hai propostas que están ben. Vostedes discriminan todo o que dicimos, non vale para nada, non sabemos nada; xa podemos facer unha proposta que vostedes están considerando que é boa, que con tal de non recoñecela, dinnos que non. Todo o que di a oposición e todo o que di o Grupo Socialista moitas veces non vale para nada: ¡vostedes non saben! Dá igual que logo nos copien o modelo. Isto é como dicía Margaret Thatcher —citala é complicado—: «Se camiño polas augas do Támesese, os meus adversarios dirán que non sei nadar». Pois vostedes son iguais: dá igual o que fagamos, que van dicir que non sabemos nada; pois está ben. Agora estano facendo.

E, por último, sobre o dezasete por cento que van incrementar en persoal: nós defendemos, entre outras cousas, apoiar medidas como a que trae hoxe o BNG, ou como a que nós propoñemos habitualmente, de incrementar o persoal, pero moito máis que isto. Por certo, explíquenme unha cousa: agora presumen de que van incrementar un dezasete por cento o persoal, ¿cantas veces dixeron —presidente incluído e conselleiro incluído— que non hai médicos para contratar e que non hai enfermeiros para contratar? Dez por cada praza o 12 de maio nas oposicións. (*Aplausos.*) Non hai enfermeiros para contratar, non hai médicos para contratar, e agora incrementan o orzamento para contratar profesionais. ¿Que pasa? ¿Naceron agora, coa primavera? ¿Apareceron? ¿Florececeron?



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Remato xa.

Se agora hai máis partida para contratar, están convencidos de contratar, están demandando MIR despois de desprestixiar e perder cento cincuenta prazas e dotan de máis orzamentos é que estaban.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Se estaban, e estaban os centros de saúde necesarios, e estaban as necesidades, ¿por que non antes?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Nós imos apoiar esta iniciativa, que cremos que vai ao fundamental da cuestión.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** A ver se o Partido Popular entendeu a mensaxe e consegue apoiar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado. Rematou o seu tempo.

*(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Ben, como xa temos discutido en múltiples ocasións, fundamentalmente arredor do debate orzamentario, temos un problema que está relacionado non só cos recortes iniciais, senón coa permanencia dos recortes nos diferentes campos en materia de investimento en dereitos sociais.

Consideramos tamén no noso grupo que a sanidade foi practicamente a máis maltratada, xunto coas políticas sociais, de todas as consellerías e de todos aqueles elementos que defenden eses dereitos sociais a través de servizos públicos nunha primeira fase inicial, ao abeiro desa mal chamada crise económica —que xa temos discutido en múltiples ocasións—, con todos os recortes que xa todas e todos coñecemos, tanto no que ten que ver coas partidas do capítulo I, de Persoal, como naquelas orientadas á situación dos centros sanitarios en todo o Servizo Galego de Saúde, pero que fundamentalmente atacaron a situación da atención primaria.

Só hai que ver os datos sobre os recursos materiais do Servizo Galego de Saúde que publica o Instituto Galego de Estatística *(A señora Solla Fernández amósalles un gráfico aos membros da*





*Cámara.*) e como arredor dese recorte se deu unha diminución do número de centros de saúde, consultorios e todo tipo de elementos ambulatorios e de estruturas de atención primaria. Son os datos do Instituto Galego de Estatística, están publicados. De feito, na serie do último dato de 2017, se vostedes consultan a diferenza nunha década, é dunha perda de arredor de oitenta —algo menos— centros por toda Galicia. Iso tamén dá a medida da situación que temos en relación coa falta de equidade no acceso aos servizos públicos na zona rural e en moitos concellos que agora mesmo perden poboación, pero tamén en relación coa falta de servizos neses concellos e, por suposto —como xa se indicou aquí—, o que ten que ver con como afectaron eses recortes en materia de persoal.

Inicialmente déronse eses recortes, pero na segunda fase do último Goberno do señor Núñez Feijóo esa contención do gasto, que non tiña ningún tipo de xustificación —témolo debatido— en relación coa situación económica e coas previsións de incremento do PIB no noso país, fixo que se consolidaran os recortes, fundamentalmente en materia sanitaria, e que ante unha situación dunha poboación en Galicia absolutamente empobrecida, na que máis de seiscentas mil persoas están en risco de pobreza e exclusión, os recortes só perpetuaran esa falta de equidade e, polo tanto, esas dificultades de moitos homes e mulleres no noso país.

Ante esa situación, cando tivemos o debate orzamentario —e xa levamos anos propondo unhas medidas semellantes—, nós propuxemos algunhas medidas; este debate xa se deu. Hoxe trae o Bloque Nacionalista unha proposición de lei que practicamente traslada a súa emenda á totalidade a un texto de lei, neste caso. Xa tivemos este debate hai algúns meses, cando debatemos os orzamentos deste ano, nos que o noso grupo propuña varios elementos non só para o que ten que ver coa sanidade pública, senón para o resto de necesidades sociais de incremento de recursos, como: o incremento de recursos procedentes do Estado, é dicir, temos un problema co financiamento autonómico que hai que abordar non só na Comisión de Economía, senón que é un elemento que afecta de maneira transversal todos aqueles servizos que están transferidos, como é neste caso a sanidade pública; a necesidade de incremento da recadación a través de diferentes medidas fiscais —no enunciado coincidimos nalgúns—; unha redución deses beneficios fiscais actuando sobre as rendas e os patrimonios máis elevados, e unha loita contra a fraude fiscal, que tamén estaba contida na nosa proposta.

En concreto, varias das propostas en materia impositiva que xa debatemos naquela altura coinciden con algunhas que hoxe traslada o Bloque Nacionalista Galego, aínda que temos diverxencias en función do cálculo de cales van ser eses ingresos. Este debate xa o demos no seu momento e, ademais, son elementos que nós levamos moitos anos defendendo; eu, polo que me toca neste parlamento, dende que entramos nel como Alternativa Galega de Esquerda. Elementos como son os novos impostos relacionados coa auga encorada, coas grandes superficies ou coas bebidas con alto contido en azucres, que trasladamos aquí xa dende o primeiro exercicio, en 2013, e dos que, polo tanto, temos tamén calculadas unhas cifras concretas en canto á previsión de recadación. Eses elementos fan que coincidamos no xeral da proposta —aínda que temos certa diverxencia— e que vaíamos apoiar a súa tramitación, aínda que, certamente, consideramos que hai algúns elementos que producen algún tipo de dificultade.



Saben vostedes que esta proposta, que fala do incremento de gasto, ten algún problema, porque hai algúns ingresos que non se terían ou non serían efectivos ata dentro de dous anos. Hai varios impostos directos, como pode ser o incremento do que ten que ver co tramo do IRPF, que non se ingresarían no momento e que, polo tanto, non terían unha aplicación inmediata, algo que é absolutamente necesario ante a situación da sanidade pública. Con todo, imos apoiar a proposta.

Pero si que tamén é certo que faltan apenas catro meses para que esteamos nesta cámara debatendo un orzamento para, evidentemente, toda a comunidade autónoma, todos os servizos públicos e todas as necesidades deste país. Necesitamos dar un debate serio e un debate importante sobre as necesidades que ten, neste caso, o servizo público do Servizo Galego de Saúde e, en función desas necesidades, que estamos —efectivamente, como trasladaba tamén o voceiro do Partido Socialista de maneira continua— discutindo tanto na Comisión de Sanidade como neste pleno, temos que saber cantos ingresos necesitamos para poder financiarlas.

Nese sentido, é certo que o Goberno do Partido Popular non fixo os seus deberes, non só polos evidentes problemas que temos —evidentísimos— e por todos os conflitos dentro da sanidade pública, senón porque hai moitos elementos de carácter económico que, coas súas propias contas, poderían estar levando a cabo. Non hai que lembrar aquí —non é necesario— todas as advertencias que fai o Consello de Contas anualmente sobre as modificacións de crédito, que proporcionan unha imaxe bastante pobre de como se elabora o orzamento por parte da Consellería de Sanidade. Sen embargo, a estas alturas temos un fondo de continxencia que segue sen estar absolutamente investido; é dicir, que poderíamos, contra ese fondo de continxencia, utilizar parte desas partidas para financiar parte das necesidades e parte tamén —por certo— dos acordos aos que presuntamente se comprometeu a Consellería de Sanidade, e tamén adicar á sanidade os maiores ingresos sobre o estimado.

Xa denunciámos aquí e xa se trasladou tanto na Comisión de Economía como neste debate plenario que o cálculo por parte da Consellería de Economía dos ingresos que se ían ter era erróneo. Estamos tendo un incremento no primeiro trimestre deste ano superior ao 7,5 por cento dos ingresos previstos e, sen embargo, iso non se está investindo en algo tan necesario como é a sanidade pública. Evidentemente, a necesidade é —e sería posible— modificar as partidas orzamentarias —non se está a facer— de elementos que xa sabemos, a estas alturas do ano, que non se van gastar ou que non se van investir. En troques diso, o Partido Popular decide non abordar a problemática da sanidade pública e, polo tanto, deixar ao arbitrio —non sabemos de que— unhas necesidades que imos ter que volver debater dentro de catro meses neste pleno.

A nós gustaríanos que houbera esa posibilidade de falar —sobre todo agora que imos á conformación do Goberno— das necesidades do financiamento autonómico e tamén dos problemas que teñen as comunidades autónomas en relación con este elemento que é bastante básico e esencial para financiar elementos importantes como é a sanidade pública. Nese sentido, nós, a pesar de que —xa digo— temos certas dúbidas sobre a posibilidade de aplicar algúns elementos contidos nesta norma con inmediatez porque, efectivamente, non están previstos nos anticipos á conta, entendemos que é importante dar este debate.



Ademais, imos estar dando este debate dentro duns meses nesta cámara, e é relevantísima a necesidade de calcular de maneira efectiva todos eses recortes efectuados e amortizacións de prazas nos últimos anos para, claramente —tal e como piden os profesionais da sanidade—, ir prevendo a necesidade de incremento que devolva a sanidade pública á situación previa de hai dez anos e incluso para mellorar esa situación nos servizos que están máis carentes de persoal, que ademais están moi relacionados coas necesidades —creo que foi a voceira do BNG a que tamén fixo referencia— relacionadas co envellecemento da poboación; polo tanto, a necesidade de incremento de persoal nalgúns servizos, fundamentalmente na atención primaria, pero tamén noutros. Polo tanto, necesitaríase un debate serio sobre as necesidades de financiamento do sistema sanitario e, polo tanto, do incremento tamén dos ingresos e a que partidas van adicados, que é un elemento importante.

Nós xa fixemos —e remato xa— unha crítica no seu momento a esa publicidade que se fixo por parte da Xunta de Galicia en relación con esas modificacións ou arranxos en centros de saúde. Xa trasladamos que eran partidas absolutamente insignificantes que non suplían os recortes de anos. Xa digo, Instituto Galego de Estatística: arredor de oitenta centros de saúde menos nunha década; (*A señora Solla Fernández amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) pero, ademais, a deterioración importantísima doutros moitos e —fundamentalmente, o elemento central— os problemas de persoal que ten non só a atención primaria, senón a globalidade do Servizo Galego de Saúde e tamén o resto da Administración pública en cuestións básicas como son as políticas sociais. Polo tanto, necesitamos dar este debate.

Gustaríanos tamén que o Partido Popular admitise que eses recortes, no día de hoxe, o único que produciron foron máis problemas e un adelgazamento da Administración sanitaria.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** A evidencia témola nos debates sobre a escaseza da oferta pública de emprego.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bo días, señorías.

Señora Solla, pareceume entender —ao mellor escoitei eu mal— que había unha perda, segundo o Instituto de Estatística, de oitenta centros de saúde en Galicia. Non sei, a min iso en trescentos trece concellos fáiseme francamente difícil de entender; non sei se serán privados, se se contarán... Non sei de que ano a que ano é, pero gustaríame sabelo.

Ben, hoxe debatemos, señorías, dúas proposicións non de lei sobre a mellora da atención primaria: esta do Bloque Nacionalista Galego, en relación cun incremento do orzamento,



cunha modificación do orzamento, e posteriormente vaise debater unha do Grupo Socialista, que o que pide son modificacións legais.

Como sempre, os grupos da oposición comezan dando cifras de gasto en atención primaria, pero fano con trampa, nunca utilizan os datos desagregados. Porque miren: no ano 2009 o gasto en farmacia do Sergas era de 1.321 millóns e no ano 2016 era de 1.102 millóns; hai máis de douscentos millóns de euros menos de gasto farmacéutico por ano neses anos nos que se di que se recortou tanto. Basicamente, esa diminución vén da atención primaria, da receita de farmacia de atención primaria. Aquí aprobouse un catálogo priorizado de medicamentos, que foi recorrido polo Goberno Socialista diante do Tribunal Constitucional, e tamén medidas de incremento de consumo de xenéricos —de prescrición de xenéricos—, que fixeron que baixara moitísimo o gasto en farmacia de atención primaria. Efectivamente, reduciuse o salario dos funcionarios: aquela redución do ano 2010 entre o cinco e o sete por cento contribuíu a baixar o capítulo I. Posteriormente houbo outras medidas, como a conxelación de pagas extras ou a baixada de días, que tamén fixeron que baixara o orzamento no capítulo I. Esas medidas que se tomaron están recuperadas no día de hoxe.

Afirma o Bloque Nacionalista Galego na súa exposición de motivos que entre os anos 2017 e 2019 colapsaron os servizos de Urxencias en Galicia. É curioso, cando falamos aquí de saturación de Urxencias, hai unha ampla hemeroteca dos anos 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009 de «colapsos» de Urxencias, pero deses parecen olvidarse, soamente se acordan do ano 2017 e do ano 2019.

Agora piden unha modificación orzamentaria de douscentos trinta e tres millóns de euros para arranxar os problemas da atención primaria galega. Pretenden incrementar os profesionais para acabar coa masificación de cotas —iso parece razoable—, de tal xeito que cada facultativo teña mil duascenas cincuenta TIS como máximo, pero non explican de onde van sacar os médicos para ese incremento de profesionais nin tampouco para a cobertura do cen por cento das baixas, que tamén prometen na súa proposición de lei. Eu non sei se se pensa que iso é un problema exclusivamente de cartos ou de déficit de profesionais; eu creo que non. Aplicarían tamén este incremento para suprimir as limitacións de peticións de probas diagnósticas por parte dos facultativos de primaria. Coñecen perfectamente que a Consellería tomou medidas neste eido e ten aberta unha negociación cos colectivos e sindicatos que estudará no seo do Consello Técnico Asesor —recentemente constituído— estas e outras reivindicacións dos profesionais.

Isto, como sempre fai a esquerda, pretenden facelo subindo os impostos: o tramo autonómico do IRPF, o imposto de patrimonio ou o de sucesións e doazóns, cuxa supresión foi moi ben valorada por galegas e galegos. Tamén hai outros no paquete que serven para todo: superficies comerciais —vano pagar os ricos, evidentemente—, bebidas azucradas —tamén o van pagar os ricos evidentemente—, vivendas baleiras ou redes de alta tensión, que tamén o van pagar. (*Aplausos.*) O problema é que aquí tírase por elevación; é dicir, as cifras que proñen non as cre ninguén.

No debate de orzamentos o noso voceiro fixo ver a contradición entre os distintos grupos da oposición en materia de recadación pola modificación ou polo incremento dos impostos que



propoñen. Co imposto de bebidas azucradas o Bloque recada once millóns, imaxinen vostedes a cantidade de botellas de cola que vai ter que beber cada galego para chegar a iso, de bebés a diabéticos, pasando por todos os demais; sen embargo, En Marea calculaba que este imposto podería aportar medio millón de euros. En vivendas baleiras o Bloque fala de trinta e seis millóns, En Marea falaba de entre un millón e medio e dous millóns. En grandes superficies o Bloque fala de trinta millóns; En Marea, de catro e o Partido Socialista, de seis. Esas deben ser as discrepancias do señor Torrado con esta iniciativa. Non parecen moi serias as cifras, ¿verdade? Estamos acostumados a escoitar estas cousas de xeito constante neste hemiciclo.

Con todos estes cartos arranxaríanse os problemas da atención primaria, problemas que pasan fundamentalmente polo déficit de facultativos de Familia e Pediatría —hoxe vén unha carta nun periódico relacionada con isto—. Vostedes reclaman constantemente neste parlamento prazas nesas dúas especialidades e alentán tamén demandas cidadás no mesmo senso, pero nunca explican de onde sacarían os médicos para cubrir esas prazas novas ou ese cen por cento de substitucións ou de baixas. En Galicia hai máis traballadores sanitarios que nos anos 2008 e 2009: hai un sete por cento máis de médicos de familia, hai un seis por cento máis de enfermería e tamén hai máis pediatras. Hai máis gasto sanitario en Galicia no ano 2019 que no ano 2011: trescentos corenta e oito millóns de euros máis nun orzamento que é inferior en mil cento dez millóns de euros ao dese ano, unha porcentaxe do 40,5 por cento no ano 2019 con respecto ao 33,02 por cento dos anos 2008 e 2009. Por moito que digan, señorías, os datos están aí.

Aprobouse cun elevado grao de consenso un Plan galego de atención primaria, apoiado por moitos colectivos profesionais, asociacións de pacientes, sociedades científicas e tamén polos sindicatos, con duascenas accións, cun corenta por cento de medidas a curto prazo a aplicar nun prazo máximo de seis meses, cunha dotación económica de cento dous millóns de euros reais procedentes do superávit da comunidade autónoma, con investimentos en persoal —trescentas trinta e unha prazas—, en dotación de equipamento e mobiliario e na construción de novos centros de saúde; un plan serio, coherente e axeitado ás necesidades da atención primaria galega.

Pero miren: podemos falar de atención primaria e comunidades autónomas. Acaba de publicarse o informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública de abril deste mesmo ano, do ano 2019, que se titula *Repercusións da crise sobre a atención primaria. Evolución nas comunidades autónomas*. Sorprendentemente, na segunda páxina dese informe di: «A atención primaria está a vivir unha crise que vén de lonxe, pero que se agudizou neste último ano. Unha das súas orixes está no envellecemento dos profesionais que a puxeron en marcha hai corenta anos e a chegada maioritaria doutros novos, que non escolleron de xeito prioritario a atención primaria, senón que non puideron optar por outra especialidade, e que viven a súa práctica diaria cunha mestura de frustración e de intento de convertela noutra que responda mellor ás súas perspectivas». Eu non comparto isto. Isto dío a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, pero creo que hai que reflexionar.

Indo ás cifras do informe, miren: no ano 2016, doce das dezasete comunidades autónomas seguían a manter unha porcentaxe de gasto en atención primaria menor que no ano 2010; non parece un problema exclusivo de Galicia nin do Goberno galego. Galicia incrementou o





gasto sanitario por persoa en atención primaria entre o 2010 e o 2016 fronte a oito comunidades que non o fixeron. Di o informe que, analizando a influencia da cor política sobre a porcentaxe de gasto dedicado á atención primaria así como no gasto per cápita, non parece haber unha influencia determinante. E tampouco do nacionalismo, que resulta que os vascos gastan máis da media e os cataláns gastan menos da media; parece que se lles cae un pouco o mantra este da atención primaria e a dereita, non parece moi serio. Galicia é a terceira comunidade onde máis diminuíu a poboación entre os anos 2010 e 2017, que é un dato que valoran despois para as ratios.

Galicia ten a sexta cota máis baixa de TIS por médico de familia no ano 2017: 1.275. Ademais, ten a segunda taxa máis baixa de profesionais que superan as mil cincocentas TIS, a segunda máis baixa de España: un 19,32 fronte a unha media en España de 41,49. Curiosamente, a señora Prado dixo que en Vigo había moitos médicos de familia que tiñan máis de dúas mil ou dúas mil cincocentas TIS. Pois miren: a porcentaxe que dá a Federación é do 0,16 por cento, que multiplicado por dous mil cincocentos médicos de familia que hai aproximadamente, resulta unha cifra de catro; catro en toda Galicia. Esa é a multitude de médicos de Vigo que teñen máis de dúas mil ou inclusive dúas mil cincocentas. As cifras que se dan son sempre así dese estilo. No ano 2010 Galicia tiña un 26,16 por cento, e a media de España era de 45,11; estoume a referir á taxa de profesionais que excedían as mil cincocentas. En pediatría e primaria a situación é similar: Galicia está por debaixo da ratio media: é de mil dezaioito e en Galicia, de novecentos corenta e un.

Temos a porcentaxe máis alta de nenos atendidos por pediatras e non por médicos de familia; estamos por baixo, na media, da ratio de enfermería, e tamén moi por baixo na de auxiliares administrativos —vou rematando, presidente—. Si reflexa este informe a baixa valoración que os galegos e galegas facemos dos profesionais médicos en atención primaria. É sorprendente; eu creo que ten que ver coa exixencia que temos os galegos e galegas sempre con todas as cousas. Tamén en listas de agarda estamos en moi boas cifras.

En resumo, señorías, esta é a situación real da sanidade pública galega, avaliada por unha asociación que non ten ningunha sospeita de ser afín ao Partido Popular. Eu creo que hai que deixarse de lerias, que hai que traballar e axudar para mellorar a atención primaria de Galicia e demandar con nós ao Goberno central incrementar as acreditacións para a formación especializada, a homologación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...de profesionais estranxeiros —remato, presidente— e calquera outra que axude a paliar o déficit de profesionais.

Valoren positivamente o traballo feito polos profesionais na elaboración do Plan de atención primaria...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...e deixen de utilizar a sanidade e, nomeadamente, a primaria como ariete contra o Goberno do Partido Popular.





Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Rolda de réplica do grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** En primeiro lugar, quero agradecer a posición manifestada por En Marea e o Partido Socialista de apoiar esta iniciativa. Evidentemente, é a iniciativa do BNG e, polo tanto, responde á nosa proposta política e ideolóxica, que evidentemente non ten que ser coincidente coa doutras organizacións políticas. Pero entendo que, en todo caso, estamos de acordo co fondo da cuestión, que é que se realmente houberse vontade política e houberse a determinación de que se necesitan recursos para atender a sanidade, si é posible que eses recursos se poñan encima da mesa.

Eu non sei se o señor Núñez Centeno está moi preocupado por de onde imos quitar eses car-  
tos que dicimos. Porque igual os que vai aforrar o Partido Popular, xa que non vai facer a circunvalación de Carballo, igual os pode investir aquí. (*Aplausos.*) Igual os pode investir aquí, ¡digo eu! Porque esa é a política sectaria: é necesaria a circunvalación, os veciños demándana e o concello demándaa, pero só se fai se goberna o Partido Popular. Co cal, xa que actúan dese xeito sectario, poden investilos na sanidade pública.

Mire: ¿de onde vai quitar os médicos o BNG? Primeiro: se non hai médicos é porque o Partido Popular quixo que non houbera médicos, porque foron advertidos de cal era a situación, de que se ían xubilar, de que eran insuficientes e de que había que tomar medidas, e non quixeron, porque quixeron estar nesta situación. Pero, con todo, hai medidas a curto prazo e outras a medio e longo prazo para reverter esa situación: primeiro, facer forza real para eliminar a taxa de reposición; e segundo, unha política laboral decente.

Séguenlles demandando unha política laboral decente que non faga que a estas alturas siga habendo facultativos e facultativas que seguen marchando de Galiza porque é insufrible a situación laboral a que os ten sometidos o Partido Popular. Non queren traballar aquí porque non é posible. (*Aplausos.*) Se reverten esa situación indecente a nivel laboral, habería moitos profesionais que están traballando fóra que volverían. Decía Castelao que as sardiñas volverían se os políticos quixesen; pois os médicos tamén volverían se houberse políticas laborais decentes que permitan que non estean na situación na que teñen que desenvolver a súa actividade. Os facultativos séguenme dicindo que en Noruega teñen media hora para atender cada doente e que no Reino Unido teñen quince minutos, e que non volven porque aquí é insoportable. Entón, hai medidas que se poden poñer en marcha para os médicos.

Pero, en todo caso, eu díxenlle que na atención primaria non é un problema exclusivamente de falta de médicos, é un problema tamén do resto de categorías: matronas, enfermería, fisioterapeutas, asistentes sociais..., que axudarían moito a que a demanda na consulta fose outra se estivesen cubertas moitas das súas necesidades. E aí non hai problema de persoal, as listas de paro e de contratación están cheas de persoal; é unha decisión política de vostedes, do Partido Popular, que non queren contratar, que non queren quitar ofertas públicas de emprego decentes. Porque non me volvan dicir que se as trescentas prazas que acaban de convocar: primeiro, a de 2019, que sempre convocan a final de ano, adiantárona, e esas son



as de 2018, que non convocaran nin resolveran. É dicir, vostedes seguen xogando cos números en vez de poñer medidas reais encima da mesa.

Porque os problemas dos profesionais non se solucionan —como dixo hai uns poucos días o conselleiro— redistribuíndo o traballo, cambiando o traballo de sitio, sacándollelo a uns profesionais e colapsando outros, ¡non é a solución!; nin con plans de coordinación para ver como facemos. Non; soluciónanse con recursos: recursos de profesionais e recursos nos centros de saúde. E iso é o que vostedes non queren poñer encima da mesa.

Porque miren: o déficit entre 2009 e 2019 —dez anos despois— é de cento oitenta millóns de euros. Vostedes, na teoría —que logo xa veremos—, puxeron cen millóns de euros a tres anos, señor Núñez Centeno, ¡a tres anos!, que toca exactamente a trinta —trinta e pouco— millóns por ano. Se hai un déficit de cento oitenta e oito e dedican trinta e tres, segue habendo, como mínimo, un déficit de cento cincuenta millóns, ¡como mínimo! Cento cincuenta millóns con respecto a hai dez anos, que se facemos a aplicación da actualización do IPC quedamos a deber cartos. É que vostedes non aplican a máis mínima seriedade nas cousas.

O BNG con esta iniciativa demostra que, se hai vontade política, si se poden poñer cartos encima da mesa; non para solucionar no inmediato o problema da atención primaria, pero si nunha boa parte. Porque hai profesionais en practicamente todas as categorías para poder contratar e para poder quitar ofertas de emprego dignas que realmente solucionen o problema; o que non hai é esa vontade política.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** O Partido Popular segue con esa manobra de distracción, parecendo que fai cando non está facendo absolutamente nada.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** Ten entretida unha parte dos profesionais e da poboación en estudos e en faremos, miraremos e analizaremos. Non, habería que aplicalo no inmediato.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte debate.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no sistema público de saúde de Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Presenta a proposición de lei polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas de novo, presidente.



Como era natural, continuamos este debate sobre a atención primaria. Aínda sendo dúas proposicións de lei, ten todo o sentido que poidamos continuar o debate e intentar ser máis produtivos. Hai algunhas cuestións que se dixeron que, evidentemente, enlazan coa proposición que facemos. Vou tentar presentar a nosa proposición de lei, que vai non tanto ás medidas orzamentarias, como si ía a proposición do Bloque Nacionalista Galego, senón a algunhas medidas concretas, pero baseadas probablemente na mesma análise que fixen antes, como non podía ser doutra maneira.

Hai, en termos xerais, un rexeitamento ás políticas que levou a Xunta de Galicia en xeral e a Consellería de Sanidade nestes últimos anos, particularmente nos últimos anos. Isto dá orixe a moitas das cuestións que hoxe plasmamos nesta proposición de lei e a moitas que foron xa debatidas dunha ou outra forma neste parlamento. Cando dicimos que hai un rexeitamento global non o dicimos —vaime permitir o señor Núñez Centeno— con trampas. Trampa é citar os datos do 2019 e os do 2011 para rebater a comparativa de hai dez anos, porque os do 2011 xa foron orzamentos deste goberno. Polo tanto, se vostede está dicindo que agora estamos moito mellor, é que no 2011 estabamos peor, e xa era o seu goberno; era o Goberno de todos, pero era o goberno que vostede apoiaba. Polo tanto, para compararse consigo mesmo e dicir como melloramos aquel mal goberno do 2011, olvidouse de asumir que era seu. Polo tanto, imos non facer esas trampas e intentar rexeitar uns datos comparándoos con outros.

A realidade dos datos de atención primaria é esa: cento oitenta e nove millóns de euros menos e 1.249 profesionais menos. Trampa é dar datos da Consellería que ninguén sabe, que ninguén ten e que sempre negan. Porque xa me dirá de onde imos sacar mil quiñentos profesionais menos se os orzamentos din que hai practicamente o mesmo número pero para abaixo. Se hai mil douscentos cincuenta menos e vostedes din que temos mil quiñentos máis, a pregunta é: ¿de que viven?, ¿de onde cobran?, ¿quen lles paga? Porque nos orzamentos non están. Así que se vostedes inventaron a capacidade de pagarlles aos profesionais dunha maneira que non é nos orzamentos, cóntennolo, que está moi ben, é unha grande eficacia na xestión. Pero mentir é dicir que temos máis profesionais cando os orzamentos non o din; ou menten dicindo ou menten nos orzamentos. Elixan vostedes onde menten, pero menten nunha das dúas ocasións. (*Aplausos.*)

Sobre as medidas que plantexamos, é importante facer ese histórico, como plantexabamos hai un momento. Houbo nestes anos reclamacións, demandas, propostas, manifestacións, críticas..., demandas en xeral de vixiar a pirámide poboacional dos profesionais de sanidade, aumentar o número de recursos humanos e traballar sobre as prazas de difícil cobertura. Hai demandas sobre o problema das privatizacións do sistema sanitario; os profesionais demandan tempo en atención primaria, especialmente; os profesionais demandan non capacidades, que as teñen, senón poder desenvolvelas. Lembro o Real decreto de prescrición enfermeira, co que vostedes cercearon o traballo das enfermeiras, e o catálogo de probas diagnósticas que nos propoñemos nesta proposición de lei, que vostedes negaban ata hai uns intres. Minusvaloraron vostedes a atención primaria coa eliminación das xerencias.

Todo iso, entre outras moitas cousas, son elementos que estiveron no debate constantemente, e vostedes ningunearon dicindo que non tiñamos nin idea, ningunearon dicindo que



ninguén sabía nada, ningunearon os xefes de servizo de Vigo dimitidos —cun xerente da EOXI de Vigo que está tardando en estar fóra— pouco menos que dicíndolles que non tiñan nin idea e que eran *borreguitos* amansados dimitindo por intereses políticos. (*Aplausos.*) Esa é a súa política. Vostedes non só negaron, senón que discutiron e practicamente menosprezaron todo aquel que lles dicía que estaba en desacordo.

Vostedes, a partir de aí, podían tomar algunhas medidas; agora, aumento de recursos: non, mellora das condicións laborais: non. Están empezando a caer sentenzas xudiciais que din, entre outras cousas... Estou lembrado unha, recente, de profesionais que demandan o Sergas por saturación do seu traballo, cousa que levamos escoitando aquí non días nin meses, ¡anos! Está o Sergas tendo que pagar indemnizacións a profesionais que están demandando. Están vostedes obrigando os profesionais do sistema sanitario a ir aos xulgados reclamar aquilo que é obvio. Están vostedes preferindo ter que pagarlles indemnizacións aos profesionais que poñer máis profesionais. Se ata economicamente son absolutamente ineficientes, ¡absolutamente!

Estamos ante unha situación na que vostedes estiveron negando a maior, probablemente instalados na crenza de que eran tan bos que ningúen llelo podía discutir. A ver se este último mes serve, entre outras cousas, para que todos poidamos asumir que probablemente o outro tamén ten parte de razón, probablemente tamén; iso sería, polo menos, un grande avance. Vostedes negaron a capacidade de ter máis profesionais a partir da titulación dos MIR; cento cincuenta prazas de MIR que non solicitaron e que podían en dez anos. Vostedes negáronse a facer discriminacións positivas —como dicíamos— sobre prazas de difícil cobertura. Vostedes evitaron que novas especialidades entraran; lémbrolles que fixeron dous anos nada máis —en dez— convocatoria para fisioterapeutas, agora están facendo outra, e para iso, nun destes anos fixeron once para toda Galicia. Temos unha das peores ratios e vostedes negáronse a aumentar o volume de recursos humanos.

Señor Núñez Centeno, pregúntame e contéstolle: pregúntame de onde imos sacar os médicos cando propoñemos ter máis; é unha boa pregunta. Dende logo, non é unha resposta fácil, porque se fose unha resposta fácil todo o mundo a tería. A cuestión: ¿de onde imos sacar os médicos? Somos —por non falar unicamente de médicos— a terceira peor comunidade autónoma en ratio de médicos e médicas por habitante en toda España; datos do Consello Oficial de Colexios Médicos. E, xa que me citou vostede hoxe a prensa cunha carta que había, se segue continuando a prensa verá que hoxe tamén temos a nova dos profesionais de enfermería, que di que temos a terceira peor ratio en toda España. Se somos a terceira peor de médicos e médicas e de profesionais de enfermería, dígolle eu onde están os profesionais galegos: fóra de Galicia. (*Aplausos.*) ¿E sabe por que? Porque a contratación e a calidade laboral no Sergas é de auténtica explotación.

Temos unhas ratios de eventualidade que superan claramente o vinte por cento, e en moitas EOXI o vinte e cinco. Isto de que temos un cinco por cento de eventualidade... Pero se temos que cubrir máis de dous meses de baixas ou de substitucións, polo menos polas vacacións, ¿como imos ter un cinco por cento de profesionais eventuais? Non existe ningún sistema sanitario no mundo que teña un cinco por cento de profesionais eventuais nada máis; non existe, é imposible. Non fai falta prometer algo que é imposible incluso para os mellores sistemas.



Vostede, por certo, cita o sistema vasco: compartimos, é un bo sistema, cos seus erros, que eu creo que hai algunhas cousas nas que non o fan ben. E vostede dirame: non é problema da dereita. Non, se non é problema da dereita. Eu non comparto o modelo da dereita sobre a sanidade pública, pero quen nos dera en Galicia a dereita do PNV e non a do PP, ¡xa llo digo eu!; dende logo, a deste PP seguro.

Entón, sexamos quen de ser capaces de entender que o que antes criticaban, agora fano. Son capaces, polo tanto, de dicir onte unha cousa e hoxe outra. Son capaces de dicir que o que onte parecía unha trastada de papanatas intelectuais, hoxe apláudeno vostedes como se fose unha gran medida. Son capaces vostedes de dicir unha cousa e a contraria. Polo tanto, son pouco cribles, por iso son pouco cribles.

¿Que propoñemos nós nesta proposición de lei, polo tanto? Cousas que son posibles. Eran posibles cando as defendiamos antes, e agora que vostedes están dicindo que poden intentar estudalas, dicimos: é o momento de levalas a concreción. Porque prometer as cousas está ben, pero moito mellor é cumprilas, moitísimo mellor. Non se poden prometer infraestruturas en Carballo dependendo de quen gañe, non se pode. Non se poden prometer infraestruturas sanitarias dependendo de quen gañe, que o vivín tamén. Non se poden prometer aumentos ou melloras nos hospitais dependendo de quen gañe, non se pode; non vaia ser.

Nós propoñémoslles que, xa que están agora abertos a entender algunha cousa, vaíamos levalas á lei, porque é a mellor maneira de garantilas. Consultas máximas: defendemos — como defenden os profesionais— que hai que dar tempo para a calidade do traballo. Normativicemos esas ratios ou ese límite de TIS por profesional. Por certo, vostede debateu aquí coa portavoz do BNG sobre o número de profesionais que tiñan máis de dúas mil ou dúas mil quiñentas; vostede ofreceu uns datos que contradín os que di a señora Prado. A señora Prado deu un datos e vostede afirmou outros; a min gustaríame saber de onde saen. Se vostede é capaz de proporcionarnos de onde saen, eu direille que ten razón, pero é que nós pedimos os datos constantemente á Consellería e non nolos dan; pero está ben.

Nós propoñemos, sobre consultas máximas, tempos para evitar que teñamos que estar debatendo sobre números e ratios; fixemos normativamente os tempos. ¿Que quere dicir isto? Que teñamos unha normativa que diga canto é o máximo que poden ter os profesionais para cada unha das persoas que teñen, para evitar que teñamos sesenta ou setenta persoas atendidas unha mesma mañá. ¿Que é o que queredes dicir isto que normativizamos? Queredes dicir que, se hai profesionais que sistematicamente teñen máis pacientes ao día, estamos incumprindo a lei e, polo tanto, estamos obrigados a melloralo. Porque de nada serve unha vontade de mellorar algo se cando se incumpre non se mellora. Eu quero correr os cen metros lisos en dez segundos; agora, non vou baixar de cen quilos e non vou entrenar nunca, pero quero correlos. Non, non queres; dis que queres, pero non o fas. Pois nós non podemos estar dicindo que imos ter poucos pacientes por profesional pero, cando se incumpre, non facer nada; propoñemos levalo á lei.

Segundo: propoñemos normativizar o catálogo de probas diagnósticas e que o definan os profesionais, porque é unha decisión técnica que probablemente ten moita complexidade. Hai que ver cales son os instrumentos que temos e os medios que temos e definir cal é a ca-





pacidade, pero unha vez que se defina, que se normativice, porque é a mellor maneira de garantir que funciona governe quen governe e que funciona pase quen pase. Funciona e damos garantías aos profesionais de que van ter estabilidade, que é importante.

En terceiro lugar, normativicemos a presenza das xerencias de atención primaria. Vostedes anunciaron a bombo e platillo que iamos ter agora unha nova figura directiva sobre a atención primaria, pero non acabamos de saber se era director, xerente ou coordinador, se era de toda a atención primaria ou se só dos profesionais facultativos, se vai incluír enfermería, se ían ser dúas, se ían ser tres ou se ían ser dúas cunha coordinadora por enriba...; non acabamos de aclarar nada. Unha xerencia de atención primaria inserida dentro da atención das EOXI: iso é o que plantexamos nós; con capacidade directiva, con capacidade de xestión e con capacidade de dirección orzamentaria, iso é o que plantexamos.

Plantexamos, ademais, unha mellora no persoal, e aquí distribuimos en tres cuestións que cremos importantes. Primeiro: evidentemente, necesitamos —por fin o entenderon— un contrato, algunha estabilidade para aqueles profesionais que están cubrindo baixas e substitucións. Para eses profesionais que o están facendo de maneira bastante habitual necesitamos un contrato de continuidade. ¿Que ocorre? Que vostedes o están collendo pola parte máis baixa. Nós propoñemos que non poidan ter unha garantía dun a tres anos, que ao final se converte nun, senón que sexa de dous a tres anos, porque se ao final se converte en dous, dous aínda é algo máis de estabilidade.

Porque fíxese o que estamos discutindo: estamos discutindo que estabilidade é dar un contrato dun ano, cando o Sergas está perdendo sentenzas xudiciais porque ten profesionais contratados concatenando contratos durante anos en, evidentemente, postos que son estruturais, e contrátaos con contratos eventuais; o Sergas está perdendo xudicialmente esas demandas. Nós o que defendemos é: é obvio que existen moitos profesionais que están contratados eventualmente no sistema e que fan labores estruturais. ¿Que defendemos? Que non podemos valorar que o eventual se transforma en algo superestable cun ano. Non é decente. Polo tanto, deamos unha garantía, polo menos, de dous anos; polo menos, de dous anos. Se puidésemos esperar a que case a maior parte tivesen tres, mellor; pero, polo menos, de dous anos.

Ademais diso, ademais deses dous anos, estendelo ao ámbito hospitalario. ¿Por que só en atención primaria cando sabemos —e temos tido ese debate moitas veces— que hai especialidades nos hospitais que teñen un déficit de profesionais? ¿A que están esperando? ¿A ter unha manifestación, a que lle dimitan profesionais? ¿Vostedes van reaccionar só cando lle dimitan profesionais? ¿Temos ese problema no ámbito hospitalario? Concretemos contratos de continuidade no ámbito hospitalario. Concretemos contratos de continuidade para outras especialidades, non só para médicos e médicas, que sería razoable porque, se temos un déficit e para unha área ou para unha categoría definimos un tipo de contrato, ¿por que non outras se tamén teñen déficit? ¿ou é que son máis algo os médicos e as médicas que os enfermeiros e as enfermeiras? Son relevantes en igual medida, nas súas responsabilidades cada un, para o sistema e, polo tanto, ampliemos. E plantexamos unha mellora para os cadros de persoal dos PAC, para que non nos ocorra o que xa ocorreu, para que teñamos equipos completos e para normativizar con rango de lei cal é o volume de persoal que ten que





ter cada PAC, para que non pase nada se se incumpre —como se incumpriu, como se segue incumprindo e pasou o que pasou— e para iso queremos levalo á norma.

Nós defendemos todo iso e, ademais, defendemos —¡si!— un plan de contratación e de estabilidade: cinco mil prazas novas —¡novas!— para todo o sistema, que darían a capacidade de defender que todo isto é posible. ¿Temos orzamento para facelo? Temos; e agora incluso vostedes recoñecen que o temos. ¿Temos médicos, médicas, enfermeiros e enfermeiras e outros profesionais? Temos, porque están aí, porque fan as oposicións, porque están fóra de Galicia esperando que exista un sistema que lles dea algunha oportunidade —¡algunha!—. Non están demandando que lles firmen un contrato de por vida maravilloso e fantástico —claro que o desexarían—, pero están demandando, polo menos, unha certa estabilidade, unha capacidade de previr que van facer da súa vida, igual non cando teñan trinta, pero si cando teñan trinta e cinco, trinta e oito ou corenta anos. Non pode ser que esteamos condenando os profesionais,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** que os esteamos dando de alta duascenas veces ao ano —e non son números inventados—. Non é posible que os esteamos condenando a esa inestabilidade.

Iso é o que propoñemos, e cremos que a partir de aí podemos chegar a un acordo. Agradecemos o apoio por anticipado.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Debatiamos na lei que trouxo aquí a debate o Bloque Nacionalista Galego a situación dos recortes orzamentarios aplicados polo Partido Popular á sanidade pública do noso país.

Pero eses recortes orzamentarios que foi aplicando o Partido Popular, dende logo, non os fixo en solitario, ¿non? Foron paralelamente acompañados de modificacións lexislativas, dun xeito combinado, coa acción combinada de modificacións lexislativas, de recortes orzamentarios e de discurso de que era imprescindible nun contexto de crise ter que ir recortando a sanidade pública. Esa acción combinada para ir secundarizando a atención primaria, cunha perda da capacidade de decisión e do liderado, necesario tamén para ir ao modelo do Partido Popular de hospitalcentrismo, de concentración dos recursos sanitarios, é acorde cunha política de ir curar e non prever a enfermidade.

Encontrámonos cunha atención primaria afogada, colapsada e non resolutive, cunha fragmentación do sistema, cunha grandísima sobrecarga de funcións e de falta de tempo, cun



aumento, nalgunhas cuestións, de dispositivos electrónicos que, teoricamente, tiñan que ir na dirección de mellorar esa asistencia sanitaria, a historia clínica e a atención domiciliaria, mais logo non dotaron de profesionais nin de tempo os profesionais para que eses recursos puidesen, realmente, cumprir algún tipo de función que non fose colapsar, aínda máis, estes profesionais. Logo, temos un galimatías organizativo.

Hai un incremento da demanda asistencial polas razóns que xa temos analizado de aumento da cronicidade da idade da poboación. Con todo isto, ¿fíxose algo por ir dotando a atención primaria de recursos? Pois non. Aniquilouse o plan de mellora que estaba previsto e logo fíxéronse anecdóticos avances —como dicía— en accesos ás tecnoloxías diagnósticas, sen a dotación aos centros de saúde, cunhas infraestruturas construídas deterioradas, sen o mantemento preciso e sen a construción das necesarias.

O BNG vai apoiar esta proposición de lei que presenta hoxe aquí o Partido Socialista, se ben temos diferenzas en cuestións que contén, especialmente na cuestión que fai referencia á estrutura organizativa, que establece que a organización será en estruturas de xestión integrada, e, logo, que ten que existir unha xerencia xeral, uns órganos horizontais, uns órganos de dirección hospitalaria e unha xerencia de atención primaria. Mais non establece que a atención primaria teña que recuperar capacidade resolutiva e capacidade orzamentaria propia. Evidentemente, de admitirse a trámite —e imos votar a favor de que se admita a trámite—, o BNG, aí dende logo, iríamos a outra cuestión. Porque esa reforma lexislativa que fixo o Partido Popular, a empezar pola modificación da Lei de saúde do ano 2008, foi dirixida a consolidar ese cambio de modelo, a consolidar, precisamente, as EOXI e non a recuperar esa capacidade da atención primaria. Se entre os anos 2010 e 2013 se crearon as EOXI e se unificou a xestión dos recursos nesas sete estruturas, a reforma, logo, da Lei de saúde cambiou e incidiu nese cambio de modelo baseado na concentración, nun modelo sanitario centrado nos hospitais, e non nesa reversión na recuperación da atención primaria. Por iso é unha cuestión que, dende logo, ao BNG non nos parece menor: que a perda de poder da atención primaria fose asociada ás restricións de acceso a probas diagnósticas, ao incremento da burocracia e á imposición de restricións á hora de poder derivar. Co cal, parécenos ben que se intenten regular cales son esas posibles derivacións.

Igual que, evidentemente, as ratios son cuestións que vimos demandando insistentemente: establecemento dunhas ratios por poboación. Porque, dende logo, a atención primaria require a dotación de todas as prazas necesarias para que os profesionais poidan ofrecer unha atención primaria de calidade, sen profesionais non é posible esa asistencia de calidade, e unha análise das necesidades de recursos humanos. Levámolo demandando por activa e por pasiva: que se analice cal é esa necesidade de recursos humanos e que se clarifique cal é a situación real. E encontrámonos co voto continuo do Partido Popular en contra de que haxa mecanismos para que se saiba exactamente cal é a situación de todas as prazas; non se quere que haxa claridade a respecto de cales son as prazas e de cal é a situación. Iso permítelle vir aquí ao Partido Popular a dicir que hai máis profesionais que no ano 2009, cando non se sustenta en ningunha cuestión obxectiva que poidamos coñecer. Os datos, dende logo, que temos no BNG, sacados a respecto dos datos contidos nos orzamentos, son que a atención primaria ten arredor de mil catrocentas persoas menos que hai dez anos; pero o Partido Popular non quere establecer mecanismos de control para que se saiba en realidade cal é a situación do persoal.



Dende logo, a atención primaria ten que deixar de estar subordinada ás decisións hospitalarias e ten que ter capacidade para desenvolver eses proxectos dotándose de capacidade resolutive, de capacidade orzamentaria e de liderado da propia atención primaria, sen estar sometida ás decisións, nin secundarizada á atención hospitalaria. Dende logo, debe ter dirección médica, dirección de enfermaría e dirección de persoal de xestión e servizos. Debe ter esas tres direccións, pero con capacidade, tamén, de decisión, e concreción das ratios e das TIS de todos os profesionais —¡de todos os profesionais!—.

Facía referencia na defensa da proposición de lei do BNG a respecto de cal é a situación, por exemplo, de enfermaría: que non hai catálogos e que non hai esa vontade de saber realmente cales son as súas funcións e como debe estar distribuído o traballo; pero, igualmente, a respecto de enfermaría, de matronas, de fisioterapeutas, de persoal de servizos xerais, de celadores... que non están redimensionados, nin se sabe cales son as súas carteiras de servizo. E todas estas medidas son necesarias para acadar unha atención primaria onde os profesionais poidan traballar nunhas condicións necesarias e onde, fundamentalmente tamén, a poboación sexa atendida cuns estándares de calidade decentes.

Polo tanto —insisto—, imos votar a favor, pero, de ser admitida a trámite, introduciríamos modificacións en aspectos fundamentais, como no que dixen antes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Agradecemos ao Partido Socialista a posibilidade de tratar, unha vez máis, esta cuestión.

Nós imos votar a favor da tramitación desta proposición de lei. Temos tamén algunha dúbida, ou algunha discrepancia, con algún aspecto contido nesta proposta e gustaríanos poder debatela nunha ponencia na que realmente anticipásemos a necesidade de estar debatendo de maneira conxunta —valla a redundancia— sobre un elemento que non é circunstancial ao partido que governe en cada momento, senón que debería ser incluso un elemento estrutural de calidade democrática, porque se basea en dereitos absolutamente básicos de acceso ou de cumprimento do dereito á saúde, contido tamén nas normas e na propia Constitución. É un elemento que nos últimos dez anos —en contra do que se di aquí— se ten absolutamente non só golpeado por parte dos recortes producidos en materia de persoal e recursos, senón que en moitas ocasións —e a norma reflicte algúns elementos relacionados con este— en propostas a nivel administrativo se lle ten retirado unha parte importante da capacidade de autonomía do que ten que ver coa atención primaria, tanto administrativamente a propia atención primaria —e agora mesmo está falando a voceira do Bloque Nacionalista Galego en relación ao que ten que ver coas xerencias— como tamén coa autonomía dos propios profesionais dentro da atención primaria. Polo tanto, é un elemento importante recuperar esa capacidade. Certamente, destrúese moito máis fácil do que se constrúe e, polo



tanto, todas as propostas que facemos os grupos da oposición teñen unha temporalidade determinada e unha necesidade, tamén, de orzamento como vimos de ver aquí.

A min fascíname a capacidade de non sei xa se chamar faltar á verdade, mentir, ou inventar por parte do Grupo Parlamentario Popular, que din que non traemos ningún tipo de propostas: ¡se é que a maioría das propostas que se debaten na comisión 5ª son en materia de sanidade! Pasamos a lexislatura traendo propostas: para incrementar o persoal, de onde saen eses profesionais, para arranxar os centros de saúde, para atender as necesidades dos centros hospitalarios..., unha e outra vez, e neste pleno tamén. Se fixeramos un reconto do número de propostas en materia de sanidade neste pleno, creo que levarían a palma todas as propostas que traemos os grupos parlamentarios, e en moitas ocasións orzadas e explicadas. En materia de atención primaria, levamos anos explicando e traendo propostas de onde consideramos que deberían saír os profesionais de atención primaria, en pediatría, en medicina, en enfermería, en fisioterapia e noutras profesións que non están agora mesmo tidas en conta, como son a psicoloxía ou a terapia ocupacional.

Nese sentido, o único que houbo por parte do Partido Popular foron votos en contra e rexeitamento de todas as propostas traídas pola oposición, sen propoñer nada. Soamente a última hora se moveron vostedes un pouco porque o cúmulo de folgas e de propostas dos e das profesionais fixeron que perigase o seu resultado electoral, como vimos xa nestas últimas eleccións. Iso é o único que os motiva e por iso agora parece que están sentados. Sen embargo, van xa dous meses dende a comisión técnica e non hai nin unha soa medida que teñamos, ou que poidamos poñer por diante, que xa se estea implementando ou que se vaia implementar despois do verán, cando remate este prazo. Esa é a realidade.

Nós non somos moi fans, por dicilo dalgunha maneira, das normas, como cando se presentan aquí as leis de acompañamento, esas modificacións administrativas que modifican varias normas. Pero entendemos que a proposta do Partido Socialista intenta, unha vez máis, por algo distinto do que xa se ten comentado aquí. Porque unha e outra vez se vota en contra de todas as propostas que traen os grupos da oposición, sexan PNL, proposicións de lei ou calquera outro elemento que traíamos en materia propositiva.

En canto á modificación da Lei de garantías de prestacións sanitarias, nós estamos de acordo en fixar o número máximo de consultas que pode ter un profesional, non só en medicina. É certo que a maioría das indicacións desta proposta que trae o Partido Socialista van dedicadas aos profesionais de medicina, e temos moitos outros problemas tamén noutros profesionais. E van xa —insisto— dous meses dende que a Xunta dixo que ía poñer en marcha medidas para limitar a trinta o número máximo para esas consultas; e non sabemos absolutamente nada desa medida. E é un elemento que ademais non é recente, que os profesionais levan facendo campañas durante décadas para intentar trasladar que unha análise correcta, escoitar as persoas que acoden á consulta ou facer un diagnóstico co tempo necesario leva unha marxe que, evidentemente, non se pode atender cando non se cobren as baixas e as vacacións —e chámaselles autosubstitución ou intersubstitución— ou cando se amortizan prazas en atención primaria, como, efectivamente, evidencian os orzamentos da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade, que evidencian esa redución de persoal.



E xa sabemos agora de onde saca o xerente do Sergas ese número de profesionais —xa nolo dixo nunha comisión—: dunha foto fixa que, dende logo, non se corresponde coa realidade porque nela se suman —como xa trasladou tamén o conselleiro de Sanidade no pasado pleno— o persoal temporal, é dicir, os eventuais e o persoal interino e substituto. Polo tanto, non dá medida da temporalidade e da precariedade estrutural que ten este sistema.

En relación coa modificación da Lei da saúde para os órganos administrativos, nós nese sentido somos coñecedoras tamén da posición dos diferentes grupos nos debates previos nesta cámara. Entendemos que debería garantirse unha xerencia de atención primaria que tivese capacidade, realmente, de xestionar, é dicir, con autonomía administrativa, pero tamén con autonomía económica, é dicir, cunha capacidade de dispoñer —como se facía anteriormente— da planificación relacionada coas necesidades dentro do contorno das comunidades onde traballan os centros de saúde e non condicionada polas necesidades das xerencias hospitalarias. E nese elemento deberíamos, polo tanto, debater ou intentar concretar un pouco máis como se podería dar esa nova xerencia. Certamente, o Partido Popular non quixo asumir que tiña que emendar o erro de ter eliminado as xerencias de atención primaria, e agora quere chamarlles doutra maneira, pero sen asegurar a capacidade de autonomía das mesmas xerencias.

E o que ten que ver coa garantía de calidade asistencial: pois si, efectivamente, é necesario devolver ou facer un relatorio, unha relación do catálogo de probas diagnósticas —que xa se propuxo aquí nalgunha outra iniciativa—. Pero tamén a autonomía dos profesionais á hora de solicitar interconsultas e consultas con outros profesionais, non só de atención no que ten que ver cos centros de saúde, senón tamén deses centros de saúde con relación aos hospitais. Porque a realidade é que perden capacidade de autonomía e, polo tanto, pérdese capacidade de intervención nese sentido. E cremos que as propostas e as normas teñen que ir moito máis alá para recuperar a perda de autonomía duns profesionais que están tan ben formados como o resto de profesionais do Servizo Galego de Saúde. E, polo tanto, ese elemento é importante.

No que ten que ver coas contratacións, aquí temos discutido porque temos feito propostas en moitas ocasións —que ademais coincidían coas dos profesionais— da necesidade de establecer unha contratación que evite esa absoluta precariedade da temporalidade, de contratos diarios, en moitos elementos, fundamentalmente no que ten que ver cos profesionais de medicina en atención primaria. Sen embargo, preocúpanos porque a proposta non se concreta. O problema que ten a proposta que fixo tamén o Goberno, o Partido Popular, é que non resolve a situación de precariedade, senón que a incrementa. E neste sentido queremos lembrar a situación que teñen moitos profesionais. Porque o Partido Socialista propón que se fagan esas contratacións tamén para outras categorías profesionais. As vacantes, por exemplo, agora mesmo, ademais, duran o que duran porque cos concursos de traslados tenden a durar moito menos. Xa non se están asinando interinidades con relación a servizos. O problema é que as interinidades agora se están asinando con relación a todo o Servizo Galego de Saúde, e o que fan é un elemento que é absolutamente perverso, porque con ese tipo de contratos o que poden facer é mover os profesionais de unidade, tanto en atención hospitalaria como en atención primaria, en relación cos centros de saúde. É dicir, non se vincula unha praza a un profesional, a un centro ou a unha unidade, senón que o que se está facendo





na actualidade xa é vincularlos a todo o Sergas; de maneira que a precariedade é a mesma porque o persoal non sabe onde vai traballar en moitas ocasións ao día seguinte, cando son interinos e interinas. E esta é a situación que temos e, polo tanto, á hora de concretar elementos que falen de contratos temporais é necesario afinar un pouco máis porque o que se está facendo é, de maneira bastante perversa, utilizar esas propostas de contratación —tal se viu co contrato que propón a consellería, pero, incluso, tamén coas interinidades actuais— para fomentar aínda máis a precariedade que teñen os profesionais. Co cal, agora xa dá igual que leves cinco, un, dez ou quince anos traballando porque a precariedade é practicamente a mesma e, polo tanto, ese é un dos elementos que denuncian a miúdo os profesionais.

Non me dá tempo.

En canto á estrutura dos postos de traballo, entendemos que é necesario fixar ese mínimo necesario para os puntos de atención continuada. Seguen —por certo, mañá falaremos deste asunto, preguntárolle ao conselleiro de Sanidade— en loita precisamente contra esa precariedade; e tamén os mínimos, as ratios, non só para os profesionais de medicina que, evidentemente, nunca se cumpren as mil duascenas cincuenta TIS e, polo tanto, necesitamos centos de tarxetas, pero tamén co criterio da dispersión —xa o temos ditou noutras ocasións— e do envellecemento poboacional e da cronicidade. E, por suposto —e remato xa porque non me queda tempo—, eses informes que sempre se están solicitando en relación con esa precariedade, con esa eventualidade dentro do sistema público. Porque, realmente, temos unha situación que non é a que se traslada aquí: o corenta por cento de moitas categorías —no caso de enfermaría foi un elemento que denunciámos milleiros de persoas nesa última OPE— está en situación de eventualidade dentro do servizo público. E, polo tanto, esa situación hai que rematala máis que con contratacións con ofertas públicas de emprego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

A señora Prado tiña ganas de falar das eleccións de Carballo. Mire, señora Prado, eu xa... *(Murmurios.)* chamei o alcalde e feliciteino... *(Interrupcións.)* Mire, eu son demócrata e acepto os resultados, non como fan vostedes cando o Partido Popular gaña as eleccións autonómicas. *(Aplausos.)*

Ben, e quería falar da circunvalación. Supoño que a faría o Bloque Nacionalista Galego con esa emenda que presentou aos orzamentos, que facía cincuenta e sete infraestruturas con setenta e cinco millóns, que quitaba dunha transferencia á Axencia Galega de Infraestruturas. Dúas ou tres delas chegaban perfectamente para cubrir os setenta e cinco millóns, pero había que quedar ben, polo menos, cun cento de concellos. Ben, diso falamos.





Señor Torrado, o presidente dixo que se eu fose alcalde falaría comigo da autovía, pero iso non quita que se a súa candidata fose alcaldesa tamén falaría con ela da autovía. (*Murmurios.*) O que pasa é que non o é, tampouco o é, ¿vale? Ben, eu ofrecínme publicamente a acompañar o que fose alcalde a esa entrevista, non hai problema ningún, iso está na radio e está gravado, non hai problema ningún. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, imos falar de sanidade, porque xa pasaron as eleccións. Mire, señor Torrado, en atención primaria entre o ano 2008 e o ano 2019 hai unha diferenza de orzamento de cento vinte e oito millóns de euros; e do 2008 ao 2018, cento trinta e oito millóns de euros. Claro, poderíamos valorar o ano 2009, pero esquece vostede que era ano electoral. Claro, di vostede que o tema do superávit ten un anuncio antes das eleccións. Oia, se falamos dos venres sociais, non teríamos nada que dicir absolutamente, seguro que iso non era para nada electoral.

E falaba vostede de pouca credibilidade. Cando agora nese anuncio do gasto do superávit se fala de facer centros de saúde vostede fala de que é para as construtoras, despois de pedir en todas as comisións dous, tres, catro ou cincuenta centros de saúde. Dá igual, agora é para as construtoras. Iso é credibilidade. Está ben.

E con respecto á farmacia, entre o ano 2009 e o 2016 e os seguintes hai uns douscentos vinte millóns de euros menos por ano, que xustifican —como lle dicía— gran parte da baixada orzamentaria.

Pero vimos aquí falar da modificación das leis que vostede propón, da Lei de garantías e da Lei de saúde de Galicia. Con respecto á Lei de saúde de Galicia modifican vostedes artigos da antiga lei, ningún da modificación que se levou a cabo neste Parlamento.

Eu concordo coa súa exposición de motivos en que a atención primaria é o servizo sanitario máis próximo á cidadanía e tamén —aínda que non de todo— en que na maioría dos casos é o inicio do contacto máis directo do paciente co propio sistema. Creo que temos que avanzar en evitar esa atención en Urgencias sen pasar pola atención primaria, diante da capacidade resolutiva que ten esta.

E discrepo absolutamente de que sexan as supostas políticas de recortes dos gobernos centrais e galego —por suposto, do PP— os que xeren as dificultades polas que atravesamos a sanidade pública en Galicia e en España nos últimos anos, que, segundo vostede, veñen minorando a capacidade asistencial e dificultando o labor dos profesionais. Repito, os orzamentos do ano 2019, partindo dun decrecemento de mil cento dez millóns de euros con respecto ao ano 2008, teñen para a sanidade pública trescentos corenta e oito millóns de euros máis.

E o Programa de atención primaria pois, efectivamente, ten unha diminución superior a máis de cen millóns de euros entre os anos 2008 e 2019, que este ano se ve minorado un pouco pola incorporación do superávit. Pero —repito— sempre esquecen o aforro que se produciu no gasto de receita de farmacia e de receita de oficina de farmacia. Que vostedes, por certo, recorreron o decreto perante do Tribunal Constitucional.



Falamos xa antes tamén do gasto de persoal. No ano 2018 houbo trinta e tres millóns de euros máis en gastos de persoal que no ano 2008: recuperouse a carreira profesional, recuperáronse os días de libre disposición e outros dereitos que se perderan temporalmente. Pero, claro, sempre se esquece aquí de que goberno nos levou a esa situación, á situación de crise, aquel goberno de malgasto, de alegrías económicas e de Plan E: o Goberno socialista. E, como é habitual, tivo que vir o Partido Popular arranxar as desfeitas. Eu espero que polo ben da cidadanía vostedes reflexionen e nesta nova etapa de goberno que lles toca —repito, eu son demócrata— non repitan os erros do pasado.

E fala vostede na exposición de motivos da folga de atención primaria. Esa folga foi desconvocada despois da negociación co comité, cuestión que non semellou alegrar moito os grupos da oposición e que rematou cun paro dos facultativos de Vigo exclusivamente, con certa polémica con sindicatos, colectivos profesionais e asociacións.

Sabe vostede —xa o dixen antes— que vén de aprobarse un Plan galego de atención primaria, apoiado pola gran maioría dos colectivos profesionais con duascenas accións, das cales o corenta por cento serían para levar a cabo a curto prazo, en seis meses. Son medidas para reorganizar a atención primaria, cun incremento da estabilidade dos profesionais, desburocratizando o seu traballo diario e, ao mesmo tempo, incrementando a coordinación entre niveis asistenciais. Trescentas trinta e unha novas prazas contempla este plan: oitenta médicos de familia, vinte pediatras, dezasete novas prazas de MIR de familia e seis de pediatría, cento trinta enfermeiras, corenta de fisio, vinte de matrona e catorce de traballo social, entre outras. Acábase de constituír un comité técnico de atención primaria con cincuenta e cinco profesionais de recoñecido prestixio despois do compromiso adquirido pola Consellería cos sindicatos.

Eu espero, señor Torrado, que vostede e o seu grupo colaboren coa Consellería para que o Goberno de Madrid autorice por fin o incremento do número de prazas MIR, acreditando as novas unidades docentes dos hospitais galegos para acadar o máximo de prazas posible de familia e de pediatría, que son as especialidades, evidentemente, deficitarias na atención primaria de Galicia. O compromiso do Goberno é ofertar o cen por cen das prazas habilitadas.

O Plan galego de atención primaria contempla bastantes máis medidas e prazos máis curtos de aplicación có plan de Madrid, có plan do Goberno central, o plan do Ministerio. Por certo, do que dimitiron os coordinadores que o elaboraban, o doutor Martín Zurro e o doutor Segura, que teñen un prestixio importantísimo na medicina de familia. Non sabemos por que.

Di vostede que as medidas do Goberno galego van nunha liña errática, sen contar cun plan estratéxico global que sexa aceptado polos colectivos afectados. Creo que, despois do que pasou nestas últimas datas, iso é certo que xa non é así, ¿non?

Propón vostede modificar distintos artigos desas dúas leis, e pide un máximo de consultas por día, por médico de familia en primaria, que estaría contemplado na lei. ¿E vostede pode explicarme que faría cos enfermos que non fosen atendidos por encima dese máximo de consultas diarias, sen profesionais para atendelos? ¿Vostede mandaríaos a Urgencias do PAC,



a Urgencias do hospital ou mandaríaoos á privada? Mire, señor Torrado, eu traballo en primaria dende hai trinta e seis anos e pasei por moitas situacións de exceso e de déficit de profesionais; pero eu garántolle que a atención primaria é inmediatez, que non se poden demorar consultas en moitos casos, aínda que non sexan urxencias ou emerxencias dende o punto de vista clínico, pero si dende a óptica dos pacientes. Aprobar esa modificación legal nun prazo de seis meses sen posibilidade de cubrir novas prazas xeraría unhas listas de agarda interminables. O peor é que vostedes desexan esas listas de agarda interminables na súa estratexia de futuro, porque queixarse de que hai listas de agarda en primaria e despois tentar aprobar isto así, na situación actual de facultativos, parece francamente incongruente.

O catálogo de probas diagnósticas está en estudo e avanza moito no mesmo; nós non pensamos que teña que figurar nunha lei. Recupera noutro artigo as xerencias de xestión integrada para crear as xerencias ou recuperar as xerencias de primaria, cando sabe que xa hai unha dirección e que está aprobada a creación dunha dirección de primaria.

Por último, pretende incluír na lei un contrato para persoal estatutario temporal, un tipo de contrato de traballo incluído nunha lei para médicos de atención primaria, para médicos de hospital e para outras categorías; non parece encaixar de xeito moi sinxelo esta modificación no articulado na lei. Tamén pretende meter na lei as condicións ou os cadros dos traballadores dos PAC. A min dáme a sensación de que vostede quere quedar ben con algún que outro colectivo que está bastante reivindicativo nestas datas. Seis meses —nas transitorias— para unha e para outra: parécenos que non é fácil.

Pide despois, nunha transitoria, cinco mil novas prazas. ¿Onde está a taxa de reposición? Nos acordos do señor Sánchez con Podemos para os orzamentos non aparece para nada a taxa de reposición da sanidade, nin derroga nin modificala. E, con respecto ao obxectivo do cinco por cento para persoal eventual no ano 2022, está contemplado no acordo en Galicia para o ano 2020.

Mire: non estamos de acordo nin tramitaremos a súa proposición de lei. A nós non nos parece que veña resolver o problema fundamental da atención primaria no momento actual, que vén sendo ese déficit de facultativos de Familia.

Mire, o artigo ao que me refería asínano os membros de AGAMFEC —a directiva—, e di no primeiro parágrafo: «A crise sanitaria en atención primaria ten dúas causas fundamentais: o envellecemento da poboación e as xubilacións de persoal». Creo que é evidentemente claro.

Non sabemos nós con que colectivos consultou vostede esta proposición, cando a maioría deles e os seus propios sindicatos están a avanzar no desenvolvemento do Plan galego de primaria e nas dúascentas accións que propón.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señor Torrado.



**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, evidentemente, quero agradecer o apoio do BNG e de En Marea, con discrepancias seguramente nas concrecións dalgunhas cousas. Temos, seguramente, algunhas percepcións distintas, pero compartimos —polo que vimos comprobando habitualmente— a decisión ou a idea de debater e de avanzar. É certo que se apuntaba a modificación de varias leis, aínda que todas elas do eido sanitario, pero a intención é construír este pequeno avance, que parece que non terá o eco, porque o Partido Popular decide non apoiar.

Eu non quería entrar, pero vaimo permitir, señor Núñez Centeno. O certo é que eu mencionei Carballo, e está ben que vostede —e cónstame, ademais; paréceme un exemplo— recoñeza, evidentemente, os resultados, pero voulle facer unha puntualización: vostede di que está disposto e que se ofreceu a acompañar a quen gañase as eleccións á Consellería. As eleccións deste domingo tamén dixeron unha cousa: acabouse o tempo de que para falar cun conselleiro haxa que ir con alguén do Partido Popular. (*Aplausos.*) (*O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Acabouse! O que é sorprendente é que aínda tivera que acabar agora. Dicar que xa me ofrecín a ir... (*Murmurios.*) Imos deixar o tema, porque creo e estou seguro de que non era o que quería dicir, porque ademais coñezoo e sei que non ten ese modelo de funcionamento; estou convencido. (*Murmurios.*)

Hai algunhas cuestións que se plantexaron aquí sobre a proposta en si, pero que creo que ou non fun quen de explicar ou ben non se percibiron ben. No pouco tempo, que a maior parte do tempo dedicouse vostede a discutirme a exposición de motivos, que está ben, porque compartimos algunhas cousas e outras non.

Nos datos da ratio de médicos e médicas e de enfermeiros e enfermeiras por habitante, vostede ofréceme un dato dun informe dun colectivo; os datos que dou eu son do INE. Xa sei que o señor Feijóo di que non sabemos usar a web do INE, pero son do INE: terceira peor comunidade en ratio de persoal facultativo e de persoal de enfermería de España. O señor Feijóo di que non sabemos usar o INE; igual miramos mal as táboas, pero somos a terceira peor.

Os profesionais existen, pero están fóra de Galicia porque os tratamos mal, (*Aplausos.*) porque os condenamos a contratos eventuais. ¡E dino tamén os xulgados! Tamén o din os xulgados que están condenando a Xunta de Galicia e están facendo pagar indemnizacións por ter saturación no sistema e por ter contratos eventuais onde teñen que ter contratos estables.

Sobre os tempos, hai unha cousa curiosa: eu escoitei aquí constantemente negar que tivéramos habitualmente máis de cincuenta ou sesenta pacientes por profesional na atención primaria; aquí negouse de maneira sistemática, porque estabamos dando datos falsos e tal. Sen embargo, agora que propoñemos que a lei recolla topes, din que non é posible, porque se se recolle e hai que facelo en seis meses non dá tempo. ¿Como non vai dar tempo se non existían? Se non existían, dá tempo a facelos, e se non dá tempo a xestionalo ben, é que existían. Novamente, elixan se mentían antes ou menten agora, pero póñanse de acordo. Incluso ata para mentir hai que manter unha certa capacidade de coherencia no argumento.



Hai algunha cousa máis. Non é posible soste, se normativizamos un límite dunha ratio de consultas por día —que é o que propoñemos nós—, que que pasa coas excepcións, con aqueles que chegan de urxencia a atenderse pola mañá co seu médico de cabeceira. ¡Home!, non creo que o problema de saturación estea nesas excepcións. Dime que estamos nos trinta pacientes por médico habitualmente, pero que aqueles que teñen sesenta ou sesenta e cinco é porque son urxencias do día: non, non é certo. Podémolo facer fácil; é dicir, non fai falta ir un día, podemos ir dez días seguidos a dez centros de saúde distintos: imos, comprobamos todas as consultas e vemos se os que superan os trinta son por lista ou son porque chegan no momento. Se é porque chegan no momento non se preocupe: eu subo aquí e dígolle que ten toda a razón do mundo e que levamos moito tempo equivocados. Non é certo, non chegan de repente: pola mañá, o médico ou a médica, cando os recibe, ten listas de máis de corenta, de máis de cincuenta e de máis de sesenta. Polo tanto, non podemos estar dicindo isto, porque é así, porque funciona así.

A partir de aí, máis alá de dicir que estamos en vontade de ter menos de trinta ou, como tope, trinta pacientes por profesional, máis alá de dicilo, ¿que? Porque se non imos contratar máis especialistas —porque din que non hai—, se está todo ben e se non podemos normativizar en contra, ¿que? Porque a pregunta é: ¿que imos facer? Ademais de dicilo, ademais de contar que hai mil quíntos profesionais menos, que non os hai, porque se os hai non están pagándolles, porque non o din os orzamentos; ademais de dicilo, ¿que?

Eu non é que pretenda quedar ben, é que os profesionais dos PAC demandan que os atendan, porque os profesionais dos PAC teñen esas circunstancias que estamos relatando constantemente. E o que pasou pode volver pasar, porque están desatendendo os PAC e porque non hai profesionais.

Polo tanto, nós si propoñemos unha reforma da lei que pretenda aumentar o noso persoal e que nos evite pasar o feo de ter que estar recibindo sentenzas xudiciais, como recibe o Sergas, por incumprir contratos, por saturar profesionais ou por ter profesionais concatenando contratos de maneira eventual cando fan traballo estrutural. Todo iso é indecente e, por tanto, nós pedimos que se modifique a situación actual; pedímolo con esta proposta e con outras moitas.

A partir de aí, cremos que é o momento de empezar a mudar; a ver se se é capaz a partir deste momento e se o PP entendeu que é o momento de empezar a falar algo máis e de actuar con menos soberbia e cun pouco máis de eficiencia, porque se non, volveremos ter os mesmos problemas.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate sobre os textos lexislativos, procedemos á votación dos mesmos.



Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando os textos lexislativos.

Votación das emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.

Comezamos votando a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a emenda á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

*Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Rexeitadas as emendas á totalidade de devolución, este proxecto de lei continúa o trámite parlamentario.

Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.





*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora na atención primaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no sistema público de saúde de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Remataron as votacións.*

*Abran as portas, por favor.*

### ***Cambio no desenvolvemento da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** *Continuamos coa orde do día. Neste caso, houbo unha alteración; substanciamos agora as mocións, punto 3.*

*Neste caso, a primeira moción é do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela**

**O señor PRESIDENTE:** *Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Participar na planificación, programación e xestión das infraestruturas ferroviarias incorporadas na Rede do Estado que discorran polo territorio galego, a través dunha Comisión Bilateral de Cooperación entre a Comunidade Autónoma e o Estado.

2º. Proceder a un acordo co Goberno central para a posta en marcha de trens de proximidade, tal que podan ser operados dende a Comunidade Autónoma, logo no seu caso das transferencias oportunas.

3º. Demandar do Goberno central o traspaso de competencias sobre autorización de operadores ferroviarios no territorio de Galicia e asumir a competencia exclusiva na implantación de novas solucións non declaradas de interese xeral e que discorran integramente polo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

4º. Demandar do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se dá en función do lugar de residencia dos galegos e galegas, tal que implique un abaratamento das mesmas.

5º. Levar a cabo os estudos necesarios para defender as melloras dos servizos ferroviarios en Galicia, tal que se inclúan, entre outros:

a) a posible prolongación de liñas actuais

b) un estudo sobre a demanda para proceder a ampliación de servizos en diversas poboacións, de cara a ter unha base sólida para establecer a mellor explotación das infraestruturas viarias para o transporte de persoas pasaxeiros.

c) a implantación de novas frecuencias horarias.

6º. Remitir trimestralmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre as xestións realizadas respecto das cuestións contempladas neste acordo.»).

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día a todas e a todos.

No pleno anterior, desde o Bloque Nacionalista Galego traíamos a esta cámara un debate que nos parece absolutamente prioritario: a necesidade de poñer punto final á absoluta discriminación e estafa en materia de prezos e horarios que sofre de forma particular a cidade de Ourense a través da liña Avant que nos conecta con Santiago e coa Coruña, pero tamén a outras deficiencias dun sistema ferroviario que entendemos que obedece a un modelo centralista que ao longo dos últimos anos afastou a Galiza da modernización e da vertebración que precisaba o territorio, pensando única e exclusivamente en conectarnos coa Meseta.

Desta forma hai, no día de hoxe, uns servizos que son insuficientes e que conservan grandes deficiencias, o que demostra a discriminación nesta materia que sufriu o noso país cos di-



ferentes gobernos centrais, independentemente da súa cor. É unha discriminación que estivo tamén acrecentada por unha cuestión que é moi relevante, que é a falta de compromiso, a falta de iniciativa e a falta de peso político da Xunta de Galiza. Hai unhas semanas interpe- labamos por este motivo o Goberno galego; traíamos esta cuestión aquí ao debate, e a ver- dade é que a resposta por parte da conselleira foi lamentable. Veu responder un goberno galego nervioso ante a expectativa electoral, nervioso cos resultados das xerais, nervioso coas previsións das municipais e, ademais, cos deberes sen facer, porque ao longo deste úl- timo ano e medio non cumpriu cos mandatos deste parlamento. Tivo que falar mesmo do bus doutras cidades, porque non tiña moito que dicir do tren.

Na nosa moción, hoxe poñemos enriba da mesa propostas de actuación que nos parecen re- levantes para poñer fin a este abuso económico e á insuficiencia de servizo no caso de Ou- rense, pero tamén, por extensión, para o resto do territorio, como despois explicarei.

Centrándome nesta cuestión, en concreto, da liña Avant: é algo que nos parece grave, que afecta a milleiros de pasaxeiros e pasaxeiras e que ten unha solución, ademais, que hai que poñer enriba da mesa e que é política, de negociación política. Non estamos a falar de de- senvolver novas e custosas infraestruturas, senón dun acordo político simplemente para ter un tren digno a un prezo xusto.

Hai exactamente un ano e tres meses, nesta mesma Cámara aprobabamos por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego un acordo que tiña catro puntos básicos: exixir do Goberno central unha equiparación das tarifas e horarios ao longo do territorio, ampliar as frecuencias e ho- rarios desta liña en concreto, reformular os termos dos abonos de transporte e, por último, ampliar a frecuencia horaria que ten o tren que coñecemos todos e todas como «rexional».

Son catro puntos dos que moi, moi parcialmente, se cumpriu unicamente un e de maneira insuficiente. Desde o BNG fixemos seguimento desta cuestión, non só hai un par de sema- nas nesta mesma Cámara senón tamén a través da comisión parlamentaria correspondente. E o certo é que o balance que podemos facer máis dun ano despois é que non só non me- lloramos senón que a situación foi a peor. Entendemos que isto é algo que non nos podemos permitir. Cando chegamos a este acordo gobernaba en Madrid o Partido Popular, despois gobernou o Partido Socialista. Diferentes presidentes, diferentes gobernos, pero continua- mos sen avanzar.

Insistíamos daquela en tres problemas fundamentais: dunha banda os prezos, doutra as fre- cuencias e, por último, que o abandono do trazado vello era algo que non nos podíamos per- mitir porque as necesidades de conexión de poboacións que a día de hoxe están practicamente illadas eran moitas.

Estes son tres problemas que están vivos e, polo tanto, entendemos que esta moción debería suscitar o apoio da Cámara. En canto ao prezo, a discriminación continúa a ser evidente. Se no 2011, cando se abría esta liña, o prezo estaba nos 13,50 euros, no 2018, cando aprobamos a iniciativa á que eu facía referencia, está o prezo entre Ourense e Santiago en 16,60 euros. Isto era máis dun 60 % de media respecto de traxectos similares como o que hai entre A Co- ruña e Santiago ou Santiago e Vigo, que eran moi inferiores. O certo é que fomos a peor. A



día de hoxe, en maio de 2019, o traxecto entre Ourense e Santiago subiu de prezo, subiu un 1,10; e no resto, pola contra, subiu unha media duns 32 céntimos —entre Santiago e Vigo, 40, e entre Santiago e A Coruña, 25—. Isto parécenos directamente un pitorreo ao Bloque Nacionalista Galego.

Pero é que, por riba, Renfe conxelou o prezo do tren de cercanías naqueles sitios onde existe o tren de cercanías. A día de hoxe Galiza non ten un tren de proximidade por unha decisión política, e, polo tanto, esta é unha cuestión pola que o noso país tamén está discriminado.

E en canto aos abonos seguimos a dicir que a súa reformulación é insuficiente, porque se mantén o problema de fondo, que é que calquera persoa que adquira un bono ten moi pouco tempo para empregalo. Polo tanto, aínda que se incrementa o aforro, non se está a incrementar a utilidade, porque non hai marxe para que realmente a unha persoa que teña que vir estudar ou traballar menos tempo que os cinco días, de luns a venres, lle sexa rendible.

En resumidas contas, o resultado deste sistema, desta organización absolutamente irracional e na que Ourense se salva de casualidade porque está camiño da Meseta, é que temos un modelo que ten moitas cuestións negativas. A día de hoxe vemos como continuamos —insistía agora mesmo nisto— sen ter un tren de proximidade. E tamén Galiza e Ourense soportan que deputados e deputadas de todas as cores digan por riba que Galiza estivo sobrefinanciada polos custos do AVE, cando isto non se traduciu cun acompañamento en materia de mellora de cercanías. E tamén, por outra banda, vemos como outros territorios teñen iso que se denomina *AVE low coast*. É dicir, nós, neste momento, non temos nin AVE nin temos unha rede de cercanías nin temos un tren que teña un prezo lóxico no noso país; e, pola contra, hai outros territorios que, mentres, teñen un *AVE low coast*.

E, por último, tamén cabe sinalar —e tamén facemos mención a iso na nosa moción, nas propostas alternativas que presentamos— que é un problema o abandono da vía vella, un problema que se vai incrementar coa chegada da alta velocidade. Esa vía existe e hai que aproveitala para conectar as poboacións intermedias, porque, en lugar de gañar conexións, o certo é que na última década fomos perdéndoas —e temos exemplos cerca desta cidade, como A Bandeira, como O Irixe e demais—. Algúns perderon totalmente as conexións e outros conservan unhas que son absolutamente insuficientes.

Polo tanto, tendo en conta esta batería de cuestións que veño de sinalar, as nosas conclusións son lóxicas. É necesario tomar medidas, medidas que o BNG vai defender goberne quen goberne no Estado español. Primeiro, por xustiza social, por necesidade de equilibrio territorial. Estamos a falar de forma concreta da afectación que isto pode ter sobre a poboación de Ourense e estamos a falar dunha parte do noso país que sofre unha crise demográfica e poboacional aínda máis grave que o conxunto do noso país. Polo tanto, esta sería unha posibilidade para axudar a asentar poboación. Doutra banda, porque non debemos perder a perspectiva de que o tren é un servizo público; é un servizo público que, ademais, neste caso concreto é considerado, ten sido considerado, como obriga de servizo público e, polo tanto, recibido ingresos tamén por parte do Estado. Polo tanto, entendemos que temos que atender a que sexa realmente un servizo digno de tal nome e non unha cuestión accesorio, porque tamén as e os ourensáns, as e os galegos pagamos os nosos impostos.



E, por último, quería recordar tamén unha cuestión que nos parece moi relevante neste debate. Non estamos a falar de caridade, non estamos a falar dunha cuestión subsidiaria. Nós defendemos que, efectivamente, os servizos públicos hai que sostelos sexa ou non rendible en termos económicos, porque o é en termos sociais. Pero é que nesta cuestión, por riba, estamos a falar dunha liña que dá beneficios, moitos e crecentes. Aumentan os beneficios económicos, aumentan as e os viaxeiros e aumentan os títulos de transporte vendidos. Vendo a memoria máis recente de Renfe, do ano 2017, temos un aumento do 7,6 % dos viaxeiros e viaxeiras, temos un aumento dun 10,4 % en termos de millóns de euros de beneficio económico, que está xa no 6,36 % e temos, polo tanto, un panorama que nos devolve unha realidade que é incontestable: que Ourense e Galiza están absolutamente discriminados con esta cuestión e que a iso hai que darlle unha volta.

Polo tanto, o que propoñemos nesta moción é iso. En primeiro lugar, que se cumpra co demandado hai un ano e tres meses nesta Cámara, porque o Partido Popular relaxou a súa existencia cando aínda estaba no Goberno central, pero agora vemos que, aínda que chegue un goberno socialista, nin serve para que se presione por esa vía nin tampouco o Goberno da Xunta de Galiza parece disposto a facer valer esta cuestión, aínda que xa non governe un goberno amigo. E tamén nos parece que é o momento de recordar que xa existiron neste Parlamento acordos para demandar a transferencia das competencias en materia de tren interior. É unha exigencia que temos que ter como país, e, polo tanto, demandamos que isto sexa transferido cos recursos suficientes para poder ter unha compañía pública de tren de proximidade.

E, despois, insistimos nunha cuestión que nos parece fulcral, que é que este abaratamento da liña do Avant ten que ser como mínimo dun 30 % para que sexa rendible para a poboación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E, por último, entendemos que a Xunta de Galiza tamén ten capacidade de manobra e, polo tanto, debера tamén impulsar algún tipo de estudo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...para avaliar que uso lle debemos dar a esa vía vella.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, en primeiro lugar, permítame facer algunha referencia ás transferencias en materia de ferrocarril noutras comunidades autónomas, singularmente en Euskadi e Cata-



luña. No caso de Euskadi é certo que hai dúas liñas que foron recentemente transferidas, pero que o foron como consecuencia dunha sentenza do Tribunal Constitucional do ano 2016, que resolvía que dúas liñas que foran incluídas no Catálogo de liñas de tramos de rede de interese xeral correspondían á Comunidade Autónoma. Aínda así é un tema que non está pechado, e o Goberno de Euskadi segue reclamando a transferencia de once liñas máis. No caso de Cataluña —e vou xa rematar con esta pequena comparativa— é certo que desde o ano 2010 a Generalitat ten transferida a xestión —xestión, insisto— das chamadas «cercanías». Pero a dita transferencia non levou en ningún caso aparelada ningunha transferencia de trens nin de material rodante nin de estacións nin de talleres nin de infraestruturas viarias. Non convén confundir, evidentemente, isto cos ferrocarrís da Generalitat de Cataluña, que, como sabemos todos, corresponden máis ben ao que veñen sendo as liñas de metro e de tranvías.

Sobre o contido da súa moción, é certo, fíxose referencia a que o 7 de febreiro do ano 2018 este Pleno aprobou por unanimidade unha proposición non de lei que basicamente exixía ao Goberno central a equiparación das políticas e modalidades tarifarias, solicitar do Goberno central a ampliación de frecuencias horarias para mellorar a comunicación de Ourense con Santiago de Compostela e A Coruña, reformular os termos e as condicións dos bonos de transporte e ampliar a frecuencia horaria da liña rexional.

Eu creo que cabería formularnos a seguinte pregunta: ¿que fixo a Xunta de Galicia con respecto a esa proposición non de lei —se é que fixo algo—? Porque todos os que aquí estamos sabemos que as proposicións non de lei impulsan unha acción do Goberno. Claro que o Goberno pode non facer ningún caso desa proposición non de lei que se probe —aínda que sexa por unanimidade, como foi o caso no Parlamento de Galicia—.

Con respecto aos puntos da súa moción, o punto primeiro entendemos que necesitaría algunha aclaración. Porque ao noso entender non se sabe moi ben que é o que se está reclamando baixo a utilización da expresión «transferencia en materia de ferrocarril interior». É un termo un tanto ambiguo para definir o que se quere ou o que se pode abarcar exactamente. Se entendemos por tal a xestión do que se denomina «cercanías» ou «proximidade», tal e como parece deducirse da segunda parte, a nosa consideración podería ser favorable, tal e como xa quedou de manifesto nas numerosas e abundantes propostas aprobadas nese sentido nos últimos anos por esta mesma Cámara. E iso non significa necesariamente solicitar transferencias de infraestruturas, como falaba antes comparando co caso de Cataluña —é dicir, nin transferencia de vías nin de talleres nin de estacións—. Porque, evidentemente, iso debería ser compartido con outras liñas de longo percorrido. E tampouco tería sentido, entendemos, impedir que os chamados trens de longo percorrido, que entran ou saen de Galicia, gozasen dos seus propios mecanismos de xestión. Por iso, esa expresión de «trens de proximidade» pode parecer máis axeitada cara ao futuro, porque tampouco na actualidade parece congruente pedir unha transferencia de algo que non existe na realidade, á diferenza doutras comunidades autónomas.

Sobre o punto segundo da súa moción, que xa foi votado favorablemente como estaba na proposición non de lei, coidamos que facelo soamente para o transporte ferroviario Ourense-Santiago-A Coruña e non ter en conta o resto das liñas limita a acción desta moción, xa que





non recolle esa posibilidade para outras cidades. ¡Que lle vou dicir eu, vindo de Lugo, sobre o transporte ferroviario de persoas entre esa cidade e o resto de Galicia! ¡Que lle vou dicir eu! Ademais, vostede sábeo tamén perfectamente.

Con respecto ao punto 3 —vostede acábao de citar—, efectivamente, hai unha discriminación manifesta no que se refire ao custo do billete entre Ourense, Santiago e A Coruña. Por exemplo, o tren Avant entre Santiago e A Coruña ten neste momento unha tarifa de 7,60 —se non miramos mal, que creo que non—. E entre Santiago e Ourense, de 17,70. É unha diferenza absolutamente inasumible, e certamente inexplicable se non se trata dunha política que debe ser claramente corrixida. Polo tanto, estamos totalmente de acordo nesa existencia desa discriminación.

E o punto 4 da súa moción podería considerarse que pode ser abordado directamente pola Xunta de Galicia, xa que solicita realizar ese estudo; e, con base nese estudo, nas conclusións, realizar o informe, co cal podería ter maior fundamento a reclamación que se realiza na moción. Por iso, presentamos unha emenda de substitución —que vostede coñece e, evidentemente, non vou ler porque non teño tempo— que entendemos que supera ese marco no sentido ben entendido de que compartimos o fondo da súa moción pero que entendemos que debe ir máis alá e que se debe tratar dunha maneira máis global.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Vaia por diante que imos apoiar esta iniciativa, que nos parece moi beneficiosa por distintas cuestións. Por unha banda, busca garantir a cohesión territorial e social, e loitar contra esta discriminación que sofre Galicia —neste caso concreto a provincia de Ourense, máis concretamente Ourense—. Parécenos necesaria tamén para a loita contra o cambio climático, xa que a mobilidade é un campo de actuación fundamental para loitar contra o cambio climático, onde o transporte público fundamental é o ferrocarril. E é o mellor aliado para o transporte colectivo. E parécenos tamén estratéxica para a mellora da seguridade viaria, un problema que o Partido Popular conseguiu colocar outra vez no primeiro nivel de importancia despois de dez anos de descenso continuado das cifras de sinistralidade e mortalidade nas estradas. Grazas ao paso polo Goberno central e autonómico do Partido Popular volve ser un problema de primeiro nivel, incrementándose novamente e cambiando esa tendencia positiva.

Concordamos co positivo de ter as competencias para desenrolar un tren de proximidade en Galicia que sexa público e que remate con esa deriva dos sucesivos gobernos no Estado cara á privatización paulatina do servizo ferroviario, que está constantemente recortando persoal



e externalizando servizos, e mesmo a día de hoxe se van poñer en marcha liñas directamente levadas por operadores privados. Polo tanto, que sexa social, que teña os prezos accesibles e que busque a igualdade e a facilidade de acceso ao servizo para toda a cidadanía.

Tamén concordamos con defender o acordo parlamentario na conexión con Ourense para rachar con esta discriminación do servizo ferroviario de Ourense, no que é outro clásico tamén do Partido Popular, que é aprobar medidas e PNL neste Parlamento que lle poidan ser negativas e votar en contra diante dos procesos electorais, pero que despois as garda nun caixón e non as leva a cabo.

No eido do ferrocarril temos tamén o caso das frecuencias e horarios do eixo atlántico, aprobados tamén hai dous anos neste Parlamento, e ata o día de hoxe o Partido Popular e o Goberno da Xunta non fixeron absolutamente nada para avanzar nesta dirección. E tamén hai un caso moi concreto que demostra esta falta de compromiso do Partido Popular e deste goberno na loita contra o cambio climático e no avance das formas de mobilidade sostible que ten que ver cunha aprobación de hai máis dun ano de instalar un aparcadoiro de bicicletas neste Parlamento que custa 300 euros, e do que a día de hoxe aínda non sabemos absolutamente nada. Iso amosa a falta absoluta de compromiso deste goberno coa loita contra o cambio climático e pola mobilidade sustentable.

Concordamos tamén con rebaxar os prezos dos Avant, que xa está aprobado tamén neste Parlamento, e que é fundamental porque é unha discriminación que está totalmente inxustificada. Non hai ningún motivo para que haxa esta diferenza de prezos. Tamén concordamos con levar o servizo de Avant a Monforte e tamén con mellorar a vertebración desta zona, que é verdadeiramente deficiente. Concordamos tamén co estudo de ampliar o servizo en Ourense e en Compostela e de ampliar as paradas, e concordamos tamén coa necesidade de facelo noutros lugares. Pero entendemos que esta proposta é unha proposta moi concreta, que vai dirixida á zona de Ourense, e, polo tanto, concordamos con sacala a adiante.

Por último, concordamos tamén na petición de remitir trimestralmente ao Parlamento un informe dos avances, porque tamén sabemos que non se está facendo nada nestas cuestións e o Partido Popular di que si se está facendo. Vimos o mesmo que na Comisión da AP-9, que saíu o presidente a dicir que se puña en marcha unha comisión e que ao final era unha auténtica mentira, xa que non se reuniu absolutamente nunca, como xa demostrou a conselleira cada vez que se lle preguntou por esas reunións. Nunca puido responder o que se fixera respecto diso.

Detrás desta negativa do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galicia a traballar para mellorar o servizo ferroviario está detrás un proxecto político, un proxecto político que non loita contra o cambio climático, ao que lle dá absolutamente igual este problema de primeiro nivel que ten a nosa sociedade e que non fai nada para solventalo, e ao que lle dá absolutamente igual tamén o dereito á mobilidade. Está recollido na Constitución pero ao Partido Popular dálle absolutamente igual.

Polo tanto, nós imos apoiar esta iniciativa porque nós estamos a favor do progreso. Para nós o progreso é defender o dereito á mobilidade, defender a igualdade entre a cidadanía. E para



nós o progreso é loitar contra o cambio climático, porque, se non loitamos contra o cambio climático, non hai futuro e, polo tanto, non hai progreso.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Bos días.

Grazas, presidente.

Este será o único tema de debate sobre transportes que vén hoxe ao Pleno, porque o Grupo Socialista retirou a interpelación sobre o Plan de transportes, unha vez que se coñeceu que quedaba avalado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, como xa fixera na primeira fase o tribunal estatal. É claro que esta interpelación quedaba caducada, pero a verdade é que o interese que tiña o grupo xa se viu. Ao pleno pasado non veu, e tivemos que traer nós ese interese, porque o que de verdade interesa é debilitar o Goberno amplificando as demandas dos empresarios, que son lexítimas pola súa parte, pero partidarias. Nós preferimos seguir defendendo o interese xeral, e alegrámonos desta decisión do Tribunal Administrativo de Contratación Pública. *(Aplausos.)*

Por outra banda, o BNG trae hoxe, baixo o título da liña Ourense-Santiago-A Coruña, outras cousas. O que trae —a verdade é que non é novidade, é previsible e non é a primeira vez— son as transferencias. Creo que xa debatemos bastante sobre este tema neste Parlamento, e seguiremos. Teñen todo o dereito, e tamén temos nós todo o dereito de manter a postura e de manter a nosa posición.

Está claro que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dona Olalla xa sei que ten moito que dicir, pero, señor presidente, que este tempo se teña en conta.

É dicir, o que nos traen, ademais de pedir esas transferencias, é que asuma Galicia o déficit que estas liñas tamén teñen asumido. Polo tanto, ao final o que veñen pedir, como lle dixo o outro día a conselleira, é que os galegos perdan e o Estado gañe en termos económicos.

Podo dicirlle que estas liñas estaban presupostadas nos orzamentos xerais do Estado no ano 2018 en 60 millóns de euros, que é do que estamos falando, de 60 millóns de euros, porque, esas liñas deficitarias son, como ben dicía, unha obriga de servizo público para garantir non só estas liñas senón todas as paradas e os prezos razoables, que serían inviables se tivesen que pagarse co prezo dos billetes dos usuarios.

Falan vostedes, como digo, de capacidade decisoria respecto da política tarifaria. Pero podían aplicarse o conto e, onde gobernan, por exemplo en Pontevedra, permitir que os menores de 19 anos poidan ter tarifa gratuíta. Esa si que sería unha equiparación de tarifa, que os menores de 19 anos poidan tela gratuíta, como teñen noutras cidades.



Pero, miren, en xeral, ¿que fixeron os tres grupos? Tentar trasladar á Xunta competencias que son do Goberno central, do Estado. ¿Por que non se refiren ao Goberno central, socialista, que é o que ten que facer estas cousas que vostedes piden? Porque os ferrocarrís son competencias estatais. ¿Que pasa? Xa lles podo asegurar, ademais, que estas solicitudes foron trasladadas xa ao Goberno central, ao Goberno do Estado. Xa o fixo en varias ocasións por escrito a Consellería e o propio Goberno galego. Xa que está feito, o que queda agora é que o goberno socialista de Pedro Sánchez atenda a estes requirimentos que non só por carta, senón nas reunións que teñen, se fan reiteradamente. Entón, o problema non é do que demanda, o problema é do que non cumpre, que é Pedro Sánchez e o goberno socialista. Porque as demandas están feitas por Galicia, están aprobadas por unanimidade neste Parlamento, e están trasladadas ao Goberno central. O problema é que non as cumpre o Goberno central.

E se falamos, señores do PSOE —porque tamén na emenda falaban de «transferencias oportunas»—, empezemos falando da transferencia da AP-9. Aí temos un bo sinal de ata onde imos chegar.

En calquera caso, insisto en que son competencias estatais. Pedirlle á Xunta de Galicia que faga informes e estudos sobre servizos que son de competencia estatal sinceramente creo que é intentar desviar o foco, intentar botarlle a ela a culpa, como no caso do transporte. É intentar montar lío para esconder que, de verdade, o que temos detrás é que o goberno de Pedro Sánchez non cumpre con Galicia, que é outra das constantes deste goberno no ano que el leva aí.

En calquera caso, a Consellería sempre trasladou ao Goberno central a vontade, non só destes requirimentos, senón de axudar na medida do posible nas súas competencias. Cremos que xa está aprobada toda a parte da liña Ourense-Santiago-A Coruña, o único que queda é que cumpra o goberno de Pedro Sánchez. O problema non é da Xunta, é de quen ten que cumprir os requirimentos unánimes deste Parlamento. E tampouco nos parece axeitado que teñamos que pedirlle a unha administración que faga os informes doutra administración, como é o Ministerio de Fomento, que ten todas as competencias, que ten todos os medios para poder facer estes estudos.

Polo tanto, non poderemos apoiar esta moción. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, eu estou un pouco confusa, porque co mesmo texto o Partido Popular acúsame de ir demasiado a xeneralidades case independentistas. Menos mal que teñen votado en sucesivas ocasións a favor da transferencia das competencias. E o Partido Socialista di que o problema é que se concreta demasiado na cuestión de Ourense. En todo caso, agradecemos a vontade do Partido Socialista de intentar chegar a un diálogo. Esperamos que despois poidamos chegar a algún acordo.

Simplemente algún matiz, señor Álvarez. Para nós o debate non é como está a situación en Euskadi ou en Cataluña, senón como queremos que chegue a estar en Galiza. E nese sentido,



con independencia dos problemas que cada unha destas administracións poida ter, pois francamente desde o BNG envexamos que, por exemplo, Cataluña poida ter co Rodalies capacidade de decisión en horarios e tarifas, entre outras cuestións. E entendemos que esa é a vía cara á que camiñar: que Galiza teña capacidade de xestión e de decisión sobre aspectos fundamentais deste ámbito, independentemente da fortuna ou non da concreción e da explicación do texto da moción.

Co que non concordamos tanto é coa posición do Partido Popular. Apareceu o señor Pazos, digno herdeiro da doutrina da conselleira do outro día, falando máis da cuestión do transporte por bus e do transporte metropolitano da Xunta de Galiza que da cuestión que se vén a debater. E novamente demostrou que non tiña demasiado que dicir. Porque unha cousa son, señor deputado do Partido Popular, as competencias que ten actualmente a Xunta de Galiza e outra é a que nos gustaría que tivera. E unha terceira é a incompetencia que ten o Partido Popular á hora de defender os acordos deste Parlamento. Porque é que vostedes chegaron a este acordo porque se ve que, única e exclusivamente, vían que lles podía causar algún problema en Ourense, cando vostedes aínda estaban no Goberno central. E non fixeron nada máis que dirixirse formalmente ao Goberno central. Non fixeron nada máis, non fixeron valer o peso político da Xunta de Galiza, porque é tendente a peso pluma, a peso cero. Ese é o problema principal.

Desafortunadamente, e malia que noutras cuestións si o asumen como bandeira propia porque agora non gobernan vostedes, pois parecen resignados con esta cuestión. Parecen complacentes con que se manteña esa discriminación de prezos con Ourense, de forma particularmente sangrante.

Ademais, veñen aquí a mentir. Parece que non leron o texto da moción. Aquí non se pide asumir ningún déficit tarifario. Primeiro, porque non estamos a falar dunha liña que sexa deficitaria; e, segundo, porque, cando falamos de transferencias, falamos de transferencias cos recursos necesarios. Só faltaría facer eses tratos que fan vostedes, de que Galiza teña que asumir tarefas que non asume o Estado e por riba non ter o financiamento adecuado, cando nós si ingresamos ás arcas do Estado co noso sistema de financiamento. E, polo tanto, é absolutamente inexacto e falaz o que argumentaron, balóns fóra para non deixar entrever a cuestión fundamental, que é que vostedes teñen alerxia, primeiro, a que este país teña autonomía e soberanía sobre as cuestións que lle afectan, e, segundo, a que se poña fin a esta discriminación. Eu dígolles que, igual que debatemos 450 veces por semana sobre a AP-9, o BNG garantirá que tamén esta cuestión vaia estar enriba da mesa, porque é un problema fundamental para os galegos e galegas. E, se é competencia do Estado neste momento, a nós dános igual. A cuestión é buscar unha solución veña por onde veña. E seguiremolo poñendo enriba da mesa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Queda pendente unha transacción, ¿non?

Grazas.



**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural, arquitectónico e arqueolóxico**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 49830 [10/MOC-000145].*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto 5 co seguinte texto:*

*<<5. Solicitar un informe ao Consello da Cultura Galega sobre os efectos na protección do patrimonio cultural da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra a señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Bo día a todas e a todos.

Traemos outra vez como moción un trema transcendental e importantísimo para o noso patrimonio, para a nosa cultura. Dixemos xa na interpelación que os nosos cascos históricos estaban en perigo e que esta lei podería baleirar de contido o marco de intervención dos conxuntos históricos.

Permítanme seis consideracións previas.

Primeira, o patrimonio cultural é un dereito individual e colectivo fundamental, desde a concepción estratéxica para toda afirmación de conciencia e de identidade colectiva e da súa propiedade social e o seu usufruto. A restauración, rehabilitación e renovación teñen que ser coidadosas e respectuosas. Así é nas sociedades avanzadas e cultas que se preocupan pola súa historia, pola herdanza dos antergos, co fin de que a gocen as xeracións vindeiras. En segundo lugar, resultan moi preocupantes, moitísimo, os intentos de privatizar, comercializar libremente e desregularizar o control social do patrimonio cultural por parte de grandes intereses privados e de gobernos neoliberais, como o do Partido Popular. Nós reivindicamos e defendemos o incremento da titularidade pública, o acceso colectivo, o seu uso social e a pertenza do patrimonio cultural de Galiza. En cuarto lugar, a defensa e conservación do patrimonio cultural parte dun compromiso moral e ético de carácter altruísta en prol do ben común, e baseado no coñecemento dos propios bens aos que nos referimos. Quinto, a existencia de participación e control democráticos na defensa da xestión do patrimonio é unha necesidade básica de toda a colectividade. Trátase de evitar, en definitiva, intervencións falsificadoras agresivas ou destrutoras do patrimonio.

En segundo lugar, a nivel legal xa dixemos na interpelación que esta lei galega dos tres <<r>> contradí a Lei de patrimonio cultural, contradí a Lei de solo galega, contradí a propia Cons-





titución, contradí as directrices europeas, contradí moitísimos principios. E hai que lembrar que tamén contradí a Lei de patrimonio histórico español. Hai que lembrar que a dita lei, que é de 1985, pon énfase, no seu limiar, no protagonismo da cidadanía como verdadeira orixe e destinataria última da protección do patrimonio cultural. Isto parece congruente cos enunciados dos principios reitores formulados na Constitución e nos estatutos de autonomía en relación coa cultura, cos procesos que definen as normas de protección dos bens inmoables declarados BIC nas modalidades e conxuntos históricos, e con outros. E esta lei impón a aprobación dun plan especial de protección para os devanditos bens.

En primeiro lugar, con respecto ás leis hai que dicir tamén que no noso ordenamento hai principios reitores e dereitos que imponen —¡que imponen!— aos poderes públicos unha obriga concreta de facilitar o acceso á cultura e de garantir a conservación do patrimonio cultural. Ben, na definición, orixe e natureza das obrigas impostas aos poderes públicos é fundamental e transcendental que o cultural, como xénero, e o patrimonio cultural, como especie, teñen unha importancia ineludible para a cidadanía pola súa estreita ligazón, efectivamente, coa identidade cultural popular. Todo isto ten unha importancia e unha relevancia clave no marco dun Estado que se define como social e democrático de dereito. Impón necesariamente este enfoque social, dinámico e participativo da protección do patrimonio.

Ben, nesta liña, e analizando todas estas leis que vinculan e obrigan a Administración galega a legislar sen contradicir os principios básicos, non están ofrecendo bases nada satisfactorias. Parece moi grave, ademais, que nin no deseño nin no desenvolvemento da lei se teña en conta a centralidade da cidadanía e do valor e valoración social que presenta este patrimonio como elemento de identidade cultural. Como reflexión, esta lei debería impulsar un cambio de paradigma. Non está así contemplado. O patrimonio cultural, do que toda a cidadanía galega é en última instancia, xunto ás xeracións que aínda están por vir, lexítima propietaria, non é algo que se poida legislar á marxe, de costas ou en fronte aos intereses da colectividade.

Ben, a nosa premisa de partida, polo tanto, é que tanto os textos constitucionais como os outros referidos dan mandatos moi claros. Non son indicacións simplemente, son mandatos. Non é unha invitación, non é un convite, senón auténticos mandatos. E legislar en dirección contraria pode mesmo estar penalizado.

E nós xa trouxemos aquí varios aspectos clave que teñen que ver coa moción que presentamos. E, dende logo, a conselleira de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Vivenda non contestou ningunha das seis preguntas que lle formulamos. Realmente tampouco entendemos a inhibición da Consellería de Cultura, para nada. En fin, a conselleira de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Vivenda asegurou que a protección do patrimonio estaba garantida e que se ía planificar mediante calquera plan ou calquera outra ferramenta. Pero todas as leis, mesmo a Lei do solo, a Lei de patrimonio histórico, a propia Constitución e a Lei de patrimonio histórico de España, din clarisimamente que toda ferramenta pasa por un plan especial de ordenación. Estano saltando totalmente. E diante da pregunta de como pensaba garantir a protección —que non contestou— é interesante constatar que, cando unha lei se redacta dicindo que un plan especial non serve para nada, nada podemos esperar de que solucione, rexenere e que beneficie a Galicia.



A segunda pregunta era se non reparaba en que se podían perder valores. Hai moitos valores que entran en xogo nesta lei. O primeiro e o máis importante é o valor social. Tamén está o valor arqueolóxico, arquitectónico, histórico e mesmo o económico. Parece que ao Partido Popular o que lle interesa prioritariamente é o valor económico, sobre todo a rendibilidade que pode sacar deste valor. En fin, a lei galega elimina controis, controis de obras tanto no interior como no exterior dos inmobles. Isto é un erro absoluto porque reduce os estándares de protección establecidos —en concreto, polo artigo 19 da Lei LPHE—. Por iso podemos afirmar contundentemente que os nosos cascos históricos están en perigo e que poden baleirarse de contido os marcos de intervención dos conxuntos.

E estamos a sufrir importantes danos e a perder de xeito irrecuperable moita parte do noso patrimonio. Non todo é patrimonio pero temos un patrimonio riquísimo. E, en xeral, estase perdendo por causas de especulación urbanística, de construción incontrolada e de directrices de ordenación ambiguas. E tamén afirmabamos que hai contradicións e inseguridade xurídica, que está moi claramente definida no artigo 9.3 —que establece con claridade o principio da seguridade xurídica— da propia Constitución.

Tamén falabamos da posibilidade de incorrer nun suposto de espoliación. E estamos convencidas de que isto pode ser así ao non establecer criterios históricos e artísticos que fagan da acción administrativa unha acción de regulamentación moi clara. Entón a espoliación está aí.

En fin, para rematar, tamén falabamos da posibilidade de inconstitucionalidade. Por iso traemos aquí esta moción cos catro puntos que claramente están definidos e que todos vostedes puideron ler: garantir a protección e conservación, resolver as contradicións de inseguridade xurídica, non incorrer en supostos de espoliación e non incorrer en supostos de inconstitucionalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, concordamos coa exposición que acaba de facer a señora Cuña. De feito, xa advertimos e xa denunciámos tamén, ao longo de todo o proceso de tramitación da Lei de rehabilitación, a grave desprotección que supuña para o patrimonio cultural de Galiza. Defendemos, ademais, garantir esa protección a través das emendas que presentamos, e que foron rexeitadas polo Partido Popular. Introdúcense nesta lei —que xa está publicada e xa está en vigor— unha serie de modificacións que entran en conflito directamente, e mesmo contravén nalgúns casos, a lexislación que actualmente está en vigor no noso país, tanto a Lei de patrimonio cultural do 2016 como a Lei do solo.



Entre outras cuestións —por non ir moito ao detalle e ao concreto do articulado, porque xa foi obxecto de debate—, esa grave desprotección do patrimonio cultural que prevé e esa contradición que se establece coa lexislación vixente vémolas, por exemplo, coa privatización de espazos públicos, que se prevé na propia lexislación coa escusa, ou amparándose niso, de resolver necesidades de accesibilidade e de eficiencia enerxética —no artigo 13—. Iso entra en contradición co artigo 56 da Lei de patrimonio cultural de Galiza e tamén co previsto ou o recollido na Lei do solo. Ábrese a porta á alteración e á destrución do parcelario —algo que contravén tamén o artigo 56—. Créase inseguridade xurídica apelando a ter que aplicar de maneira exprés a lexislación con atallos normativos, como o artigo 40, no que ten que ver coas intervencións nos conxuntos históricos e ámbitos obxecto de planeamento de especial protección, que se supedita absolutamente a esta Lei de rehabilitación en contra do que dispoñen en moitos casos os plans xerais de ordenación municipal, o Plan básico autonómico, o planeamento de desenvolvemento e os catálogos aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei de rehabilitación —simplemente por poñer algúns exemplos desa contradición que vai en contra directamente do que está recollido na nosa lexislación, no marco xurídico galego, nomeadamente nesa Lei de patrimonio e na Lei do solo—.

Por iso nós, naquela altura, ademais das emendas que presentou o Bloque Nacionalista Galego, o que propuñamos era a escoita, a audiencia neste Parlamento durante o proceso de tramitación —como prevé ademais o propio Regulamento da Cámara—, entre outros axentes, entre outras institucións, da Dirección Xeral de Patrimonio —que non participou en absoluto a pesar dos enormes cambios que introduce a lei nese proceso de elaboración— ou do Consello da Cultura Galega; comparecencias que o Partido Popular vetou, en contra —insisto— do que prevé o Regulamento da Cámara, como esa audiencia a axentes afectados ou implicados nos propios textos normativos. E nese sentido vai un pouco tamén a emenda que hoxe presentamos, que entendemos tamén que é para complementar un pouco a parte resolutiva da moción que defende hoxe En Marea.

Nós o que propoñemos como engádega é que se solicite por parte da Xunta de Galiza un informe ao Consello da Cultura sobre os efectos que esta Lei de rehabilitación ten —ou podería ter— para o patrimonio cultural do noso país. E facémolo, ademais, apelando a que o Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria que ten entre as súas competencias a de asesorar, analizar e achegar propostas; sempre co obxectivo de garantir a salvagarda e a protección do patrimonio cultural, material ou inmaterial, do noso país. E non, porque o que puidemos escoitar —non sei se o lembrarán, porque xa pasaron varias semanas— foi a consideración que a conselleira de Medio Ambiente fixo do Consello da Cultura nesta Cámara, que pouco menos que o consideraba —con todo o respecto para as asociacións veciñais— unha asociación de veciños. Falamos dunha institución estatutaria, insisto. E nós entendemos que, xa que vetaron a participación e a comparecencia do Consello da Cultura durante o proceso de tramitación da lei, o mínimo —vendo as contradicións que hai no seu articulado coa lexislación actual e a desprotección na que se sitúa en boa medida o patrimonio cultural deste país— é que, polo menos, se lle dea audiencia agora e que se lle requira ese informe para ver cales van ser as consecuencias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señora Cuña, a verdade é que, lendo a súa iniciativa, nós non podemos máis que dicirlle que si. Se nos pregunta que se queremos que se garanta a protección e a conservación do patrimonio cultural, por suposto que lle diremos que si; se queremos que se resolvan as posibles contradicións e a inseguridade xurídica que puideran estar contidas nesta lei, nós tamén lle contestaremos que si; e se queremos que non se incorra en supostos de espoliación ou de inconstitucionalidade, por suposto que lle imos contestar que si, porque todas as súas propostas son, obviamente, desexables. E todas as súas propostas, ademais, coinciden con moitas das advertencias que desde este grupo xa temos manifestado, incluída esa da inexistencia dun informe por parte da Consellería de Cultura respecto desta lei.

É certo que houbo certas cuestións que durante a tramitación foron xa solventadas ou, cando menos, minimamente matizadas. Pero alertounos, é verdade, e séguenos a alertar aquel articulado que cremos que está suxeito a interpretacións por parte de técnicos e xuristas, que son os que van levar a cabo, á fin e ao cabo, esta lei. E preocúpanos porque son eses baleiros precisamente interpretativos, ou esa superposición de competencias legais, os que poden abrir precisamente as portas das decisións en contra do deber último que deba ter a Administración, que é o de velar pola conservación e protección última do patrimonio e tamén dos seus valores, como vostede manifestou. E, por desgracia, este carácter interpretativo da lei non é algo que nos deba sorprender tampouco como novo. Eu invítoos a que vexan, se non, as consultas que desde moitos concellos, por exemplo, se formulan ao propio Consello Consultivo sobre a interpretación de artigos de leis; por exemplo, como foi a da Lei do solo de Galicia. Por iso é tan importante aclarar a aplicación e os procedementos que conleva moito do articulado, para saber con exactitude as posibles consecuencias.

Nós tamén xa manifestamos as nosas reservas sobre o percorrido desta lei, e non cremos que a axilización dunha tramitación poida xustificarse mediante atallos que non están exentos de perigos. É máis, non se pode garantir protección daquilo do que nin tan sequera se ten constancia. E pónolle un exemplo que neste caso é transversal pero que penso que é un bo exemplo: os hórreos de Galicia previos ao ano 1901 son bens de interese cultural, polo que parece, ou parecera, que están plenamente protexidos. Pero non é certo, non é certo, porque de nada serve esta protección se non se inventarian e catalogan debidamente. E isto é algo gravísimo. E é gravísimo porque a día de hoxe hai en Galicia hórreos que son únicos, que son incluso o último exemplo dalgunha tipoloxía de hórreo, e que están descatalogados, dos que non se ten constancia documental. Polo tanto, de desaparecer non se vai acender ningunha alerta.

E, sendo esta unha competencia dos concellos, non se pode obviar a responsabilidade última que ten a Xunta de Galicia, que ten que velar polo cumprimento e a obriga de protexer o pa-



rimonio galego axudando, entre outras cousas, a impulsar eses catálogos. Polo tanto, as carencias da Lei de rehabilitación nacen xa das carencias e desleixos manifestados noutras leis, como a de protección do patrimonio.

¿A nosa sensación? Pois que a do patrimonio é unha lei que xa foi pantalla, unha lei pantalla que está tan só para aparentar o cumprimento dun mandato constitucional pero con pouco interese en garantilo. E esta Lei de rehabilitación ao que vén é precisamente a demostrar e incluso amplificar ese desleixo; por un lado, coa rebaixa nas limitacións para actuar nas edificacións con protección estrutural e ambiental, e, por outro, e tal vez moito máis grave, coa equiparación de actuacións posibles nun e noutro grao de protección. O que bota por terra —e sexamos claros— a utilidade mesma das proteccións de carácter estrutural. ¿Para que protexer o que logo se desprotexe sen ningún tipo de complexo?

E, se ese punto é inquietante, tamén o é o das competencias dos concellos para informar directamente as licenzas en actuacións que non afecten as fachadas de edificacións situadas en ámbitos de protección. É inquietante porque isto vai dificultar, entre outras cousas, detectar elementos susceptibles de seren protexidos. E póñolles tamén un exemplo. Cando antes se remitía unha solicitude de licenza dunha actuación interior nunha edificación situada nun ámbito, por exemplo, dunha ARI, esta ía ao Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia, que recibía información de toda esa edificación. Se durante a revisión se advertía un elemento singular que entendese a Administración que era merecedor dunha protección específica, comunicábao ao promotor ou promotora e á Administración local, e indicábanse as implicacións e restricións que conlevaba esta protección. Esta filtraxe era a que permitía protexer elementos singulares; por exemplo, como carpinterías interiores, como escaleiras singulares, solos de baldosas hidráulicas artesás, forxados, teitos, ¿danse conta?, todos elementos que é imposible apreciar ou valorar dende o exterior. E se as licenzas de elementos interiores se xestionan no propio concello pero co único fin de axilizar e de facilitar, a resposta téñena clara, e todo este patrimonio singular que non é visible perderase, o que será unha espoliación, esa si consentida e silenciosa, do noso patrimonio.

E isto lévanos á última das reflexións. Independentemente das administracións que informen un expediente que afecte nun ámbito dun conxunto ou ben protexido, debería realizarse sempre coas mesmas garantías, cos mesmos recursos e coas mesmas capacitacións. O patrimonio non pode ser unha moeda de cambio en mans de calquera, hai que garantir en todo momento a súa vixilancia e a capacidade de valoralo. E, para que isto poida darse, hai que dotar tamén os concellos do necesario persoal, dos necesarios recursos, para que poidan desenvolver as súas funcións en igualdade de condicións coas que xa se están dando na Administración autonómica. Por todo isto, e polo carácter garantista desta proposición, que consideramos obvio, o noso grupo vai apoiala sen reparo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Antón Vilasánchez.





**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Pois, escoitadas as tres intervencións de quen me precedeu na palabra, é evidente que hai un intento de confusión interesada ao vincular a Lei de rehabilitación coa desprotección do patrimonio.

Efectivamente, señora Cuña, esta é a terceira vez que vostede trae aquí unha iniciativa con esta base. Vostede parte de premisas falsas; polo tanto, chega a conclusións erróneas. E, froito dese erro, son os catro puntos que recolle hoxe a súa moción. É evidente que vostede non leu a exposición de motivos da lei, porque doutro xeito non se entende que persista no seu argumento, feito en altofalante polas compañeiras tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista.

Os obxectivos da lei son claros, están perfectamente definidos: conservar o rico patrimonio edificado, manter os seus usos característicos e a súa poboación tradicional e conseguir atraer a novas xeracións para que poidan asentarse nos espazos renovados.

A lei textualmente di: «Os conxuntos históricos deben desenvolver un papel activo como espazos que doten a cidade dun valor engadido, formando parte do conxunto da vida cidadá e repercutindo favorablemente no desenvolvemento global». E segue: «Coa implantación e pulo dos equipamentos culturais, coa dinamización da actividade comercial, coa preservación e mellora dos espazos públicos de calidade e coas axudas á rehabilitación edificatoria para acadar a mellora da habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas e edificios preténdese o mantemento da poboación tradicional fronte a posibles procesos de xentrificación».

Eu entendo que ningún dos grupos aquí representados está en contra destes principios. E ¡fíxese que casualidade, señora Cuña!, vostede, que tanto citou a Carta de Cracovia na súa intervención na interpelación ante a conselleira, que resulta que esta Carta de Cracovia incide en considerar sempre a cidade como un conxunto morfolóxico, funcional e estrutural, e que calquera proxecto de restauración debe conectar as cuestións patrimoniais cos aspectos económicos e sociais. ¡Vaia, señora Cuña, parece ser que esta lei si que concorda coa Carta de Cracovia! Pero é que tamén concorda coa Carta de Leipzig, coa Declaración de Marsella, coa Declaración de Toledo ou coa Estratexia 2020. Porque, señora Cuña, o Partido Popular é o garante da conservación do noso patrimonio por moito que a vostedes lles pese.

Esta lei entende a rehabilitación dun xeito integral porque nela se determinan instrumentos, se establecen mecanismos de coordinación entre administracións e cos particulares e tamén se establecen medidas socioeconómicas e culturais para conservar o patrimonio construído e devolverlle a súa funcionalidade. Pero vostede prefere falar de desprotección, vostedes prefiren falar de desprotección. A desprotección está no abandono, a desprotección está na farragosa e lenta tramitación administrativa. E tamén está na perda de recursos económicos, por exemplo das axudas do Plan de vivenda, como pasa na ARI do casco histórico de Santiago de Compostela grazas á nula xestión dos seus compañeiros de Compostela Aberta, que des-





mantelaron, por exemplo, a oficina OCiHR. Agora dálle o mesmo, evidentemente. Cando a árbore cae, todos fan leña dela.

A lei é clara, non crea inseguridade xurídica nin contradí a Lei de patrimonio cultural nin todas esas que nomeou. ¿Ou cre vostede que os servizos xurídicos da Xunta de Galicia son uns ineptos? Porque é evidente que todas as leis ou todas as iniciativas normativas teñen un filtro dos servizos xurídicos. Polo menos, na Xunta de Galicia actual si.

Vostede falta á verdade. Primeiro porque a propia Lei de rehabilitación non só mantén senón que potencia a figura dos plans especiais de protección. E claro que sería desexable que todos os bens que están dentro do Catálogo do patrimonio cultural tivesen xa un plan de protección, claro que sería necesario. Vostede tamén falta á verdade porque di que as actuacións que prevé a Lei de rehabilitación van en contra da Lei de patrimonio cultural. E non é certo. Esas actuacións axústanse perfectamente ao artigo 42.s).20. A señora Pierres poñía o exemplo da previsión de licenzas directas por parte do concello. Xa existe hoxe en día. O Concello de Santiago fai licenzas directas no casco histórico porque hai unha comisión onde participa a Xunta e expertos de recoñecido prestixio. Ou ¿que pasa? ¿Están insinuando vostedes que os técnicos municipais non deberían ou non saben interpretar e aplicar a lei, esta e calquera? ¿Están vostedes insinuando que non hai sensibilidade patrimonial nos concellos? ¿Están insinuando que os concellos miran cara a outro lado cando se están cometendo actos en contra do patrimonio? Evidentemente, a señora Pierres si o cre. É evidente que ningunha administración pública vai permitir o espolio dos bens que forman parte do patrimonio histórico, porque son precisamente as administracións públicas as que garanten o cumprimento da lei, si, dese artigo que vostede mete tal cal na súa proposición.

E, por suposto, esta Lei de rehabilitación encaixa perfectamente co artigo 46 da Constitución española, porque o artigo 46 pretende o mesmo que a lei: garantir a conservación do patrimonio, calquera que sexa o seu réxime xurídico ou a súa titularidade.

Señorías, a Lei de rehabilitación é unha oportunidade para recuperar os nosos cascos históricos. Non enreden con argumentos falaces e mensaxes catastrofistas, e permítanme recomendarlles un libro do arquitecto Pons-Sorolla. Eu estou segura de que a señora Pierres o coñece, pero, se non o coñecen, bótenlle unha ollada porque con vostedes na época de Pons-Sorolla nada do que se fixo en Santiago de Compostela sería posible.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón.

Polo grupo autor da moción, a señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Ben, primeiro quero dicir que imos aceptar a emenda do BNG.

E nós preguntamos aquí tamén a que se debe a inhibición da Consellería e dos departamentos responsables da conservación e xestión do patrimonio. Dende logo, esta inhibición o que dá é que poden ter certa responsabilidade na indefensión, alteración, falsificación, desfiguración ou destrución do patrimonio.



No período de emendas solicitouse que non aprobasen a lei para poder modificar, entre outras cousas, algúns dos seus artigos lesivos para a nosa comunidade. Non foi así, e nós xa trouxemos aquí que o Consello da Cultura debера facer informes. Estes informes deben basearse en estudos rigorosos e contrastados de carácter histórico, estético, estrutural, construtivo e técnico, segundo corresponda a cada temática na que intervir, porque nisto non se poden facer xeneralizacións. A lei ten que se concretar, documentarse, e ten que haber unha cartografía de calidade extrema.

Agradecemos tamén a postura e o apoio sen reparos do Partido Socialista de Galiza. Claro que son respectables, e pode haber moitas interpretacións. Esta moción que traemos aquí non é unha moción individual, en plan escurantista, non, faise despois de consultar e falar con moitos colectivos, porque é un dereito social rexeitar aquelas leis que son lesivas para a comunidade.

Desfeitas patrimoniais vostede nomeou algunhas, señora Ángeles. Nós cremos que non hai que silenciar ningunha destrución de bens significativos. Vou citar algunhas desfeitas, como Monterrei ou Chandebrito. Nalgunha ocasión en parte da destrución ten responsabilidade a propia Administración. Mesmo —e vostede sábeo moi ben— o Camiño de Santiago como patrimonio mundial da Unesco tamén está en perigo. Houbo cambios no seu trazado e moitos tristes erros. Tamén poderíamos citar Monforte ou o patrimonio indiano, como o dos irmáns Naveira, en Betanzos.

Pero ben, o que nos interesa —xa para rematar—... Son moitas cousas e pouco tempo, eu espero estar sendo ben clara. Aquí a intencionalidade é a defensa do patrimonio como dereito individual e colectivo.

Para rematar, con respecto á Carta de Cracovia, as técnicas de conservación e protección deben estar estritamente vinculadas á investigación pluridisciplinar, científica, sobre materia e tecnoloxía. Non vale disfrazar con axilidade burocrática o que pode ser un perigo e ter unhas consecuencias terroríficas para o noso patrimonio.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e Popular.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 49845*

*Emenda de adición.*



Engadir un novo punto 6 co seguinte texto:

«6. Elaborar e aprobar, no prazo máximo de tres meses, un Plan de emerxencia para a administración de xustiza que contemple cando menos as seguintes actuacións

- Dotación dos xulgados necesarios con especial atención aos xulgados do social e de violencia de violencia contra as mulleres.
- Dotación de espazos separados para as mulleres vítimas de violencia en todos os xulgados que non dispoñen del.
- Desenvolver as medidas necesarias para evitar a acumulación e almacenamento de documentación en espazos de traballo ou que non se axustan ás condicións necesarias para o arquivo.

Verificación:

- Mellora da dotación de medios tecnolóxicos e de ferramentas

informáticas que permitan o uso normal da lingua galega.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (10/MOC-000146(49845)).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción, polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015, ao seguinte:

1. Executar as actuacións de nova construción ou gran reforma e as de rehabilitación e mantemento que contén aquel, na medida en que a evolución destes anos teñen amosadas como necesarias.
2. Habilitar, antes de que remate este ano 2019, un espazo digno como sala de espera para o xulgado de Viveiro encargado de violencia contra a muller, formalizando a cesión de uso gratuíto de diversos locais de titularidade municipal a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, xa acordada unanimemente en data 4 de novembro de 2015.
3. Render contas anualmente pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, das obras e investimentos realizados, co fin de que a información e o control da execución do plan sexan precisos».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.



Boa tarde case. ¡Xa nos gustaría porque xa teríamos comido! Pero bueno, bo día de momento a todas as señorías.

Plan MOVE, bastante máis do 50 % sen executar. Regulamento da lei de caza, sen desenvolver dende hai máis de cinco anos. Regulamento da lei de benestar animal, sen desenvolver dende hai ano e medio, e Plan de infraestruturas xudiciais, sen executar nun 30 % máis ou menos, cando tiña que rematar en 2015. Son catro exemplos desa xestión eficiente e eficaz da que se gaba o presidente Feijóo cada vez que ten que falar.

O outro día dicía o vicepresidente do Goberno que, realmente, este plan no ano 2009 fora unha proxección de cara ao futuro porque había factores non previsibles. Unha obviedade, porque o futuro nunca é previsible. E que un deses factores era a crise económica. Pero claro, en 2009, cando o señor Feijóo foi presidente da Xunta e o señor Rueda vicepresidente, cando comezaron a selo, a crise económica xa existía, xa o sabían; de feito, era esa bicha que se mencionaba nas eleccións do ano 2009, pero, polo visto, non lles valeu para facer unha mínima previsión para Tui, Pontevedra, Vigo, Sarria, Muros, A Estrada, Cambados ou Vilagarcía de Arousa, onde os xulgados de momento son inexistentes.

Supostamente, esas previsións que se fixeron ían en función das necesidades que lles ían pedindo os operadores xurídicos e a evolución da Administración de xustiza. Esa imprevisibilidade foi a que evitou que non se executasen os xulgados nestes sitios. ¡Pois vai ser que foi así! Pero para iso non entendemos para que se fixo un plan, porque o plan está para prever, precisamente, o que hai que facer, supoñemos, e ademais había un informe previo que fora negociado. Vese que esas previsións non foron demasiado acertadas. No caso de Pontevedra, Tui e Vigo, vai rematar Vigo no ano 2020, Tui probablemente en outubro deste ano e Pontevedra posiblemente en novembro deste ano tamén. Pero Sarria, Muros, A Estrada, Cambados e Vilagarcía probablemente teñan que agardar ata o día do xuízo final para ter novos xulgados porque non eran previsións nestes dez últimos anos.

Tui ten un xulgado, o número 3, cos arquivos que están no cuarto de baño, con bancos calabozos na rúa, por iso da eficiencia enerxética total, e que celebra vistas pasando as testemuñas ou os letrados e as letradas, por exemplo, polo medio da roupa interior feminina ou dos chándales que están no mercadiño do paseo.

Pontevedra ten xulgados ciscados pola cidade e funcionarios en Fiscalía nun baixo cuberta achicharrados de calor. Vigo ten un edificio con chan de goma. Sarria nin sequera puido ter obras pequenas. Muros non sabe nada do seu edificio. A Estrada ten un edificio onde chove no cuarto de seguridade, onde están os aparatos electrónicos, e na porta de entrada. En Cambados houbo ratas nos arquivos. En Vilagarcía de Arousa non hai calabozos... Pero, efectivamente, non necesitaban nada nestes últimos dez anos.

Temo que a partir deste domingo pasado van ter que agardar incluso máis alá, moito máis alá, do xuízo final, porque vostedes non gobernan en ningunha destas vilas e entón van ter que seguir agarando, salvo na Estrada. (*Aplausos.*) O caso da Estrada non o entendemos moi ben, o seu alcalde debe ser mudo ou non debe ter moita voz, porque leva anos gobernando, e vai seguir gobernando estes seguintes catro anos, pero tampouco lles arranxan os seus xulgados. Debe ser que, ao mellor, a relación coa Xunta non é excesivamente boa.



E logo está Viveiro. En Viveiro non entendemos por que vostedes non formalizan esa cesión gratuíta, que foi acordada no pleno do Consello no ano 2015, para habilitar un espazo para as vítimas de violencia machista. Non o entendemos porque lles sae gratis. Entón, non entendemos moi ben por que non o queren. Sobre todo, cando o outro día o señor Rueda afeounos no último pleno que o edificio xudicial de Tui tardara porque a Seguridade Social de Zapatero —que é ese malo malísimo— non lles cedera o antigo centro de saúde de Tui. Tivo que chegar Mariano Rajoy e facer esa cesión. Pois se se fixo en Tui cando gobernaba Mariano Rajoy e vostedes, evidentemente, todos do mesmo partido político, non entendemos por que en Viveiro, onde tampouco van gobernar estes catro anos que nos quedan por diante, non aceptan vostedes a cesión dese espazo, deses edificios municipais, para vítimas de violencia.

Claro, ao mellor é porque Pedro Sánchez é moi malo, Zapatero era moi malo e Mariano era moi bueno, e, efectivamente, entendía que a función social da xustiza tiña que ir por riba de todo, como dixo o outro día o señor Rueda —xa o mencionei varias veces— con esa frase épica do que pode ser de novo portavoz do Senado se o señor Casado e o señor Feijóo se entenden neste rifirrafe que teñen últimamente, o señor Cosidó, con aquela frase épica de: «Controlaremos la Sala 2ª del Tribunal Supremo desde detrás».

O Plan de infraestruturas xudiciais, pese ao que nos contan, non está executado, aínda non se cumpriu, por iso hoxe traemos esta proposición non de lei e pedímoslles no punto primeiro que se cumpra. Non lles pedimos que se cumpra xa. Tiña que estar rematado en 2015, estamos en 2019 e aínda lles pedimos que se cumpra no ano 2020. Teñen vostedes un ano máis, cinco anos despois de que vostedes dixeron que se ía cumprir, porque o plan é do ano 2010 e estamos en 2019. Dámoslles dez anos para o seu cumprimento.

Pero non cremos nada do que nos digan, que si ou non, porque no anterior pleno o vicepresidente dicía que xa se cumprira, que xa estaba cumprido, pero o 17 de abril, na Comisión 1ª, vostedes fixeron unha emenda a unha proposición non de lei nosa pedindo que se cumprira. Entón, non entendemos moi ben que, se non estaba cumprido o 17 de abril, un mes despois parece ser que si estea cumprido. Non o entendemos, demasiado enredo. Tanto enredo que no propio plan se di que antes da chegada do señor Feijóo ao Goberno se realizaron infraestruturas que representaron o maior investimento en termos cuantitativos na área de xustiza. Iso é o que pon o plan.

Pero o outro día, antes de que o señor Rodríguez interviñese na Comisión 1ª, houbo un twit do PPdeG dicindo: A Xunta de Feijóo investiu máis en infraestruturas xudiciais que todas as xuntas anteriores. É dicir, cando vostedes teñen que tomar unha decisión, un día din unha cousa e ao día seguinte —o mes seguinte en concreto— din xustamente a contraria. O plan está sen cumprir, queda o 30 % sen executar. Levamos nove anos agardando que remate.

E claro, cando vostedes dan eses vaivéns de que un día si se cumpre, outro día non se cumpre; un día pedimos que se cumpra e o outro día dicimos que xa está cumprido, pásalles o que lles pasou o 28 de abril e o que lles pasou este domingo 26 de marzo. Tantos enredos como ese que nos fixo o outro día o señor Rueda, de sesenta e catro infraestruturas menos cinco, igual a sesenta e seis, que nin Newton sería capaz de facer esas contas e eses enredos que fan vostedes, fan que os resultados sexan os que foron nestas eleccións.





E menos mal que para a Xunta de Galicia a función da xustiza é unha función esencial, sen dúbida ningunha —dixo o outro día o señor Rueda—. ¡Efectivamente!, que llelo conten a eses once xurados que en Pontevedra hai escasamente un mes tiveron que ir cear a unha bo-catería escoltados pola Policía Nacional porque ninguén da Dirección Xeral de Xustiza se preocupou da intendencia, pese que é a súa responsabilidade, cando se trata de organizar un xurado popular. ¡Menos mal que vostedes están preocupados pola función social da xustiza!

Na nosa moción hai cinco puntos, é moi sinxela. Pedimos que se cumpra este plan antes de que remate a actual lexislatura; que se executen todas as actuacións que están no dito plan, as actuacións de nova construción ou de reforma —especialmente falamos deses cinco sitios nos que non hai ningún tipo de xulgado novo, de infraestrutura nova—; e tamén que se rematen en Tui, Pontevedra e en Vigo. Por certo, vostedes na súa emenda eliminan tamén a referencia a Tui, a Pontevedra e a Vigo, jé moi curioso! En terceiro lugar, que se executen tamén todas as actuacións de rehabilitación e que falen vostedes cos sindicatos e cos axentes xurídicos. En cuarto lugar, que se habilite un espazo para esas vítimas de violencia de xénero de Viveiro, que non sabemos se a vostedes lles importan moito porque nin sequera son capaces de aceptar un espazo gratuito cedido polo concello, e que rendan contas de maneira anual do cumprimento deste plan, porque a información que nos chega é bastante deficiente e moi pouco transparente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VILÁN LORENZO:** Nada máis. Agardamos que acepten vostedes a nosa moción.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor presidente, no Grupo do BNG empezamos a estar preocupados porque hai deputados do Partido Popular que xa están rompendo a disciplina de grupo, xa empezan a quitar a chaqueta, o perigo é que a cambien. Entón, deberían tomar medidas sobre esta cuestión. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** É unha broma miña.

**O señor BARÁ TORRES:** Xa está o bocazas sacando a lingua a pacer. Mentres non veñan con armas... Pero ¿de que me está falando aquí?, ¿de que me está falando aquí, mentres non veñan con armas? ¿de que está falando aquí? Sempre igual. ¡Xa está ben! *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Como son xa unhas horas un pouco tardías, imos ao caso. Imos deixalo aquí.

Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015. Realmente aquí debéronse confundir de ano porque debería ser 2010-2025. Houbo un erro, porque tal como imos nas previsións de execución, cos atrasos que hai e co incumprimento na execución, realmente parece que é máis un plan a 2025. Aí están os casos de Cambados, de Vilagarcía, da Estrada, de Muros e de Sa-





ria, que están agardando por eses novos edificios xudiciais. A Xunta, moitas veces nestes casos, pon como escusa a falta de colaboración dos concellos correspondentes. Xa lles escoitamos esta escusa no caso de Pontevedra, durante moitos anos, porque non querían facer o novo xulgado, e tivemos que ver como veu aquí o director xeral de Xustiza poñendo como exemplo, precisamente, a colaboración do Concello de Pontevedra nesta materia.

E como estamos falando de Pontevedra, non está aquí o señor Fernández Prado pero quero facerlle unha recomendación para que lla traslade tamén á conselleira: Se realmente queren poñer autobús gratuíto para os menores de 19 anos, en Pontevedra ou onde queiran, o que teñen que facer é poñer a medida xa porque teñen vostedes as concesións do transporte, polo tanto, non hai ningunha escusa para non tomar esa medida.

E despois hai casos sangrantes como é o caso do Xeral de Vigo, o desastre do xeral, porque resulta que vai haber un incremento de 10 millóns de euros nesta obra e vai haber un atraso polo menos de seis meses, pode que máis, cando xa no ano 2016 o señor Feijóo dixo que o edificio tiña deficiencias estruturais graves e tamén hai informes técnicos que recomendaban a demolición. Resulta que hai problemas de amianto, que hai que demoler unha parte do edificio, e acaban de enterarse agora, cando a obra está en execución. Pois iso tamén é responsabilidade do Goberno da Xunta e do Partido Popular, non lles boten a culpa ás demais administracións.

Estamos nun debate sobre o Plan de infraestruturas xudiciais, pero esas árbores non nos deben ocultar o bosque dos gravísimos problemas que ten a xustiza e da necesidade dun plan de emerxencia para combater o caos e o colapso da Administración de xustiza. Isto ten que ver coa situación dos edificios, pero tamén cos espazos de traballo, para evitar que estean ocupados como arquivo, por exemplo, cando debían ser espazos cómodos e dignos de traballo, cos equipamentos, coa dotación de medios humanos e materiais, coa creación de novos xulgados, coa modernización da Administración de xustiza e tamén coa descentralización e co achegamento á sociedade, para evitar esa imaxe, absolutamente nefasta, que ten a Administración de xustiza e a desconfianza que hai, porque estamos a falar dunha administración lenta, burocratizada, centralizada etc.

Entón, o BNG vai apoiar esta proposta. Tamén presentamos unha serie de emendas para complementar esta proposta con medidas, por exemplo, para mellorar a situación dos espazos de traballo, tamén para poñer o foco de atención na necesidade de crear novos xulgados, sobre todo os do Social, pois é realmente escandalosa a situación que hai en Galicia nesta materia, con atrasos de ata tres anos na tramitación de expedientes que son vitais para a vida das persoas. Tamén a necesidade de crear xulgados especializados de violencia contra as mulleres en todas as cidades; a creación de espazos dignos para as vítimas en todos os xulgados, que aínda é unha cuestión pendente en moitos deles, sobre todo no que ten que ver coa situacións das mulleres vítimas de violencia de machista. E tamén que a modernización tecnolóxica se utilice para achegar a xustiza á cidadanía e para favorecer a normalización da nosa lingua.

O BNG, independentemente de que se acepten ou non as nosas emendas, vai votar a favor, e pensamos que está é unha magnífica ocasión para levar a cabo un debate sobre as medidas que hai que adoptar para conseguir realmente unha administración de xustiza do século XXI.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, aquí os únicos que cambiaron de chaqueta foron os dos seus grupos, que pasaron de ter 18 a 6 deputados. Creo que alí en Amio hai un armario cheo de chaquetas; algúns nin as cambiaron, deixáronas alí perdidas. (*Aplausos.*)

Señora Vilán, repetimos o mesmo debate de hai uns días na Comisión 1ª. Nós presentamos unha emenda, e nesa mesma comisión propuxémoslles unha transacción. Gustoulles tanto a transacción, que hoxe, na súa moción, un dos puntos é a nosa transacción. Por certo, rexeitouna na Comisión 1ª pero hoxe a mete así, mesturada con cousas ás que xa lle dixemos que non e lle explicamos con argumentos serios e rigorosos por que lle dicíamos que non. Hoxe métea así para ver se pode dicirnos que imos votar en contra do mesmo que nós propuxemos.

Non, mire, nós temos coherencia. Ao Partido Popular, se algo nos caracteriza, é a coherencia. Nós xa lle explicamos como se cumpriu o Plan de infraestruturas xudiciais dende o ano 2009: hai investidos máis de cen millóns de euros en infraestruturas xudiciais en Galicia. Claro, a vostede non lle gusta que digamos que eses investimentos no Plan de infraestruturas xudiciais veñen despois dunha parálise absoluta en materia de infraestruturas xudiciais co Goberno bipartito, do que, por certo, era responsable de Xustiza un conselleiro do Partido Socialista Obrero Español. Cando nós falamos de infraestruturas xudiciais e de orzamento en xustiza, para o que neste último ano hai un orzamento de 158,3 millóns de euros e se investiu máis que nunca, pódolle lembrar que no Bipartito investiron vostedes 5 millóns de euros, señora Vilán, en catro anos. ¡E que nos veña vostede dicir aquí o que non estamos a facer...!

É certo que hai atrasos, porque estamos falando de infraestruturas xudiciais e en moitos casos teñen que ser cedidos os terreos por parte dos concellos. Puxo vostede aquí o exemplo de Vigo, de Pontevedra ou de Tui. ¡Home, creo que non son os máis afortunados, señora Vilán! Se nós esperásemos a que o alcalde de Vigo nos cedese un terreo para a Cidade da Xustiza, aínda hoxe estaríamos esperando para esa Cidade da Xustiza. Porque ano tras ano veu a este Parlamento, no orzamento da Xunta de Galicia, unha partida orzamentaria para a Cidade da Xustiza de Vigo que ano tras ano tiñamos que adiar porque o Concello de Vigo non daba esa parcela, E hoxe, que estamos adaptando un hospital a un edificio xudicial, co que iso conleva de complicacións —vostede sabe que iso non é fácil, non é o mesmo que facer un edificio de novo—, vostede vén dicir aquí que hai atrasos. Pois si, hai atrasos, recoñezo eses atrasos, pero iso non quere dicir que non houbera vontade política. Non houbo vontade política por quen intentou torpedealo.

Porque, por exemplo, no concello de Pontevedra, onde tamén houbo atrasos pero por outros motivos, o alcalde do Bloque Nacionalista Galego si puxo os terreos á disposición. Logo, eses



terreos tiñan un problema porque eran de Adif, e as expropiacións levaron máis tempo do esperado, pero tampouco foi culpa da Xunta de Galicia nin do Partido Popular. E do de Tui xa mellor non falamos.

E claro, que nos veña vostede falar do de Muros, de que o de Muros é o paradigma do desastre na xestión en materia de xustiza, señora Vilán... Eu non sei se vostede sabe cal foi o periplo que pasou o edificio xudicial de Muros. Pois mire, gobernaba unha alcaldesa do Partido Socialista e gobernaba o Bipartito naquel momento. ¿Que pasou? Pois mire, que puxeron á disposición unha parcela na que conforme o Plan xeral de ordenación municipal non se podía construír. Pero ¿sabe que nos custou aos galegos esa falta de xestión e esa cuestión do edificio xudicial de Muros? Custounos 60.000 euros. Non hai edificio xudicial en Muros porque non cabe na parcela, porque vostedes fixeron a adxudicación a unha empresa cun proxecto que non cabía na parcela e que non se podía edificar polo plan xeral, pero vostede agora nos vén dar aquí leccións de como se xestionan as infraestruturas xudiciais e como se fan edificios xudiciais. Revise vostede —non me dá tempo en cinco minutos, e agora menos nuns segundos— a infraestrutura xudicial do concello de Muros e a xestión que fixeron o Bipartito e a alcaldesa do Partido Socialista.

Mire, nós presentamos unha emenda —por suposto que non metemos Pontevedra, Vigo e Tui porque están a punto de rematarse polo que xa lle expliquei na Comisión 1ª, e non vou repetilo agora—. En materia de violencia de xénero xa temos acordado aquí, tanto en propostas de resolución no Debate do estado da Autonomía como en múltiples iniciativas que aprobamos por unanimidade de todos os grupos, que as modificacións para que non coincidiran a vítima e o agresor nos edificios xudiciais se farían conforme ás posibilidades dos edificios xudiciais e ás reformas que se teñan feito. Mesmo o vicepresidente da Xunta na súa comparecencia aquí, cando vostede o interpelou, anunciou un investimento de máis de 200.000 euros para seguir facendo esas reformas e esas obras menores en edificios xudiciais para evitar, precisamente, o contacto da vítima co seu agresor.

Nós presentamos unha emenda que creo que poden perfectamente asumir, e incluso estamos dispostos a facer unha transacción cos tres puntos da nosa emenda e incluír, unha vez máis, ese acordo que temos, por unanimidade, de dotación de espazos separados para as mulleres vítimas de violencia de xénero naqueles edificios que non dispoñan deles, na medida en que a súa estrutura o posibilite.

Dende logo, non podemos compartir o que di o señor Bará, o primeiro punto da súa emenda, porque forma parte da competencia da Comisión Mixta. A Xunta de Galicia non é competente para dotar de xulgados novos de violencia de xénero. Xa ve o caso que nos fai o ministerio co Xulgado do Social de Lugo; a pesar de que foi unha proposta da Comisión Mixta, Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o ministro socialista dixo que o Xulgado do Social en Lugo non.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.



**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Menos mal que o punto de partida, tanto da deputada do Partido Popular como o outro día en comisión, era o recoñecemento de que o plan non se está cumprindo. Preguntábase antes a señora Vilán que tiña que pasar para que se cumprise o plan. Pois a solución é fácil e témola en Tui: unha moción de censura. Diso saben ben os que estiveron traficando coas alcaldías na anterior lexislatura e pretenderon volver pola vía de atrás ao que non conseguiron pola vía de diante.

Había un pacto entre Convergencia 21 e o Partido Popular conforme o cal, se prosperaba a moción de censura, se executaríase o plan de reformas dos xulgados que estaban previstos en Tui dende había xa practicamente nove anos por ese plan. Polo tanto, esa é a forma de goberno do Partido Popular; unha forma absolutamente sectaria, onde hai que estar gobernando para ter dereito, como cidadán ou cidadá, ao funcionamento ordinario da Administración de xustiza.

Néganse a incluír agora o tema de Tui porque din que se vai a acabar este ano, pero eu teño as miñas dúbidas, porque se tardaron en poñelo a que prosperase a moción de censura, agora que a cidadanía de Tui os censurou, é probable que esas obras caian de novo na parálise, por non dicir no olvido.

Temos que lembrar que estamos ante un plan que era o quinquenio 2010-2015, co cal estar aínda o ano 2019 regateando nunha emenda que cousas van quedar acabadas e que cousas non, desde logo é unha tomadura de pelo en termos políticos e revela tamén cales son as prioridades da Xunta. Dende logo, a xustiza non, por esa razón ten que vir o Parlamento re-tratar a cadaquén.

Hai lugares esenciais que están incumpridos, pero lugares esenciais son todos. Dunha banda, as cidades. Que a cidade máis grande de Galicia estea aínda nesta situación é absolutamente lamentable, e seguramente non é casual que, unha vez máis, o sectarismo co que actúa o Partido Popular os leve a deixar para o último lugar aqueles lugares onde non goberna. Ademais, tamén se produce un prexuízo para o conxunto de vilas medias, negando unha vez máis a mellora de calidade nun servizo en contornos periurbanos ou nalgún caso en contornos rurais, dificultando unha vez máis a equidade na prestación de servizos esenciais da poboación que vive no rural con respecto á poboación que vive nas zonas urbanas.

Podíase argumentar aquí que non existen recursos suficientes, que o Goberno fai o que pode e todo isto, pero o máis sorprendente, como xa quedou de manifesto no anterior pleno, é que non se están executando todos os recursos dispoñibles para as obras. Porque se se di: executouse todo pero non chega... Pero é que de media, como expuxo no seu momento a deputada socialista, quedou sen executar nos últimos catro anos o 38 % das previsións orzamentarias. Polo tanto, do que se trata é de que falta vontade política para dar o impulso necesario para que se execute o cen por cento dos investimentos previstos.

Isto revela tamén o interese do Partido Popular na xustiza, aínda que co caso da Valedora do Pobo xa sabemos o caso que lle fan. Por outra parte, tamén estes días soamente reciben



malas noticias, unha nova condena do caso Gürtel. Neste caso aquela dimensión da peza do caso Aena, que revela unha vez máis, con ocasión da privatización de servizos públicos, os casos de corrupción.

En todo caso, e botando man da última execución orzamentaria para o 2018, de 26 millóns previstos, 6 sen executar; é dicir, un 25 % do orzamento previsto para este ano, xa unha vez liquidado, sen executar. Logo o problema non será o encarecemento, o problema non... ¿Cal é o problema para que non se executen? Cartos hai, o plan está en marcha, logo ¿cal é a dificultade? Pois a falta de vontade política.

Anunciaron ademais na comisión, e despois na anterior comparecencia, un plan de renovación de equipamento e mobiliario. Pois como chegue antes a renovación que a reforma xudicial, a ver onde van meter o equipamento, porque esa é outra cuestión que non solucionaron.

Remato, finalmente, cun asunto que nos parece especialmente preocupante, que é o tema dos xulgados de Viveiro; un tema que, desde o punto de vista orzamentario, non ten unha grande significación, sen embargo, ten unha grande importancia, de tal maneira que non sempre o máis custoso é o máis importante. Estamos falando da falta de habilitación dunha sala de espera para as vítimas de violencia de xénero, e a última ocorrencia do conselleiro e vicepresidente da Xunta de Galicia foi dicir que, como se fixera unha reforma máis grande, non se fixera esa rehabilitación a pesar de que desde o ano 2015 están dispoñibles as instalacións.

Parece sorprendente que tendo xa acometida unha rehabilitación grande, ou estando executándose esa obra, non se preveña a situación da sala de espera para as vítimas de violencia de xénero, e preguntámonos se non será casual, ou unha tendencia que se consolida, que desde que o Partido Popular practica a promiscuidade política con Vox as vítimas da violencia de xénero quedan demasiadas veces esquecidas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo autor da moción, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, queremos agradecer, tanto ao Grupo de En Marea como ao do BNG, o seu apoio, e vou falar exclusivamente das emendas, porque canto antes rematemos, antes comemos.

Con relación á emenda do BNG, ten catro puntos. Nós aceptámola sen ningún tipo de problema, cremos que, efectivamente, é imprescindible un plan de emerxencia para a xustiza. Agora falamos de infraestruturas xudiciais, polo tanto, o punto dous, que é a dotación de espazos separados para as mulleres vítimas de violencia de xénero en todos os xulgados pa-





récenos ben, e tamén desenvolver as medidas necesarias para evitar a acumulación e o almacenamento de documentación nos espazos de traballo. Tamén nos parecen ben.

O punto primeiro e o punto último cremos que non teñen demasiada relación coas infraestruturas xudiciais —por non dicir ningunha— e que si son obxecto doutras iniciativas que, por certo, levamos facendo centos delas na Comisión 1ª e algunha tamén a trouxemos a este Pleno.

Con relación á emenda de substitución do Grupo Popular, señora Prado, a iniciativa da Comisión 1ª non era súa, era do Grupo Parlamentario Socialista. Polo tanto, a transacción, en todo caso, era dende o Grupo Parlamentario Socialista. *(Aplausos.)* Hai que telo un pouco claro. *(Aplausos.)* Pode ser que, ¡claro!, tantas eleccións perdidas fagan que vostede agora xa non saiba moi ben onde está. Agora mesmo a iniciativa tamén é do Grupo Parlamentario Socialista, polo tanto, vostede pinta pouco falando das emendas doutros grupos parlamentarios, porque esa non é a súa función. En todo caso, a que terá que falar das iniciativas será a voceira deste grupo parlamentario e non vostede. *(Murmurios.)*

Está moi ben falar de coherencia cando na Comisión 1ª, o día 17 de abril, vostedes pedían na súa emenda que se cumprise o Plan de infraestruturas xudiciais, e agora mesmo —un mes despois— xa non piden na súa emenda que se cumpra o Plan de infraestruturas xudiciais. ¡Viva a coherencia! É difícil de entender.

Obvian vostedes Pontevedra, Vigo e Tui. Óbvianos cando xa están en construción. Pontevedra non tivo un problema coas expropiacións, señora Prado, non. O problema estivo na coincidencia entre o Catastro e o Rexistro da Propiedade; ese foi o problema. Por certo, vostedes criticaron o alcalde de Pontevedra mil millóns de veces porque non facía nada polos terreos. Agora xa son íntimos amigos e agora si facilitou o traballo. O mesmo que co alcalde de Vigo. Tiñan á súa disposición ao lado dos xulgados, durante anos, terreos. Criticárono seguido e ségueno criticando. *(Aplausos.)* Non é certo que non houbese parcelas. *(Aplausos.)* ¡Non é certo! *(Aplausos.)*

E «de Tui, mellor non falamos» —dixo vostede—. Pois, efectivamente, mellor non falamos, porque xa faláron os cidadáns de Tui e déronlle a maioría absoluta ao Partido Socialista por esa moción de censura de vergonza que fixeron vostedes no seu día. Mellor non falamos.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate sobre as mocións, procedemos ás votacións.

Vou ler. Esta vez abrevio un pouco.

Votamos, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños. Estaba pendente unha transacción, non sei se a ten. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*





Léanola, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non hai transacción. Por petición dos grupos, imos votar separadamente o punto 1; os puntos 2, 3 e 4; e, finalmente, os puntos 5 e 6.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Comezamos votando o punto 1 desta moción.

*Votación do punto 1 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 39; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia queda rexeitado este punto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora os puntos 2, 3 e 4.

*Votación dos puntos 2, 3 e 4 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora os puntos 5 e 6.

*Votación dos puntos 5 e 6 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coas necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona María Ángeles Cuña Bóveda, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles Cuña Bóveda e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural, arquitectónico e arqueolóxico.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo. Xa explicou os puntos que aceptaba do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*Votación do texto transaccionado da Moción, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as catro e media da tarde.

*Suspéndese a sesión ás tres e media da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 2<sup>o</sup> da orde do día, que é o de comparencias.

**Comparencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga)**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, membros do servizo que hoxe asistides a este pleno, boa tarde.



Boas a todos e todas os aquí presentes.

Estou hoxe aquí por varios motivos. O primeiro deles, como dicía o presidente, presentar o Pladiga 2019.

Os incendios forestais afectan a Galicia en termos ambientais, económicos e sociais, e no Pladiga temos unha estrutura organizativa de persoas e medios para loitar contra o lume. Tal e como establece o artigo 14.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, o presente plan foi aprobado polo Consello da Xunta o xoves 2 de maio. Para alcanzar os obxectivos, algúns deles moi ambiciosos, recollidos este ano 2019, precisamos unha planificación completa, que vaia desde o protocolo para actuar cando toca acudir á extinción dun lume, ata os pasos a seguir no caso de accidentes laborais.

No Pladiga 2019 serán máis de sete mil as persoas implicadas no operativo, contabilizando os da propia Xunta, da Administración do Estado e dos concellos, apoiados por unha trintena de medios aéreos e por 360 motobombas.

Refórzase a colaboración cos concellos na prevención e defensa das aldeas; apóstase por potenciar o emprego de queimas controladas para a xestión da biomasa; e foméntase a cooperación cidadá contra a actividade incendiaria a través dun número de teléfono anónimo de denuncia, un teléfono 900 que vou anunciar agora mesmo. O teléfono para denunciar a actividade incendiaria de maneira anónima é o 900 815 085. Novecentos menos 815 é 085, unha regra mnemotécnica, tendo en conta que o 085 é tamén o teléfono para avisar dos incendios.

Ademais, intensifícase a formación do persoal en aspectos como a seguridade, os primeiros auxilios, a dirección e coordinación de grandes lumes, a investigación ou a condución dos vehículos do servizo.

Por outra banda, mellórase tamén a vixilancia fixa, coa incorporación de trinta novas cámaras de última xeración que se suman ás oitenta e oito xa instaladas na rede de vídeovixilancia forestal, polo que imos dispoñer neste ano dun total de cento dezoito, e con elas cubriranse 200.000 hectáreas máis de territorio galego, chegaremos a case 2/3 da superficie da nosa comunidade.

E conta con máis novidades, como é o emprego de drones para mellorar a vixilancia ou o proxecto piloto para contar con alertas temperás, en puntos estratéxicos do territorio, que recollan observacións meteorolóxicas fiables.

Señorías, a prevención e extinción de incendios é un dos problemas máis graves desta comunidade. En Galicia, cada certo tempo, sufrimos os devastadores resultados de que o lume nos ataque; un lume en moitas ocasións provocado por incendiarios, delincuentes, criminais.

O Pladiga existe precisamente para combater isto, é un plan elaborado anualmente para defendernos dos incendios, un plan que cada curso se adapta aos cambios do noso país. Algúns dos cambios deste 2019, que acabo de enunciar, merece a pena escoitalos, entendedos e



aplaudilos. Pero ademais do Pladiga hoxe imos falar do que realmente preocupa aos cidadáns, que é o que está a facer a Xunta de Galicia en materia de prevención e extinción de incendios forestais.

Recórdolles que a primeira comparecencia que eu mesmo solicitei como conselleiro foi no mes de febreiro deste ano. Lembro que vin aquí poñer en valor o rural que tanto quero. Foi entón que me chamaron, dende a bancada de En Marea, Balbino; Balbino, o protagonista en *Memorias dun neno labrego*. Vou deixar fuxir os ventos e esquecerme de que se me dixo con certa ironía. Eu nacín e crecín no rural, no Ribeiro, e adoro Galicia, porque Galicia é practicamente toda rural. Neira Vilas, o autor da obra antes mencionada, era un auténtico artista, un xenio da literatura como tantos outros escritores que temos na nosa historia. Tantos outros que puxeron en valor dous factores esenciais: Galicia e o rural. E hoxe vou falar doutro escritor que tamén facía fincapé neses elementos.

Miren, o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios recibe ao longo do ano moitas chamadas de noite. Moitos incendios, sobre todo os provocados, aparecen cando cae a noite. Moitos dos aquí presentes aí arriba sei que recibides ese peto na porta pola noite, o peto na porta do deber, o peto na porta do lume. Esa brigada de turno de noite que recibe unha chamada para ter que estar ás catro da mañá axudando a que unha aldea non arda. Todos temos que traballar para reducir eses petos nocturnos ao mínimo e que os incendios que haxa, porque sempre haberá incendios cando se dean as circunstancias climatolóxicas axeitadas, sexan o menos daniños posible.

Así, *Cando petan na porta pola noite* será única e exclusivamente un libro, unha obra marabillosa de Xabier Docampo, un autor galego amante do rural que nos deixou tamén hai pouco. Sempre estará con nós *O misterio das badaladas* e resoará nos oídos dos nosos fillos e dos nosos netos coa mesma paixón coa que resoan aínda hoxe en día nos nosos corazóns. Lembro cando lin —hai moitos anos xa— *O misterio das badaladas*. Para aqueles que non o coñecedes, vai sobre uns nenos do rural dunha vila chamada Eiranova, que durante toda a novela tentan descubrir por que soan trece badaladas ás 12 da noite. ¿Por que soa unha de máis? ¿Quen está detrás dese misterio?

Os protagonistas deste relato de Xabier Docampo comparten, señorías, comigo tres elementos. O primeiro é inconformidade. Non asumen a realidade polo feito de que sexa así, senón que tentan buscar os motivos e cambiala. Cando cheguei como deputado a esta institución era moi inconforme, e hoxe sono aínda máis. Non quero asumir o que vexo arredor cando podemos mellorar e ir a favor do sentido común, en vez de ir á contra.

O segundo elemento que compartimos é a inxenuidade. Estes rapaces eran pequenos e, como mozos e mozas que son, pecan de inxenuos toda a novela. Eu xa non son tan novo, empezo a peitear canas incluso, pero sigo sendo inxenuo. Creo que as cousas podémolas mellorar e cambiar desde a política. Creo que o que non se fai ben pode deixar de facerse mal. Creo na xente e no sentimento de superación.

E o terceiro e último elemento no que coincidimos é a paixón. Os rapaces senten paixón pola súa vila, pola amizade que comparten e pola terra de onde son. Eu sinto paixón pola miña



terra e non quero que esa terra siga ardendo. Non quero que Galicia arda, non quero que a Galicia a queimen. Eu, e todos os que estamos aquí, temos —estou seguro, señorías— ese desexo, non me cabe dúbida ao respecto, pero debemos buscar consensos no xeito de facelo, débémollelo aos galegos e galegas aos que representamos.

Miren, as vagas de lume dos anos 2006 e 2017 ensináronnos que de nada serve engarzarse entre nós e facer política cos lumes. Non resolve nada e, ademais, os cidadáns non o comprenden. A ensinanza que temos que sacar de episodios tan dramáticos é que hai que traballar para implantar solucións que sexan efectivas no tempo e ataquen o problema de fondo que causa os incendios.

En ambos casos, 2006 e 2017, houbo unha comisión parlamentaria, sen dúbida porque se pensaba que o Parlamento era o lugar adecuado para a reflexión e a procura deses consensos tan necesarios en cuestións como é a dos incendios forestais e o futuro do noso monte.

Se analizamos as dúas comisións, tan diferentes en canto aos partidos que gobernaban e ao perfil dos ponentes das mesmas, vemos unha liña común, señorías, que é a procura sincera de medidas que acabaran dunha vez coa lacra dos incendios.

A principal consecuencia da comisión do ano 2006 foi a aprobación da Lei de prevención e extinción de incendios de Galicia, a Lei 3/2007, que entre outras cousas creou o Pladiga que hoxe traemos aquí ou as franxas de limpeza de biomasa, e logo falarei delas; cuestións que hoxe non se discuten, aínda que o partido que governe é un diferente ao que promulgou a lei.

Tamén a vaga de lumes de outubro de 2017 motivou unha comisión parlamentaria. Eu vivín esa comisión como membro da mesma e fun un dos ponentes do seu ditame. Foron meses de traballo intenso, estou seguro que o mesmo traballo que se pasou polos que participaron na do ano 2006. Tamén vivín unha das cousas que menos me gusta da política, que por cuestións partidistas as conclusións da comisión non se aprobaran por unanimidade. Dicindo isto non busco aquí debate ou enfrontamento, eu prefiro mirar cara ao futuro, senón deixar constancia de que todos os que formamos parte da comisión sabíamos naquel momento e sabemos que estabamos de acordo na práctica totalidade das conclusións, que todos compartiamos que eran necesarias e boas para poder atacar de raíz o problema dos incendios e que eran, son, unhas propostas moi ambiciosas e que ía custar moito sacalas adiante. E a pesar disto non fomos capaces de aprobalas por unanimidade, aínda que si houbo un consenso entre Partido Popular e Partido Socialista de Galicia. Eu quero agradecer especialmente hoxe aquí a Xoaquín Fernández Leiceaga e a Xosé Antonio Quiroga o seu esforzo e valentía para chegar a acordos que nos permitiron sacar adiante o ditame da comisión co apoio das tres cuartas partes do Parlamento de Galicia.

Pero, señorías, ¿acusarnos mutuamente do que fixemos mal ten algún resultado positivo de cara a resolver o problema que lles preocupa aos cidadáns? Se atendemos ao ditame da comisión do 2006 e da comisión do 2018, vemos que hai un elevado número de coincidencias no que se refire ás conclusións e recomendacións que se recollen nos dous. ¿Non será mellor aceptar que para a loita contra os lumes non hai fórmulas máxicas que veñan determinadas



pola cor política de quen governe? ¿Non será mellor poñerse de acordo nas solucións e, a partir de aí, que cada partido faga o seu traballo? É dicir, o que governe implantalas e os da oposición controlar que se cumpra o recollido nas recomendacións.

O ditame da comisión do ano 2018 propón solucións que atacan as causas estruturais dos incendios forestais en Galicia. Incide na necesidade dun medio rural vivo, dinámico e rendible, no que terán que convivir montes ordenados e planificados con actividade agrogandeira que produza de forma sostible produtos agroalimentarios de calidade. Á hora de analizar as recomendacións hai que partir da base de que no seo da comisión se realizou unha análise das causas estruturais dos incendios forestais como unha problemática que afecta ao rural galego no seu conxunto. E partindo da base de que o monte arde porque o queiman os incendiarios, o ditame destaca dúas cuestións de fondo que contribúen, señorías, a que as consecuencias dos incendios en Galicia se vexan agravadas.

A primeira é a estrutura da propiedade galega, caracterizada por un elevado minifundismo e fragmentación da propiedade, así como por un elevado grao de descoñecemento dos propietarios rurais. A dificultade de acceder á propiedade ou ao uso da mesma, a mobilizala, en definitiva, é un dos obstáculos para a existencia dese rural vivo e dinámico que todos pretendemos. E tamén —e dígoo aquí— a falta dunha ordenación integral e previa do territorio galego e dos usos do solo no devandito territorio, o que, unido á falta de planificación e ordenación no ámbito forestal, xera que unha parte importante do territorio galego se atope en estado de abandono, orixinando combustible para os incendios.

A solución destas cuestións vai máis alá da prevención, e é, sen dúbida, a clave de bóveda que vai permitir esa revitalización do rural galego que estou seguro que é o desexo de todos os membros desta Cámara. Pero isto é materia doutra comparecencia.

No ámbito concreto que hoxe é obxecto da comparecencia, falar de prevención e falar de extinción, é evidente, señorías, que para a prevención dos incendios é fundamental a existencia dun monte ordenado e con biomasa controlada, no que se faga unha xestión forestal sustentable, porque un monte ordenado axuda a previr incendios, un monte ordenado axuda a evitar un dos peores males que asolagan a nosa comunidade.

Con esa finalidade, e para dar cumprimento ás recomendacións do ditame, desdobramos a antiga Dirección Xeral de Montes en dúas: a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e a Dirección Xeral de Defensa do Monte. O desdoblamento está permitindo que se faga un traballo moito máis intenso en planificación e ordenación do noso monte, con avances, entre outras, en materias como as que lle sinalo a continuación: a elaboración dos plans de ordenación forestal dos distritos, que comezará ao longo deste ano 2019; a revisión e procura dun maior consenso sobre o Plan forestal de Galicia, que traeremos a este parlamento antes de que remate o 2019, cumprindo o noso compromiso ao respecto; e a posta en marcha do inventario forestal de Galicia, tan requirido polo sector.

Pero estas ocupacións agora están fóra do ámbito de actuación da nova Dirección Xeral de Defensa do Monte; unha dirección xeral pensada para adicar todos os seus recursos, humanos e orzamentarios, a estes dous piares: prevención e extinción, sempre atendendo á pre-





vención como clave na que focalizarse e anticiparse ao problema para reducir os danos futuros.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte ten a responsabilidade principal no que se refire á loita contra os incendios forestais, e nela se integra o mellor servizo de prevención e extinción de incendios de España e un dos mellores de Europa. Non o digo eu, que son o seu responsable último, dino os datos obxectivos respecto do seu funcionamento que se recollen no Pladiga. Case 3.000 homes e mulleres aos que desde aquí lles quero trasladar o meu agradecemento e o de toda a sociedade galega, porque eles son os defensores dos nosos montes e das nosas xentes fronte aos incendios forestais. (*Aplausos.*) Grazas de corazón.

A estes homes e mulleres trasladeilles antes desta comparecencia os retos aos nosos enfrontamos no ámbito específico da loita contra os incendios, e para tal efecto reunímonos con todos os membros do servizo que quixeron escoitarme, e foron moitos, nunha serie de xuntanzas que tiveron con eles nas catro provincias, E dígoos aquí tamén, imos contar con eles, non cabe outra solución para afrontar estes retos.

Teño que dicir que nesas reunións me fixeron propostas moi interesantes. Pero tamén temos —sabémolo todos— un grupo de expertos que naceu da comisión, designado por todos os grupos parlamentarios, que está a debater as cuestións que atinxen ao servizo, e cónstame que están avanzando en propostas de consenso no que se refire ao seu cometido.

Señorías, os retos aos que nos enfrontamos, que vou debullar polo miúdo, son os seguintes. En primeiro lugar, a elaboración dunha nova lei de prevención e extinción de incendios de Galicia, buscando unha planificación e unha estratexia na prevención. En segundo lugar, a protección das nosas aldeas fronte aos incendios. En terceiro lugar, o avance cara a un servizo público, único, profesional e versátil. En cuarto lugar, a concienciación cidadá e a tolerancia cero cos incendiarios.

Empezando polo primeiro dos retos, a elaboración dunha nova lei de prevención e extinción de incendios de Galicia, eu digo que a Lei 3/2007 foi unha lei que marcou un camiño que logo foi seguido pola Lei de montes do ano 2012 e que agora temos que completar. Sen dúbida, temos que ir cara a unha maior estratexia e planificación na prevención, pero sen unha cabeza non se pode facer estratexia, por iso creamos, dentro da Dirección Xeral do Montes a Subdirección da Defensa do Monte e a Subdirección de Prevención.

A prevención estratéxica debe ter obxectivos que virán marcados polos que saben, non por min, aínda que eu me atrevo a suxerir algúns deles. Ten que integrar a prevención dos incendios forestais na ordenación do territorio, como un dos criterios fundamentais á hora de abordar esa ordenación. Aproveitar os accidentes naturais ou artificiais para potenciar as devasas contra os incendios forestais. Temos que conseguir que os incendios que veñan de Portugal non pasen o Miño, por exemplo, colocando plantacións de viñedos, cereais ou frondosas na marxe española do río. Temos que determinar en que partes do territorio debemos incrementar o tamaño das franxas de protección para garantir a súa efectividade, por exemplo, determinados puntos das autovías ou autopistas galegas onde haberá que ampliar esas franxas. Temos que analizar tamén o comportamento pasado dos incendios nas zonas de



máxima incidencia, para anticiparse ao seu desenvolvemento futuro. Temos que cuadricular o territorio galego para, no caso de grandes incendios, ter claro onde temos que esperalos para poder paralos. E estruturar correctamente o servizo de prevención e extinción de incendios de Galicia, así como tamén a súa presenza no territorio.

E digo que estes obxectivos da prevención estratéxica terán que ser determinados polos que saben, polo que nas miñas reunións cos membros do servizo anuncieilles a creación de grupos de traballo para que todos aqueles que queiran poidan participar na redacción da lei. Todas as súas aportacións —repito, todas as súas aportacións— serán tidas en conta neste obxectivo común que temos como galegos de acabar coa lacra dos incendios forestais. Tamén lle pedín a participación na elaboración da lei ao grupo de expertos designado polos grupos parlamentarios.

O segundo gran reto que temos que afrontar é a protección das nosas aldeas fronte aos incendios forestais. Unha das ensinanzas das vagas de lumes do 2006 e do 2017 foi a necesidade de reforzar a defensa das nosas aldeas fronte aos incendios forestais.

A problemática dos incendios na interface urbano-forestal é especialmente acusada e preocupante en Galicia, onde temos, non o olvidemos, a metade dos núcleos de poboación de toda España: máis de 33.000 núcleos. Lembremos —sabémolo todos— que a lexislación vixente determina que os propietarios teñen que ter limpas de maleza, eucaliptos, piñeiros ou acacias, que non frondosas, a franxa de 50 metros arredor das aldeas, e esta obriga téñena que cumprir voluntariamente antes de que remate o 31 de maio, se non, é competencia dos concellos o control do cumprimento desta obriga, así como a execución subsidiaria no seu caso.

O esforzo necesario para a prevención require a unión de todos —repito, a unión de todos—, propietarios de terreos, e a coordinación tamén de todas as administracións: concellos, deputacións e a propia consellería, a Xunta. Pero isto é especialmente importante no que se refire á protección das nosas aldeas fronte aos incendios forestais.

A Xunta de Galicia fai unha aposta moi decidida por esa colaboración entre administracións, e esta colaboración recóllese no convenio que foi asinado entre a Xunta, Seaga e a Fegamp, que nos converte en pioneiros en Europa en poñer en marcha un sistema público de xestión da biomasa que facilitará aos propietarios e concellos cumprir cos súas obrigas legais. Este convenio conta cun investimento por parte da consellería de nada menos que de 28 millóns de euros de fondos propios en catro anos, e nestes momentos temos case douscentos concellos adheridos. Eu quérolles pedir aos alcaldes que se adhiran, os que faltan, para que os seus veciños estean máis protexidos fronte aos incendios.

Este primeiro ano actuaremos en 34 concellos, en 68 parroquias, e case 700 aldeas, nas que a cambio dun prezo fixo de 350 euros por hectárea, ou se queren 35 euros por cada mil metros de finca, os medios da Xunta procederán á limpeza das fincas das franxas calquera que sexa o seu custe, e sen ningún tipo de pago adicional para o propietario.

A selección das aldeas nas que se vai implantar o sistema público fíxose dando prioridade a aquelas con maior problemática incendiaria, que son as máis necesitadas de protección.



Neste primeiro ano, imos actuar en 4.500 hectáreas, e pretendemos no curso dos catro anos chegar a 16.000. Pero ademais deses 34, a todos os concellos adheridos lles damos un maior apoio administrativo, co fin de facilitarlles o cumprimento das súas obrigas na limpeza das franxas arredor das aldeas. E este maior apoio administrativo vén nunha serie de ferramentas de certa importancia, que vou sinalar:

En primeiro lugar, levamos a cabo dende a Xunta, no convenio, a elaboración dun plan básico municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, que se vai adecuar ás características de cada un dos concellos adheridos. Nestes días, señorías, xa entregamos os 34 primeiros plans básicos. Temos tamén un visor de acceso público no que cada concello pode consultar as fincas que estean nas franxas de protección das súas aldeas.

Nestes momentos xa temos o visor para 92 concellos dos adheridos. Imos facer tamén, ou facemos, a elaboración dun manual básico de procedemento a seguir para a limpeza das franxas de seguridade ao redor das aldeas. Preparamos e dámoslles aos concellos os modelos de notificación aos propietarios, para que isto se faga de xeito uniforme en toda Galicia, e creamos, por último, pero non menos importante, un programa informático que vai facilitar aos concellos a tramitación do procedemento de limpeza das franxas.

Ademais, señorías, a consellería é consciente da dificultade que ten manter limpas as franxas de protección de 33.000 núcleos de poboación, e tamén que desbrozar todos os anos supón un custe moi grande, polo que o conveno aposta por que as franxas se manteñan limpas coa implantación nelas de actividade agrogandeira. Con esta finalidade, dedicamos unha partida do convenio á promoción desta actividade agrogandeira nas franxas e impulsaremos proxectos de pastoreo, plantación de froiteiras, hortas ou mesmo de cereal nas franxas, no que nós denominamos no convenio aldeas modelo.

É importante que teñamos todos claro que estas aldeas poden localizarse en calquera dos concellos adheridos ao convenio. Logo se temos todos os concellos de Galicia adheridos, podemos espallar estas aldeas modelo por todo o territorio.

Señorías, sabemos que a nosa proposta é unha proposta ambiciosa, pero tamén estamos convencidos de que con este impulso estamos a abrir unha vía que nos pode permitir asegurar as nosas aldeas fronte aos incendios forestais dun xeito sustentable no tempo.

O terceiro dos grandes retos que temos que asumir todos é traballar cara un servizo público, único, versátil e o máis profesionalizado posible. A configuración do noso servizo é un dos grandes retos que temos que resolver. Antes de nada, quero volverlles recordar que temos un grupo de expertos designado por todos os grupos parlamentarios que teñen que emitir o seu informe nesta materia antes do período de máximo risco deste ano 2019. Pero nós xa avanzamos nos seguintes ámbitos, nos que había puntos de encontro.

En primeiro lugar, na integración cara a un servizo público e único, coa non contratación da encomenda de Seaga e a creación na RPT de 548 novas prazas de persoal laboral do servizo.

En segundo lugar, o incremento do tempo mínimo de traballo de quen loita contra os lumes no servizo, que era —recórdolles— de tres meses ata o 2017, que foi de catro meses no ano



2018, cinco meses no ano 2019, neste ano, e finalmente pasaremos en 2020 a seis meses cumprindo o noso compromiso. É dicir, en tres anos, duplicamos o tempo mínimo de traballo no servizo de prevención e extinción de Galicia. E por último, o reforzamento da súa formación cun plan de formación adaptado ás súas necesidades e que vai comezar xa neste mesmo ano 2019.

Ademais, como lles trasladei aos membros do servizo, temos que traballar e avanzar na súa versatilidade e profesionalización. Versatilidade que nos permita non ser só os mellores na extinción, senón traballar moito máis na prevención. E profesionalidade, que require o existente do seu traballo e que conleva a consideración da experiencia e cualificación dos membros do servizo, avanzando na procura dunha carreira profesional dentro do servizo.

E por último, pero non menos importante, temos que conciliar todo isto coa presenza no territorio, buscando a necesaria coordinación coas brigadas municipais, que tamén —repto— deben avanzar na súa profesionalización.

Neste reto, tamén comprometín cos membros do servizo a súa participación na elaboración dun plan plurianual de necesidades de medios materiais e de persoal do Servizo de prevención e extinción de Galicia para solucionar as carencias existentes.

O cuarto dos retos, dos que falabamos antes, é a concienciación cidadá e a tolerancia cero cos incendiarios. Este último reto alude á necesidade de incrementar a concienciación social contra os comportamentos incendiarios. Temos que entre todos, todos, acabar con estes delincuentes que poñen en perigo a nosa paisaxe, o noso monte, as nosas aldeas e mesmo a vida dos nosos cidadáns. E dentro deste reto traballamos xa nos seguintes ámbitos.

En primeiro lugar, o reforzo da investigación por parte dos nosos axentes, incrementando os medios tecnolóxicos que poñemos á súa disposición, así como o persoal adicado a estas tarefas. E o apoio á colaboración cidadá, cun teléfono confidencial e gratuito no que os cidadáns poderán denunciar calquera comportamento presuntamente incendiario. Volvo lembrar: 900 815 085.

Remato xa, señorías, cunha reflexión e tamén cunha proposta. A reflexión é que as eleccións xa foron o domingo, a campaña rematou, os resultados xa os sabemos e as cartas estarán sobre a mesa durante bastante tempo, non se aveciñan outras eleccións durante polo menos moitos meses. É por iso que lles pido que, por favor, deixemos intereses electoralistas de lado, deixemos intereses partidistas apartados esta tarde e falemos entre todos. Eu miro directamente aos meu compañeiros do Grupo Popular, dirixo tamén a mirada aos compañeiros do Grupo Socialista, miro aos do Grupo do Bloque Nacionalista e aos de En Marea, e dígolles a todos que temos que poñernos de acordo. E vou facer unha proposta que, se a levamos a cabo, poderemos defendernos e combater os lumes con toda a forza de todo o pobo galego que aquí representamos nós, desde o primeiro ata o último deputado. Quero que avancemos cara a un pacto autonómico, un pacto da comunidade galega, un pacto de todos os grupos parlamentarios, para poder levar a cabo unha estratexia conxunta, un traballo conxunto na loita contra os incendios forestais, contra esa lacra que asola cada ano o noso rural, contra os delincuentes que queiman Galicia.



Afrontemos, señorías, todos xuntos, Goberno, grupos parlamentarios, expertos e membros do servizo, os retos que antes enunciaba, e teñamos a suficiente altura de miras para cumprir co mandato que nos deron os cidadáns que nos votaron: poñernos de acordo na solución dos seus problemas. Galicia, o noso monte e o noso rural ben merecen o esforzo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señor conselleiro, de verdade agradézolle que mencione a literatura e a literatura de calidade, pero eu pódolle afirmar que calquera dos dous autores que mencionou, bos amigos meus en vida e despois da morte na memoria, non compartían con vostede a idea do rural que vos-tesdes teñen. (*Aplausos.*) Sen acritude ningunha, de verdade, sen acritude ningunha.

Mire, agora que falou das aldeas modelo, con froiteiras plantadas nas franxas de seguridade, como a cerdeira, lembrei a Pachín, aquel can que lle morreu a Lelo —creo recordar nunha das cartas que escribe—, enterrado debaixo dunha cerdeira, por onde saían os ladros do can, dicía o rapaz que o sentía.

Mire, incendiarios, delincuentes, criminais..., unha vehemencia tremenda; os lumes, o problema máis acuciante do rural, unha vehemencia tremenda. ¿E da ordenación e da biodiversidade, que? Vostede e eu sabemos que esa é *a nai do año*, ese é o grave problema deste país, ¡a ordenación do territorio dunha vez!

Vostede falou tamén da liña común das comisións dos lumes. Mire, en nós, no BNG, son comúns porque participamos nas dúas, porque debatemos nas dúas e porque aportamos nas dúas. Vostedes solo aportaron e debateron na última, na última. Iso trae a colación que vos-tesdes tardaron nove anos en poñerse as pilas, ata que lles caeu a labazada estando no Goberno e entón tiveron que reflexionar, e agora sacan esas medidas do ditame, que me parecen moi ben. Nós, é certo que consensuamos bastantes delas, pero o tronco, o tronco principal, continúa a ser esa palabra: ordenación, e se lle aumentamos outra máis, integral deste país, esa é a palabra máxica.

De todas maneiras, eu pensei que viña falar do Pladiga e falou practicamente de política forestal e, sobre todo, do organigrama da Consellería. Vale, paréceme ben, hai unha expectativa tremenda. Aquí arriba, na tribuna, temos un montón de xente que vén escoitar algo, algo concreto, porque está todo no aire, e logo esmigallarei un pouco esta historia.





O punto básico é a recuperación integral do rural, non hai outra saída, non hai outra saída. Superficie agraria útil en aumento, e non en diminución crecente como está pasando agora. Política de desenvolvemento agrario, pero en serio. ¿Por que? Porque este país non pode xogar a carta soamente ao monocultivo do eucalipto e do leite e da carne. E sigo repetíndoo, e seguiremos repetíndoo. Ten que xogar a carta a un desenvolvemento agrario en serio, a unha implantación de poboación no rural, a unha xestión da poboación do rural, a unha industrialización dos produtos do rural no rural. ¿Devasas con Portugal? Si, e entre comunidades de montes. Claro, e entre masas mono específicas de máis de 25 hectáreas con eucalipto e con piñeiro, ¡claro que si! ¿A palabra devasa vólvena poñer vostedes de actualidade?, paréceme ben.

Un ano máis, o Pladiga máis exuberante de datos, ategado de medios de extinción, ¡jeu que sei!, un Pladiga triunfal como corresponde a unha consellería e a un sector —o do monte— que vai diminuíndo drasticamente a incidencia dos lumes, ¿ou non é así e unha vez máis temos que baixar á crúa realidade?

Para nós destaca a participación do sector na elaboración. Esas reunións previas de traballo do Consello forestal para debater os aspectos máis importantes do mesmo, que nunca existiron. Non quero mentir porque está feo nunha persoa maior, pero a reunión preceptiva para cubrir o expediente, celebrada en abril pasado, foi dunha anormalidade democrática asombrosa. Non enviaron documentación previa, e na reunión deste consello forestal —e téño escrito con minúsculas pola importancia que vostedes lle dan— impediuse abrir un prazo para a presentación de achegas ao Pladiga. O director xeral, o incombustible e todopoderoso Tomás Fernández Couto, razoou esta barbaridade afirmando rotundamente e con xeito autoritario: «*O Pladiga apróbase no Consello da Xunta e punto.*» Son palabras textuais.

Sabemos que o Consello Forestal é consultivo, pero consultivo vén de consultar, consúlteno. O lóxico é manter reunións de traballo previas á elaboración dun novo Pladiga, analizando os erros e deficiencias da temporada pasada e avaliando as novas medidas, que as hai, neste caso o cumprimento das franxas; a súa efectividade neste curto período de tempo; medidas forestais de prevención, de ordenación, ¡jeu que sei!

Pola contra, despídenos cun ordeno e mando e dan o trámite por finalizado. Práctica democrática en esencia, franquista ou totalitaria, que vén sendo o mesmo, porque varias asociacións presentes no consello teñen demandas moi serias e fundamentadas, vexamos. Solicitaron ata a saciedade unha participación e consulta máis activa, ¡como se cantara un carro! E mire que os carros xa non cantan, nin sequera na canción.

Négaselles repetidamente esta petición e entrégaselles tarde a documentación relativa a este punto para a celebración dos consellos forestais, e para mostra un botón. Na última reunión non enviaron ningunha documentación nin se abriu a posibilidade —como xa dixen— de facer ningunha achega. Estase, pois, a perverter o funcionamento do Consello Forestal de Galicia como órgano consultivo, e de ningunha maneira se pode dar como oído este órgano en materia de incendios forestais, non señor, estiveron presentes pero non faloron.





¿Non debera ser o Pladiga un documento de estratexias e de medios de prevención e de extinción? A mellor extinción é unha boa prevención, e unha boa prevención sería a coordinación e deseño da mesma por distritos forestais, en reunións destes e das comunidades de montes, dos concellos, para planificar os traballos de prevención nos territorios dos mesmos. ¿Onde están? ¿Celebraron algunha? ¿Vana celebrar?

Contempla este documento o establecemento de faixas de protección a xeito de superficies de monte en pastoreo, masas forestais de caducifolias, ralentizadoras, algo que impida o acontecido en Dodro e Rianxo hai un par de meses, que foron novecentas e bastantes hectáreas de masa continua de pirófitas que arderon, e arderon ata que chegaron ao mar. O lume chegou ao mar e alí non arde, de momento.

Créame, señor conselleiro, se non teñen previstas este tipo de actuacións, unha vez máis o Pladiga vai ser un documento endeble na súa utilidade seria, e un duplicado doutro duplicado, doutro duplicado, que só é útil para xustificar ese aparente interese en parar o lume e defender o monte e a riqueza deste país.

Dentro das liñas de prevención hai unha destinada á formación de equipos para as comunidades de montes, para que poidan facer silvicultura en serio. Silvicultura, esa asignatura pendente no noso forestal; é máis, eu non diría pendente, diría inexistente. Pois ben, unha vez máis, e dentro desas liñas de prevención, as mancomunidades de montes e as comunidades non poden facer os traballos de silvicultura co seu propio persoal, cando hai comunidades que contan con ese persoal cualificado e con maquinaria axeitada. ¿É que a Consellería non pensa na xeración de emprego local, de emprego social, e soamente lle interesas as empresas forestais?

Por certo, señor conselleiro, ¿as franxas secundarias de protección son soamente para matogueira e especies forestais pirófitas ou para todo vexetal que as ocupe, sexan froiteiras, salgueiros ou carballos?, porque se está cortando a eito, ¡a eito! ¿Entran tamén as autovías, autoestradas e vías en xeral, incluíndo o ferrocarril de vía estreita?, porque vostede viaxa coma min e ve, ¡hai que ver o que se ve!

No referente a faixas de xestión da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, producíronse numerosas modificacións da lexislación dende a súa entrada en vigor. Observamos distintas interpretacións, incorrendo en graves erros, cos seguintes prexuízos para a cidadanía. Circulares e bandos de concellos que se aplican, distancias e obrigas que nada teñen que ver co aprobado da Xunta. Interpretacións distintas da normativa segundo cada distrito, habendo diferencias entre eles nas catro provincias. Persoal da administración forestal dando charlas a asociacións de veciños, comunidades de montes, propietarios forestais etc., interpretando cadaquén o lexislado segundo o seu bo entender. E isto está, en moitos casos, afectando ao patrimonio arbóreo, con cortas de árbores —como xa lle dixen— que non é preciso nin obriga realizar. Córtanse ata salgueiros, hai que deixar a franxa limpa. Non é así.

¿Por que en montes conveniados non se poñen nas lindes franxas de caducifolias que impidan que o lume viaxe dun monte veciñal a outro? ¿É tan difícil o sentido común? ¿É tan difícil



facer prevención en serio? Porque continuamos coa mesma música respecto das axudas, de xeito que saen en xaneiro pero a súa tramitación é tan lenta que cando se resolven e se poden comezar os traballos xa pasou o período de alto risco, e posiblemente o lume fixese os traballos de prevención. Vostedes non escoitan.

Non dixo nada da incorporación da xente de Seaga ao servizo de prevención e extinción. Na reunión mantida o 9 de maio, tanto vostede como o xerente de Seaga aseguraban que pasaban para a Xunta o 80 % dos traballadores e traballadoras. Eu non quero dicir que vostede minta, pero tampouco os compañeiros que mo pasaron, e non foi un só nin dous, tampouco din o que vostede está dicindo agora coa cabeza. Asegurou que a xente que se anotou este ano non entra, que queda para a convocatoria do 2020, que non vai abrir un prazo extraordinario, co cal a nós non nos cadran as contas de que volten para a Xunta o 80 % dos traballadores de Seaga, xa que houbo xente que se anotou este ano. ¿Esta vai entrar ou non vai entrar? ¿Cando vai saír o decreto? ¿Que prazas son? ¿Que relación laboral terían os traballadores coa Xunta?, indefinido discontinuo, fixo discontinuo...

Se unha vez modificado o decreto se vai modificar a convocatoria das oposicións de bombeiro forestal para que os traballadores de Seaga puntúen no concurso-oposición, ¿si ou non? ¿Como vai ser? ¿Só entran os traballadores últimos e actuais ou calquera traballador que formara parte de Seaga anos atrás?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RIVAS CRUZ:** ¿Que día van empezar?

¡Claro!, porque vostedes o que non nos aclaran é que se de admitir que o problema está na ordenación, discontinuidade, mosaico, racionalidade, biodiversidade, ¿de que falamos? ¿De que estamos falando?

Seguimos despois. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, como sempre que falamos de incendios forestais, queremos resaltar e loar a implicación, dedicación e o compromiso de todos os traballadores e traballadoras que forman parte do dispositivo de loita contra os incendios forestais, e que hoxe algúns dos membros nos acompañan desde a tribuna. (*Aplausos.*) Son eles, e elas o orgullo do noso territorio, os primeiros en chegar aos incendios e os últimos en irse. O seu labor é insubstituíble.



Vímolo recentemente na nosa comunidade co incendio do primeiro trimestre da zona de Dodro e de Rianxo, onde se queimaron máis de 1.000 hectáreas e os traballadores e traballadoras do dispositivo de extinción demostraron, unha vez máis, a súa valía no labor de extinción do lume e protección da veciñanza e do territorio, por iso as nosas primeiras palabras son de recoñecemento e agradecemento.

Como ben saben, despois da vaga de incendios sufridos en Galicia no outono do 2017, constituíuse neste Parlamento unha comisión de estudo na que se recibiu información dunha ampla representación do sector. Contamos con expertos e profesionais que nos deron a súa visión dende ámbitos moi diferentes, pero relacionados sempre de como debería revisarse a política forestal da Xunta de Galicia, que semellaba un modelo caduco e fallido.

Aquí gustárame destacar o esforzo feito por todos os grupos parlamentarios, así como o feito polos e polas expertas, coas súas achegas á comisión relativa aos incendios forestais.

Unha vez rematadas estas comparecencias, elaborouse un ditame que o noso grupo votou a favor, co obxectivo de cambiar a política forestal, con diferentes recomendacións. Temos a convicción de que as medidas expostas no seu ditame final van servir de base para que nos vindeiros anos os lumes de Galicia pasen a ser testemuñais. Iso si, sempre que haxa vontade política e se poñan de verdade máis e mellores medios ao servizo dos profesionais.

O cambio non pode ser unicamente de forma, ten que ser un cambio de fondo, que optimice os recursos dispoñibles, económicos, humanos e de medios, para poder realizar os labores de mantemento necesarios e evitar ter que chegar aos casos de extinción de lumes, nos que, por desgraza, temos moita experiencia acumulada. Todos estamos de acordo en que é moito mellor previr que curar, e niso é onde temos que traballar e concienciarnos.

Tamén se creou un comité de expertos, o cal está a piques de rematar e aprobar as súas recomendacións por unanimidade para tratar de coñecer, dende un ámbito máis académico, a situación do noso monte, así como as medidas para melloralo.

A temporada de lumes propiamente coñecida xa comezou, e o Pladiga que nos vén presentar o señor conselleiro xa está en práctica. Pero, aínda así, as recomendacións que saian deste comité do que falaba antes e que se poidan pór en práctica sen custos adicionais deberíanse poñer en marcha canto antes por parte da Xunta de Galicia, xa que toda axuda é pouca para loitar contra esta lacra que estamos a vivir cada ano con maior ou menor intensidade.

Ademais —como saben todos os presentes—, na actualidade os incendios non entenden de tempadas, son imprevisibles, tanto na súa aparición temporal como na súa extensión xeográfica. Hai lugares máis propensos que outros, pero, por desgraza, non hai comarca que se libre dos seus devastadores efectos. Todos recordamos os lumes de outubro de 2017 pola súa época inusual e a súa virulencia, intensidade e capacidade destrutiva. Sen embargo, non foron os primeiros nin —ou moito me equivoco— serán os últimos. Dende hai tempo, os expertos viñan alertando deste tipo de incendios, agresivos e desestacionalizados, polo que, pese ás condicións climáticas en contra que houbo nese 2017, tampouco deberían asombrarnos as fechas estrañas nas que se produciron. Por iso parece máis que relevante planificar o



presente e o futuro dos dispositivos de extinción de incendios con moita cautela, información e escoitando os profesionais, expertos e axentes do sector; ademais de acompañar con cartos o seu correcto funcionamento e operatividade. Porque, sexamos sinceros e non nos fagamos trampas ao solitario, soamente cambiando a forma non solucionamos este problema estrutural, precisamos tamén cambiar o fondo: ordenación do territorio, creación de montes ordenados, montes produtivos, etc. É un cambio estrutural do noso monte.

Por outra banda, se nos fixamos na evolución tanto do crédito vixente como das execucións do presupostado no Programa 551B da Xunta de Galicia, relativo á prevención dos incendios forestais, vemos que por esa parte tampouco houbo os cambios necesarios para poder impulsar de forma decidida a superación do actual modelo. Os cambios de forma eran e son necesarios, pero os cambios de fondo e monetarios son imprescindibles para poder acadar os obxectivos fixados.

Parece que ao final os cambios quedaron máis nun papel que na realidade, xa que sen orzamento que acompañe os cambios e melloras nos servizos de prevención de incendios pouco se vai poder realizar. É certo que nos últimos anos houbo avances nos orzamentos e a tendencia é positiva, pero non son suficientes, e seguimos lonxe do presupostado nos anos do Bipartito. Tanto no 2018 como no 2019, a pesar dos avances en relación cos peores anos da crise, non se conseguiu acadar o presuposto de 2008. No ano 2019, o Programa 551B ten un orzamento de pouco máis de cento dez millóns e medio de euros; sen embargo, non vemos reflectidos os cambios prometidos tras os desastrosos lumes sucedidos hai dous anos, e soamente houbo un incremento de menos do 1 % en comparación cos de 2018. E nestes, á súa vez, un incremento de pouco máis dun 2 % en relación co 2017, ano da vaga dos lumes; unha subida que consideramos escasa cando estamos a falar dun problema gravísimo que cada ano arrasa cos nosos montes, prados e masas arbóreas.

Non parece que cun incremento de menos do 1 % e de case o 3 % en dous anos se poidan poñer en marcha todas as medidas novas que se prevén utilizar no ano 2019, como son o uso de drones para vixilancia ou o aumento de persoas implicadas nas operacións de prevención e extinción de incendios, entre outras. Os retos son moitos, pero tememos que os recursos económicos mobilizados pola Xunta de Galicia non serán suficientes para acadalos. ¡Oxalá nos equivoquemos e teñamos que rectificar as nosas palabras!

Aquí estamos todos de acordo en que unha extinción debe comezar co traballo de prevención, que de seguro evitaría moitos dos lumes que se producen en Galicia. Sabemos do esforzo que fan os concellos na loita contra os lumes e do convenio de colaboración ao que se poden adherir as entidades locais —como ben dicía vostede, señor conselleiro, antes—. Sen embargo, volvemos ao mesmo: falta de recursos e medios para poder cubrir todo o noso vasto territorio dunha forma efectiva e eficiente.

Temos un problema estrutural, un problema moi serio, porque aínda que o ano pasado non fose especialmente devastador e se cumpriran os obxectivos propostos no Pladiga, iso non quere dicir que xa teñamos todo solucionado. Despois dos lumes de 2017, especialmente agresivos na contorna de Vigo e en diversas áreas de Ourense, motivados polo cambio climático e o modelo de monte que se estaba a impoñer en Galicia, vimos que había unha opor-



tunidade de cambiar, modificar e avanzar no noso modelo de prevención e defensa contra os incendios forestais.

O modelo do Partido Popular era un modelo caduco e fracasado. *(Aplausos.)* Despois da creación da Comisión de estudo e o seu posterior ditame, vimos unha oportunidade de mudar o sistema, de melloralo. Sen embargo, a pesar dos cambios introducidos no novo Pladiga —e perdón que me volva repetir—, isto non veu acompañado dun apoio económico para que os ditos cambios poidan ter lugar máis alá dun documento. Precísase dunha política transversal que alcance todos os sectores implicados e que permita superar a política errada dos últimos anos da Xunta de Galicia.

Temos grande retos, e, entre eles, o máis destacado e difícil de controlar é o cambio climático. Este afecta e afectará de forma decisiva os grandes lumes que se producen no noso territorio, con tempadas secas, menos choiva e menos recursos hídricos, entre outros. Por todo isto, cando falamos de que ten que ser unha política transversal, falamos de que ten que ser atallada dende todos os sectores; unha política que poña no foco a prevención e se enriqueza con aportacións dende todos os sectores implicados para tratar de rematar con esta lacra. A posta en valor de cambios estruturais na prevención dos lumes debe ser o camiño a seguir, e os socialistas estamos convencidos disto.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Señorías, benvidos. Boas tardes.

Boas tardes ás compañeiras e aos compañeiros que nos acompañan hoxe tamén nas bancadas, compañeiros de batalla.

E tamén quería dar un saúdo forte ao persoal técnico da Xunta, da Consellería do Medio Rural, que agora mesmo se está manifestando fóra do Parlamento porque non son debidamente atendidos.

Tamén quero agradecerlle a comparecencia ao señor conselleiro... *(Risos.)* Non se ría. Digo que non se ría, que non é broma. De verdade que están aí fóra. *(Murmurios.)* Agradezo a comparecencia do señor conselleiro. Cando nomeamos a Balbino aquela vez non foi con sorna, nin cara ao mestre Neira Vilas nin moito menos cara a vostede. Fixemos unha similitude entre o seu relato e como comeza o libro; nada máis lonxe diso.

Hoxe veu o conselleiro falar do Pladiga. Dende En Marea imos cambiar o discurso; persoalmente xa non vou falar de corta e pega, polo menos na súa totalidade. Existe algunha novidade e vemos tamén na súa comparecencia moita vontade, a ver se é capaz de levala adiante.





É certo que sobran algunhas cousas do Pladiga, e tamén é certo que botamos algunhas cousas en falta.

¿A aprobación do Pladiga? ¡Chega tarde! Hai un mes que se aprobou. Nós pensamos que o Pladiga debería ser aprobado xa no mes de decembro do ano anterior. O Pladiga tiña que estar aprobado xa dende hai seis meses porque o Pladiga establece directrices da extinción de incendios pero tamén da prevención, e a prevención témola que facer no inverno. Non podemos aprobar un Pladiga agora para empezar a facer esas devasas e esas faixas de protección —vostede dixo que se ían facer xa— porque estamos no mes de xuño. Depende de como veña o ano, xa sabe vostede que despois non dá tempo.

¿A elaboración do mesmo? Pois, ¡home!, eu penso que —ademais xa o dixo o compañeiro Rivas— vostedes fixeron saltar polos aires calquera tipo de diálogo ou de participación no mesmo. Temos as críticas de membros do Consello Forestal, tanto de Amigos da Terra como do Sindicato Labrego Galego, como de Frouma, que acusaron da deriva totalitaria deste órgano, do órgano consultivo da Xunta, á hora de elaborar. Rexistraron un escrito no que lle pedían á Consellería do Medio Rural a reformulación do funcionamento do Consello Forestal de Galicia no que se refire á participación activa dos axentes sociais e sectoriais, algo do que vostede, ademais, acaba de falar moito. Quere que a xente, o persoal que traballamos no servizo, participemos neses plans. Pois se vostede pide esa participación, déalla tamén ao Sindicato Labrego Galego, déalla aos Amigos da Terra, déalla a Frouma.

Tamén acusan da mesma maneira á Consellería do Medio Rural, con independencia do conselleiro ou conselleira que a dirixa, de negarse sempre a atender esta petición, de maneira reiterada. De feito, para a celebración do último Consello Forestal, celebrado o pasado 26 de abril, non se enviou ningunha documentación previa do Pladiga aos membros do Consello; e nin tan sequera se abriu ningunha posibilidade de facerlle achegas. O director xeral de Defensa —ben o dixo o señor Rivas antes—... A min paréceme patético que un director xeral sexa capaz de zanzar unha reunión dicindo: «o Pladiga apróbase no Consello da Xunta, e punto». Eu penso que lle debería dar, cando menos, un tironciño de orellas. Unha comisión de estudo non pode solapar esa mesa de traballo sobre a prevención de lumes no seo do Consello Forestal, tal e como se comprometera a constituír a propia conselleira anterior.

Hai un caos na aplicación da nova normativa sobre a creación de faixas para previr os incendios nos núcleos de poboación. Vemos a denuncia nas redes día tras día, córtanse árbores autóctonas a esgalla. E ata distintos distritos e persoal técnico interpretan a norma de distinto xeito, non está claro.

A nova política forestal ten que deixar de ser tanta política forestal e ser máis unha política de monte. Falaba vostede de que hai cuestións partidistas na aprobación do ditame. Non, non hai cuestións partidistas, o que temos é distintos puntos de vista á hora de entender o noso monte. Porque aquí tampouco falou nada vostede do Plan forestal, e iso tamén estaba dentro do ditame. ¡Claro! Un Plan forestal que incrementa un 8 % a superficie de eucalipto, En Marea non o vai aprobar, ¿que quere que lle digamos? E coma iso, moitas cousas.

A nós negáronsenos os informes que solicitamos dende de En Marea nesa Comisión de incendios; entre eles, os datos da execución do Pladiga, que estamos falando hoxe deles. Dende





En Marea pedimos o dato de execución do Pladiga dos anos anteriores e non se nos enviaron; algo que desconfiar si que dá.

Opacidade na información. Vimos como no Bipartito, que tan criticado foi, nomeábanse todos os lumes, tiveran a superficie que tiveran, eran públicos na páxina da Consellería do Medio Rural. Agora, só os que teñen máis de 20 hectáreas. De feito, o outro día o presidente meteu a pata cando afirmou que o día 26 de marzo deste ano tiveran que intervir en máis de 39 lumes, pois na páxina web da Consellería do Medio Rural só saíron 2 ou 3 publicados. Iso, cando menos, é esconder os datos.

Sobre o persoal técnico da consellería. O 3 de maio as catro organizacións sindicais presentan ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural unha solicitude para abrir a Mesa de negociación para a actualización de acordos de condicións de traballo do persoal técnico da Consellería do Medio Rural. O cadro deste persoal data do ano 1999, son uns anacrónicos, cando non existía a Lei de incendios de Galicia nin a Lei de montes de Galicia. Por certo, hoxe nos informou de que posiblemente se redacte outra lei cando a lei do ano 2007 está sen executar, non a executaron para nada, non lle fixeron caso.

Despois dun ano a relación de apertura oficial da Mesa de negociación deste persoal amosa unha absoluta falta de respecto ao servizo público que exercen os técnicos forestais que ten aí fóra protestando e que ademais acaban de convocar un acto reivindicativo para o día 16 de maio, ao cal assistiremos. Persoal de tres meses no Servizo Público de Incendios. Sempre o dicimos, de cinco meses. Este ano van ser cinco, desculpe. É imprescindible e necesario reforzar o dispositivo para poder atender e desenrolar as tarefas que a propia Lei do sistema nacional de protección civil encomenda. Pedímoslle formalmente para este colectivo que proceda á modificación da actual relación de postos de traballo da consellería no senso de que a duración dos contratos deste persoal pase a nove meses. Brigadas do concello están facendo o mesmo traballo que os compañeiros do servizo e cobran moito menos. Moitos deles non teñen formación, están traballando moitas máis horas das que traballamos a xente do servizo público, ás veces levando tarefas de desbroces no mes de agosto. Despois de estar oito horas desbrozando, marchar a un lume catro horas, non é bo nin para o monte nin para eles.

E aquí tamén vemos outro incumprimento máis do presidente Feijóo, cando nomeou esas fórmulas máxicas para acabar cos incendios. Garantía de que o cen por cento dos concellos ían ter brigadas. A día de hoxe, no Pladiga que hoxe nos presentou, non está recollido; non teñen brigadas o cen por cento dos concellos.

O persoal de Seaga. A principios do mes de maio tiveron unha reunión con vostede, tiveron unha reunión co xerente, e vostede informounos de que o servizo público de defensa contra incendios forestais ía contar co persoal que máis experiencia tivera, o cal significaba que se ía baremar ese tempo traballado en Seaga, e deu prazos. Tamén lles dixo que ían entrar a traballar a primeiros de xullo. Despois, se pode, aclárellelo, porque a xente tamén ten a súa vida.

Tamén lles dixo que o persoal que non entrase nas prazas da Xunta ían facer prevención en Seaga. Dixo que o decreto estaba no Consultivo. O decreto foi aprobado o pasado xoves, se non me equivoco. O decreto creo que está á espera de ser publicado no *Diario Oficial de Galicia*.



Hai un par de cousas que temos que concretar aí. Na reunión o xerente dixo que o tempo traballado se ía baremar de oficio. Claro, ¿e que pasa coa xente que traballou dúas, tres ou catro campañas en Seaga pero o ano pasado non traballou? ¿Eses datos vanos cruzar, vanllos contar á hora de acceder? ¿Como vai facer a consellería para cruzar eses datos? E outra cuestión é que ao persoal que quede en Seaga lle aclare canto antes cando entra a traballar e canto tempo.

Teño aquí o documento de mapas do Pladiga do ano 2019. Ten un índice totalmente idéntico ao do ano 2018, non cambia nada. Por dentro modificouse unha parroquia de alta actividade incendiaria. Despois hai aquí unha relación de medios; por exemplo, o mapa das bases de medios aéreos. Temos que alegrarnos de que hai menos bases de helicópteros alternativas e que vai haber máis bases de helicópteros fixas. Levamos demandando aquí tres anos que pasaba coa base do helicóptero do Barco, un dos distritos con máis incidencia incendiaria e que ata agora non estaba operativa, así como pasa coa de Portomarín; este ano van estar operativas.

Pero tamén aquí nos marca bases de avións lixeiros de carga en terra. Beariz, Bande e (...). ¿Van estar operativas este ano ao cen por cento por parte da Xunta? Porque xa o ano pasado as marcaron tamén e estiveron pechadas. E eu penso que están incorrendo vostedes nun grave erro se isto ocorre.

Tamén nos alegamos de que haxa máis puntos de auga de carga para estas naves, hai 38 puntos máis; o que pasa é que algúns dos que teñen marcados aquí —e refírome sobre todo ao meu concello— non están operativos, non están funcionando. Entón, igual é ben que tome nota e que mande revisalos, porque o día que faga falta auga van estar baleiros.

Os puntos de auga non aptos para helicópteros vemos que diminuíron, curiosamente, os de carga en terra, os das motobombas.

Unha cousa é o que vostede nos vén contar aquí, e xa lle digo que vemos boa vontade, pero unha cousa é a vontade e outra cousa despois é o que se leva a cabo.

¿A consellería a día de hoxe está mellor preparada que no ano 2017 en caso dunha vaga de lumes? Esperemos que si, esperemos que si. Os cambios, de momento, aínda non se levaron a cabo.

E despois, para rematar, coincido co compañeiro Rivas, eu penso que Neira Vilas, se hoxe se levanta... Ben, Neira Vilas en vida xa rabiou por ver o dano que vostedes lle fixeron ao noso rural.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Moi boas tardes. Moitas grazas, presidente.



Señor conselleiro, nós queremoslle agradecer a súa comparecencia. Tamén quero destacar que noutras ocasións para o Pladiga se comparecía en comisión e este ano quixo vostede vir comparecer no Pleno da Cámara e dar as explicacións oportunas, algo que tamén é de destacar.

Agradecer tamén o ton de todos os grupos, pero, señor conselleiro, xa ve vostede que non pode nomear os autores que a vostede lle gustan sen pedir permiso especialmente a algún grupo. Vostede fíxoo simplemente por literatura e outros grupos, coma sempre, tratan de utilizalo desde o punto de vista político. Creo que apropiarse dos autores galegos que nos pertencen a todos é outro erro máis que cometen algúns dos políticos.

Dicía o señor Rivas que non debería ser o Pladiga un documento de estratexia e planificación. Tomei nota literalmente para que non se enfade. Nós temos claro que si. Se ven o documento, precisamente o Pladiga 2019, para a prevención e defensa fronte aos incendios forestais, ten como principal obxectivo protexer as persoas, os bens e a riqueza forestal da lacra dos lumes. Ademais, cómpre lembrar que a inmensa parte dos montes, arredor do 98 %, está en mans dos propietarios particulares, polo que defender este recurso implica protexer o patrimonio de todos os galegos.

Para acadar este obxectivo, establécense unha serie de accións e medidas que abarcan todo o relacionado coa prevención, detección, disuasión, extinción e investigación dos incendios.

Antes de continuar, quero tamén, desde logo, saudar afectuosamente a todos os que hoxe nos ven desde a tribuna de invitados e aproveitar para felicitar a todo o dispositivo de extinción, así como tamén a todas aquelas persoas e colectivos que interveñen na extinción de cada lume, porque fan un gran traballo, teñen e amosan un gran compromiso, xa que, malia as condicións meteorolóxicas adversas, preto do 67 % dos lumes do pasado ano quedaron en conatos; é dicir, no superaron a hectárea de superficie. Polo tanto, queremos agradecervos o voso traballo. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, fixéronme gracia algunhas afirmacións, sobre todo coñecéndoo a vostede, como que vostede fixo saltar polo aire esas canles de diálogo. Eu creo que son afirmacións gratuítas, porque, ¡home!, un conselleiro que na aplicación que está facendo do ditame da comisión, das 123 medidas, reuniu nada máis chegar á consellería os voceiros dos grupos políticos, que creou grupos de traballo para mellorar o servizo, que creou os grupos de expertos, tamén seguindo as indicacións do propio ditame, que está facendo reunións por todas as provincias con traballadores e membros do servizo, ¿como se pode dicir que vostede dinamita as canles de diálogo?

Din que se aproba este Pladiga sen ter en conta a opinión, e chegouse a dicir aquí —díxoo o señor Rivas— «anormalidade democrática» e tamén «actitude franquista totalitaria», entendinlle eu. ¡Como non!, sempre ten que saír Franco a relucir. ¿E vostede sabe por que o acusan diso? Porque vostede cumpriu o que pon a Lei 3/2007, que aprobou o Goberno bipartito sendo a consellería nacionalista a do Medio Rural. E fíxese, a vostede acúsano de totalitarismo e franquismo por cumprir a lei que aprobou o Bipartito e que fixo, neste caso, mellorar. ¿E por que? Porque, mire, no artigo 14.2 da Lei 3/2007, di: «A elaboración do Pla-



diga corresponde á consellería competente en materia forestal». Iso díxoo o BNG. E di: «A aprobación deste plan corresponde ao Consello da Xunta, a proposta da consellería, oído o Consello Forestal de Galicia», que foi o que fixo vostede. E por facer cumprir a lei que fai o Bipartito, chámalle a vostede franquista, totalitarista e falan de anormalidade democrática. Esta é a lei do *embudo* que practican, neste caso, o grupo nacionalista e o grupo de En Marea.

Eu quixera dicir que entre os principais contidos do Pladiga —quero destacalo, paréceme moi importante— conta con catro plans: plan de prevención; plan de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras; plan de extinción; e plan de formación. Houbo unha certa contradición, porque algúns dicían que practicamente era un copia e pega e outros dixeron que este ano non era. Eu creo que convén lelo previamente, e non vir co discurso do ano anterior ou do ano anterior.

Quero destacar as principais novidades que ten este ano. Por exemplo, o uso das novas tecnoloxías de innovación a través dos drones, tanto para vixilancia como para apoio á extinción; a posta en marcha dun teléfono específico, gratuito, de denuncias anónimas, como vostede dixo, o 900 815 085; o incremento da rede de vixilancia fixa, con trinta novas cámaras de última xeración, cun total de preto de cento vinte. Redúcense tamén —como dato positivo— as parroquias de alta actividade incendiaria, que este ano quedan en setenta e unha. E tamén o reforzo e a colaboración cos concellos.

Aquí tamén quero parar porque xa ve que non poñen en valor que vostede chegara a asinar coa Federación de municipios e con Seaga un convenio pioneiro que eu creo que polo menos nos tiña que encher de orgullo a todos e dar confianza, que son 28 millóns de euros. Dicía o voceiro do PSOE que non hai recursos. ¡Home!, eu penso que 28 millóns de euros son importantes, e oxalá se poidan de verdade executar, porque sabemos que 33.000 núcleos de poboación que ten Galicia, a súa dispersión e a orografía fano bastante complicado. Ese convenio, entre outras cousas, é claramente para acometer tarefas de xestión da biomasa vexetal con alto potencial combustible, especialmente nos terreos forestais que están cerca dos núcleos.

Tamén quero destacar as facilidades que a Xunta vai poñer para os concellos, como dixo vostede. Elaboración dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, que practicamente non os ten ningún concello, e todos somos conscientes das dificultades que teñen os gobernos locais para a súa elaboración. Por iso a consellería, tamén seguindo unha proposición non de lei que aprobamos do Grupo Popular, comprometeuse á elaboración destes plans para o cen por cento de todos os concellos adheridos a ese convenio, coas axeitadas ferramentas administrativas e informáticas. Falou vostede de desenvolver unha plataforma integral tecnolóxica e tamén, por suposto, dese novidoso visor de acceso público no que se mostre e se manteña actualizada a rede de faixas secundarias para a xestión da biomasa.

Outra das novidades que tamén figura no Pladiga, que tamén foi demandada pero xa ve que hoxe non quixeron tampouco falar diso, é a potenciación do emprego das queimas controladas para a xestión da biomasa mediante a elaboración dun protocolo para a súa execución.



Parécenos destacable tamén, era unha demanda, ese novo plan de formación. Tampouco quixeron falar do plan de formación, que nós consideramos que é imprescindible e que reforza e mellora a profesionalización do persoal, de todo o persoal, incluído tamén o que intervén doutras administracións, que vai recibir unha formación xeral e específica de acordo coa súa categoría profesional. Este novo plan contempla quince cursos diferentes, centrados en aspectos como a seguridade, os primeiros auxilios, a dirección e coordinación de grandes lumes, a investigación ou a conducción de vehículos todoterreo e motobombas, entre outros.

Outra novidade que vostede tamén dixo, no marco da normativa, é a nova Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, contando coas achegas do propio persoal do servizo, como vostede está facendo con eses grupos de traballo.

Os medios materiais, xa vostede dixo que van ser superiores ás sete mil persoas, xuntando os que traballan da Xunta, da Administración do Estado, dos concellos, ademais dunha trintena de medios aéreos e trescentas sesenta motobombas.

Hai que ter en conta que este Pladiga está activo todo o ano. Ademais, nesta ocasión ampliáse o tempo de despregamento do reforzo de persoal fixo discontinuo, unha demanda que tamén se fixo e que, como ve vostede, non poñen en valor; este ano son cinco meses e o ano que vén serán seis meses.

No plano organizativo tamén quixera destacar outra novidade importante, que foi a separación desas dúas direccións xerais na súa consellería, que desde logo o que vai facer é redundar na mellora do traballo e na eficacia.

Volvemos falar dos orzamentos. Estamos falando de 110,7 millóns de euros, lixeiramente superior ao ano 2018 e tamén lixeiramente superior ao ano 2017, polo tanto, increméntanse; por certo, uns orzamentos que vostedes votaron en contra. Tamén quero dicir que se a estes orzamentos se lle engaden os destinados en materia de promoción, valorización forestal e prevención e defensa contra os incendios, incluído persoal, investimentos directos, axudas e convenios, estaríamos falando de máis de cento oitenta millóns en total.

Creo que é moi importante que todos os galegos saiban a inmensa cantidade de recursos que se adican á limpeza e á extinción dos incendios. É moi importante, de verdade, que quede sobre a mesa que hai unha planificación perfectamente estruturada, que nunca hai erro cero, por suposto que non, que nunca imos conseguir incendios cero, pero que hai unha planificación e que ademais está o dispositivo activo en todo momento, reforzándose especialmente nos meses de verán.

E vou rematar, señor conselleiro, nesta primeira quenda, dicindo que vostede, ademais, fixo un gran ofrecemento. Vostede falou de invitar os grupos, invitar a Cámara, a acadar un gran pacto de país, un gran acordo de país para loitar todos xuntos contra esta lacra dos lumes que, lamentablemente, asolan Galicia. Mire, voulle dicir: ningún grupo fixo alusión a esa proposta, non sei se o farán na segunda intervención, a min gustaríame que si, que o digan, se queren ou non, están no seu dereito, que o digan.





Eu creo que o Partido Socialista, polo ton que empregou, é posible que se sume e eu espero que si, que se sume a ese acordo.

Mire, eu creo, señor conselleiro, señorías, que vostede fixo un ofrecemento sincero. Desde logo, pode contar connosco, pode contar co Grupo Popular, porque nós preferimos traballar para ser parte das solucións e non dos problemas. Creo que tamén —e remato— os grupos temos cuestións dabondo nas que confrontar pero esta solución a esta cuestión da que falamos hoxe require altura de miras, de poñer luces longas, de compromiso e lealdade e amor a Galicia. Por iso, conte co Grupo Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco Paradelo.

Réplica, conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moi boas tardes de novo.

Quería comezar a miña réplica trasladando, en primeiro lugar, que agradezo moito, como non podía ser doutra forma, a resposta do Grupo Parlamentario Popular. E tamén lle digo, señor Blanco Paradelo, que é natural que poidan ter que reflexionar, e eu dígolle que reflexionemos, porque volverei falar da necesidade dun pacto de todos os grupos parlamentarios para deixar fóra da loita partidista os incendios forestais. E eu aludín aquí —máis que falar do Pladiga, que tamén, e podería estar seguro que falando toda a tarde—, aludín a uns retos que nos teñen que preocupar a todos. E eses retos non veño hoxe traelos aquí, diante dos parlamentarios, sen antes poñelos diante da xente do Servizo. Eu tiveron a ocasión de expoñerllos e, dende logo, pódolles dicir que as aportacións que me fixeron e as referencias que me trasladaron en relación con eses retos, dende logo, non foran que eu estivera falando de cousas que non tiñan nada que ver e que non preocupaban a xente do Servizo.

Señor Rivas, traio aquí algunhas cousas. Téñolle que dicir que, se nos poñemos a falar do Pladiga, eu lle contesto cun dos retos. Primeiro, recoñezo que a Lei 3/2007 marcou un camiño bo, porque boa parte do que hai nesa Lei 3/2007 se segue aplicando hoxe na loita contra os incendios. As franxas saen da Lei 3/2007. Pero o que dicimos é que ese camiño que se iniciou —que despois se tocou na lei do 2012, de montes, e que tamén se está a tocar na lei de acompañamento..., dicía antes algunha compañeira que se toca nas leis de acompañamento, agora necesita todos os anos... Si... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)— ... Por iso eu ía acabar dicindo que, tendo vostede razón en que se toca todos os anos, necesitamos recoller todo iso nunha nova lei, unha lei de prevención e extinción de incendios de Galicia que, ademais, poña en cuestión as cousas que temos que mellorar. Nisto pasaron xa doce anos, e temos que ir vendo se hai algunha cousa que temos que mellorar, sábeo a xente que está aí arriba.

Eu falei de prevención planificada e estratéxica. Vostede, se quere, lle dá outro nome, señor Rivas. A min, cando me fala de plantación en mosaico, eu poderíalle dar a recomendación número 22 do ditame, que di exactamente o mesmo, e fala de biodiversidade, ¿porque non





votou a favor desa recomendación? Eu vólvolle pedir que apoiemos todos ese ditame e que o saquemos entre todos xuntos.

Vostede dime que temos que facer ordenación do territorio, ordenación do territorio. Mire, temos as recomendación 62 a 70 do ditame da Comisión do ano 2018 que falan do seguinte: o primeiro que di a recomendación 62 é que hai que facer unha ordenación previa do territorio galego e dos usos do solo, distribuíndo o uso forestal, agrario e gandeiro.

O segundo que di a recomendación 65 é que hai que facer un catálogo de solos de alta produtividade agropecuaria. Eu anuncieino —e, como son un home que me gusta cumprir os meus compromisos, estouno facendo— na miña comparecencia de febreiro: vai haber ese catálogo; é máis, ese catálogo vaise recoller nunha norma con rango de lei. Polo tanto, non me falen a min de ordenación.

Pero é que é máis: nesta mesma comparecencia recordarán vostedes que acabo de dicir que hai dous problemas de fondo que fan que as consecuencias dos incendios forestais sexan máis graves en Galicia que noutras partes. E dixen: unha delas, o minifundismo, a fragmentación e o descoñecemento da propiedade, que non nos permite mobilizar as terras. Tamén as recomendacións falan da mobilización da terra, tamén as recomendacións din que a terra, a superficie agraria útil, haina que recuperar. E estamos a traballar tamén, xunto co Grupo Parlamentario Popular, nunha norma con rango de lei que recollerá esas recomendacións, por certo, apoiadas tamén polo Partido Socialista. Polo tanto, estamos nesa liña sen ningunha dúbida.

Dicía: dous problemas de fondo. Un é o minifundismo e o outro... dicía, pero díxeno claramente, díxeno aquí como parlamentario hai cinco minutos, se quere vólvollo ler, agora non o teño aquí pero dicía que a falta de ordenación dos usos do solo e a falta dun monte planificado e ordenado o que deriva é na existencia de moito abandono no rural galego que é combustible para os incendios. ¡Home, se estamos todos de acordo, señor Rivas! Se lle estou dicindo... Se quere... Ao mellor cambio as palabras... Eu non falo ao mellor como Neira Vilas ou Xabier Docampo, son máis, pola miña traxectoria tamén... falo máis, dixeramos, directo, non sei, pero estamos dicindo o mesmo. Cámbiulle o nome, estamos dicindo o mesmo. Eu o que me pregunto é: ¿acaso lle molesta que nós pensemos tamén así? Non é patrimonio só do Bloque pensar así do rural. *(Aplausos.)*

Nós, señor Rivas, como cremos o que dicimos ímolo facer e estámolo facendo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Véxoa un pouco nerviosa, señora Rodil. Eu levo oito meses como conselleiro, eu estou dicindo —pero vouldo argumentar moi fácil— que o problema é un problema moi complexo. Galicia, e se quere poderíamos falar toda a tarde disto, ten unha estrutura da propiedade que non sei se vostede a visita moito pero eu si —e máis desde que son conselleiro, que levo feito uns cantos quilómetros no rural—, sei perfectamente o problema, témolo diagnosticado, está recollido nas recomendacións e agora o que facemos son propostas.

A nós pedíronnos na Comisión que había que falar da ordenación do territorio. Volvo repetir: temos as recomendacións, estámolas aplicando en instrumentos lexislativos, que é como se



teñen que facer as cousas. Van ver o catálogo de terreos de alta produtividade agropecuaria forestal de Galicia, vano ver nesta lexislatura. Agora, entenderán —e a min dígollos de certo que me gustaría que a Administración pública fora máis rápida—, entenderán que as cousas hainas que legislar, hainas que escribir e despois hainas que sacar e teñen o seu procedemento.

Falaba, señor Rivas, logo da ordenación, falaba de que vostede non quería ver monocultivo de eucalipto, leite e carne. E eu respóndolle:

— Forestal: 80.000 familias que reciben todos os anos 300 millóns de euros.

— Gandeiro... Por certo, señorías, eu visitaba poucas explotacións antes de ser conselleiro, e agora que levo visitado unhas cantas teño que dicir que estou tremendamente orgulloso do sector gandeiro de leite galego. Isto de macroexplotacións, isto de maltrato... somos unha referencia en benestar animal, en seguridade e en sanidade alimentaria. Estou moi orgulloso do sector: 7.000 explotacións que son familias galegas que facturan 2.800.000 toneladas todos os anos de leite.

— E a carne..., ¡home! tampouco quererá ver carne, pero é que facturamos en carne 122 millóns de euros.

Falábame —e tamén falaba o señor Rodríguez— do Consello Forestal. ¡Home!, chega un pouco tarde, porque todos os membros do Consello Forestal —mesmo os que me mandaron ese escrito— teñen xa unha proposta de reforma do funcionamento do Consello Forestal a través dos grupos de traballo. Estase facendo por un catedrático de universidade para que se poida facer iso. A min tamén me parece que o Consello forestal non funciona correctamente, porque chegamos alí coas cousas xa practicamente rematadas, e eu penso que se teñen que facer traballos previos e traer ao Consello forestal o que está previamente debatido. Pero como o penso xa o estou facendo. Pode chamar aos membros do Consello Forestal e preguntarlles. Por certo, Consello Forestal que, dende que son conselleiro, convoquei dúas veces, e a segunda vez convoqueino, precisamente, para cumprir co compromiso de levar ao Consello Forestal, antes de o levar ao Consello da Xunta, o Pladiga. Pero, repito, imos, dende logo, traballar nesa estrutura de participación, como tamén faremos cos membros do Servizo na creación da nova lei de prevención e extinción de Galicia.

Falabamos tamén de que tamén dicía o señor Rivas que hai diferentes interpretacións. ¡Claro!, por iso nós o que pedimos é que os concellos se adhiran ao convenio, que, entre outras cousas, leva modelos e leva información que nos permite dar un traballo uniforme nesas franxas a todos os concellos de Galicia. Hai un cantos aínda sen adherirse, fáltannos cen. Que se adhiran tamén porque nós necesitamos a todos os concellos para protexer mellor as nosas aldeas.

Falaban de numerosas modificacións da Lei 3/2007. E eu dígollos: incluso tamén o Pladiga, igual hai que cuestionalo, non digo que non se vaia facer. Pero se entendemos que o Pladiga non é un instrumento axeitado, como din moitos de vostedes nas súas críticas, pois cambiémolo, recolleremos outro instrumento que sexa mellor na lei nova que fagamos de prevención e extinción. Vostedes poden colaborar tamén niso.



En relación con Seaga, eu quero ser moi claro, porque aquí hai xente do Servizo tamén, hai xente de Seaga, e quero deixar con claridade o que eu lle trasladei, que ademais me recolleron ben, porque me trasladaron... e eu escoitei algúns dos audios. Eu o que dixen é que eu quero no servizo de extinción de incendios de Galicia a xente o máis profesional posible, e, polo tanto, nós baremamos a experiencia na extinción. Se hai xente que ten experiencia na extinción ten que estar baremada. Vostede, que seguro que leu o decreto, sabe que no decreto están baremadas as brigadas municipais e a xente que traballou en Seaga. Nós aquí non entramos en ningún tipo de cuestión nin ideolóxica nin douro tipo; a xente que ten experiencia, como nós queremos un servizo profesional, ten que entrar e ten que ser baremada.

Eu o que lle dixen tamén é que mentres non se aprobara o decreto non se podía entrar no baremo. Ese decreto estase tramitando, como me comprometín con eles. Decía antes o señor Rodríguez que se aprobou no último consello e que se vai publicar no DOG. A partir de que estea publicado o decreto, efectivamente, baremarase esa experiencia.

Non hai baremación de oficio, señor Rodríguez, o que hai é uns traballadores dunha empresa e coincide que esa empresa —corríxame se me equivoco— é pública. Polo tanto, a empresa pública ten que baremar os seus traballadores, igual que os secretarios dos concellos teñen que baremar o tempo de traballo nos concellos. Polo tanto, non é que haxa baremación de oficio. É que eu o que lle dixen é que como a empresa Seaga depende da Xunta de Galicia, dixeramos que somos o empregador, o empregador lles ía facilitar a baremación aos membros de Seaga.

E o último que dixen tamén é que eu esperaba que o chamamento se puidera facer despois de que estivera aprobado o decreto, pero que non dependía de min, dependía das circunstancias climatolóxicas e de que non houbera un comportamento de delincuentes incendiarios que puxeran en perigo e que nós tiveramos que facer o chamamento con antelación. Polo tanto, estamos dando os pasos aos que nos comprometemos. Eu pídolle aquí un pouco de respecto polo traballo que estamos a facer porque imos na liña que lle dixemos que íamos ir.

En relación cos técnicos, e tamén llo digo á xente do Servizo, eu reúnome con todo o mundo, xa o saben eles, porque xa estiveron reunido cos sindicatos máis dunha vez, tamén cos técnicos. Houbo unha petición de reunión o 17 de xaneiro e atendémola a través da secretaria xeral técnica o 28 de febreiro. Pero é que eu nas miñas reunións co Servizo xa lle dixen que eu me volvía reunir con eles cando fora necesario, reunímonos e falamos da apertura da mesa de negociación, que seguro que teñen razóns para que se abra. Nós non temos ningún inconveniente ao respecto.

Tamén en relación co Consello Forestal, quérolle facer unha matización: vimos dunha comisión na que estiveron tamén vostedes; saben que se falou moito dos incendios; temos un grupo de expertos no Parlamento, teremos que darlle un voto de confianza tamén, non podemos abrir corenta grupos de traballo. E repito, imos abrir eses grupos de traballo de cara ao futuro. Pero neste tema eu no seu momento xa lle dixen á xente do Consello Forestal que pensaba que estaba suficientemente falado ao respecto.

Por recoller algunha das cousas máis, gustaríame falar tamén da opacidade que me trasladou o señor Rodríguez.



Señor Rodríguez, eu entendo que ao mellor ás veces aquí traemos moitos documentos, pero cando eu contestei, hai un mes ou mes e medio, a pregunta dos incendios forestais, entreguille ao presidente do Parlamento o documento no que se recollía toda a información do primeiro trimestre do 2019 sobre incendios forestais para que se lles entregara aos grupos parlamentarios. Eu sei que o señor Blanco Paradelo a leu porque a colleu aquí, non sei se vostede a colleu. Demos toda a información dos 585 incendios forestais.

E hai unha reflexión...

*(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non dialoguen.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** ...que eu lle quero trasladar aquí, señor Rodríguez, e isto poderíamolo falar dentro dun pacto entre todos sobre os incendios forestais: ¿como debe de ser a política de comunicación en relación cos incendios forestais? Porque non se olvide de que hai un efecto chamamento tamén. E non o digo eu, dío a xente do Servizo, non o digo eu, a min dixéronmo e trasladáronmo. Eu quero trasladar esa información, tróuxena aquí ao Parlamento, pero deberíamos reflexionar entre todos nesa política de comunicación. Se a queren agora veñan a criticar a nosa política e podemos entrar nun enfrontamento. Eu non vou entrar nese enfrontamento, eu digo que de cara ao futuro deberíamos ter esa reflexión.

Señor Pérez Seco, eu téñolle que dicir, dende a miña posición, clarísimamente, e estou seguro de que é unha postura do Partido Socialista, o meu agradecemento. O meu agradecemento, primeiro, porque vostedes votaron a favor das recomendacións porque sabían que eran boas, outros sabían pero non as votaron. Porque, ademais, seguen a confiar nesas recomendacións, porque saben que estamos traballando nelas, e porque poñen de manifesto o que ten que facer a oposición, que me parece moi ben: se non as fago critíquenos, estean atentos, vixiantes; se son boas, vamos intentar que se fagan, pactemos entre todos para que se fagan. E, se non se fan, critíquenno, gañen as eleccións e sáquen as vostedes adiante. De verdade llo digo.

Fálame de que non hai orzamentos. Eu quéro lle recordar que cheguei o 26 de setembro do 2018, xa non podía cambiar orzamentos para aplicar estas recomendacións, que é certo que son moi ambiciosas e que van necesitar cartos.

Pero eu vou máis alá, e dígollelo tamén aos membros do servizo, porque xa llelo dixen a eles antes. Mire, cando falamos de luces dos coches dos axentes forestais —que lles fan falta—, ¿sabe canto custan? Douscentos mil euros. Cando falamos do equipamento de todos os axentes —que lles fai falta—, ¿sabe canto custa? Oitocentos mil euros. Se queremos cambiar todos os coches dos axentes —que lles fan falta, que é certo que son moi antigos—, ¿sabe canto custan? Sete millóns de euros. Cambiamos 11 motobombas. ¿Sabe canto custan? Tres millóns de euros. Pero é que, señorías, estes cartos saen dos bolsillos de todos, ¡eh! Non é unha cuestión do Partido Popular *(Aplausos.)* Temos que facer un esforzo, pero importante ¡eh!



Miren, eu comprometo —e xa o dixen— que imos facer un plan plurianual de medios materiais e humanos do servizo para suplir todas as súas carencias. Aí van estar os membros do servizo tamén, e que nos digan eles o que necesitan. Pero o que non pode ser é que nos rebenten as costuras en cada momento. Temos que ter ese plan plurianual e temos que saber ao que nos enfrontamos os políticos e os galegos para este traballo de defensa contra os incendios forestais.

Cando me fala de que non hai medios, eu diríalle tamén, dentro da máxima cordialidade, señor Pérez Seco, o dos 28 millóns de euros, que tamén recordou o señor Blanco Paradelo. Nós fixemos unha aposta importantísima pola defensa das nosas aldeas. Pero é que non o podo dicir doutra forma, importantísima. Eu quérolle recordar que é unha competencia dos concellos dende a Lei 3/2007. Non fomos nós os que a puxemos. Pero probablemente estea aí ben a competencia. E digo probablemente porque é a administración máis cercana para poder coñecer eses propietarios que teñen que limpar. Pero é certo que hai que dotala economicamente. Entón, ¿que fai a Xunta? Pois 28 millóns de euros de fondos propios. É unha decisión da Xunta, podía decidir non facelo. Estámolo facendo. E eu fago dende aquí un chamamento. As deputacións tamén teñen que colaborar nisto. (*Murmurios.*) Non, non, as deputacións tamén teñen que colaborar nisto; entre outras cousas, porque a lexislación di que a competencia da extinción, naqueles concellos de menos de 20.000 habitantes, cando non dea chegado o concello, é das deputacións. Entón, eu fago un chamamento e dígolle —como lles digo aos grupos parlamentarios e tamén ás deputacións— que aquí temos que colaborar todos.

Tamén lles quero pedir unha opinión, sobre todo ao señor Rivas —e dígollo cun sorriso na boca—. Señor Rivas, ¿non é bo que intentemos implantar nesas franxas actividade agrogandeira? A min estame dicindo todo o mundo que sabe disto que é bo facelo, e que, se desbrozamos todos os anos, é unha batalla perdida. Non entremos en se foi idea dun ou idea doutro. O que estamos poñendo encima da mesa —por certo, recórdolle que tamén está nas recomendacións ás que vostede votou en contra— son cartos para implantar esa actividade agrogandeira. ¿Non sería bo que estiveramos todos os que estamos aquí falando cos nosos alcaldes para incentivar os habitantes das aldeas a que cederan esas fincas para que se puidera facer esa actividade?

Eu falei xa con xente que se dedica ao pastoreo para poder traballar nesta liña. Eu vou falar proximamente con xente que quere plantar moitas froiteiras nestas franxas. Pero, vamos ver, ¿é malo isto para Galicia? Entón, digo: se estamos de acordo en todas estas cousas, ¿cal é o problema para que recollamos iso nun pacto?

Remato xa e volvo ao que pedín ao principio. Vou ser moi insistente nesta comparecencia, e sempre que poida. Eu digo que, para defender Galicia dos lumes, necesitamos a forza de todos e cada un de nós. Propoño —e dígolles que non é para que me respondan hoxe, senón que podemos facer unha reflexión e reúnome con todos vostedes cando queiran para falar diso— un pacto autonómico, un pacto da comunidade, un pacto de todos os grupos parlamentarios, para ter esa estratexia conxunta; para que todos, Goberno, grupos parlamentarios, os expertos que están a traballar na comisión e os membros do servizo, poidamos afrontar todos eses retos que antes enuncié e teñamos esa altura de miras que dicía o re-





presentante do Grupo Parlamentario Popular, que eu tamén lles pido. Vamos poñernos de acordo na solución dos problemas dos nosos cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor González Vázquez.

Pasamos á apertura dunha rolda especial de aclaracións.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Blanco Paradelo, a frase que eu pronunciei levaba interrogación. Sinto moito non tela feito ben, pero levaba interrogación.

E sigo preguntando. Se non se atende ao que o Consello Forestal di, se non se lle deixa dicir, se non se lle dá material para poder opinar, ¿para que o queremos?

Non me gustaría velos a vostedes na oposición terxiversando argumentos. Xa me contaron do que son capaces. Sobre o gran acordo, señor conselleiro, cando aconteceu o de Pedrogrão, desde o BNG mandamos unha carta ao señor presidente da Xunta ofrecéndolle un gran acordo e non se nos contestou. Agora pasou un tempo xa, ¡eh!, bastante tempo. Mire, para grande acordo e para solidariedade, a do Partido Popular nos lumes do 2006. Aínda nos doe no corazón o que vostedes fixeron. (*Aplausos.*) Aínda nos doe a todos, ao Partido Socialista e ao BNG, naqueles momentos duros de fume e lume, e dunha total insolidariedade. Claro que vostedes axudaron, vostedes axudaron. Houbo quen foi cunha mangueiriña dar unha voltiña e facer a foto. ¡Vale! Pero tamén torpedearon canto puideron. Si, si, e o da comisión do 2006 deixémolo a un lado, porque sería botar lume no que non necesitamos agora nestes momentos.

Vostedes falan dun grande acordo. Comecen, pero comecen a mostrarnos ese grande acordo. E fágano ben, porque, mire, nós estamos afeitos a que as casas se empecen pola cimentación. E a cimentación deste país e o problema dos lumes deste país está na xestión do territorio. E a xestión do territorio non será tal mentres non haxa actividade económica no territorio. E non haberá actividade económica no territorio mentres vostedes non poñan o empeño necesario para que a haxa. E o empeño necesario consiste en ordenar, consiste en sacar da nada o Banco de Terras, que agora si o sacaron. ¡Claro!, pero necesitaron nove anos de seca para borrar todo o que nós fixeramos naquel bipartito maldito.

Claro, e agora sácano. ¿Vai ser a novidade de vostedes ou van ser aquelas octavillas que re-partiron naquelas...? (*Murmurios.*) ¡Si, claro, hai que dicilo caramba! ¡É que vostedes teñen unha capacidade de esquecemento tremenda! (*Aplausos.*) ¡Teñen unha capacidade de esquecer tremenda! Nós non, ¡nós non! Somos capaces de olvidar; de esquecer, non. Son cousas distintas, cousas distintas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)





Teñen, ademais, fixación nas recomendacións, e remordemento dese 2006. Mire, xa llo dixen por activa e por pasiva a vostede e ao portavoz do seu partido na comisión. Nós non fomos insolidarios na comisión dos lumes, non podemos votar aquilo no que non cremos. E, se hai varias recomendacións que son centrais e que son piares do que sería a nosa política no medio rural, non votamos. O cal non quere dicir que non esteamos de acordo con moitas das medidas que aí se vislumbran, non ten nada que ver. Tamén lle digo que depende de como vostedes as leven a cabo, que unha cousa é o enunciado e outra cousa é como se fan.

Agrádame moito que se apropien das iniciativas que desde o BNG facemos, claro que si, da froita, da actividade agrogandeira... Éme igual. Miren, lévenas vostedes polo país, póñanse as medallas, fáganas, fáganas. A este grupo parlamentario e a esta organización política o que lle interesa é que se fagan, porque iso sería sinal de que o país empeza a revivir despois de que as súas políticas, as do Partido Popular, dende a noite dos tempos condenaran á mi-seria.

Mire, o servizo de extinción de incendios ¿é o mellor do mundo? ¡Pois claro que si! Pero con iso vostedes non van remediar o que lles deben. Débenlles o recoñecemento real da súa dig-nidade. E iso faise con feitos. Iso faise con medidas que os poñan no sitio onde teñen que estar, e en formación, en material e en salario e tempo de traballo, que iso lle é a nai do año, e vostedes sábeno. Fágano dunha vez.

Señor conselleiro, pregúntolle: ¿está deseñado o futuro do servizo de extinción? ¿Xa hai con-clusións, polo tanto, do grupo de expertos que non coñecemos? ¿Déronlle contido a esa co-misión? Díganos algo diso. Porque, mire, pasa de catro ou cinco meses.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RIVAS CRUZ:** Vai pasar aos seis. Non seremos nós quen nos opoñamos, porque esa situación actual do monte vai necesitar que cheguemos aos doce meses. Porque, tal e como está o monte, como veña un ano así un pouco atravesado, como o do 2017, ou como veña un tempo como o que pasou hai dous ou tres meses, imos necesitar de todo iso.

Un último apunte, señor presidente, se me permite...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Apure, por favor.

**O señor RIVAS CRUZ:** Bueno, así terá vostede ocasión despois de dicir o que non digo eu. Pero, en fin, deixémolo así.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidente.



Señor conselleiro, antes rematei o tempo e íalle falar do gran acordo que nos avanzaba vos-  
tede, o que quería pactar para Galicia sobre os incendios forestais.

Como ben recordaba o señor Rivas Cruz, lémbrolle o que pasou no ano 2016 e o consenso que amosou daquela, que foi moi distinto ao que está amosando o Partido Socialista agora con todos os incendios estes que ocorreron no ano 2017. Sabe que, se quere un gran acordo —é bo para Galicia—, haberá que falalo, sentarse, dialogar, e pode ser que cheguemos a un gran consenso para ese acordo e que teñamos un plan para Galicia contra os incendios forestais. *(Aplausos.)*

Sei da súa vontade de diálogo —xa nos coñecemos na Comisión 7<sup>a</sup>—, sei que ten unha vontade de diálogo con todo o sistema de incendios. Pero creo que despois ese diálogo hai que transformalo en realidade.

Cando me refería aos orzamentos, e a que subiron un 1 % máis ou menos respecto do ano 2018, e a que agora, cando presentaban o Pladiga e dicían que ían a usar drones, aumento de persoas —como lle dicía na miña primeira intervención—, máis persoas implicadas nas operacións de prevención e extinción, eses, entre outros, son novos retos, e os orzamentos son os mesmos. Entón non sabemos como van distribuír ou facer que eses orzamentos cheguen para cumprir co traballo que promete o Pladiga.

Entón, tampouco falou vostede aquí do que nos últimos anos do goberno do señor Feijóo —que me alegro de que non falase— levan xustificando: de que os lumes, xunto cos seus efectos, están relacionados cunhas tramas incendiarias. Recórdolle que tivo que ser a Fiscalía e a comisión de estudo, as que negaran a existencia destas tramas.

Tamén nos preocupa a falla de autocrítica do goberno popular en materia de incendios, aínda que sabemos, como dicía antes, da vontade que ten vostede de diálogo. Pero mellor un pouco de autocrítica, e non tanto buscar os culpables, para que atopemos as solucións para que Galicia teña o menor número de incendios posible.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas de novo, presidente.

Falaban, tanto o señor Blanco Paradelo como o señor conselleiro, dun pacto de país en moitos temas que temos en común. No ditame da Comisión de Incendios Forestais En Marea presentou 82 emendas, e aceptaron 5. Por certo, unha das que se aceptaron é da que vostede agora presumía que vai facer o PP, o plan de formación. Pódello preguntar ao señor conselleiro. Daquela el era o vogal, era o portavoz do Grupo do Partido Popular nesa comisión, e el foi o que aceptou esa emenda da organización En Marea, cando propuxemos un plan de formación específico, con catro ou cinco puntos, que, ademais, queda un mes para executalo,



porque era antes de xullo do ano 2019. A ver se nun mes son capaces de lle dar a todo o Servizo ese plan de formación ao que se comprometeron, grazas a unha medida de En Marea. Alegrariámonos de que así fora.

Di o señor conselleiro que, claro, leva feito moitos quilómetros no rural dende que é conselleiro —seguro que antes tamén, el é do rural—, pero mire, ademais, vémoslle vontade. Vostede está ofrecendo unha emenda á totalidade ás políticas que o Partido Popular leva feito nestes últimos dez anos. ¿Que fixo a señora conselleira, que estivo antes que vostede? Non fixo nada. E con estas medidas vostede tenta darlle unha volta. O caso é que llas deixen executar.

Na contratación de efectivos, dixo vostede aquí que depende das condicións climatolóxicas. ¡Home, por favor!, iso é un insulto, ¡eh! Dixo aquí textualmente: «depende das condicións climatolóxicas». A min paréceme un insulto.

Sobre o tema da comunicación, claro, cando arde ao lado de Vigo e arden mil hectáreas, entérase todo o mundo; cando en Viana do Bolo ou en Chandrexa de Queixa arden dúas mil hectáreas, non se entera ninguén. Entón, eu penso que é importante que saibamos onde está ardendo e o que arde. ¿Por que? Porque podemos salvar animais, podemos salvar bens inmovibles ou podemos salvar incluso vidas humanas. ¿Que pasa? Que vostedes esconden eses datos, porque así non se lles ven as vergoñas.

Co que aforran nun ano na operación Centinela mercan as luces prioritarias e o material deficitario dos axentes medioambientais e forestais que temos hoxe en todo o país —fíxese vostede—. Prescinda un ano da operación Centinela.

Actividade agropecuaria na franxa de protección. ¡Home!, non nos pode acusar a nós, señor conselleiro, de non estar totalmente de acordo con esa proposta. Ademais, non aprobamos o ditame na súa resolución final, porque había cousas polas que non podiamos pasar, como era o aumento do eucalipto nesa revisión do Plan forestal. Pero en medidas como pasou na franxa de protección estivemos aí, ¿ou non estivemos aí? Si que estamos de acordo en que non se poden desbrozar todos os anos; hai que darlle actividade, rendibilidade, tanto gandeira como agrícola, pero non estamos en contra.

Teño aquí, repasei por encima, e non sei se vai dar tampo, ben, repasei bastante polo fondo —o que pasa é que son moitas páxinas para pouco tempo— os anexos. Exactamente o mesmo índice que o ano pasado, excepto o protocolo OACEL, que o estiven mirando e tampouco muda moito sobre os protocolos que temos aquí.

As cifras das brigadas non cadran. Tome nota, por favor. Faltan 141 códigos de prazas da relación de postos de traballo, comparando coas do cadro explicativo. As brigadas de doce e nove meses do servizo público ata agora estaban ou estabamos compostas por nove compoñentes e agora van quedar en seis. Entón, isto supón un risco serio, tanto para a seguridade do persoal como para a perda de efectividade no monte.

Redúcese o número de prazas e brigadas para a campaña de alto risco, que será de cinco meses neste ano 2019, pero non traspoñen todas as que eliminaron das encomendas de



Seaga, non están recollidas aquí. Entón, vai haber un mínimo de trece brigadas menos en todas as que pasan a ser de catro bombeiros, tres menos na Coruña, tres menos en Lugo, dous menos en Ourense e cinco menos en Pontevedra. Curiosamente coincide que se quitan menos alá onde hai máis brigadas dos concellos; cantas máis brigadas dos concellos hai, máis brigadas quitan da Xunta.

Xa na memoria —para rematar— aquí é onde moitas veces se nota que non houbo se cadra un estudo rigoroso do que debe de ser o Pladiga ou da importancia que lle debemos de dar. Cando falan da época de perigo, hai unha época fixa, que xa só non é os meses de xullo, agosto e setembro. Seguimos sen entender que os lumes van moito máis alá, e vostedes sábene e vostedes así o dixeron.

Época de perigo alto, na que se despreguen os medios de extinción: deberá ser os máximos en función da evolución do risco. A previsión actual do Pladiga comprende os meses de xullo, agosto e setembro, máis un período adicional aproximadamente dun mes. Non é suficiente. Vímolos nos lumes que tivemos no mes de xaneiro, no mes de febreiro, no mes de marzo ou no mes de novembro do ano pasado.

Medios e recursos. Señor Blanco Paradelo, estamos totalmente de acordo e aplaudimos a introdución das novas tecnoloxías. Non nos fartamos de repetilo. Agora ben, todo isto non pode suplir os recursos humanos. Non podemos pechar as casetas de vixilancia que temos, con esa xente tan profesional que hai nelas. Un drone non nos di por que camiño temos que ir ao lume e, non obstante, a muller ou o home que están nesa caseta si que nos din por onde temos que ir.

As vixilancias móbiles ¿van volver introducilas? —porque no Pladiga téñenas—, vixilancia móbil por patrullas con capacidade para realizar un primeiro ataque. Aplaudimos a nova se é verdade, esperemos que así sexa. No Bipartito creo que eran vinte e dúas, se non me confundo, e facían un labor moi bo. Se as introducen, benvidos.

Ben, o tema das Forzas Armadas outra vez, non pode faltar.

Aplaudimos tamén que sigan reflectindo —esperemos que o leven a cabo— o voluntariado ambiental ou a agrupación de defensa contra os incendios forestais.

Nada máis. Desexarlles a todas as compañeiras e compañeiros que hoxe nos acompañan bo verán e boa loita contra os incendios —esperemos que sexa polo ben de todos—, e, cantos menos haxa, mellor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Grazas, presidente.



Boas tardes de novo.

Señor conselleiro, eu penso que pode estar satisfeito por esta comparecencia súa, porque creo que todos os grupos, na súa segunda quenda de intervención, amosaron certa vontade ou certo desexo de que se poida alcanzar ese grande acordo autonómico, ese grande acordo de país para loitar contra os incendios, e creo que iso é o máis positivo que temos que destacar. E, por suposto, como lle dixen, dende o Grupo Parlamentario Popular conte con nós, porque queremos formar parte das solucións.

Respecto do señor conselleiro, creo que tamén era bo poñer en valor que el fixo autocrítica e dixo ademais que non quería entrar en disputas partidistas, e eu creo que, ademais, o que fixo o señor conselleiro foi falar do pasado precisamente para rescatar as cousas positivas do pasado e que poidan servir para o presente e para as solucións futuras que precisa Galicia.

Claro, eu, se entrara nese xogo, podería lembrar cando a ministra Narbona, de Medio Ambiente, no 2006 dixo que tamén falaba dunha trama organizada, de que os incendios do ano 2006 podían ser por motivos de vinganza ou de despeito. Podíamos recordar como no ano 2017, cando estaba ardendo todo o monte de Galicia, pois algúns grupos políticos e xente cercana aos grupos políticos xa estaban coas camisetas e coas pancartas. É dicir, hai un montón de cousas... (*Murmurios.*) ¿Non ve? Eu entendo que a vostedes os molesta, e o conselleiro precisamente dixo que el non viña facer ese tipo de disputa. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BLANCO PARADELO:** Polo tanto, nós volvemos insistir: eu creo que é bo que recuperemos ese espírito da Comisión de Estudo dos Incendios Forestais, no que moitas das medidas, no máis do 80 %, estabamos de acordo, e na que houbo tamén outro grande acordo co Grupo Socialista.

Eu quero lembrar neste pouco tempo que me queda que o conselleiro falou de 548 novas prazas no Servizo de Extinción que se ían crear e que ían figurar na RPT. Polo tanto, eu creo que tamén isto, unido a todos os convenios que se están facendo de colaboración cos concellos e demais colaboracións coas outras administracións, non se pode soste, e aquí xa non se dixo que cada vez se camiña máis cara a un servizo privatizado, e creo que ese mantra ten que quedar xa desterrado, e alégrome moito de que non se volvera dicir.

Volveuse falar de opacidade, de falta de transparencia. Creo que é tremendamente inxusto dicir iso, e sobre todo outro exemplo, señor Rodríguez, do grupo En Marea. No lume que tivo lugar en Rianxo, vostede, acompañado do seu voceiro, estivo alí no posto de mando co conselleiro e creo que tiveron todas as facilidades, tiveron acceso a todo tipo de información. ¿E vostedes que fixeron? Mentres estaban alí, rexistraron unha interpelación e unha PNL. ¡Home, por favor! É dicir, é que tamén ás veces teñen que ter un pouco de sensibilidade coas cousas. É que a min iso realmente faime sospeitar se lles importa tanto a información ou o que queren —non sei— é facer jaleo ou aproveitarse moitas veces politicamente.

Mire, señor conselleiro, vostede falou de moitas cuestións novidasas. Na súa segunda quenda, tamén —anotei— un plan plurianual para a incorporación de novos medios no Ser-



vizo. Claro, ao mellor fáltalle a coletilla «en serio». Eu recoméndolle, porque, se non, sabe que ao señor Rivas non lle gusta, cada vez que fale de novas leis, que diga «en serio», porque, se non, parece que non serven as súas propostas se non van acompañadas da coletilla «en serio».

Eu tamén quixera aproveitar para falar da UME. Non sei por que molesta que a UME veña colaborar na extinción dos lumes (*Murmurios*) —non, non, porque aquí se ten criticado, sobre todo —que o saiban tamén os galegos—, cando ten custo cero para a Xunta de Galicia e custo cero para os galegos, e veñen colaborar con outras administracións. Eu non sei se sería moi responsable non aceptar que outras administracións ou o Exército viñera axudar neses momentos. Eu penso que todos os veciños e as veciñas van agradecer de bo grao que estean colaborando con nós neses labores.

Insisto: eu creo que nos equivocariamos se, pensando que se nun determinado verán non hai moitos incendios, puidera verse beneficiado o Goberno ou puidera terse beneficiado politicamente o Partido Popular, e eu penso que pensar iso sería un erro, porque os únicos grandes beneficiados serían os galegos e sería Galicia.

Antes de rematar, quixera recordar, señor conselleiro, que vostede falou de grandes retos: unha nova lei de mobilización de terras, na que estamos traballando tamén dende o Grupo Parlamentario Popular para a posta en valor de terras abandonadas; a configuración dun novo servizo público de extinción de incendios, unha vez tamén rematadas as conclusións da comisión de expertos; convenio para a recuperación das aldeas modelo, sobre todo tamén fóra das parroquias que teñen alta capacidade incendiaria; actuar nas zonas interface nas faixas de protección con actividade. Non me digan, señorías voceiros da oposición, que non son retos apaixonantes, ilusionantes, que poden traer a solución que tanto desexamos todos para a recuperación e posta e valor do noso rural, do rural de Galicia.

A Xunta ten un compromiso na loita contra os lumes e os montes para protexer —insisto— as persoas, os bens e a nosa riqueza forestal, e para iso hai que traballar en coordinación e colaboración coas demais administracións. Nós non imos rexeitar a colaboración doutras administracións.

E tamén quixera rematar agradecendo novamente o traballo do Servizo e apelando tamén —¿por que non?— á conciencia cidadá para denunciar calquera actividade delituosa e incendiaria e tamén para alertar os servizos de extinción sobre calquera lume do que teñen coñecemento.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco Paradelo.

Turno de peche da comparecencia, conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.





Señorías, tomo nota do que me dixo o señor Blanco Paradelo, e voulle dicir, señor Rivas: en serio, imos facer ordenación do territorio, xestión do territorio. Recollemos as recomendacións, que din que hai que facer unha ordenación dos usos do solo agrícola, gandeiro e forestal. Estamos a desenvolver —e recollerase nunha norma con rango de lei— o catálogo de terreos de alta produtividade agropecuaria e forestal, para colocar cada cousa no seu sitio. ¡Claro que facemos as casas polos cimentos!

Eu quérolles facer unha pregunta a todos vostedes: ¿o sentido común ten *copyright*?, é dicir, ¿as ideas de sentido común son só do Bloque, son propiedade do Bloque? Mire, nós non queremos poñernos medallas, señor Rivas. Nós o que queremos é que nos poñamos as medallas todos os que estamos aquí. Por iso propoñemos o pacto. Se as ideas son boas, pactémolas entre todos e saquémolas adiante.

Fala vostede e tamén quero falar eu do Servizo. Claro que para ir a unha profesionalidade hai que traballar máis, máis tempo —digo—. Claro que con tres meses non se pode buscar esa profesionalidade. Por iso nós, que entendemos a mensaxe de outubro de 2017, pasamos de tres a seis meses. E, falando de disposicións orzamentarias, quero recordar que no capítulo I da Xunta de Galicia iso supón once millóns de euros. E agora, que estamos no dobre de tempo do que tiñamos hai tres anos —que non é pouco, non, pasar de tres a seis meses, ¡home!, como mínimo é duplicar—, a min sorpréndeme moito cando me falan de que precarizo o servizo; ou sexa, estounos pasando de tres a seis meses. E agora xa, aínda non chegamos aos seis meses, porque estamos en cinco, e xa queremos nove ou doce. E eu digo —xa llo dixen ao Servizo tamén—: nós temos que ser un servizo versátil, e esa versatilidade é extinción, no que somos os mellores, e avanzar cara á prevención.

¡Que non fixemos cousas! A prevención, se se fai estratéxica e planificada —e sábeno todos vostedes—, ten que vir deseñada de forma centralizada tamén. Por iso nós creamos unha Subdirección de Prevención, para traballar nesa liña.

E, cando falamos de estratexia, eu puxen aquí cousas que vostede di e nas que podemos estar de acordo.

O incendio de Rianxo pasou por unha zona da autovía, moi similar ao que pasou no ano 2006. Pois ao mellor nesa zona de autovía temos que poñer trescentos metros por riba de franxas de frondosas. Pois isto é sentido común, non me pode dicir que é idea do Bloque. Aínda que fora idea do Bloque, se é boa, ímolo facer. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pero estamos traballando niso.

Mire, señor Rivas, e eu entendo isto porque cada un ten as responsabilidades cando goberna. Tocoume a min este tema, pero hai que cambiar a lei. Isto non se pode facer dun momento para outro, hai que cambiar moitas cousas dentro da lei. Por iso nós propoñemos facer unha nova lei de prevención e extinción de incendios de Galicia, entre outras cousas, para recoller isto.

Señor Rodríguez, eu quero ser moi claro co tema. Cando falei de circunstancias climatolóxicas, dixen que se eu teño a RPT, a relación de postos de traballo, aprobada con 548 postos



de traballo, aínda que queira que entre a xente máis profesional posible, o que non pode é parar se veñen unhas circunstancias climatolóxicas ou vén unha vaga de lumes.

Pregúntolle a vostede. ¿Vostede non di que ten que haber máis xente no servizo para poder ir contra esa vaga de lumes? Entón non me pode dicir a min que non chame á xente se vén unha vaga de lumes, ¡digo eu! E pregúntolles a todos: case 3.000 persoas —2.976— traballando no servizo, ¿son moitas ou poucas? A ver se abrimos este debate dunha vez, que estamos a falar dun número moi importante de persoas. Por certo, magníficos profesionais, non me cansarei de repetilo. pero hai que valorar ata onde podemos chegar cos orzamentos públicos.

Temos que traballar moito máis na estratexia de planificación da prevención, e penso que o número que temos é un número suficiente. Pero iso tense que falar, entre outras cousas, xunto co que dicía vostede de casetas de vixilancia e de vixilancias móbiles —e tamén lle vou quitar a intranquilidade ao señor Rivas—, iso terao que dicir o grupo de expertos.

¿Pero nós non creamos un grupo de expertos designados por todos os grupos parlamentarios para que falaran especificamente do servizo? ¿Non se acordan vostedes de que a creación deste grupo de expertos foi a principal traba para non votar o ditame da comisión? Pódenllo preguntar á xente do PSOE, que sabemos perfectamente por que non se votou: porque había que eliminar as brigadas municipais, ese era o seu criterio. E nós dicimos: falemos cos expertos. A min, persoalmente —e dígoo aquí como conselleiro do Medio Rural—, paréceme importante ter a presenza no territorio, e tamén mo di a xente do servizo. Agora, ¿que temos que mellorar —xa o dixen na miña primeira intervención— a profesionalidade das brigadas municipais? Trallemos niso, falemos co grupo de expertos, fagámolos máis profesionais. Pero 1.500 persoas no territorio son un número moi importante tamén na defensa contra os lumes.

Por iso nós dixemos: como hai que debater isto, ímolo debater co grupo de expertos. Están falando destas cousas, ¡eh!, están falando destas cousas. Eu quérollelo agradecer. Penso que a xente que está alí, dende logo, ten moita máis cualificación ca min, e vostedes designáronos por expertos. Póddolles dicir que estiveren nalgunha reunión e son xente con sentido común, e quero felicitalos polo esforzo que están facendo na reconfiguración do servizo. Agora, tamén lle pregunto: se resulta que ese grupo de expertos designados por todos os grupos parlamentarios fai un informe e a vostedes non lles parece ben, ¿que van dicir?, ¿que non o aceptan? Porque tamén foron designados por vostedes. Polo tanto, eu digo: traballemos todos xuntos. Busquemos unha solución entre todos para os retos que temos.

Eu quero rematar a miña intervención, dende logo, resumindo eses retos porque me parecen suficientemente importantes, e resumindo o que falei hoxe nesta tarde aquí, 28 de maio de 2019. Para min, dende logo, é unha tarde importante, porque vir falar aquí de cuestións tan importantes para os galegos como é a prevención e a extinción de incendios de Galicia, penso que merece a reflexión de todos aqueles que os representamos.

Falamos do Pladiga, que é unha parte, e non todo, do que é a prevención e a extinción. Pero tamén falamos dos grandes retos que temos que afrontar na loita contra os incendios. Da



necesidade dun maior esforzo de prevención, que ten que ser planificada e feita dun xeito estratéxico. E cómprolle todo o que falamos aquí sobre esa prevención. Para iso temos que facer unha nova lei de prevención e extinción de incendios de Galicia; unha lei na que vai participar —e eu comprométome a iso e poñerei en marcha os grupos de traballo— todo o servizo de extinción de incendios de Galicia e todo aquel que teña algo que dicir nesta lei. Isto non vai vir dun despacho feito desa forma, senón que vai vir coa participación.

Da protección das nosas aldeas fronte aos incendios forestais e da necesidade de combater adecuadamente os lumes na interface urbana e forestal. Isto dío o conselleiro. Aí temos o problema de 33.000 núcleos de poboación e temos que atacalo.

A configuración do noso servizo —e tamén o di o conselleiro do Medio Rural—, que ten que avanzar na súa caracterización como un servizo público, único, versátil e o máis profesionalizado posible, e dotado dos medios que lle correspondan. E para iso faremos un plan plurianual de necesidades materiais e humanas, porque tamén hai e vai haber moitas xubilacións no servizo, e iso témolo que contemplar tamén.

E por último, pero non menos importante, a concienciación cidadá e tolerancia cero fronte aos incendiarios. Todos temos que ter claro que os que queiman os nosos montes son uns delincuentes. E ademais falamos da necesidade de poñernos de acordo; e vou facer dous apuntes máis.

En primeiro lugar, se fago algo máis de autocrítica, xa non sei que me vai pasar. Eu digo que non pode ser que un grupo parlamentario me diga que non fago suficiente autocrítica e outro que fago unha emenda á totalidade. Mire, eu voulle dicir unha cousa con claridade: eu son do Partido Popular de Galicia, estou tremendamente orgulloso de pertencer a esta forza parlamentaria e asumo punto por punto todo o que leva feito aquí en Galicia. *(Aplausos.)* Porque o Partido Popular é o que converteu a Galicia nun referente de crecemento económico e de estabilidade. Polo tanto, eu asumo todo o que fixo.

E quero dicir outra cousa para que quede clara a miña postura. A pesar de que fagamos autocrítica e teñamos que facela, quero dicir outra cousa. Moitas grazas, señor Pérez Seco, e moitas grazas ao Partido Socialista porque entenderon a altura do que estamos debatendo aquí e a súa importancia. E quérolles anunciar tamén que en próximas fechas, en canto teñamos a posibilidade, convocarei a todos os grupos parlamentarios para falar do que hoxe vimos propoñer aquí.

E remato volvendo propoñer. Propoño que avancemos cara a un pacto autonómico, un pacto galego contra os incendios forestais, un pacto de todos os grupos parlamentarios, un pacto no que todos xuntos, Goberno, grupos parlamentarios, expertos e membros do servizo asumamos os retos que antes anunciaba e teñamos tamén a suficiente altura de miras para cumprir co mandato que nos deron os cidadáns que nos votaron.

Señorías, Galicia, o noso monte e o noso rural ben merecen o esforzo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto 4º da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a revertir a situación de regresión demográfica das comarcas galegas**

**O señor PRESIDENTE:** Non hai emendas. Para formular a proposición, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputados, e boas tardes tamén aos nosos invitados que están a marchar.

Como vostedes ben saben, levamos trinta e dous meses desta décima lexislatura; case tres anos dende que se constituíu esta lexislatura; case tres anos dende que o presidente da Xunta de Galicia, o señor Núñez Feijóo, anunciaba no pleno desta Cámara, no seu discurso de investidura, que esta ía ser a lexislatura do rural. Cando queda pouco máis dun ano para que remate esta décima lexislatura, o balance do Goberno da Xunta de Galicia do señor Núñez Feijóo déixanos que, en dez anos de goberno, perdemos máis de 97.000 persoas; e se nos vamos á décima lexislatura, nestes case tres anos levamos perdidas case 20.000 persoas.

A provincia de Ourense, a día de hoxe, ten máis pensionistas que afiliados. É o peor dato de todas as provincias de todo o Estado. Menores de corenta aos, en dez anos levamos perdidas máis de 241.000 persoas; e soamente nesta décima lexislatura, 70.000 persoas menos menores de corenta anos. Temos o crecemento vexetativo máis baixo de todas as comunidades autónomas e un indicador conxuntural de fecundidade de 1,12 fillos por muller; é dicir, a terceira comunidade autónoma empezando pola cola. Practicamente o 94 % das mulleres galegas menores de trinta anos non teñen fillos, sendo o peor dato de todas as comunidades autónomas. Oito de cada dez concellos galegos perderon poboación na última década. E o índice de envellecemento dinos que por cada cen menores de dezaseis anos, temos cento cincuenta e sete maiores de sesenta e catro anos.

En canto ao mercado de traballo, o saldo que nos deixan os gobernos do señor Núñez Feijóo tampouco son moito máis *halagüeños*. Dez anos despois, e con 97.000 persoas menos, temos 88.300 ocupados menos, menos. Na agricultura temos 20.300 ocupados menos, e se nos vamos soamente a esta lexislatura, tamén temos 3.300 ocupados menos nesta lexislatura do rural na agricultura. En canto aos parados, é verdade que baixan, pero baixan só 8.800 parados; é dicir, baixa un 4,41 %, mentres que na media do Estado baixou nun 16,52 %. A situación dos fogares tampouco é moito mellor. No primeiro trimestre do 2019, datos IGE, temos que hai 55.000 fogares con todos os seus membros en paro e 26.200 fogares nos que non entra ningún ingreso.



Nesta lexislatura do rural, cando levamos tres anos de lexislatura e queda pouco máis dun ano para que remate, queremos saber que ten feito a Xunta de Galicia neste tempo. Pois mire, o que ten feito a Xunta de Galicia neste tempo é deixar sen executar 305 millóns de euros en programas relacionados directamente con asentamento poboacional e desenvolvemento rural, ¡305 millóns! (*Aplausos.*) Deixar sen executar 373 millóns de euros en promoción do emprego e institucións do mercado de traballo, ¡373 millóns de euros na lexislatura do rural! Unha extensión en cobertura de banda larga poboacional que está en 2018 nun 61 %, mentres que a media do Estado está nun 81 %.

Hai insuficiencia en prazas de escolas infantís. As prazas públicas ou de xestión pública en Galicia dan cobertura só a dous de cada dez nenos de 0 a 3 anos. E se temos en conta as concertadas, só a 3,8 de cada dez nenos de 0 a 3 anos.

Insuficiencia en prazas residenciais e de día. Temos un informe do Consello de Contas, presentado en xullo de 2018, e o que nos di é que, en dez anos do Goberno Feijóo, a creación de prazas públicas ou de xestión pública en centros residenciais foi cero, ¡cero! Que a taxa de prazas residenciais da poboación maior de 64 anos en Galicia é dun 3,05 %, mentres que a media estatal está nun 4 % e as recomendacións da OMS están nun 5 %.

¿Que temos tamén? Pois unha precarización nos servizos sanitarios. Xa se apuntaba hoxe pola mañá, cando se debateu a lei, que Galicia é a terceira comunidade autónoma co peor ratio de médicos ou enfermeiros por habitante de toda España. Temos deficiencia en horas adicadas ao servizo de atención pediátrica nos centros de saúde, fundamentalmente naqueles máis rurais. Temos unha redución importante nas axudas para o impulso do mundo rural, véxase o GDR, camiños municipais e algunhas outras axudas. Redúcense os recursos aos concellos para atención sociosanitaria. É verdade que o 11 de agosto de 2016 se crea por decreto o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. E ademais, neste decreto, no seu artigo 5, apartado i), di que nas súas funcións, entre outras, está elaborar un informe anual sobre a situación demográfica en Galicia, que será obxecto de trámite de audiencia, así como de información pública, a través dun sitio específico dentro do portal institucional da Xunta de Galicia. A min gustaríame saber onde están eses informes. Hai dous anos desde a súa creación e non temos visto absolutamente ningún, nin en papel nin colgados. O único que temos todos, polo menos os participantes neste Observatorio Demográfico, é que en xullo de 2018 se entregou un informe elaborado por expertos e que foi encargado por este observatorio. Vai facer un ano da presentación deste informe e, a día de hoxe, seguimos esperando polas políticas públicas que se deriven das recomendacións e das análises feitas nese informe.

¿Cando van aprobar a Lei de demografía de Galicia? ¿Que van facer con este informe? Levamos un ano esperando, queda un ano escaso de lexislatura, e a Xunta de Galicia non parece ter présa por unha situación que como vos acabo de demostrar é moito máis que preocupante.

Neste informe pódese concluír que é urxente adoptar medidas activas de intervención que se integren nas políticas públicas, que van un pouco ao que anunciaba ao principio. Este informe pon de manifesto que as persoas ou parellas teñen vontade de ter número de fillos, o





que ademais garantiría, polo menos, o índice necesario de reposición, e que o que fai falta ou no que se falla é nas deficiencias ou na inexistencia das condicións axeitadas por parte das políticas públicas para posibilitar a estas persoas que poidan decidir libremente ter fillos ou fillas.

Deste informe pódense tirar varias cousas que —xa digo— van na mesma liña do que apuntaba inicialmente: dinos, por exemplo, que é precisa a creación de máis escolas infantís de 0 a 3 anos en condicións de accesibilidade universal e con prezos axeitados á economía das familias; dinos que é necesaria a creación de infraestruturas sociais destinadas á conciliación; dinos que é necesario acordar a posibilidade dunha reorganización social do traballo en horarios e tempos; dinos que é fundamental atender axeitadamente as persoas dependentes; dinos que é necesario financiar suficientemente os concellos para a prestación dos servizos sociocomunitarios; dinos que é preciso incrementar o número de prazas públicas en centros de día e en centros residenciais; dinos que é urxente unha política de vivenda de promoción pública, tanto en réxime de propiedade como en réxime de alugueiro; dinos que é preciso incrementar a dotación e a execución das políticas activas de emprego para diminuír as taxas de paro; dinos que son necesarias políticas activas para incrementar a estabilidade e a seguridade no emprego; dinos que son precisas políticas activas para reducir a brecha salarial; dinos que faltan incentivos á contratación indefinida, fundamentalmente dos menores de trinta anos, dos desempregados de longa duración e das mulleres; dinos que é preciso incentivar as empresas para que integren conceptos de responsabilidade social empresarial nas súas relacións laborais; dinos que é fundamental dinamizar o mundo rural e que é importante e necesario incrementar os incentivos fiscais para que esas familias con baixos recursos poidan ter fillos se así o desexan; tamén nos di que é necesario un plan público de transporte con prezos axeitados e que hai que facilitar o retorno de emigrantes.

Ben, acabo de facer un resumo que ben podería ser recollido polo Goberno galego, ou neste caso polos deputados e deputadas do Partido Popular e trasladado ao Goberno galego, para que se poñan a traballar xa, inmediatamente, para revertir esta situación demográfica que nos está desangrando.

Miren: hai un ano practicamente, exactamente o 30 de maio de 2018, á Comisión 3ª levouse unha PNL no mesmo sentido; é dicir, exactamente igual que a que traemos hoxe aquí. Paradoxalmente foi aprobada por unanimidade, aínda que, claro, coma sempre, co rodillo do Partido Popular tivemos que aceptar unha transacción. Pero xa lle temos dito moitas veces ao Partido Popular, ao partido que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia, que nós permitimos as transaccións cando entendemos que esas políticas se van aplicar e van mellorar a vida das persoas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señor presidente.

A nós gustaríanos saber, un ano despois, que fixo a Xunta de Galicia neste sentido, posto que é verdade que vostedes aproban os documentos, fan o decreto e crean o observatorio, pero a realidade é que na práctica non fan absolutamente nada. Gustaríame que o deputado





ou a deputada encargada de contestarme a esta proposición non de lei nos diga que é o que fixo e que é o que ten pensado facer a Xunta de Galicia neste ano escaso que lle queda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, señor presidente.

Por un momento pensei que estabamos no debate do estado da nación pola cantidade de cuestións que trouxo aquí ao debate a voceira do Partido Socialista, que son cuestións realmente fundamentais e que teñen que ver coa planificación da política económica, da política social e da política territorial, con como aproveitar mellor os recursos financeiros para desenvolver esas políticas e tamén con como facer política de impulso demográfico para combater ese auténtico drama, esa auténtica traxedia da catástrofe demográfica que está sufrindo o noso país, que é, segundo moitas persoas, o principal desafío que temos como país e como colectividade no ámbito socioeconómico.

Claro, o que pon en evidencia este debate é a falta de planificación por parte da Xunta de Galiza das políticas de desenvolvemento territorial e de combate dos desequilibrios sociais e territoriais que ten o noso país, empezando desde as directrices de ordenación do territorio ata calquera outra planificación, que non está desenvolvendo medidas eficaces para corrir eses desequilibrios territoriais que ten o noso país.

Despois está a cuestión sobre a que versaba a iniciativa presentada polo Grupo Socialista, que é como aproveitar os instrumentos financeiros, por exemplo, que existen a nivel europeo, as iniciativas territoriais e os investimentos territoriais integrados para canalizar recursos cara a eses territorios para favorecer o desenvolvemento harmónico dos seus sectores produtivos, a creación de emprego, o desenvolvemento de infraestruturas e tamén a dotación de servizos sociais, que son fundamentais para dinamizar eses territorios e tamén para crear e incrementar os niveis poboacionais.

Pois ben, a realidade é que non existe esa planificación. Temos preto exemplos —por exemplo, en Portugal— onde si se preocuparon de elaborar estratexias integradas de desenvolvemento territorial, por exemplo, para detectar cales son as prioridades e as necesidades do territorio e como canalizar recursos e investimentos para potenciar eses territorios e tamén para, despois, levar a cabo eses investimentos territoriais integrados ou esas estratexias de desenvolvemento local de base comunitaria que están tamén previstas neses instrumentos.

Claro, con respecto ao impulso demográfico, aquí ás veces hai moito debate, por un lado, demagóxico e, por outro lado, superficial. Porque realmente, co que está pasando, fálase moito de cales son as solucións posibles, pero fálase pouco de cales son as causas. As causas teñen que ver fundamentalmente coas políticas que se estiveron desenvolvendo nas últimas décadas por todos os gobernos da Unión Europea e tamén polos gobernos do Estado, que



coa escusa da crise o que fixeron foi recortar de maneira drástica o gasto público, por exemplo, especialmente o gasto social, e reducir servizos públicos básicos en todo o territorio. Isto afecta sobre todo a esas zonas máis deprimidas e levou, por exemplo, ao incremento das desigualdades sociais, ao incremento dos desequilibrios, ao empobrecemento da clase traballadora, á precariedade laboral, á dificultade de acceso á vivenda para a xente nova e tamén á emigración xuvenil. Esas son as causas, son os factores que están explicando o que está pasando no país.

Pero tamén hai outras causas estruturais profundas, por exemplo, que teñen que ver co sistema de financiamento de Galiza, coa discriminación que sofre o noso país a nivel xeral e tamén no financiamento municipal, que é un impedimento importante para que teñamos recursos para desenvolver eses servizos, para crear infraestruturas e para desenvolver iniciativas de creación de emprego e tamén de desenvolvemento económico en todo o territorio. E tamén ten que ver co desenvolvemento do autogoberno, con asumir competencias, con aproveitar os nosos recursos e con potenciar o desenvolvemento autocentrado e sustentable do territorio; non poñer os gobernos ao servizo dos intereses alleos, que están levando literalmente a nosa riqueza e os nosos recursos.

A clave, en definitiva, é a creación de emprego de calidade en todo o territorio, porque realmente as únicas comarcas que están incrementando poboación son as que tamén teñen índices de crecemento de emprego, e son moi poucas no país. Polo tanto, ese é un factor determinante.

Polo tanto, o grupo do BNG vai apoiar, loxicamente, esta iniciativa, que o que fai é a radiografía dunha inmensa crise que está vivindo o noso país, a crise demográfica. E —como dixo xa o voceiro socialista— menos mal que estamos na lexislatura do rural, se non como estaría o país.

Nada máis e moita grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, comezando polo concreto: concordamos coa súa proposta, coa proposta de trasladarlle —entendemos— á Comisión Europea o proxecto de reorientar parte dos fondos europeos do noso país a estratexias que revertan a situación demográfica, polo menos, das comarcas galegas máis despoboadas e avellentadas.

Nós concordamos tamén co que se expuxo aquí. A cuestión demográfica entendemos que é un dos retos estratéxicos da sociedade galega no século XXI. Os datos globais —xa vostede os expuxo perfectamente— evidencian o fracaso do Plan para a dinamización demográfica de Galicia. O obxectivo principal deste plan estaba moi claro: era intentar elevar o índice sintético de fecundidade dunha media de 1,08 fillos por muller ata 1,59 no horizonte do 2020; estamos, como vostede dixo, no 1,12. É evidente que houbo un fracaso, é evidente que a Xunta non fixo nin sequera a análise aínda dese fracaso en relación coas súas políticas e é evidente



que a creación do observatorio marcou un avance, pero non foi suficiente, porque a idea era ter en 2018 esa lei de impulso demográfico, e aínda non chegou a esta cámara.

Ben, as proxeccións demográficas do IGE levaríannos a un escenario, de seguir igual as cousas, de algo menos de 2,5 millóns de habitantes en 2031. Isto hai que velo tamén tendo en conta a porcentaxe que representamos no conxunto do Estado, cada vez máis diminuída. Perderíamos así, en 2031, o 8,5 por cento dos efectivos demográficos. Pero é que nas comarcas máis rurais da provincia de Ourense, en practicamente a totalidade da provincia de Ourense realmente, perderíase máis do dez por cento da poboación, igual que no sur de Lugo —onde eu vivo— ou na zona oriental de Lugo.

Sabemos que as causas deste fenómeno son múltiples e complexas, e algunhas teñen carácter planetario. É evidente que a redución do número de fillos por muller non é un mal en si mesmo; ao contrario, entendo que é un dos avances da humanidade, a posibilidade da redución das taxas de natalidade. Pero, claro, hai outras que teñen que ver con características da política ou da non-política que se aplica para chegar a unha situación. Entre outras cousas, poderíamos falar da rápida e desordenada transición do noso país dunha economía de base agraria a unha industrial e de servizos, cun crecemento desordenado das áreas metropolitanas. Tamén poderíamos falar da situación cada vez máis subordinada do noso país no conxunto do Estado.

Pero indo ao concreto das áreas poboacionais ás que se refire esta iniciativa: ¿que significa a nivel social e a nivel cultural o proceso de regresión demográfica nas comarcas galegas máis afectadas? Por unha parte, a nivel social, este sobreenvellecemento impón tamén ese maior reto dos coidados, cunha carga tamén maior sobre as mulleres —sobre todo—, e iníciase esa roda de falta de servizos, necesidade de máis servizos por envellecemento, falta de emprego e migración. Sobrecárgase ese envellecemento e ao final non hai contornos favorables para ter os fillos ou fillas que se desexen ter, se se queren ter. Como non, eses coidados tamén requiren un maior investimento público: faltan prazas —como dixo— en residencias privadas e centros de día.

A nivel territorial afóndase nese desequilibrio territorial, un modelo de desorde favorecido pola propia Xunta, e afóndase tamén no desastre urbanístico que foi fomentado pola propia Xunta. A nivel de paisaxe e de cultura pérdense paisaxes tradicionais e pérdense tradicións. Unha paisaxe tradicional moi evidente de onde son eu, esa paisaxe do viño parcelada da Ribeira Sacra: ¿que quedará dela en dez anos, cando moitos dos viticultores e viticultoras xa non poidan traballar e manter esa paisaxe? Ou afóndase na desgaleguización.

Pero, enlazando co debate anterior, tamén se contribúe a ese maior risco de incendios, porque cada vez se abandona máis o medio rural, e na zonas máis despoboadas é evidente —como en toda Galicia, pero nestas é máis evidente— o incumprimento das distancias de protección a núcleos ou a vías de comunicación —xa só me queda un minuto—.

O feito de que nas comarcas obxecto de debate o principal ingreso, na maioría dos casos, sexan as pensións —como tamén se cita na iniciativa— é especialmente preocupante, pero sobre todo porque traduce un dos elementos máis preocupantes da situación demográfica galega, que é a mingua da poboación activa, esa falta de relevo xeracional.



Polo tanto, entendemos que si, que a singularidade e a gravidade da implosión demográfica de determinadas comarcas, a maioría de interior, xustifica poder solicitar novas estratexias de investimento territorial integrado para o país. É máis, calquera área xeográfica con características territoriais particulares pode ser obxecto dun novo ITI. Estes ITI son instrumentos que permiten aplicar —teoricamente— mellor eses fondos europeos de xeito integrado, e os obxectivos son, precisamente, contribuír á cohesión territorial e económica dentro da Unión Europea. ¿Cales son os requisitos? Elaborar unha estratexia, definir obxectivos concretos e coordinarse interadministrativamente, porque non teñen por que coincidir cun límite administrativo; é dicir, planificación e coordinación, algo ao que a Xunta é basicamente allea na súa traxectoria.

Polo tanto, estamos absolutamente a favor, e é máis: abriría tamén un debate sobre a necesidade de ata que punto son viables as actuais divisións administrativas galegas, á marxe da súa utilidade ou non, pero ata que punto e viable a actual administración no contexto de crise demográfica. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Houbo un momento, señora Rumbo, que pensei que atoparía un instante para falar dos ITI; case o atopou ao final da súa intervención.

Eu quero dicir poucas cousas, pero quero dicirlas claras. O primeiro, sobre o tema do problema demográfico: para o grupo parlamentario que eu represento e para o Goberno de Alberto Núñez Feijóo o problema demográfico de Galicia é algo máis que unha prioridade, é a prioridade. Pero esa prioridade non se resolve con solucións máxicas, como vostede pretendía pedir, senón que para revertelo se necesita de medidas serias, profundas e sostidas no tempo. Porque é un problema que non sofre só Galicia, sófren outras rexións españolas e outras rexións europeas que seguen un momento demográfico similar.

Preguntábase vostede que fixo este goberno nesta materia durante esta lexislatura. Ben, eu teño algún recordatorio que facer ao respecto: impostos cero no rural; vinte e catro mil prazas de gardería —por certo, oito puntos por encima das recomendacións máis exixentes da Unión Europea—; aprobación do plan Retorna; bono Coidado para facilitar recursos personalizados para a conciliación familiar, de máis de mil douscentos euros; axudas específicas á conciliación dos traballadores autónomos, con máis de seiscientos mil euros por orzamento; tarxeta Benvida de cen euros ao mes para a crianza dos nenos, con máis de corenta mil nenos que xa se beneficiaron desta tarxeta estendida ata os tres anos de idade e cun investimento de trinta e seis millóns de euros anuais; bono Concilia, con ata douscentos cincuenta euros mensuais de axuda ás garderías, sen límite de crédito no orzamento; ou sesenta e unha casas niño en concellos de menos de cinco mil habitantes, que serán setenta e seis antes de que remate esta lexislatura.



Por certo, preguntaba vostede que era do Proxecto de lei de impulso demográfico: xa é un anteprojecto e xa pasou o primeiro trámite de consulta pública. Os compromisos —xa llo dixen en distintas ocasións, señora Rumbo— hai que cuantificalos, e os compromisos amósanse no orzamento: nesta lexislatura, en medidas para combater o problema demográfico, trescentos cincuenta e cinco millóns de euros que pon sobre a mesa a Xunta de Galicia. Iso é seriedade, rigor e traballo sostido no tempo; trescentos cincuenta e cinco millóns de euros.

Estas son as aportacións que fixo o Partido Popular, e agora imos ver a contribución do Partido Socialista de Galicia, que é presentar esta iniciativa, unha iniciativa extemporánea que xa foi debatida en maio de 2018 —hai un ano— e á que se lle formulou unha emenda, unha emenda que vostede cualificou de «pasar o rodillo»; é unha curiosa maneira de entender o diálogo parlamentario. Unha emenda que foi aprobada, por certo, con once votos a favor e unha abstención na Comisión 3ª e que reza así: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a considerar de cara ao período post 2020 unha proposta de aplicación de fondos na Estratexia do investimento territorial integrado co obxectivo de axudar a reverter a situación da regresión demográfica na que se atopan moitas comarcas galegas». Todos pareciamos estar de acordo.

Por certo, naquel momento xa era extemporánea, e non se aprobou porque xa lle dixeron que se necesita a aprobación dun marco posterior ao ano 2020 para poder levar a cabo estes investimentos territoriais integrados. O marco post 2020 está en proceso de elaboración e de negociación. O primeiro borrador do regulamento presentouse o 29 de maio e contempla a posibilidade de desenvolver ITI. O novo Parlamento Europeo aínda non está constituído, porque as eleccións se celebraron esta pasada fin de semana, e a nova Comisión Europea constituirase en novembro deste ano.

Señoría, hai un mandato parlamentario vivo que se está cumprindo nos prazos previstos e que está seguindo os trámites regulamentarios. A pregunta entón, é: vostede trae esta iniciativa aquí, pero ¿que mudou?, ¿que mudou para que nos traia ao debate unha iniciativa xa debatida e sobre a que hai un acordo? Porque, por certo, non dicíamos nós que era extemporánea; os outros grupos, que hoxe lle trasladaron o seu apoio, naquel momento tamén dicían que non se podía aprobar porque era extemporánea, porque non estamos nese marco post 2020 que se ten que desenvolver. Seguimos no ano 2019, ¿non?, polo menos durante uns meses. Polo tanto, non mudaron os compromisos e non mudaron as circunstancias, pero parece que a falla de ideas do Grupo Parlamentario Socialista leva a presentar iniciativas xa debatidas sobre as que existen acordos case unánimes que se están a desenvolver en tempo e forma seguindo os trámites previstos.

Isto comeza a converterse nun comportamento habitual, que se sometan á consideración do Pleno iniciativas que xa foron debatidas anteriormente na comisión. Nos últimos dous plenos xa se repetiu en tres ocasións; pasou isto con dúas iniciativas, por certo, que xa foran aprobadas anteriormente e cuxos mandatos están vivos. Por suposto, teñen dereito vostedes a traer todo o que consideren necesario para o debate, pero nós tamén —comprenderá— temos dereito a opinar que isto é unha perda de esforzo e de tempo e que, francamente, non aporta demasiado. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, non sei que lle pasa ao señor Losada. En todo caso, eu, de verdade, non sei se é que lles fallan ideas





novas para presentar ou é que lles falla a memoria sobre o que xa temos acordado; (*Murmurios.*) é unha cousa certamente curiosa. (*Balbordo.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Remate, por favor. Silencio.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Pois ben, débenlles sobrar votos. Estráñame da segunda forza máis votada das eleccións municipais, estráñame que lles sobren votos. O que está claro é que lles sobra un pouco de prepotencia, iso si que é bastante evidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos. Silencio.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** En todo caso, volvo repetir: non imos apoiar esta iniciativa porque xa a debatemos, porque chegamos a un acordo e porque estamos cumprindo o acordo. Cando vostedes teñan algo que aportar e saian do seu particular día da marmota...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...estaremos aquí, dispostos de novo a debater construtivamente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Señor Bará, non é o debate do estado da Autonomía, pero os datos son os que son, e eu creo que facer unha radiografía con datos obxectivos paréceme o máis lóxico, o máis serio e con máis rigor para presentar unha iniciativa.

Señora Vázquez Verao, cando falaba dos fillos, evidentemente, se non o dixeran, era a miña intención dicir que os que quixesen ter fillos, evidentemente.

Señor Pazos, mire: en primeiro lugar, somos o grupo parlamentario que máis iniciativas presentou nesta cámara, e somos catorce deputados. Iso en primeiro lugar. (*Aplausos.*) En segundo lugar, nin vostede nin ningún deputado nin deputada do Partido Popular nos vai marcar a nós a nosa axenda. Pregúntolle e volvemos presentar esta iniciativa porque temos a impresión de que —o que vostedes fan habitualmente— un ano despois de aprobar unha iniciativa nunha comisión nada fixeron. Ou que queren, ¿esperar a 2020 para aprobalo en 2025? Algo bastante habitual no traballo da Xunta de Galicia. ¡Home, por favor! (*Murmurios.*)

De todas formas, vostede falábame e fixo aquí unha recompilación das medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia. Francamente, vistos os datos, parece que van ter que cambiar esas medidas ou reforzalas máis, (*Aplausos.*) porque os datos son os que son, e non mello-





ramos absolutamente nada na regresión demográfica. Recórdolle que nesta lexislatura — menos de tres anos— levamos perdidos vinte mil habitantes.

Por certo, voulle ensinar unha nota de prensa que seguro que xa a viu, pero máis que nada porque como vostede saca aquí un pouco das eleccións... «*El PP se desangra por el rural: pierde el 65 % de los votos en los concellos más pequeños*». (A señora Rodríguez Rumbo amósalles un documento aos membros da Cámara.) Estes son os seus resultados, entón non sei a que vén aquí gabarse do que fixeron durante estas eleccións. (Aplausos.) (Murmurios.) Ben, ganar ganaron, pero non van gobernar en ningunha das cidades galegas. Se esa é unha ganancia, pois non-raboa, porque simplemente tiveron uns cantos votos máis.

Mire, volvendo as ITI, que vostede me dicía que non estaba falando delas: dígolle que as estratexias territoriais integradas son esenciais para conseguir unha Europa intelixente, sostible e integradora, tal como se prevé na Estratexia Europa 2020. Polo tanto, os investimentos territoriais integrados son un instrumento que está para implementar un conxunto de accións integradas nunha área xeográfica determinada co fin de dar resposta aos retos concretos desa área xeográfica.

Polo tanto, nós o que entendemos e a intención de traer esta PNL a este pleno é que a Xunta de Galicia aproveite todos os medios e todos os recursos que ten ao seu alcance —e nós estaremos aí para apoiar— para que se reverta esta situación demográfica galega que non se está mellorando, por moito que vostedes digan que aplicaron medidas en todos os aspectos que lles acabo de relatar. Ademais, dicíalle que para implementar estes programas operativos hai unha serie de elementos claves, que son un territorio designado e unha estratexia que se centre nas necesidades de desenvolvemento da zona afectada, un paquete de accións para a súa aplicación —ademais...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...aquí teñen á súa disposición moitos dos fondos europeos como o FEDER, o Fondo Social Europeo ou o Fondo de Cohesión, e ademais poden complementalos co FEADER e co FEMP— e, por último, os acordos de gobernanza para a xestión ITI.

Eu recomendaríalles, en ben de que queda un ano de lexislatura e de que as cousas poden cambiar —e a sangría de votos para vostedes tamén lles pode afectar—, que vaian cambiando de estratexia e de políticas, porque os galegos e as galegas necesitamos políticas activas que cambien determinadas situacións que vostedes provocan continuamente.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**Proposición non de lei do G. P. de Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público**



**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*« O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para que estudie a viabilidade de promover a regulación coordinada de función das e dos Técnicos de enfermería adaptando a normativa á realidade actual.»).*

*(O G. P. Popular Galicia, por iniciativa da súa deputada Encarna Amigo Díaz, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central que solicite ao Consello Interterritorial de Saúde estudar a posible regulación das funcións dos e das profesionais afectados polo artigo 76 do EBEP para adaptar a normativa existente respecto ao marco normativo de titulacións vixente na actualidade, dentro do principio de lealdade institucional, coa garantía do seu financiamento»).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Boa tarde. Grazas, señor presidente.

Quero saudar as nosas convidadas, e digo nosas porque son todas mulleres, compañeiras técnicas auxiliares de enfermería que están atendendo o debate dende a tribuna.

Hoxe traemos un elemento que é de xustiza, que é un elemento claro ante unha situación de absoluta discriminación dun colectivo profesional e que ademais ten bastante relación coa situación doutros técnicos e técnicas sanitarias.

Eu quero lembrar que xa nalgunha ocasión trasladamos cuestións semellantes á Comisión de Sanidade en relación coas compañeiras técnicas de atención na dependencia, que foi votada en contra por parte do grupo maioritario, e en relación coa categoría profesional dos técnicos e técnicas de Emerxencias Sanitarias. Recentemente, sobre as competencias profesionais debatíamos na Comisión de Sanidade, e a xustificación por parte do grupo maioritario naquela altura —que é un tema moi semellante, aínda que non igual, ao que hoxe



traemos aquí— foi trasladar que non existían técnicos e técnicas dentro da sanidade pública, neste caso de Emerxencias Sanitarias, e que, polo tanto, non existía a necesidade de actualizar a súa situación a nivel profesional.

Neste caso, nós entendemos que é evidente que non existe ningún tipo de escusa ou de elemento que impida á administración normalizar unha situación que xa debería levar moitos anos normalizada en función da normativa á que agora me referirei, pero entendemos que non houbo ata o de agora vontade política para facelo.

As compañeiras fan un traballo absolutamente imprescindible dentro do sistema sanitario público en todo tipo de servizos dentro da atención especializada e tamén están traballando no que ten que ver coas necesidades de atención primaria. As compañeiras coidan, organizan, alimentan, traballan nos equipos multidisciplinares, traballan en Urxencias, traballan nas UCI, traballan na esterilización..., traballan nun montón de servizos nos que —eu, polo menos, que son enfermeira e traballei en moitos equipos con moitas destas compañeiras— hai que recalcar o elevado nivel de tecnificación do seu traballo, a implicación absoluta co Sistema público de saúde e, dende logo, a súa exemplaridade no traballo que desenvolven día a día, nunhas condicións a verdade é que bastante complexas porque, ademais, son unha categoría profesional bastante esquecida pola Administración sanitaria.

Só hai que recordar que hai menos dun ano o noso grupo —e eu mesma— rexistraba tamén iniciativas reclamando a necesidade de convocatoria de ofertas públicas de emprego. Hai que recordar que hai apenas uns meses que a Xunta se dignou a entender a necesidade de convocar prazas, porque esta categoría levaba dende 2014 sen que saíse ningún tipo de convocatoria de prazas, e as últimas tan só de sesenta postos, cando son milleiros as compañeiras que traballan nas diferentes unidades do sistema sanitario público.

Polo tanto, era necesario que se actualizase unha situación que, ademais, é de precariedade, unha precariedade que comparten co resto de persoal de enfermería e que temos tratado tamén neste pleno e nas comisións en múltiples ocasións, relacionada cos contratos temporais, cos contratos de horas, cos contratos de días, coa urxencia de planificación nas chamadas e cunha serie ou un sen fin de elementos que, evidentemente, non teñen relación coa categoría profesional, pero que si son importantes para entender a condición na que se atopa o persoal de enfermería e, neste caso, os técnicos auxiliares de enfermería, que son absolutamente imprescindibles no traballo e nas unidades do sistema sanitario.

Ante esta situación, hoxe o elemento que traemos é de absoluta xustiza. Saben as súas señorías que xa foi debatido noutras ocasións, que ademais foi aprobado xa nalgún parlamento autonómico e que é un elemento para o que, ao noso entender, non existe —salvo a cuestión económica para algúns gobernos— ningunha circunstancia nin ningún elemento que faga que esta cuestión non se aprobase ata o de agora.

Hai que lembrar que no 2005 o Instituto Nacional de Cualificacións emitiu un informe no que consideraba que debería aumentar un nivel de cualificación esta categoría profesional, pasando do nivel 2 ao nivel 3, pero non se mudou a cualificación profesional. A evolución, ademais, desta titulación atópase estancada, porque as administracións públicas non tiveron



interese ata o de agora en poñerse a actualizar esta situación, xa que a norma que regula as súas funcións é unha norma absolutamente obsoleta, do ano 1973. Resulta bastante evidente que o avance científico e toda a evolución de todas as profesións sanitarias, tamén neste caso, fai que unha norma de hai corenta anos non sexa, dende logo, nin minimamente axeitada para definir as capacidades, as condicións nas que poden traballar as compañeiras e todas as cualificacións que teñen para estar nos diferentes servizos do Servizo Galego de Saúde, neste caso, pero en todo o Sistema Nacional de Saúde.

Saben as súas señorías tamén que xa no 1975 se regulou inicialmente —despois cambiouse— a formación profesional, que no ano 1986 se recoñeceu a categoría profesional e que as comunidades autónomas teñen tamén responsabilidade á hora de recoñecer as funcións e definir as funcións desta profesión.

Ante esta situación, parece absolutamente incomprendible que despois de que se aprobara unha norma xa hai máis de once anos como é o EBEP, o Estatuto básico do empregado público deste país no ano 2007, se manteña a transitoriedade a través dunha disposición transitoria que impide que se aplique o artigo 75, que fai referencia aos corpos e escalas, que clasificaba dalgunha maneira naquela altura ou modificaba a relación dos funcionarios e funcionarias e dos traballadores e traballadoras públicas da administración e a axeitaba ás categorías profesionais e á formación profesional que teñen cada unha das profesións no noso país.

Segundo o disposto no artigo 75 e no artigo 73, que é o que fai referencia aos distintos grupos, os técnicos e técnicas, neste caso, deberían de estar incluídos nun grupo C, que está —como saben as súas señorías— dividido en dous grupos: o C1 e o C2. No caso do C1, é o que fai referencia a aquelas persoas tituladas como técnicas e técnicos ou con bacharelato. Esta debería de ser a categoría profesional na que deberían estar xa, dende hai máis dunha década, encadrados e encadradas todos os técnicos e técnicas sanitarias. Sen embargo, a esta altura, por mor desa disposición transitoria, seguen colocadas dentro dun grupo que é o C2, para o que non se exige ningunha formación sanitaria específica.

Isto é un agravio comparativo con outras profesións sanitarias que implica peores condicións á hora de ter unha formación continuada, peores retribucións tamén para as profesionais e, dende logo, unha consideración que non se adapta aos textos legais que temos no día de hoxe e que, polo tanto, deixa estas compañeiras nunha situación de absoluto abandono ante unha administración que non se interesa nada nun traballo que é tan imprescindible como o resto de profesións sanitarias que temos dentro do noso sistema sanitario público.

Polo tanto, o que En Marea hoxe vimos propor con esta proposición non de lei é un elemento de xustiza, é un elemento que axudaría a mellorar as condicións non só das propias compañeiras, senón tamén do noso Servizo Galego de Saúde. Sabemos que, ademais, ten que ser aprobado tamén polo Goberno central, porque a categoría profesional é un elemento que ten que ser aprobado tamén por parte do Goberno central, pero queremos tamén trasladalo aquí, porque entendemos que é importante que todas as administracións autonómicas —que ademais, no caso da sanidade, as competencias en materia de sanidade están transferidas— se impliquen á hora de defender os dereitos destes profesionais sanitarios.



O que pedimos hoxe é relativamente sinxelo e non debería de comportar ningún problema para ningún dos grupos parlamentarios, e dende logo, deberían de estar interesados ante —xa digo— os dereitos dunha categoría profesional que habitualmente está esquecida.

En primeiro lugar, entendemos que debe promoverse a regulación coordinada das funcións das e dos técnicos de enfermería, adaptando a normativa á realidade actual. Non pode ser que despois de décadas de evidencia científica, de modificación das competencias profesionais, do traballo, de como evolucionou o traballo nas diferentes unidades dentro do Sistema Nacional de Saúde e de toda a capacidade e as actividades que fan estas compañeiras, non estea adaptada a regulación á actualidade. E, en segundo lugar, que se derroque a disposición transitoria terceira do EBEP, aplicando o artigo 76 como traslada o propio texto. Non ten sentido en ningunha norma que se manteña a transitoriedade dunha disposición durante máis dunha década, porque, polo tanto, anula o contido do articulado e lexislativamente perde ou carece de sentido a intención que tivo o lexislador naquel momento de regular as categorías profesionais.

Entendemos —e remato xa, que non me queda máis tempo por agora— que son elementos básicos que se teñen que trasladar para poder aprobarse e que necesitamos que se teña en conta a necesidade de regular ou de manter actualizadas as competencias profesionais, a categoría profesional e todos os elementos que, dende logo, van redundar —xa digo— non só en melloras para as traballadoras e os traballadores, senón tamén para o Sistema Nacional de Saúde e, neste caso, para o Servizo Galego de Saúde.

Creemos que hoxe podemos arrincar de aquí un apoio da globalidade dos grupos desta cámara.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Ben, en primeiro lugar, queremos sumarnos non só ao saúdo ás persoas que nos acompañan hoxe neste debate, senón tamén, dende un punto de vista máis afectuoso, agradecerlles o traballo.

A verdade é que hai que recoñecer que hai algunhas cuestións das que dixo aquí a voceira de En Marea que son tremendamente certas. Eu súpome, en primeiro lugar, a unha autocrítica: moitas veces facemos unha análise do Sistema Nacional de Saúde, do Sergas en particular neste caso, excluindo ás veces incluso nos debates —non por vontade, pero si con total realidade; hai que ser francos— moitos colectivos que son parte imprescindible do labor que fan, e un é este caso das TCAE. Nese sentido, hai que agradecer de verdade o seu traballo e desculparse; é certo, eu teño cometido ese erro e, por tanto, creo que é de xustiza recoñecelo. Creemos, ademais, que isto demostra que o sistema de saúde funciona dunha maneira tan





complexa e tan ampla que merece moitas veces unha análise moi pormenorizada dalgunhas cuestións. Cando falamos en trazo grosso perdemos a capacidade de ver algúns detalles; ocorre neste caso.

Dende logo, a iniciativa que se plantexa é unha reclamación que ten un compoñente máis especificamente laboral, que sería unha reclamación máis de corte tamén sindical, pero ten unha realidade. Estase plantexando aquí, por parte do grupo proponente, tratar de modificar unha lexislación que afecta dende hai máis de corenta anos, e a situación, xa só por iso, debería merecer a nosa atención. Por tanto, nós concordamos coa esencia do que se plantexa aquí; non só é razoable, senón que ademais é absolutamente lóxico e ten todo o sentido que debamos de plantexalo nese sentido.

Presentamos unha emenda —si— non con vontade de transformar en ningún momento a esencia do que se plantexa, senón unha cuestión de formulación; para nada de fondo, unicamente de forma, por unha cuestión institucional de solicitar —porque isto é un debate estatal en termos legais— que se estude esa viabilidade e que permita ese estudo afrontar os cambios normativos que sexan necesarios, con total convencemento de que debe de ser atendido e con total compromiso de que debe de ser atendido. Nós cremos que debe de ser atendida esa modificación legal, porque a realidade así o demanda e porque, ademais, estamos ante unha situación en que é moi difícil sustentar dende o punto de vista legal e dende un punto de vista máis alá do legal, da realidade do servizo en si, por que manter esa situación e non modificala xa. Nese sentido, tamén cremos que é pertinente a iniciativa que se propón e, por tanto, nós concordamos nese fundamento e a emenda ten unicamente un carácter formal.

Ademais, falabamos ao inicio dese recoñecemento, e voume permitir no tempo que me queda explicar en realidade por que ese recoñecemento e, a partir desta problemática, poñer en valor o conxunto do sistema. É certo que este si é un debate —como dicía— en termos máis laborais ou sindicais, pero permítenos recoñecer —como dicíamos ao principio— a necesidade de ter en conta todo o valor que teñen, en moitos aspectos, os recursos humanos e, dentro dos recursos humanos, todas as categorías e todos colectivos profesionais no desenvolvemento do sistema.

Cando falamos de modificar ou de cambiar o modelo de atención primaria, ou de modificar ou de cambiar os modelos de funcionamento e de xestión dos centros hospitalarios —tanto os principais como os comarcais ou como todo tipo de asistencia sanitaria—, moitas veces esquecemos que non temos que facelo unicamente dende un punto de vista da xestión, senón ter en conta colectivos que fan un labor imprescindible, deses que moitas veces soamente se perciben, e se percibe a calidade de verdade, cando un ten que pasar situacións propias ou de persoas coñecidas e ve como todas os labores son imprescindibles. Por tanto, cando temos ese debate tamén deberíamos de escoitar moitas veces as persoas máis apegadas á realidade. Moitas veces —e insisto tamén no sentido da autocrítica— escoitamos aquelas que están máis en planos de xestión, e aínda que escoitemos moitos e moitas profesionais que están en planos de asistencia, moitas veces non escoitamos todos os puntos da asistencia, e iso é un erro que si se ten sinalado aquí en moitas ocasións con este colectivo das TCAE e con outros.





Ademais, cremos, por último, que deben de ser tomadas medidas efectivas. Coas medidas efectivas referímonos ao feito de pasar das declaracións de intencións á realidade, algo que neste caso non se fixo ata o de agora nunca, e niso moitos podemos asumir tamén parte de responsabilidade. Por tanto, as medidas efectivas deben de ser reais e, nese sentido, cremos que tamén é pertinente esta iniciativa.

Non quería olvidarme de que podíamos pór exemplos aquí dalgunhas reivindicacións deste colectivo —pasou no Hospital Álvaro Cunqueiro—, pero sería monopolizar o debate con algunha cousa concreta, pero non está de máis mencionar que esas son tamén as reivindicacións, ás veces, dos labores que incluso se viron inxustamente menosprezados e que teñen que ver moito co labor que desenvolven e co traballo que fan.

Por tanto, dende aquí, novamente, o noso agradecemento ao seu labor, o noso recoñecemento a unha realidade que é certo que necesitan modificar e a nosa vontade de estar en acordo coa resolución que poidamos obter entre todos a partir desta iniciativa que —insisto— consideramos pertinente e necesaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Saúdo tamén as técnicas de coidados de enfermería que nos acompañan hoxe na tribuna; benvidas.

Na proposición non de lei que hoxe se presenta neste Parlamento formúlase, en primeiro lugar, a oportunidade de aumentar o nivel de cualificación da titulación dos e das técnicas en coidados auxiliares de enfermería, facendo mención expresa ao Instituto Nacional de Cualificacións —o Incual—, órgano administrativo adscrito ao Ministerio de Educación e Formación Profesional que elabora e mantén actualizado o Catálogo nacional de cualificacións profesionais e o correspondente Catálogo modular de formación. A este respecto cómpre dicir que, efectivamente, a normativa regulamentaria da educación ten e sempre tivo relevancia na incardinación dos colectivos de funcionarios públicos nos diferentes grupos de clasificación. Así e todo, a dita relevancia maniféstase exclusivamente por mandato da propia normativa de función pública e nos termos que a mesma dispoña.

Por outra parte, céntrase a proposición en promover a regulación coordinada das funcións dos e das técnicas auxiliares de enfermería, poñendo especial atención no persoal estatutario, parecendo descoñecer a existencia de técnicos e técnicas de coidados auxiliares de enfermería vinculados a través doutros réximes xurídicos aos que non resulta de aplicación a normativa estatutaria.



A función dos técnicos e técnicas de cuidados auxiliares que teñen a condición de persoal estatutario vén recollida nos artigos 74 a 84 do antigo Estatuto de persoal sanitario non facultativo, que se mantén vixente en tanto e canto cada servizo de saúde non proceda á definición das funcións, sendo de aplicación esta normativa ao persoal que presta servizos en institucións sanitarias públicas e sen que resulte de aplicación aos auxiliares que prestan servizos noutros ámbitos e baixo outro réximes xurídicos, polo que a unificación de funcións pretendida non é posible en aplicación da normativa vixente.

O Estatuto básico do empregado público introduciu unha nova clasificación do persoal funcionario; xa se falou aquí dela e xa se comentou por parte do grupo propoñente da PNL. No tocante ás consecuencias retributivas de calquera clasificación, debemos de atender tamén á normativa orzamentaria. En aplicación da normativa exposta, a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 establece que a retribución a percibir polos funcionarios do antigo grupo D, no que se encadraban os técnicos auxiliares de enfermería, é a do subgrupo C2. Esta mesma previsión, en cumprimento da normativa exposta, recóllese na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019. A competencia nesta materia correspóndelle ao Estado, coa necesidade da realización da correspondente dotación orzamentaria e debendo ser obxecto de negociación na Mesa Xeral de Empregados e Empregadas Públicas que se constitúe no Ministerio de Administración Pública.

Nós, dende o Grupo Popular, coñecemos o colectivo, sabemos das súas inxerencias e das súas reivindicacións, escoitámolo e estamos totalmente de acordo con todo o que reivindicamos, ¡como non imos estar de acordo cun colectivo que é un pilar básico e fundamental para os cuidados dos nosos doentes! Están sempre a carón deles e probablemente son os traballadores que máis tempo pasan a carón dos doentes, os que os escoitan e os que sempre están aí; un labor moi vocacional, como todos os da rama sanitaria, e que vén complementar os cuidados básicos dos nosos pacientes.

Pero o que vostedes piden na súa PNL, sen orzamento, é un brindado ao sol. Por este motivo nós presentámoslles unha emenda, unha emenda que vai máis alá do que pide o Partido Socialista na súa emenda. Nós pensamos —voulla ler— e o que nós lles dicimos é: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central que solicite ao Consello Interterritorial de Saúde estudar a posible regulación das funcións dos e das profesionais afectadas polo artigo 76 do Estatuto básico do empregado público para adaptar a normativa existente respecto ao marco normativo de titulacións vixentes na actualidade, dentro do principio de lealdade institucional, coa garantía dos seu financiamento».

Nós esperamos chegar a un acordo e que esta PNL que hoxe traen aquí se aprobe neste pleno por unanimidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Amigo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.



**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Eu tamén saúdo as compañeiras técnicas en coidados auxiliares de enfermería.

Eu tamén agardo que hoxe aquí sexamos quen de sacar unha aprobación por unanimidade, e gustaríame que, se iso se produce, logo houbese tamén unanimidade e prontitude á hora de que o que aquí se aprobe se converta en realidade, porque creo que estamos a falar dun colectivo co que é bo facer xustiza para con elas, porque maioritariamente é feminino.

A verdade é que teño que empezar dicindo que o labor dos TCAE non ten sempre o recoñecemento nin social nin laboral que merecen. Teñen cualificación —como aquí se dixo—, pero o seu labor queda moitas veces ensombrecido, a pesar da cercanía cos doentes que asisten. Realizan labores do máis diverso, desde coidados, labores básicos de alimentación ou hixiene e colaboración con probas diagnósticas e con consultas ata apoio psicolóxico e emocional aos doentes e aos familiares, en moitos casos; humanizan a asistencia, que, dende logo, xa só iso non é pouco. Diso debía derivar que é preciso facer visible o seu traballo, poñelo en valor e darlle a relevancia que merece.

Como xa aquí se dixo, o Estatuto de persoal sanitario non facultativo do ano 1973 —é dicir, estamos falando dunha norma do franquismo, de corenta e seis anos— segue vixente en moitos aspectos en canto ao persoal sanitario, o cal a verdade é que debería facernos reflexionar sobre esta cuestión. No ano 1986 recoñéceselle a categoría profesional, no 1995 establécese o título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería —TCAE—, cun currículo de ciclo formativo de grao medio, e a partir de aí non se desenvolveu nin se concretou máis alá dunha función xenérica das súas funcións. Seguen dependendo dunha situación xenérica das funcións asignadas, sempre en supervisión do persoal —en principio— de enfermería e do persoal médico, o cal de por si é un auténtico problema, primeiro, por non ter establecidas cales son as súas funcións e non poder, como profesionais, ter claro que é o que teñen que facer e como teñen que facelo, e por outro lado, é xerador de conflitos, evidentemente, ao non ter claramente establecidas cales son as súas funcións.

Logo hai unha cuestión que, dende logo, non é menor; hai un prexuízo laboral, unha situación que ocasiona conflitos e, logo, un prexuízo económico que non é menor: estamos a falar de que o seu encadre en C2 en vez de estar en C1 supónlles entre trescentos e catrocentos euros brutos, que netos poden supoñer arredor dos douscentos cincuenta euros ao mes. Entón, estamos falando dun agravio e dun prexuízo no ámbito laboral, pero tamén no ámbito económico, que non é menor, porque non estamos a falar de salarios, dende logo, desorbitados.

É aí, evidentemente, onde radica esta dilación por parte das administracións de non querer darlles solución, a pesar de que todo o mundo recoñece o seu inmenso labor e o imprescindibles que son no ámbito sanitario, de que está clara cal é a súa cualificación e onde están encadrados e de que está claro que no artigo 76 se establece que no grupo C, subdividido en C1 e C2, o C2 é de título de graduado en educación secundaria obrigatoria, que non é o caso porque eles son técnicos. É dicir, está clarísimo, pero logo, ¿por que non se dan os pasos? Non fai falta que a Isabel a Católica lle rompan as entreteas, é cuestión de vontade exclusi-



vamente política. Claro, jé que é cuestión de vontade política! Resulta que, cada vez que vén a un parlamento ou que vai ao Congreso dos Deputados, se aproban as partes de filosofía de fondo, pero logo non se aproba a parte de tomar decisións, e iso é o que, dende logo, non deberíamos consentir.

Co cal, o BNG vai apoiar aquí esta iniciativa que presenta En Marea. Eu agardo que con esa transacción, se se chega a ela, non a rebotemos ao Consello Interterritorial, porque non hai ningunha necesidade de que volva alí durmir o xuízo dos xustos, porque non hai ningunha necesidade de volver valorar nada e porque está moi claro que é simplemente cuestión de facer xustiza cun colectivo que o merece. Ademais, está legalmente establecido e hai lexislación suficiente como para facelo, só falta a vontade política. Eu agardo que con esa vontade política se faga, dende logo, moito máis pronto que tarde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Quero agradecer inicialmente a disposición, polo menos aparente, de todos os grupos da Cámara. A nós gustaríanos chegar a un acordo neste sentido. As emendas presentadas son diferentes; entendemos que o que nos move a traer esta iniciativa aquí é a proposta que fan as propias profesionais e que, polo tanto, o necesario é que saia un compromiso de aquí.

Eu antes esquecinme: é evidente que non só fan as compañeiras traballo dentro do Sistema Nacional de Saúde e dentro do Servizo Galego de Saúde, senón que tamén en políticas sociais hai un número moi importante de compañeiras que, ademais, están nunhas condicións bastante complicadas dentro das residenciais de maiores e das residencias de persoas con discapacidade, como temos discutido en moitas ocasións.

Eu, brevemente, quero trasladar que aquí se puxeron unha serie de condicionantes. A min gustaríame e eu convido a chegar a un acordo ou a unha transacción entre as diferentes emendas e a proposta que facemos; temos aínda ata mañá, que é a votación. Pero gustaríanos que este acordo que se puidese arrancar aquí non fose un elemento de atraso —como indicaba tamén agora a voceira do BNG—, é dicir, que non sexa unha dilación máis que logo implique que non se aprrobe ou que non se chegue a ningún porto e que non sexa efectivo en ningún momento. Ademais, o elemento de financiamento non pode ser tampouco un elemento que disuada de cumprir unha normativa que está vixente, como é o EBEP, nunha situación que é absolutamente anómala e unha discriminación duns profesionais que —como dicían todas as portavoces— son absolutamente imprescindibles dentro do sistema sanitario público e tamén do sistema de políticas sociais. Polo tanto, se hai disposición por parte de todos os grupos do Parlamento, entendo que debería haber disposición a chegar a un acordo para que mañá á hora da votación poidamos votar afirmativamente.



Remato simplemente trasladando o agradecemento ás compañeiras e a paciencia durante todo o tempo que agardaron a que se trasladase ao debate esta iniciativa. É evidente que queda moito traballo por facer: hai que levalo novamente ao Congreso das Deputadas e dos Deputados —nós xa o fixemos tamén na anterior lexislatura— e queda pendente que se aprrobe e, dende logo, obviamente, máis que que se aprrobe, que se faga efectivo para que re-matemos xa con esta situación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e catro minutos do serán.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mourinho Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		







PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG44uAY94Dv5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

